





**Revista de  
Estudios Miñoráns**

Nº 19 | 2020



## **IEM (Instituto de Estudos Miñoráns)**

### **Redacción e administración:**

Aula de Cultura “Ponte de Rosas”

Avda. da Feira 10, baixo

Apartado 30, 36380, Gondomar

Tel: 986 360 575

e-mail: oficina@iem.gal

Web: www.iem.gal

<b>Director:</b>	Xulián Maure Rivas
<b>Asesoramento lingüístico:</b>	Miguel Anxo Mouriño
<b>Deseño de cabeceira:</b>	Fernando Pol (+)
<b>Ilustración da cuberta:</b>	<i>Monocromo tomado con cámara infravermella de eucaliptos en Pinzás (Tomiño)</i> Enrique Touriño
<b>Fotografías:</b>	Dos autores e do arquivo do IEM
<b>Deseño da capa:</b>	Xosé Manuel Fachal
<b>Deseño interior e maquetación:</b>	Juan Chamorro
<b>Imprime:</b>	Foro Gráfico S. L.
<b>ISSN</b>	2340-2644
<b>Depósito Legal:</b>	VG 202-2020

---

*Os textos e imaxes publicadas nesta revista son da responsabilidade exclusiva dos seus autores*



**Revista de Estudos Miñoráns é unha publicación anual do IEM**

As opinións dos artigos non reflicten necesariamente as do Instituto de Estudos Miñoráns e son responsabilidade dos autores.

Pódese reproducir total ou parcialmente, sempre que se cite a procedencia.

---

## Índice

PRESENTACIÓN REM 19 .....	7
ACHEGAS .....	9
<b>Traballos do IEM en arte rupestre (2016-2019). Continúa a tradición</b>	
Sección de Arqueoloxía do IEM.....	11
<b>As burras da Serra da Groba e as condicións determinantes na etoloxía e a evolución da cor da capa. Diferenzas e semellanzas con outros garranos</b>	
Xilberte Manso de la Torre .....	47
<b>Os gafos de Baiona entre sufraxios e iluminación (1389)</b>	
Xulián Maure Rivas.....	71
<b>Protestantes en Morgadáns</b>	
<b>(Inspirado nunha breve biografía escrita por James Wigston)</b>	
Miguel Anxo Mouriño .....	81
<b>O salto do Pego Negro e a chegada da electricidade ao Val de Miñor</b>	
Uxío Reinoso Maset .....	85
<b>Baiona vs. Sabarís. Centralismo ou autonomía durante o Directorio de Primo de Rivera</b>	
José Luís Mosquera Veleiro.....	109
<b>Aturuxo: un clamor cultural no Gondomar dos oitenta</b>	
Xulio Ríos.....	125
<b>A mobilidade no Val de Miñor medio século despois do suborno co que rematou o cambio de tranvías por buses</b>	
David Reineró.....	137

<b>Quenllas na costa, una nova serpe de verán</b>	
Alfredo López .....	147
<b>O cambio climático, o mar e o Val de Miñor</b>	
Elena Ojea .....	153
<b>Unha historia de fotografías</b>	
Enrique Touriño.....	169
O MEU VAL MIÑOR .....	189
<b>Señoras clientas</b>	
Silvia Penas.....	191
AS NOVAS DO IEM.....	195
CATÁLOGO DE COLABORADORES E COLABORADORAS .....	217

## Presentación REM 19

O Val de Miñor ten documentado o seu topónimo na escritura medieval desde o século XIII (*Val de miñor*); pero no mapa de comarcas oficial da Xunta de Galicia os tres concellos miñoráns constan como parte da comarca de Vigo. Cómprenos coñecer a nosa historia para non deixarnos levar por divisións administrativas que non sempre facilitan o desenvolvemento humano da cidadanía.

Esta revista do IEM tenta, número a número, sentar as bases dun movemento cidadán que promova a integración de miñoráns entre si, cos habitantes das segundas vendas e cos veraneantes que nos visitan, nun colectivo humano de vangarda, froito da historia vivida, e agora contada, no Val de Miñor. § Xosé Lois Vilar resume os últimos traballos do IEM sobre arte rupestre (2016-2019) § Xilberte Manso estudou a permanencia e cambios sufridos polas burras da Serra da Groba que, despois de miles de anos de pureza xenética nos montes que miran ao Val de Miñor, nos últimos corenta e cinco anos manifestan alteracións nas súas características milenarias. § Un documento de 1389 móstranos, como monumento histórico, unha sociedade clerical coa súa escala de valores: a vida do alén, a atención aos leprosos e o culto na igrexa de Baiona. Esta igrexa tiña dous abades e dezaseis clérigos, configuración que nunca acadou a igrexa de Vigo. § Miguel Anxo Mouriño relata como a finais do século XIX, o pastor evanxélico Thomas Blamire chega á pequena aldea de Morgadáns, en Gondomar, onde inicia o seu apostolado no Val de Miñor. § Uxío Reinoso Maset estuda a chegada de luz eléctrica ao Val de Miñor coa construción do salto de Pego Negro, seguindo así a milenaria historia do aproveitamento do río Vilaza. § Mosquera Veleiro estuda como o final da Ditadura de Primo de Rivera supuxo a fin da efémera Entidade Local de Sabarís, que buscaba maior independencia de Baiona. § Xulio Ríos reivindica a importancia da asociación cultural *Aturuxo* como pioneira en Gondomar de Miñor na promoción de actividades comprometidas coa cultura galega. § David Rainiero analiza como se produciu en 1968 en Vigo e o Val de Miñor a substitución de tranvías por autobuses e como se está a xestionar o novo cambio de modelo. § Alfredo López (Tokio) trata sobre o avistamento de quenllas na nosa beiramar e dá consellos sobre actuacións en caso de encontros con animais vivos ou varados. § Elena Ojea revisa a evidencia científica internacional do cambio climático para amosar de que xeito os recursos mariños do Val de Miñor poden verse afectados polo mesmo. § O fotógrafo Enrique Touriño, residente no Val de Miñor, fai un repaso da súa vida e da súa obra. § Reprodúcese o poema “Señoras clientas” que Silvia Penas recitou nun mini concerto sorpresa nun supermercado de Gondomar con motivo da “Semana Poética Victoriano Taibo”. § Remata a revista co resumo das actividades do IEM do ano 2019 elaborado por María Lemos Cerqueira.

Todos estes traballos axudan a presentar e entender a unidade de convivencia de preto de cincuenta mil persoas galegas nun espazo humano que desde o século XIII ten o nome de Val de Miñor, *Val de miñor*.





- *Traballos do IEM en arte rupestre (2016-2019). Continúa a tradición*
- *As burras da Serra da Groba e as condicións determinantes na etoloxía e a evolución da cor da capa. Diferenzas e semellanzas con outros garranos*
- *Os gafos de Baiona entre sufraxios e iluminación (1389)*
- *Protestantes en Morgadáns. (Inspirado nunha breve biografía escrita por James Wigston)*
- *O salto do Pego Negro e a chegada da electricidade ao Val de Miñor*
- *Baiona vs. Sabarís. Centralismo ou autonomía durante o Directorio de Primo de Rivera*
- *Aturuxo: un clamor cultural no Gondomar dos oitenta*
- *A mobilidade no Val de Miñor medio século despois do suborno co que rematou o cambio de tranvías por buses*
- *Quenllas na costa, una nova serpe de verán*
- *O cambio climático, o mar e o Val de Miñor*
- *Unha historia de fotografías*



## *Traballos do IEM en arte rupestre (2016-2019). Continúa a tradición*

---

### **SECCIÓN DE ARQUEOLOXÍA DO IEM**

**XOSÉ LOÍS VILAR PEDREIRA**  
**XILBERTE MANSO DE LA TORRE**  
**ELOY MARTÍNEZ SOTO**  
**EDUARDO MÉNDEZ QUINTAS**  
**MANUEL LEDO BERNÁRDEZ**  
**XOSÉ ALONSO ÁLVAREZ**  
**CÁNDIDO VERDE ANDRÉS**  
**BRUNO CENTELLES GARCÍA**  
**JOSÉ VIÑA ARIAS**

#### RESUMO

Por variados motivos membros do IEM traballaron no campo da arte rupestre do sur da provincia de Pontevedra e do norte de Portugal. A intervención nestas grafías atinxiu a investigación programada dentro do Proxecto Equus, a musealización, a difusión a través de xeirras, charlas, tanto en congresos como para público en xeral. O variado traballo arqueolóxico destes programas deu como resultado a formulación dun novo paradigma para os petróglifos localizados entre o río Oitavén e o Lima, onde o discurso iconográfico non xira ó redor dos cérvidos como ó norte da ría de Vigo, senón que nesta macro zona os actores zoomorfos son os équidos. Constatamos tamén a presenza, en gran parte desta macro área, das figuras reticuladas, os muíños naviculares de soporte fixo e as figuras antropomorfas de estilo esquemático como as pinturas do resto da Península Ibérica.

#### ABSTRACT

Due to different reasons, some members of the IEM have worked on rock art along southern Pontevedra and northern Portugal. The intervention in these areas concerned the investigation planned inside the project Equus: museumization, dissemination by visits, speeches, both at conferences and for the general public. The varied archaeological work of these programmes resulted in the formulation of a new paradigm for those petroglyphs between the Oitavén and Lima rivers, where the iconographic discourse does not revolve around the cervids as do those north of the Ría de Vigo; instead, the zoomorphic actors in this macrozone are the equids. In much of the macro area we also verified the presence of the reticulated figures, the non-transportable navicular mills and the schematic anthropomorphic figures similar to the paintings in the rest of the Iberian Peninsula.

## INTRODUCCIÓN

Cando hai 20 anos se fundou o IEM unha das primeiras actividades foi a elaboración dos calcos de petróglifos de gran parte do país. Desde aquela o traballo de pescuda, sinalización, defensa e difusión (visitas, conferencias, publicacións) medrou de xeito exponencial. Aquí imos achegar o testemuño dos traballos dos últimos catro anos dun grupo de persoas que prospecta, fotografa, elabora 3D, debuxa, difunde e defende. Milleiros de horas dedicadas ó patrimonio gráfico galego e do norte portugués. A terra tatuada.

Foron variados os motivos que nos levaron a estudar os distintos sitios con gravados. A primeira causa foi a elaboración do *Proxecto Equus* (Martínez, 2018) que centrou as pescudas nos zoomorfos do sur da provincia de Pontevedra e do norte de Portugal até o río Lima. O 12 de outubro de 2017 e días sucesivos, varios membros do IEM limpamos de entullo o petróglifo da Pedra da Escorrega (Verdoejo, Valença) descuberto anos atrás por Cándido Verde Andrés. Dous meses máis tarde, o 7 de decembro, descubrimos os petróglifos da Coutada (Taboexa, As Neves) logo dunha visita avaliativa do estado da arte rupestre despois dos lumes do 14 e 15 de outubro. No ano seguinte, no 2018, elaboramos os contidos (texto e 3D) dos novos carteis do s petróglifos das Portaxes e o Real Seco (O Tetón, Tebra, Tomiño); xa no verán anterior, preparando a xeira nocturna descubrimos media ducia de zoomorfos nunha laxe das Portaxes. Foi tamén no 2018 cando prospectamos e elaboramos a cartelería dos petróglifos e mámoas do conxunto de Agua da Laxe co descubrimento por Xilberte Manso de varios petróglifos, nomeadamente de armas. Foi na derradeira semana de novembro, tamén de 2018 cando comezamos os traballos, encargados pola dirección xeral de patrimonio, de prospección, limpeza, restauración, xeolocalización e rexistro



Ó fondo O Coto do Campado e no centro A Cueira de Escornabois.

3D dos petróglifos de Gargamala (Mondariz), tamén despois dos lumes do 4 e 5 de outubro do mesmo ano.

Ampliamos o *Proxecto Equus*, que comezara coa localización das superficies con zoomorfos; agora continuamos caracterizando a macro zona xeográfica coa localización tamén de reticulados, muíños naviculares de soporte fixo, antropomorfos e armas.

## O PROXECTO EQUUS

Foi deseñado no ano 2016 coa intención de catalogar todos os petróglifos con zoomorfos do sur da provincia de Pontevedra e do norte de Portugal, con antecedentes nun traballo nos anos 90 (Costas et alii, 1995) que achegaba sitios con animais no Baixo Miño. Para isto contamos coa experiencia de campo de Cándido Verde Andrés e Xosé Alonso “O Buraco” coñecedores das dúas beiras do Miño. Organizamos o traballo e a intensificación das pescudas levounos ó coñecemento de máis de 120 superficies con zoomorfos e a unha metamorfose do deseño inicial do traballo, xa que tal cantidade de petróglifos permitiunos tirar unhas conclusións baseadas nun corpus rupestre potente en cantidade e extensión xeográfica; isto levounos ó que chamamos un novo paradigma nas escenas de caza da arte rupestre galega e do norte de Portugal. Estes descubrimentos foron difundidos en visitas guiadas, conferencias, presentacións a congresos (O Barbanza, Valcamónica), exposicións e publicacións. A investigación orixinou resultados abertos a todo o mundo e unhas actividades creadoras de sinerxías que levaron a musealizacións (A Coutada), realización de traballos de fin de grao (Pereira, 2019) e teses de doutoramento.



Limpeza da Pedra da Escorrega.

Ademais o proxecto asenta os seus alicerces no estudo histórico, etnográfico e xeométrico dos garranos salvaxes vivos nos mesmos montes nos que foron gravados os petróglifos (Manso, 2018). Logo do demorado traballo de campo e de análise concluímos que entre o fondo da ría de Vigo e o río Lima (e seguro máis ó sur, onde xa temos O Penedo das Passadas de São Gonçalo en Felgueiras) o animal dominante nas representacións de zoomorfos é un équido. Consonte ó norte da zona citada o animal por antonomasia é o cervo (tamén équidos e cans). Hai un troco de actor principal, o cervo polo équido, pero a iconografía é a mesma. Cando se trata de escenas de caza os elementos repítense: homes acosando, a pé ou dacabalo, dinámicos, esquemáticos, armados, axudados por cans, perseguindo a peza máis potente fisicamente, marcado isto nas cornas e nos penes, no tamaño, na calidade da gravación e no emprazamento no panel. Individuos con armas cravadas ou caendo en trampas reticuladas, circulares ou nun sarillo de liñas.

Constatamos a presenza reiterada de reticulados e espirais acompañando équido e xinete. Na zona xeográfica coinciden elementos e motivos, como muíños naviculares de soporte fixo e figuras reticuladas, ausentes case totalmente na zona onde o cervo é o animal dominante; e cando hai équidos nesta zona, están en función da caza do cérvido.

Identificamos subzonas de maior densidade e concentración de representacións de équidos, así Randufe (Tui), Verdoejo e Ganfei (Valença) con dez sitios e o único petróglifo, polo momento, con cérvidos de todo o norte de Portugal (A Pedra da Escorrega). Hai concentración nos arredores do castro da Assunção (Monção), en Lanhelas e tamén na Breia (Cardielos, Viana) onde se coñecía un petróglifo con arte abstracta e zoomorfos descuberto por Francisco Queiroga en 1999, nas prospeccións feitas con motivo da construción da autoestrada Valença-O Porto. As pescudas de campo de Cândido Verde e “O Buraco” elevaron dun petróglifo coñecido con équidos a seis superficies novas, unha delas moi potente iconograficamente pero rebentada polo lume.

## A PEDRA DA ESCORREGA

Ó abeiro do traballo de campo do *Proxecto Equus* visitamos os petróglifos das freguesías de Ganfei e Verdoejo (Valença) da man de Cândido Verde e “O Buraco”. Non lonxe do barrio de Ermegil en Verdoejo hai, entre un camiño, a rentes das tomadas, e unha pista forestal, unha gran laxe coñecida como A Pedra da Escorrega cunha canteira na banda oeste e unha gran parte da súa superficie cuberta de entullo procedente da apertura da pista forestal. A laxe une pista e camiño e estaba inzada de eucaliptos, algúns de gran porte. Na parte máis alta Cândido coñecía a existencia dun cervo gravado e na visita, cunha sinxela limpeza do follato, apareceron máis animais próximos ó cervo e incluso un équido vinte metros máis abaixo. Foi a arqueóloga da cámara municipal de Valença, Belisa Vilar Pereira, cos permisos de José Rodas, presidente da xunta da freguesía, quen solicitou a autorización necesaria á sede do goberno no Porto para a limpeza e documentación dos gravados. O traballo fixémoslo o 12/10/2017, varios membros do IEM. Rematámolo nos días seguintes coa axuda de tres operarios mandados pola xunta da freguesía. O resultado foi poñer á vista unha superficie granítica de case 30 m. de longo por 10 m. de anchura. As figuras rexistradas pasan do medio cento e están claramente distribuídas ó longo de toda a superficie. Son catro grupos:

### GRUPO I

O grupo emprazado na parte máis alta está composto por unha dúcia de individuos, uns alfabetiformes modernos e unhas liñas longas que describen unha figura rectangular non uniforme. A Pedra da Escorrega é, polo momento, a única de Portugal con cervos gravados da Arte Atlántica. Neste grupo hai cinco cérvidos, catro deles con riscos no lombo que indican que están cazados e os catro acompañados polo cazador, tres deles antropomorfos armados, dinámicos. Unha das características técnicas de toda a pedra é a pouca profundidade de gravación das figuras o que provoca dificultades para a súa lectura, ó que se lle engade a erosión natural e o desgaste producido polo uso como laxe escorregadoira que creou unha pátina que alisou algunhas figuras.

### GRUPO II

O segundo grupo ocupa a parte media alta e consta dunhas vinte figuras. Ningún animal é identificable como cérvido; si como équidos, catro deles con xinete. Catro équidos gravados coa técnica do baleirado do corpo. Hai que destacar a presenza de dúas figuras reticuladas; a emprazada na parte superior parece que centra a atención das figuras zoomorfas. Posiblemente esta retícula pase de simple figura abstracta, moi presente na macro zona de estudo entre o Oitavén e o río Lima, a ter aquí a función de rede como trampa de caza. A segunda retícula está situada na parte máis baixa e é de moi difícil percepción.


É pertinente indicar o contraste da presenza de cérvidos cazados no grupo primeiro e a exclusiva existencia de équidos neste segundo grupo quizais en escena cinexética evidente no acoso dos xinetes, todos dirixidos cara a rede que ben podería ser a trampa para captura de équidos vivos.

### GRUPO III


O terceiro grupo áchase na parte media-baixa e consta dunha figura reticulada cara a onde se dirixen varios équidos; hai nove, máis un montado que supoñemos executa a acción cinexética. Un metro máis abaixo hai outros dous équidos. Repítese o tema do grupo segundo, elaborado con menos individuos cazadores e de presa.

### GRUPO IV

Na parte inferior dereita agás un zoomorfo ben perceptible, diante dunha pequena combinación de dous circos e un terceiro exterior só comezado, o resto das figuras,



Cervo na Pedra da Escorrega.



Debuxo parcial da Pedra da Escorrega.



máis dunha ducia, presentan unha extremada complexidade de configuración física. Se comezamos a análise desde a parte máis alta deste grupo, percibimos dous cérvidos con cadanseu antropomorfo armado acompañándoos. Máis abaixo o devandito zoolomorfo mellor conservado que, polos apéndices na cabeza, un moi longo, podería ser un cérvido, detrás e diante del restos de figuras, posiblemente dous antropomorfos e uns cinco animais máis, catro deles moi esquemáticos.

## A COUTADA (TABOEXA, AS NEVES)

Os lumes do 14 e 15 de outubro de 2017 arrasaron case a totalidade dos montes do concello das Neves. Esta circunstancia foi aproveitada para que Cándido Verde Andrés e Pepe O Buraco levasen a cabo unha prospección intensiva dos montes do concello que produciu a descuberta de medio cento de superficies con gravados que máis que duplicou o número de petróglifos catalogados pola dirección xeral de patrimonio da Xunta de Galicia. O 7 de decembro do mesmo ano o técnico do servizo de arqueoloxía, J. Manuel Rey García, xunto cos devanditos descubridores e mais Xilberte Manso e Xosé Lois Vilar visitamos gran parte da arte rupestre catalogada e de recente descuberta para realizar un informe sobre a afección dos lumes sobre ela. Pasadas as catro da tarde, xa marchara Manolo Rey, visitamos os petróglifos catalogados do Coto Ribado e A Coutada na freguesía de Taboexa. Que chovese miúdo non foi impedimento para descubrir na ladeira da Coutada un par de superficies con gravados, unha delas, case na súa totalidade, debaixo dunha tona de terra e raíces. A descuberta tivo impacto mediático (radio, TV, prensa escrita) debido á importancia da calidade do panel gravado.



Cristian traballando na instalación da pasarela da Coutada (Taboexa, As Neves).

Por medio dun convenio entre o concello das Neves e a Xunta de Galicia procedemos, desde o IEM, a realizar os traballos arqueolóxicos pertinentes que remataron na colocación de cartelería direccional e cartelería explicativa nalgunhas superficies. Procedeuse a facer unha diagnose e documentación das alteracións das superficies, así como a limpeza con biocida, do que chamamos grupo I, para eliminar as colonias de musgo e líques. Tamén se procedeu á retirada de terra que ocultaba gravados e á corta de vexetación queimada que os rodeaba. Creouse un itinerario para facilitar a visita, deseñouse e colocouse unha pasarela. Para o estudo dos gravados logo da limpeza empregáronse cámara, computadores e programas que permitiron a documentación gráfica en fotografía tradicional e en reprodución 3D para unha análise polo miúdo dos tres petróglifos:






Pasarela da Coutada (Taboexa, As Neves).



Grupo de traballo na Coutada (Taboexa, As Neves).




Grupo I da Coutada. Proposta interpretativa a partir da fotogrametría 3D (Martínez Soto, E., 2018).

### GRUPO I

Estamos perante un petróglifo catalogado pero nunca analizado. É un afloramento granítico paralelo, polo oeste, ó camiño vello, é irregular e chegou a nós diminuído polo traballo dos canteiros, incluso hai un pé de muíño prefigurado a rentes do petróglifo. A cima está ocupada por combinacións circulares non canónicas, liñas entre elas con tendencia á curva e existe tamén un zoomorfo esquemático sen cornamenta, ó pé, nunha cota máis baixa ó nacente tamén seis antropomorfos, coviñas e liñas.

Na parte suroeste a abundancia de figuras é máis densa e está composta por algunha coviña, pero nomeadamente destacan os cruciformes de formas variadas, tanto simples (pé dereito e brazos) como con patas/pernas rectas e curvas igual que os brazos, rectos e flexionados cara arriba. Hai uns oitenta individuos dispostos cara ao sur nunha superficie lisa e inclinada. Hai varios grupos de 5 ou 6 antropomorfos situados uns a carón dos outros, en fila. No extremo suroeste, para seren vistos desde o oeste, hai dous zoomorfos definidos por dúas liñas que lle dan máis corporeidade, están enfrontados e parecen équidos.



3D do grupo II da Coutada.


O conxunto ocupa uns 100 metros cadrados de superficie e aínda que citamos tres zoomorfos, circos e coviñas, o máis chamante do conxunto é a presenza masiva de figuras antropomórficas como nas Portaxes, A Pedra da Sardiñeira, Pé de Mula e varias superficies en Gargamala.

### GRUPO II

Se os gravados do grupo I estaban xa catalogados o presente grupo é totalmente in-



Calcos de équidos e antropomorfo do grupo II da Coutada (Ledo, M., 2018).



Calco do grupo II da Coutada. Proposta interpretativa a partir da fotogrametría 3D (Martínez Soto, E., 2018).

édito; foi descuberto o 7/12/2017 por un equipo do IEM. A inmensa maioría da superficie con gravados xacia baixo unha fina tona de terra e raíces agás na parte baixa onde o grosor era maior. Este petróglifo considerámolo coma unha das mellores descubertas na arte rupestre atlántica dos últimos 20 anos, e dicimos isto baseándonos en parámetros tanxibles. Nos seus máis de 30 metros cadrados de superficie gravada concéntranse tres técnicas de execución das figuras de équidos: hai individuos gravados cunha soa liña, hai dous estilos ben diferenciados, achéganos un discurso iconográfico moi potente que vén a corroborar o novo paradigma para a arte atlántica que describimos no Proxecto Equus. Hai presenza de antropomorfo que formalmente nos vinculan coa arte esquemática e con gravados das cámaras funerarias. Percíbese, ó longo da análise do panel, unha condensación de saberes e tradicións acumuladas que atinxen aires de virtuosismo por parte do gravador/a ou gravadores/as. Vémolo no ángulo superior esquerdo onde hai tres exemplares de équidos executados con cadansúa técnica. O individuo de arriba é ultraesquemático xa que unha liña define rabo, lombo, pescozo e fociño e dous apéndices para as orellas e cara abaixo hai catro trazos para as patas. Inmediatamente debaixo un exemplar de maiores proporcións foi gravado coa técnica do baleirado de todo o corpo cun rabo prominente, esaxerado, erguido en curva ó aire. A continuación, tamén debaixo, outro exemplar, algo maior, do mesmo estilo e distinta técnica executoria. Aquí o corpo está definido por unha única liña que se partísemos da punta do rabo seguiríamos polo lombo, pescozo, fociño, peito, patas dianteiras, barriga, patas traseiras para rematar no arrinque da cola, esaxerada tamén en tamaño e movemento. O estilo é moi persoal e o emprazamento das tres técnicas xuntas é un alardeo consciente digno dunha persoa catalizadora dunha potente acumulación de saber.

A técnica do baleirado foi empregada en trece individuos máis, nunha figura antropomorfa que nos lembra os esqueuomorfos da arte megalítica e doce équidos. Son équidos como os descritos en primeiro lugar pero teñen formas máis dondas, a cola tamén grande e curvada aínda que non tanto, e a maioría son máis corpulentos. Cinco están en fileira na parte superior, outros cinco repartidos polo panel e dous, acosados por cánidos, un na parte superior e outro na inferior tanxentes a uns circos nos que parece que funcionan a xeito de trampa na que están a caír.


Esta laxa da Coutada fica pendente dun estudo monográfico, mentres xace inclinada no sentido da pendente cunha ampla visibilidade sobre o Tea e xace cunha afección recente, visible nos debuxos, que son as pegadas deixadas pola máquina de relar a madeira afectada polos nematodos. Hai tamén unha extracción de materia con elementos metálicos no circo con coviñas no interior emprazado na parte baixa, que quizais poidamos relacionalo co petróglifo do río de Vilar (Pedornes, Oia) onde o barco está diminuído fisicamente pola extracción de materia; pero sabemos por La Voz del Tecla, 15 de 1914, que un home de Oia e varios coñecidos, guiados polo libro de San Cibrán, barrenaron e puxeron pólvora no petróglifo, fixérono estoupar e non atoparon máis ca cachotes de granito. O libro do santo dicía que acolá do río, nunha rocha onde había “un barco y dos ancletas” había un valiosísimo tesouro que polo momento, e xa van 105 anos, non apareceu (Costas e De la Peña, 2006).

Quizais esta laxa da Coutada contaba cunha tradición que a facía gardadora de tesouros e tamén veneno ou alcatrán ou... que foi quen de concitar a curiosidade e o





Grupo III da Coutada. Coviñas, antropomorfos e cruciformes (Méndez Quintas, E., 2018).



Puntos pintados en Monfragüe (Badajoz).

ánimo de riqueza dalgunha paisana ou paisano autor do furado na posible trampa para catar o ouro gardado pola moura loura co peite de ouro.

### GRUPO III

Ladeira abaixo do grupo II hai uns penedos onde achamos unhas 200 coviñas de pequeno tamaño, bastantes delas dispostas e liñas 6 a 10 coviñas, outras soltas pero case todas nun grupo compacto. No mesmo plano, inmediatos, ó sur aparecen sete figuras antropomorfas con e sen pernas, cos brazos rectos e curvados cara arriba. Presidindo o conxunto, nun plano máis alto hai cruciformes claramente gravados con ferramenta metálica. Aumenta así o catálogo de petróglifos con figuras antropomórficas, aquí con puntos (coviñas), que relacionan arte esquemática e arte atlántica.

## O TETÓN (TEBRA, TOMIÑO). OS PETRÓGLIFOS DAS PORTAXES

As primeiras novas bibliográficas sobre os petróglifos do Monte Tetón son de Manuel Fernández Rodríguez (1955), que presentou unha comunicación no “III congreso arqueolóxico nacional” (Galicia, 1953) e que no texto da separata acompaña con debuxos de Antonio Fernández Gómez, o pintor de Goián. Unha nova interpretación non a teremos até que F. Javier Costas Goberna publica texto, fotos e debuxos na revista Castrelos 1/2 (1989), onde mellora ostensiblemente o número de motivos gravados, que volveu aumentar dúas décadas máis tarde cos traballos do arqueoparque do Monte Tetón, debuxos realizados pola empresa Anta de Moura. Foi no 2018 por iniciativa do concello de Tomiño de anovar cartelería, pasarelas e feches de madeira deturpados nuns casos polo lume e noutros polo paso do tempo. O IEM encargouse do levantamento 3D da gran superficie das Portaxes, traballo feito por Xurxo Pereira Martínez, e a elaboración dos debuxos para presentar ó público nos carteis, labor realizado por Eduardo Méndez Quintas. Debido ás novas técnicas de rexistro tridimensional a calidade da lectura dos motivos fixo que ós ollos do estudoso a superficie das Portaxes se poida apreciar e valorar na súa xusta medida percibindo agora motivos inimaxinados até o momento. Para mellor traballar co enorme petróglifo das Portaxes I foi dividido en sete partes:

### GRUPO I

É a parte máis coñecida na que se atopa a gran combinación circular con 18 circos e 2’5 m. de diámetro. Agora a riqueza de matices é moito máis variada. Se antes sabiamos dun cérvido como único animal agora percíbense uns 14 cuadrúpedes máis entre cánidos e équidos, un deles montado. Tamén ollamos agora unha ducia de antropomorfos esquemáticos, só un con brazos e pernas curvas e un longo apéndice central. Os outros só teñen brazos curvos e unha liña recta para o resto do corpo.

Na parte media-alta un reticulado como marca xeográfica da área onde se atopa emprazado o petróglifo. O conxunto comprende ducias de motivos que aquí non imos analizar.

### GRUPO II

Na parte nordeste do conxunto, facilmente recoñecible polo équido de dobre liña, montado, un muíño navicular de soporte fixo, unha figura semellante a unha rosácea, catro antropomorfos de brazos e pernas curvas e un quinto executado con moito de-

talle (pés, dedos, ollos, divisións no tronco e quizais escutiforme). Están presentes os guillos dos canteiros con resultado negativo para as expectativas dos lapidicidas que deixaron o outeiro polo mal andar da pedra.

### GRUPO III

É a zona sueste con circos simples, combinacións circulares, liñas, combinacións de coviñas e seis pequenos muíños naviculares de soporte fixo que nos lembran outros tamén de pequeno porte vistos en Monção, Baiona...

### GRUPO IV

P1: É a cara leste con caída pronunciada ó nacente. Destacan cinco cadrados concéntricos con coviñas no cadrado interior, ás veces ordenadas. Hai tamén un par de rectángulos con micro coviñas no interior. É moi interesante, outra volta, a presenza dunha ducia de antropomorfos esquemáticos de brazos e pernas curvas, moitos cun apéndice central prolongado. Hai algún circo e na parte alta dous rebaixes circulares e un cuadrangular con apéndice rematado en coviña que nos lembra as paletas. Non faltan grupos de coviñas no lado sur.

P2: Unhas liñas curvas e outras que cerran e conteñen coviñas, tres filas no interior.

### GRUPO V

P1: É o conxunto máis setentrional cun predominio de circos simples unidos ou non por liñas, grupiños de micro coviñas contidos en circos ou óvalos e un antropomorfo na parte baixa con pernas flexionadas e liña no interior da cabeza.

P2: Liñas soltas, algunhas paralelas e só unha combinación de dous circos con coviña central.



Combinacións circulares de orixe non xeolóxica nas Portaxes (O Tetón, Tebra).





3D das Portaxes I (O Tetón). Grupo I.



Cara ó oeste deste gran petróglifo das Portaxes I hai gravados no que nomeamos As Portaxes II (Costas Goberna, 1989). Nos traballos de preparación das visitas guiadas -as Xeiras do IEM- do verán do 2017, limpamos a pedra para poder mostrala ó público aproveitando para tirar fotografías e elaborar imaxes tridimensionais. O que alí hai é un penedo, moi diminuído polos canteiros, que sobresaie 1 m. do chan e amosa un predominio de coviñas e combinacións circulares de suco ancho. Ademais na cara leste do conxunto, baixo a terra que ocultaba unha superficie inclinada de 3 x 2'2 m. (aprox.), apareceron catro grupiños de micro coviñas e seis équidos esquemáticos de liña única. O achado vén corroborar o novo paradigma sobre a arte rupestre atlántica que describimos nas conclusións do *Proxecto Equus*.

Elaboramos tamén o debuxo do petróglifo do Real Seco ó noroeste das Portaxes, ó pé da caseta forestal alí existente. No estudo gráfico observamos a presenza de dous cuadrúpedes esquemáticos ó sur da gran combinación circular de 3'5 m. de diámetro. Un dos zoomorfos semella un équido polas características gravadas (cola longa, orellas curtas...) mentres que o outro é de menor tamaño, patas curtas, rabo erguido e ofrece máis dúbidas.

A preparación das xeiras, o contido dos novos carteis e as pescudas dentro do *Proxecto Equus* foron as tres causas que motivaron que aumentase de xeito cuantitativo e cualitativo o coñecemento da arte rupestre do Monte Tetón, que se cinguía ós gravados do Real Seco e tres sitios nas Portaxes. Agora supera os dez, aumenta a área de distribución e coñecemos mellor cada superficie das que só tiñamos unha percepción parcial. Verificamos a existencia dun reticulado, varios muíños naviculares de soporte fixo, cuadrúpedes esquemáticos, entre eles un cérvido, cánidos, équidos e un bo catálogo de antropomorfos esquemáticos que nos vinculan estilisticamente con toda a pintura esquemática do resto da Península Ibérica.

O lugar é un exemplo da macro área xeográfica Lima/ría de Vigo caracterizada polos équidos, muíños, reticulados e escaseza de cérvidos.



Grupo II das Portaxes I.

## AGUA DA LAXE

Foi por encargo do concelleiro de turismo de Gondomar, Xosé Antón Araúxo, que iniciamos a elaboración dun proxecto de musealización lixeira da zona de Agua da Laxe (Vincios), subvencionada pola deputación de Pontevedra. Os traballos arqueolóxicos organizámoslos a partir dunha prospección intensiva, limpeza, rexistro, lectura e produción de debuxos, deseño da cartelería para colocar na zona arqueolóxica e nas entradas viarias do concello de Gondomar.

O conxunto de gravados foi descuberto por Xulio Fernández Pintos en 1983 nos traballos de prospección vinculados ó Museo de Castrelos da man de F.J. Costas Goberna, J.L. Goberna Pena e M.A. Fernández Díaz, achegando debuxos dos paneis de armas que serían mellorados por Xavier Groba baseado na visión directa e nas achegas fotográficas de X. Fernández Pintos. Pasamos así das 26 figuras da lectura de Costas Goberna (1983) ás 32 de Xavier Groba (Méndez,2005) e agora as novas técnicas fotogramétricas revélanos corenta armas no maior panel bélico do continente europeo.


Como concluímos na análise anterior do Tetón, o avance é cualitativo e cuantitativo. A prospección intensiva da zona, da man de Xilberte Manso e Mario Roma, fixo



Cartel do petróglifo dos Bermús.



Cartel e petróglifo dos Bermús.



Espada do petróglifo dos Cotos de Valverde descuberto por Mario Roma.



Debuxo de Agua da Laxe. Proposta interpretativa a partir da fotogrametría 3D (Martínez Soto, E., 2018).

que pasásemos de nove superficies con gravados (e muíños naviculares) a vinte pedras, coa particularidade de que había catalogados, e algún soterrado, seis petróglifos con armas na Serra do Galiñeiro e hoxe son unha ducia, a maior concentración do noroeste peninsular, un tipo de petróglifos moi escaso que non chega ás 60 superficies entre Galicia e Portugal, supoñendo esta zona máis do 20% do total coñecido.

Pensabamos que esta área, tan prospectada desde o ano 1983, poucos máis petróglifos ía chegar ó corpus da arte atlántica de Galicia e Portugal, pero a prospección, polo miúdo, a distintas horas do día e a axuda das novas tecnoloxías de rexistro permítennos achegarnos máis e mellor a estes restos dunha realidade moito maior.

A caracterización desta micro área dentro da zona Lima / ría de Vigo vén marcada pola alta densidade de armas nunha zona -a 400/440 m.s.n.m.- de tránsito norte-sur e tamén leste-oeste (A Louriña / O Val de Miñor). Hai presenza de arte abstracta (A Fonte da Prata, A de Xacobe, Os Seixiños Brancos...), ausencia de reticulados e esquemáticos (zoomorfos e antropomorfos) e presenza, como marcador da macro área, de muíños naviculares de soporte fixo.

## “GARGAMALA, TERRA BOA E XENTE... MELLOR”

O 4 de outubro de 2018 un lume nacido en Sabaxáns acadou integramente a zona nuclear de arte rupestre da freguesía de Gargamala, só se libraron os gravados do Esperón, O Coto dos Cabeiros, O Portoacurvo e un pequeno gravado polo Porto do Carro. O resto foi calcinado polo lume que afumou as pedras e en varias produciu termoclastos, nalgún caso de xeito grave e irreversible; caso do Coto de Sobreirós (GA 36030042, Código de catalogación da Xunta de Galicia).

O técnico da dirección xeral de patrimonio, J. Manuel Rey García, avaliou os danos sufridos polos petróglifos e fíxose unha convocatoria de intervención, que foi gañada

polo IEM e que consistiu en traballos de prospección arqueolóxica, limpeza, documentación, catalogación e restauración. Comezamos na última semana de novembro de 2018 traballando na área ardida da freguesía de Gargamala (Mondariz). Contabamos con 21 fichas de catalogación da Xunta de Galicia que comprendían máis de 40 petróglifos. Fomos realizando en paralelo os traballos de prospección, limpeza, documentación, tomas de datos para as novas fichas e para o rexistro gráfico e incluso a restauración na Costa de Escornabois (GA 36030041) e en Campo Redondo (GA 36030038) feita pola técnica M.Dolores Álvarez Rey.

Traballamos nesta área do sur do Suído entre 400 e 470 m.s.n.m. no val medio-alto do Tea, aínda que certa zona da freguesía verte augas ó Oitavén. A micro área de estudo e traballo ten unha orografía moi partillada entre cotos, pequenas chans e regas con abundancia de auga, domeada para uso humano de regadío, forza motriz de muíños e consumo doméstico. Os petróglifos aparecen coroando os cotos, nas costas, nas chans e nas mesmas regueiras; nun contexto arqueolóxico con mámoas no Mar da-i-Agua fóra desta área e castros así como unha riqueza etnográfica en toda a serra con foxos de lobo, neveiras, levadas, muíños, puzas, chozos de pastoreo... Ademais hai que engadir unha gran riqueza inmaterial en forma de toponimia, fala, cantigas, bailes...

Nesta zona dos petróglifos, antes dos incendios non se consideraba, por parte de ningunha administración, a existencia dunha rica concentración de arte rupestre, pois estaba invadida pola vexetación, sen limpar, sen indicar, con abondosas deposicións terreas debido á pendente e ó abandono e sen saberse ben que había, debido a unha deficiente lectura dos paneis e a falta dunha mellor prospección intensiva da zona. Os petróglifos están moi danados pola intensa actividade dos canteiros.

## O TRABALLO DO IEM

Atopamos un monte ermo, queimado por un lume agresivo que afumou as pedras todas, rebentou algunhas e o acompañamento da chuvia que enchoupou e amoleceu a terra e as cinzas no terreo difícil de transitar.

A ausencia de vexetación, a prospección intensiva de especialistas, o aproveitamento das distintas horas do día e o traballo durante seis meses levounos á identificación dunhas 170 superficies con arte e a todo o traballo posterior que isto supuña:


- **Limpeza:** houbo que limpar todas as superficies, as coñecidas e as novas, nalgunhas un pouco de terra areenta e algunha planta menor, pero nos petróglifos das zonas deprimidas, O Campado de Riba e A Cueira de Escornaboi(s), o traballo levou días, algún inconcluso xa que require un proxecto arqueolóxico a posteriori. Había potentes deposicións no GA 30030034 ó pé do Coto dos Cabeiros afectado polas máquinas que traballaron na extinción do lume. Moita superficie en zona baixa propicia para a acumulación de terra traída polas escorrentías.

Non escapou da limpeza o único petróglifo coñecido no Portoacurvo (GA 36030049) e a curiosidade fíxonos limpar unha boa proporción do outeiro onde se atopa e levarnos á descuberta de tres superficies máis, nunha delas a maior combinación circular da zona con 1'70m. de diámetro.

- **O rexistro gráfico:** A limpeza das superficies é necesaria para unha boa documentación gráfica, base para elaborar os modelos 3D que permitan unha lectura



Paisaxe ó oeste da zona con gravados de Gargamala.



Plano da análise de visibilidades desde Gargamala.





A Cueva de Escornabois sen limpar.



A Chan de Sobreirós desde O Coto do Campado.





Limpeza do petróglifo ó pé do Coto dos Cabeiros (GA 36030034).



Petróglifo da Cueira de Escornabois sen limpar.



Petróglifo de recente descuberta na Costa dos Rochos.



3D dun petróglifo novo da Costa dos Rochos.

axeitada e así poder tirar datos e conclusións. O bo rexistro gráfico é necesario en caso de necesitar ilustracións para amosar os gravados, para o seu estudo, para reproducir o petróglifo se fose necesario ou como documento no caso de desaparición.

- **Elaboración de fichas:** Outro dos nosos compromisos foi a elaboración de fichas para o catálogo da Xunta, eran 21 as existentes e agora son unhas 150. Nelas inclúese a xeolocalización, topónimo, descrición, fotografías e modelos 3D, estado da contorna e do soporte. Son a base para un estudo microzonal que caracterice cada área como parte dun todo que constitúe a arte atlántica de Galicia e Portugal e os nexos coa arte rupestre peninsular e atlántica europea.





3D do équido descuberto no Coto do Campado.



3D do petróglifo de Campo Redondo.

- **A prospección intensiva:** A limpeza, rexistro e elaboración de fichas é posible se antes hai unha prospección intensiva feita por especialistas que saben ver as pedras, as miles de pedras desta zona. Aproveitouse a luz solar oblícuca da mañá e da tarde, polo que é preciso pasar varias veces polo mesmo sitio. Aínda que descubrimos novos petróglifos de certa envergadura, a maioría son gravados con poucos motivos ou pedras que tiñan unha tona de sedimentación que ocultaba os gravados.

- **Restauración:** Foron varios os petróglifos afectados polo lume. Foi Dolores Álvarez Rey a conservadora-restauradora de bens culturais a encargada dos traballos de restauración dos petróglifos catalogados cos códigos GA 36030041 na Costa de Escornabois e GA 36030038 en Campo Redondo ambos gravados de arte abstracta xeométrica.

As dúas rochas presentaban a superficie denegrida polo fume do incendio e en ambas musgos e líques carbonizados favorecendo a desaparición da pátina e a areización, desprendemento de materia con contido decorativo, escamación, desprazamento en definitiva episodios de termoclastia agravados pola chuvia continua que produce lavados, desgaste e arrastres de materia. É por estes motivos que insistimos sempre na necesidade de manter limpo de vexetación o contorno inmediato dos petróglifos, xa que é combustible que queimado actúa de xeito negativo e, ás veces, irreversible sobre os gravados.

A actuación de urxencia e con chuvias centrouse en unir escamas, placas e pequenos desprendementos ó substrato e consolidar microfracturas e areización. Usouse un morteiro fluído que valeu como elemento de recheo, adhesión e consolidación.

Tanto a zona como estas superficies en particular precisan un seguimento de control do crecemento de líques sobre os afloramentos, a evolución dos soportes e gravados, o coidado da vexetación circundante e especial atención nos posibles traballos forestais. É dicir elaborar un plan de mantemento específico dos petróglifos de Gargamala máis sensibles hoxe, debido ó lume de outubro, mantemento extensible ó resto da arte rupestre do país.

## O CORPUS EXISTENTE

Foi Marisol Faro Cabirta quen a mediados dos anos 80 do século pasado mentres pastaba un rabaño de 200 cabras aproveitaba para ler e para prospectar na zona de pastoreo na que só se coñecía A Laxa do Esperón, aínda non afectada polo lume do 2018. Con Marisol percorremos, hai varios lustros, todos os petróglifos por ela descubertos, desde As Casiñas ó Campado e do Portoacurvo, ó norte, ás Gateiras ou As Cavadas dos Rochos ó sur. O conxunto de arte abstracta era impresionante pola cantidade das superficies e a calidade dos motivos nunha zona fóra da xeografía clásica, até o momento, do espallamento dos petróglifos. Estas circunstancias non pasaron inadvertidas ós estudosos do momento (Costas et alii 1991; Van



Termoclastos producidos polos lumes de 2018.

Hoeck,1998) e incluso ás administracións que chegaron a colocar cartelería nos Muíños dos Rochos e na entrada á Laxa do Esperón, proxecto carente de mantemento e continuidade. A primeira catalogación oficial da Xunta realizárona Vicente Caramés e Manuel Alfonsín que achegaron, incluso, deseños de varias superficies. Unha segunda catalogación débese a Juanjo Perles Fontao e Xurxo Pérez Constenla; con eles medrou o número de superficies coñecidas e achegaron tamén debuxos;



Petróglifo deturpado polo lume na Ladeira de Escornabois



Traballando no Campado de Riba.



pero temos que considerar a inexistencia dos métodos fotogramétricos de hoxe en día que posibilita unha mellor lectura e uns resultados máis completos e achegados á primeira realidade do intre ou intres creativos.

Había, como xa dixemos, 21 fichas desta zona de Gargamala que incluía máis de corenta petróglifos, punto de partida do noso traballo. O corpus comprendía só dous cérvidos, un na parte baixa da Laxa do Esperón e outro no Coto do Campado (GA 3603037) e un cuadrúpede de feitura moderna no Campado de Riba ó pé do Coto dos Cabeiros (GA 36030034). É todo o conxunto figurativo ó que temos que engadirlle xa antropomorfos esquemáticos que se ollaban no Campado de Riba (GA 36030033-36). O resto é un enorme, un riquísimo conxunto de arte abstracta con só tres espirais (GA 36030052-38-CR3, código de catálogo do IEM) e combinacións circulares desde un circo simple con ou sen coviña central até combinacións profusas en tamaño e cantidade de aneis que, aínda sendo figuras xeométricas, achegan harmonía, beleza tanto no Campado de Riba (GA 36030033-34-36), como en Campo Redondo (GA36030038) unha superficie horizontal con motivos xeométricos e un amplísimo dominio visual cara ó sur até terras portuguesas e até a Serra do Galiñeiro e incluso A Serra da Groba á beira do mar miñorán. Aínda que a ampla visibilidade cara ó sur, o oeste e o noroeste é común a case toda a área petroglífica de Gargamala menos algúns gravados situados en valgadas como o caso do petróglifo de maior extensión situado na Cueira de Escornabois (GA 36030039), como di o topónimo, metido entre Campo Redondo e A Chan de Sobreirós de Riba nunha zona de fortísima sedimentación que cubría os gravados nunha potencia superior os 0'60m.

Contra este petróglifo emprazado nun fondo están os interesantes gravados do Coto de Sobreirós (GA 36030043) emprazados no penedo máis alto do coto, un fito



O Coto de Sobreirós e os gravados.

xeográfico visible a longa distancia coroando a sucesión de chans desde O Cadillón á Fochanca, coto bisagra entre A Rega de Escornabois e O Val de Acevedo de Riba, máis amplo có anterior e moito máis escaso en arte rupestre.

## O CORPUS ACTUAL

Os traballos de prospección comezados en novembro de 2018 e desenvolvidos durante seis meses deron como froito un catálogo dunhas 160 superficies nunha área de 1km cadrado que nos achega unha realidade só alcanzable cunha prospección intensiva que ademais nos fixo verificar a ausencia total de gravados na área leste/nordeste. A partir do Coto da Mesura, A Laxa da Portela, O Coto da Armadiña, O Coto do Pombo, O Coto de Carballeirós, O Porto do Carro... a ausencia de arte chama a atención e non é por falta de estupendos soportes graníticos susceptibles de seren gravados. Estas evidencias negativas é interesante constatalas para axudaren na investigación a tentar tirar conclusións.

Dada a alta densidade de gravados optamos por crear subáreas para facilitar o estudo. Foron divididas con criterios xeográficos; a zona máis meridional, ó sueste, nomeámolo As Casiñas (Cas) aínda que comprende tamén os petróglifos do Coto do Cadillón e da Chan do Pé do Muíño. Ó norte do anterior collemos o topónimo A Chan de Sobreirós de Riba (ChS) que comprende a chan homónima, o seu bordo sur e a ladeira coñecida como A Costa do Rochos e tamén O Coto de Sobreirós. Ó oeste hai unha regueira e unha levada que alimenta Os Muíños do Rochos, esta formación orográfica de fondón e auga démoslle o nome da Levada (Lev) aproveitando esta obra de enxeñería rural que marca o territorio, condiciona a toponimia e mellorou a economía da parroquia traendo a auga da cunca do Barragán/Oitavén. Aquí incluímos os petróglifos dun cotiño sobre a levada ó leste do Coto do Campado, sobre Campo Redondo, tamén o enorme conxunto da Cueira de Escornabois e os petróglifos das Cavadas dos Rochos. A Chan de Campo Redondo até O Coto da Costa leva o topónimo primeiro (CR) que inclúe o petróglifo enriba da Ulleira de Campo Redondo que abastece A Puza de Vigildo. A seguir desta subárea vén O Coto do Campado (CCam) literalmente rebentado polos canteiros e que se estende do leste no seu pericoto a oeste na zona máis baixa. Aquí localizáronse máis de 22 superficies, 14 xa catalogadas baixo un mesmo código. Foi na laxe máis alta do coto, nun cubo granítico onde achamos un équido dinámico na cara leste, completamente vertical. O norte deste coto é unha zona deprimida baixo O Coto dos Cabeiros, zona de escorrentías cara a Os Muíños e a regueira que baixa das Cavadas e pasa pola Laxa do Esperón. É a zona de máis alta densidade de gravados e de concentración das maiores superficies (GA 36030033-34-36); é O Campado de Riba (Cam), onde o petróglifo GA 36030036 concentra máis de 70 combinacións circulares e circos simples ós que lle sumamos varios antropomorfos esquemáticos, cruces modernas e, por suposto, coviñas. A combinación maior adáptase caprichosamente á superficie irregular da pedra creando unha beleza buscada e conseguida.

Nesta subárea incluímos os gravados do Coto dos Cabeiros que fecha a área polo norte existindo un baleiro de gravados até O Portoacurvo (Por) a uns 400 m. de distancia ou nun outeiro perto do Porto do Carro á mesma distancia. Esta é outra



O cotiño ó pé da levada antes da limpeza.



Proceso de limpeza na Cueva de Escornabois.



subárea interesante onde só se coñecía un petróglifo (GA 36030049) na pedra que coroaba un cotiño de pouca altura, a limpeza do contorno desvelou tres superficies máis con gravados abstractos, nunha, como xa dixemos, unha combinación circular de 1'70 m. de diámetro.

Na última subárea temos as cotas máis altas da zona con gravados, son os 517 m.s.n.m. do Coto das Laxas Purreiras que comprende A Pedra Leirada (GA 36030047), O Coto de Escornabois e A Rega e A Costa de Escornabois onde só había dúas superficies catalogadas, unha delas -Ga 36030041- precisou da restauración da técnica M.D. Álvarez Rey pola importancia dos gravados e o deterioro causado polo lume.

Esta división xeográfica facilitounos moito o traballo e, chegados a un cómputo dunhas 160 superficies con motivos gravados, as conclusións son:

- A prospección intensiva e experta aproveitando a luz solar oblicua elevou exponencialmente o número de petróglifos coñecidos.
- O rexistro gráfico de todos eles e os métodos fotogramétricos fixeron que percibísemos o conxunto gráfico de Gargamala dun xeito máis completo.
- É o mundo das combinacións circulares e das coviñas combinadas das máis variadas maneiras e ocupando o soporte cun virtuosismo propio da experiencia acumulada. Ademais hai superficies barrocas na cantidade e densidade dos gravados.
- A arte figurada cinguíase a dous cérvidos, un na Laxa do Esperón, fóra da área queimada, e outro no Coto do Campado; neste mesmo coto apareceu un équido dinámico na cara vertical dun bloque granítico e dous cuadrúpedes nas Cavadas dos Rochos (GA 3603009).
- A novidade máis salientable é a descuberta, en superficies coñecidas e noutras novas, dun conxunto voluminoso -unhas 15 pedras- de antropomorfos esquemáticos como aconteceu cos resultados do estudo de petróglifos como As Portaxes I, A Coutada ou petróglifos en Portugal, Agolada, Amoedo (Pazos de Borbén) que nos



3D dos gravados do Muíño de Leopoldo.



Grellas e antropomorfos descubertos baixo unha lapa no bordo da Chan de Sobreirós de Riba (Gargamala).



Muíños naviculares da macro zona Oitavén/Lima.




revela a mesma estética e motivación que as pinturas esquemáticas peninsulares que xa as temos en Oimbra con estes motivos.

Para completar ou ampliar a actuación en Gargamala é preciso continuar os traballos, polo menos, nestes ámbitos:

1. Prospección intensiva de toda a freguesía e da zona.
2. Recollida total da toponimia.
3. Limpeza dos petróglifos do Esperón, A Cueira de Escornabois e o que nomeamos A Levada 21 con antropomorfos.
4. Facer unhas sondaxes aleatorias en varios sitios coa intención de localizar hábitats coetáneos das grafías.
5. Aproveitar o potencial do conxunto arqueolóxico, etnográfico e natural da zona para presentalo ó público, procurando o seu mantemento, estudo e conservación como elementos identitarios dos veciños de Gargamala e como posible dinamizador patrimonial e económico da zona.

## A AMPLIACIÓN E CONTINUACIÓN DO PROXECTO EQUUS

O que chamamos un novo paradigma da arte rupestre galega e portuguesa ou arte atlántica defínese, como conclusións das pescudas, na existencia, entre o Oitavén e o Lima -con prolongacións ó sur-, dos équidos como figuras, como animais multipresentes, protagonistas en detrimento dos cérvidos que polarizan os petróglifos ó norte desta zona. O discurso iconográfico é semellante cando se trata de escenas de caza, aquí o actor é un équido e acolá un cérvido, pero en ambas zonas hai trampas, cans, homes acosando a pé e dacobalo e un animal macho cunha arma arreboladiza cravada ou caendo nunha trampa.



Reticulados, combinacións circulares e coviñas no Outeiro dos Lameiros (Sabarís, Baiona).


A ampliación do proxecto consiste en aumentar o número de paneis con équidos ou coa excepción, cérvidos, xa que enfrontamos máis de 140 pedras dos primeiros contra pouco máis dunha ducia dos segundos, unha relación 10/1.

A continuación consiste en rexistrar os paneis con outros motivos que aparecen nesta zona, especialmente os de dous motivos como son os reticulados e os muíños naviculares de soporte fixo exclusivos da macro área citada, xa que cara ó norte a existencia de retículas é testemuñal (Poio, Marín, Cotobade) e tamén a de muíños (Meaño, Carnota, Agolada, Ribeira). Cara ó sur xa visitamos unha zona potente con muíños nas freguesías dos Feitos e Palme (Barcelos).

Ó corpus de reticulados e muíños naviculares queremos engadirlle a catalogación e emprazamento de todos os petróglifos con armas coñecidos até o momento e así afondar no maior coñecemento e definición da arte atlántica. Zoomorfos, reticulados, muíños, armas e por último rexistrar tamén as superficies con representación de antropomorfos que vincula a arte atlántica coa arte esquemática do resto da península.

## CONCLUSIÓNS

Os traballos que membros do IEM realizaron no campo da arte rupestre de Galicia e Portugal tanto nas musealizacións de Agua da Laxe e A Coutada como na avaliación



Antropomorfos en Monfragüe (Badajoz).

e intervención despois dos lumes das Neves (14 e 15 /10/2018) ou no caso do traballo de campo para o Proxecto Equus, nestas tres modalidades de contacto cos petróglifos, aplicamos os seguintes pasos:


- A prospección intensiva especializada.
- A xeolocalización
- O rexistro gráfico
- A creación de modelos 3D

Este protocolo de traballo permítenos a percepción case total dos motivos, a elaboración de mapas de distribución, motivos e técnicas e a creación dun corpus máis completo e achegado á realidade inicial da gravación, o que nos fai máis doado o achegamento a unha mellor comprensión do fenómeno gráfico omnipresente nesta área xeográfica. O xeito que usamos para este achegamento-prospección intensiva, rexistro, creación modelos 3D, estudo -ponnos en contacto cunha realidade máis completa e complexa e polo tanto máis rica, imposible hai poucos anos. Ademais estamos a describir o carácter e a fisionomía da macro área Oitavén-Lima que está definida pola presenza do grupo de motivos xeométrico-abstractos onde non faltan os labirintos, abundan as espirais -centradas na cunca do Miño-, por suposto coviñas e combinacións circulares e unha rica interacción entre elas. Pero a singularidade con respecto á zona ó norte, o resto de Galicia, é a existencia de cento e medio de paneis con reticulados, outro tanto de aparicións de muíños naviculares de soporte fixo, aínda que de primeiras un artefacto, funciona coma un motivo gravado máis. Canto ó grupo de motivos naturalistas, están presentes as armas en toda a área cunha concentración especial na Serra do Galiñeiro. Dos 150 paneis con zoomorfos no 10% hai algún cérvido e o resto son équidos, con presenza de cánidos; é o mesmo discurso iconográfico que no norte



Reticula / tectiforme en La Calderita (La Zarza, Badajoz).

cando se trata dunha escena venatoria pero cambia o protagonista, pasa de cervo a équido co mesmo equipo: trampas, homes -a pé e dacadabalo-, cánidos acosando, animal ferido ou caído na trampa. Engadir a aparición, con certa frecuencia, de espirais e reticulados no mesmo panel. Neste grupo de motivos figurados, co estudo máis polo miúdo dos novos paneis e mais dos xa coñecidos, advertimos a existencia de moitas figuras antropomorfas esquemáticas ó xeito de representación existente no resto da Península Ibérica. Queremos sinalar que á parte da representación antropomorfa en función



Puntos e antropomorfos en La Calderita (La Zarza, Badajoz).



Puntos e antropomorfo ancoriforme no abrigo de La Calderita (La Zarza, Badajoz).

da escena de caza, homes a pé en posición dinámica, armados ou montados dacabalo cunha maior ou menor simplicidade formal, o que aquí aparece en moita maior cantidade son antropomorfos esquemáticos *per se*, non como compoñente do discurso da iconografía venatoria (agás, quizais, na Coutada) senón como protagonistas, sos ou agrupados, armados ou non, con brazos e pernas curvas, ou só con brazos... É unha clarísima transposición do motivo existente na arte esquemática, acompañado, nalgún caso, das grellas que aparecen naqueles paneis onde tamén aparecen puntuacións, aquí coviñas, e retículas pintadas, aquí, como dixemos, gravadas.





Grupos de antropomorfos superpostos a un cérvido (Monfragüe, Badajoz).

## BIBLIOGRAFÍA

- COLLADO GIRALDO H., CURA S., DOMÍNGUEZ GARCÍA I., GARCÍA ARRANZ J. J., GOMES H., NICOLI M., NOBRE DA SILVA L. F., PALOMO LECHÓN S., ROSINA P., VACCARO C. e VOLPE L. (2017): *Corpus de arte rupestre en Extremadura. Vol. IV. Arte rupestre en la cornisa de la Calderita*. Edita Junta de Extremadura.
- COLLADO GIRALDO H., GARCÍA ARRANZ J. J. e AGUILAR GÓMEZ C. (2015): *Corpus de arte rupestre en Extremadura. Vol. III. Arte rupestre en el Parque Nacional de Monfragüe: el sector central (término municipal de Torrejón el Rubio)*. Edita Junta de Extremadura.
- COSTAS GOBERNA, F.J., MARTÍNEZ TAMUXE, X.; NOVOA ÁLVAREZ, P. e DE LA PEÑA SANTOS, A. (1995) “Las representaciones de figura humana y fauna en los gravados rupestres galaicos del Baixo Miño y costa sur de Galicia”. *Castrelos*, 7-8 (1994-95). Revista do Museo Municipal Quiñones de León, Vigo.
- COSTAS GOBERNA, F.J.; FERNÁNDEZ PINTOS, J; GOBERNA PENA, J.L. e FERNÁNDEZ DÍAZ, M.A. (1985) Petroglifos del litoral sur de la ría de Vigo (Valles Frago y Miñor). Museo Municipal Quiñones de León (Castrelos) Vigo nº8.
- COSTAS GOBERNA, F.J.; NOVOA ÁLVAREZ, P. e ALBO MORÁN, J. M. (1991) “Los gravados rupestres de Gargamala (Mondariz) y el grupo IV del Monte Tetón en Tebra (Tomiño) provincia de Pontevedra”. *Castrelos* 3-4 (1990-91) Vigo.

- COSTAS GOBERNA, F. J., DE LA PEÑA SANTOS, A. (2006) “Los barcos de los petroglifos de Oia. Los tesoros del hechicero y una nueva embarcación”. *Glaucoptis* nº 12. Boletín do Instituto de Audios Vigueses.
- COSTAS GOBERNA, F. J. (1989) “El petroglifo del Monte Tetón en Tebra (Tomiño). Grupo I. Petroglifos, levantamiento de calcos y fotografías”. *Castrelos* 1-2 (1988-1989). *Revista do Museo Municipal Quiñones de León*. Vigo.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. (1955) “Nuevos petroglifos en la comarca del Bajo Miño”. *III Congreso arqueológico nacional, Galicia, 1953*. Zaragoza. Institución Fernando el Católico e Secretaría General de los Congresos Nacionales.
- MANSO de la TORRE, X. (2016) “Equus ferus atlanticus. As burras do monte da Serra da Groba” *REM* 14/15 Gondomar. Instituto de Estudos Miñoráns.
- MARTÍNEZ SOTO, E., VERDE ANDRÉS, C., ÁLVAREZ “O BURACO”, X., CENTELLES GARCÍA, B., MANSO de la TORRE, X., VILAR PEDREIRA, X.L., LEDO BERNÁNDEZ, M. (2018) “O Proxecto Equus: un novo paradigma nas escenas de caza da arte rupestre galega e do norte de Portugal” *REM* 16/17 2017 pp. 23-75 (separata).
- MÉNDEZ QUINTAS, E. (2005) “Cavidades entre a idade do bronce e o paleolítico” in *As covas de Vincios* AAVV Clube Espeleolóxico Maúxo e CMMVVMC de Vincios.
- PEREIRA MARTÍNEZ, X. (2018) “Os zoomorfos no grupo de arte rupestre Galaico-portugués. O caso do Baixo Miño-Costa Sur e o Miño Litoral” Traballo de fin de grao. Santiago de Compostela USB. Inédito.
- VAN HOEK, M. (1998) “Arte rupestre en Gargamala (Mondariz). Nuevos petroglifos y consideraciones”. *Castrelos* 11. *Revista do Museo Municipal Quiñones de León*, Vigo.
- VILAR PEDREIRA, X. L. (2014) “Escenas de caza nos petróglifos galegos e portugueses” En *REM* 12/13. Instituto de Estudos Miñoráns, Gondomar.

## ***As burras da Serra da Groba e as condicións determinantes na etoloxía e a evolución da cor da capa. Diferenzas e semellanzas con outros garranos***

---

**XILBERTE MANSO DE LA TORRE**

### **RESUMO**

*As burras da Serra da Groba, garranos da Groba, levan milleiros de anos nese espazo natural. Os garranos son équidos que habitan no norte da península Ibérica e probablemente foron representados na arte parietal dende hai 30.000 anos xunto con outras razas. Na Serra da Groba consérvase o exemplar de garrano máis xenuíno, e nos últimos 45 anos ten evolucionado en alzada e cor da capa polo control humano que se fai na festa dos curros e o número baixo de garañóns. A capa dominante segue a ser a castaña e a alzada a máis baixa de todas as razas de garranos de Portugal, norte de España e sur de Francia.*

**PALABRAS CHAVE:** *Burras, garrano, garañón, curro, Serra da Groba, cordón, capa castaña.*

### **ABSTRACT**

*A particular species of Donkey have inhabited Serra da Groba during millions of years. Garranos are native equidae from the north of the Iberian Peninsula, represented in parietal art since 30.000 years ago, together with representations of other species. One of the most genuine specimen of garranos is preserved in Serra Da Groba. It has evolved a great deal in the last 45 years due to regular controls of the animals by human in events such as "curros" and also due to a low presence of studs. Brown horses still prevail and their height is the lowest when compared with the garranos species from Portugal, North Spain and South France.*

**KEY WORDS:** *Donkeys, "garranos", stud horses, "curro", Serra da Groba, rope, brown*

As burras da Groba son garranos. Os garranos son os équidos que habitaban o norte da península e que foron pintados e gravados dende hai 30.000 anos polos nosos antepasados? Probablemente non houbera unha soa raza de équidos nesta zona e os cebros<sup>1</sup> estiveran aí mesturados cos garranos (cantas imaxes vemos pintadas de cabalos con nervaduras nas patas). O que si é certo é que a morfoloxía das pinturas e os gravados de équidos na área do norte de Portugal e de España ata o Pirineo francés é moi semellante e probablemente esteamos a falar dun mesmo animal que se viu sometido ás influencias da man do home nestes últimos milleiros de anos, mais que na Serra da Groba mantivo un tipo de équido xenuíno que aínda conserva eses rasgos máis rústicos e menos sangue estraño (Iglesia, 1973 pág.9 vol III).

A alzada máis baixa de todos os garranos 118.8 cm de media, peso vivo medio 224,5 Kg.; perímetro torácico 133 cm, fronte a outros garranos do centro e norte de Galicia que teñen de alzada de media 128 na zona centro e 129 no norte; 276 Kg. no centro e 334 Kg. na zona norte. Perímetro torácico de 151,8 cm na zona centro e 161 na zona norte.

RAZA	LUGAR	ALZADA (en cm.)	PESO VIVO (en Kg.)	PERÍMETRO TORÁCICO (en cm.)	CAPA
Garranos da Groba. As burras do monte	A Serra da Groba	118.8	224.5	133	Castaña, negra e alazana
Garranos zona Galicia Central	Galicia centro	128	276	151.8	Castaña, negra, alazana, pío, torda
Garranos zona Galicia Norte	Galicia Norte	129	334	16	Castaña, negro, alazana, torda, pío
Garrana	Norte de Portugal	123- 135	290		Castaña escura
Asturcón	Asturias	130			Negra, castaña e alazana
Potoka	País Vasco	130			Negra e castaña escura
Monchino	Cantabria	135- 146	260- 330		Negra e castaña escura
Losino	Cantabria e Palencia	120- 147	330- 350		Negra “morcillo”
Jaca Navarra	Navarra	126- 134		145 -160	Castaña escura



De todos os garranos existentes na área xeográfica do norte peninsular as burras da Serra da Groba son os de menos alzada e poderíamos dicir que a súa rusticidade vén dada pola perfecta adaptación ó medio no que viven. A capa ou cor do coiro dos garranos, como podemos ver na táboa, varía dende o negro ó castaño e tamén ó alazán. Esas son as capas predominantes na Serra da Groba e seguramente tamén o eran nos animais pintados nas covas<sup>2</sup>, coas excepcións dos animais que presentan esas raias na extremidades e algún pedrés que tamén aparece en Lascaux e que segundo parece por un estudo feito a nivel internacional, os pedreses representados na covas non son o resultado dunha expresión artística, senón que responden a unha realidade que se daba nos animais que estaban a ver<sup>3</sup>.

As burras da Serra da Groba teñen moitas semellanzas morfolóxicas coas razas de garranos existentes, pero tamén teñen as súas singularidades no tamaño e pautas de comportamento que veñen do medio no que viven e das influencias da man do home durante moitos séculos<sup>4</sup>.

Á parte das referencias xenéricas dos escritos dos historiadores romanos e dos gravados dos petróglifos, temos constancia do control humano na Serra da Groba a partir de documentos do séc. XIII, (de Saa, 1974)<sup>5</sup> nos que o mosteiro de Oia tiña o dominio e poder sobre as terras da Serra da Groba e de todo o que nela había, e en 1551 na parroquia de Baíña, nunha visita pastoral do bispo Sebastián de Orduña, fai referencia ó número de eguas que a confraría da Nosa Señora da Cela de Baredo ten. Fala dunhas sesenta, non estando claro que os fregueses dixesen a verdade sobre o número exacto. (Cameselle, 1997, páx. 20)<sup>6</sup>.

Ata os nosos días o control destes animais salvaxes faise nas festas dos curros e é aí onde se dan esas consideracións determinantes que teñen influído na evolución da cor da capa e no tamaño e alzada dos animais, así como nalgunhas características etolóxicas.



Foto 1. Burra da Serra da Groba co pelo do inverno.

## CONSIDERACIÓNS ETNOGRÁFICAS DETERMINANTES

O número de garañóns que hai na Grobra é moi pequeno en proporción ao número de eguas. Se estes animais se reproducisen sen ningunha intervención humana, a natureza sería a que iría marcando o número de greas e a súa distribución polo territorio. Non podemos esquecer, á hora de explicar o porqué do reducido número de garañóns, o territorio no que habitan e os seus condicionantes para a vida dos garranos. Ó contrario que noutras serras ou montes, onde hai moito espazo aberto e montes continuos sen cortes espaciais pola existencia de aldeas e estradas, A Serra da Grobra aseméllase a unha illa que mantén illadas as greas nun espazo concreto no que non teñen moita capacidade de expandirse, e no cal xa hai grupos de garranos ocupando o territorio e que non soportarían moitos máis animais dos que hai. Sen ser unha verdade absoluta a afirmación anterior, temos datos de que houbo na Grobra nos anos 70, censo de 1971, segundo Pedro Iglesia, 2.100 exemplares cunha flutuación anual de 400 exemplares (Iglesia, 1973, páx. 170) ata os 1.300 deste ano 2019, cunha flutuación de 150-200 exemplares. Son moitas as mudanzas que se deron no territorio nestes últimos 48 anos e que podemos analizar pola existencia de datos concretos tirados da tese de doutoramento do citado Pedro Iglesia Hernández de 1973, e os propios recollidos nos curros da Grobra, e coa inestimable colaboración da veterinaria Eva Cobián que nos forneceu os datos oficiais das fichas obrigatorias que cada animal que entra no curro ten que ter, a raíz da entrada en vigor do chamado popularmente decreto equino 142/2012 de 14 de xuño, polo cal se obriga a que todos os animais estean identificados cunha guía e un microchip, como se fosen animais domésticos que se manexan a cotío. Esas mudanzas basicamente serían as da superficie arborada, o número de peches e cercados e o asfaltado de pistas e estradas, no que concirne ó territorio, e entre outras, o uso e abuso dos mananciais e captacións de auga, o abandono das terras de labor e a desaparición dos usos tradicionais do monte, os mercados e feiras cabalares, as carnicerías de cabalo e a mecanización do rural, de onde desapareceron os carros e os arados tirados por animais e a mellora do transporte e as vías de comunicación entre as aldeas. Hoxe xa case ninguén usa o cabalo como animal básico de transporte ou de tracción; xa non ha leiteiras, vendedoras ambulantes e feirantes que se desprazaban aínda nos anos 70 a cabalo. En xeral, a perda de valor de mercado dun animal salvaxe que se capturaba para domear e vender nas feiras.

Ó aumentar o número de hectáreas arboradas e fechar grandes superficies para a repoboación forestal, xunto co abandono de terras que antes se rozaban, o eucalipto e o piñeiro foron ocupando espazos que agora os garranos non teñen. Cando a xente vivía do monte, compartía este coa gandería tradicional, rozaba o toxo e aproveitaba tódalas materias primas que este lle podía fornecer para unha economía máis básica. Os garranos sempre tiveron dono, viviron libres nos montes e criáronse como sempre se criaron dende hai milleiros de anos. Chegada a primavera a xente da Grobra facía os curros e aproveitaba as crinas para vender ó quilo a tratantes (750 kg. no ano 1971, estimaba Iglesia); retiraban os poldros dun ano para a recría ou para o matadoiro, e tiraban uns beneficios que hoxe xa non teñen, e que axudaban nas pobres economías domésticas.

A idade dos poldros da Serra da Grobra que se sacrificaban no ano 1971 era de 15 a 30 meses, cun promedio de peso da canle 60-70 k. Os poldros de leite eran de 50 kg; os quincenos de 70 kg; e os animais de máis de 3 anos de 125 kg canle. (Iglesia, cadro

nº 86 e 87). Estes datos están indicándonos que os poldros, polo regular, mantíñanse polo menos un ano coas nais para que collesen peso e poder vender unhas canles que desen algún beneficio. Agora retíranse tamén para que as nais entren en celo e poidan dar un novo exemplar a primavera seguinte.

Desaparecido o mercado de cabalos e os usos tradicionais, hoxe os poldros machos sacrificanse basicamente o día do curro e estamos a falar na Valga o segundo domingo de maio, en Torroña o primeiro domingo de xuño, en Mougás o segundo domingo de xuño e en San Cibrán o cuarto domingo de xuño. Partindo de que os animais comezan a nacer en marzo, algúns máis adiantados poden nacer uns días arriba ou abaixo, estanse sacrificando poldros de tres meses. Cando os poldros naceron retrasados déixanse para o curro da mosca do verán, no mes de xullo. No mellor dos casos serían animais de catro meses. O porqué desa matanza temperá vén dada pola perda de valor de mercado ó non existir un comercio de carne de poldro oficial e só existir o autoconsumo, en familia e/ou achegados que colaboran o día no curro nas tarefas de xuntar as burras, rapalas e desparasitalas. Non hai fin lucrativo e a propiedade do animal só se dá se se posúe, quere isto dicir, se o animal entra no curro e se captura. Se non se dá, o animal críase salvaxe no monte como un máis da fauna da Groba.

Os poldros femias adóitanse deixar no monte para que vaian cubrindo as taxas de reposición por mortes naturais, accidentais ou algunha retirada de exemplares ve-



Uns dos últimos lobos da Groba. Foto Arquivo IEM.

llos ou enfermos. Diso noutras partes do país encárgase o lobo. Na Serra da Groba dende os anos 70 xa non hai lobo<sup>7</sup> e non se dan perdas por ataques, agás algunha excepcionalmente dalgún can asilvestrado. No ano 1971 houbo dous animais devorados polos últimos lobos da Groba, que Pedro Iglesia valorou en 25.000 pts da época. Agora son os coches os que producen o maior número de baixas nos garranos da Groba. Sen ser moitos, todos os anos hai algún accidente nos puntos negros das Mariñas en Mougás e no Alto do Padrón entre Couso e Tebra, por seren estas estradas nas que se circula a máis velocidade e existir lugares de cruce dos animais, sobre todo nas épocas do celo e do frío, cando as burras baixan cara ás aldeas buscar alimento.

Xa explicamos por que se sacrifican tan novos os poldros, e como neste período de tempo mudaron os costumes ou tradicións etnográficas dos curros. Pequenas mudanzas que, como sabemos, nos fenómenos culturais levan aparelados, ás veces, os preámbulos das desaparicións dos propios fenómenos. A do número de garañóns é necesario explicala polo miúdo para entendela.

CURRO	Nº DE GARAÑÓNS 2019	Nº DE GARRANOS 2019	Nº DE GARRANOS QUE ENTRAN NO CURRO 1971	Nº POLDROS 1971	Nº DE POLDROS 2019
A VALGA	6	250*	367	57	45
TORROÑA	8	471	1.063	194	125
MOUGÁS	4	298	409	56	
SAN CIBRÁN	4	61	**	**	
TOTAIS	22	1.080***	1.839	307	

\* Datos estimados, contados o día do curro polo autor. Hai que sinalar que hai un número importante de animais que non entraron ó curro e non temos os datos oficiais.

\*\* O curro de San Cibrán non se construíu ata 1980. No curro de Torroña entraba unha gran cantidade de animais e resultaba complicado levar as burras da parte do leste, dende as terras tomiñesas ata o curro de Torroña, e xa case non cabían fisicamente no recinto do curro, polo que se decidiu construír un novo para os animais desa zona.

\*\*\* Hai que distinguir o número de exemplares de burras que entran o día do curro en cada un, co número de exemplares censados en cada curro. Hai animais que entran en dous curros pero só están censados nun. Tamén hai exemplares que non entran ó curro por que escapan do cordón.

Analizando os números vemos que hai 22 garañóns para 1.058 eguas. Se facemos unha división simple dános 48 eguas por cada semental, o que significaría unhas greas moi grandes e de difícil control por parte dos machos que controlan un territorio específico. Tamén hai que considerar que a grea está composta por exemplares adultos, subadultos e as crías. Aínda así os números escapan do que normalmente se dá de xeito natural noutras partes de Galicia e do norte de Portugal.

## POR QUE HAI POCOS GARAÑÓNS NA SERRA DA GROBA?

Os poldros machos son retirados o día do curro, as greas que dun xeito natural se formarían cando eses poldros acadasen os tres anos e se afastasen empurrados polo propio pai cara a outros grupos, primeiro de xoves machos e despois de femias que puidese xuntar doutros grupos alleos ó propio, non se forman e cada animal perma-

nece no seu territorio e grupo. A etoloxía dos garranos coñécena as xentes que fan os curros e teñen moi estudados os seus movementos no espazo de cada un deles. Como dixemos, A Serra da Groba ten moita presión antrópica polas repoboacións das comunidades de montes, o achegamento a núcleos de poboación e a vías de comunicación con moita circulación de vehículos. Cada vez con máis frecuencia os puntos máis afastados da serra son utilizados para diversos usos. Estamos nunha zona turística e cunhas densidades de poboación das máis elevadas de Galicia. Os garañóns crean greas novas, por iso son expulsados polo seu pai do grupo para que non poidan fecundar as femias do seu propio sangue, iso crea tensións grupais e amplía as áreas de movemento dos exemplares cara a outros lugares, buscando espazo nas áreas próximas aos lugares habitados e producindo movementos entre greas, o que obriga ós machos a percorrer grandes espazos, aumentando o número de incidentes e accidentes. Os vellos garañóns son substituídos por xoves en pelexas polas greas, cando de xeito natural se dá a selección natural. Para que as greas permanezan estables nos altos e nas zonas afastadas das aldeas e dos cultivos, mantense un número moi baixo de garañóns no monte que, coa súa grea permanece tranquilo, sen tensións, no seu territorio. Aí está o control humano sobre a natureza, cun interese concreto e cunha finalidade práctica para evitar problemas nun territorio no que os humanos imos ocupando cada vez máis espazo condicionando a vida salvaxe dos garranos e doutras especies de animais que van desaparecendo da Groba, nomeadamente o lobo, a lebre e a perdiz, por falar dalgunha das máis coñecidas. Con estas características dos grupos ou greas, é a man do home a que cada catro ou cinco anos renova os garañóns para que os garranos pais non fecunden as súas fillas que acadan a idade fértil e que permanecen no grupo a carón da súa nai e avoa.

## QUE PASA COS GARAÑÓNS DA GROBA?

Cando os garañóns van envellecendo ou as súas crías madurando sexualmente, son apartados para que non se dea a consanguinidade, e trocados por outros que se traen de fóra, doutra serra. Esta práctica é así polos motivos antes mencionados e non se daría se os animais tivesen espazo suficiente para moverse. Dende hai milleiros de anos están aí e dun xeito natural os animais salvaxes fan a súa propia selección natural con pautas etolóxicas que evitan esa consanguinidade que de xeito controlado fan os besteiros. Hai uns anos tentouse buscar poldros máis grandes e metéronse garañóns de maior porte. Xa vimos que na Groba están os garranos máis xenuíños e adaptados á dureza da serra. Ó provocar cruzamentos con animais máis grandes e con outro fenotipo e xenotipo, producíronse perdas importantes dos valores fundamentais que tiñan as burras da Groba. A media da alzada, características da súa rusticidade como os bigotes, a cor da capa do coiro e a adaptación ó medio.

Pasado o tempo a natureza impúxose, e eses cruzamentos non se adaptaban ó territorio no inverno nin as femias parían con facilidade, provocándose moitas mortes de crías ó nacer e das nais. Houbo que volver ás orixes e traer só garranos, aínda que seguen a ser en moitos casos doutras zonas. Hai que volver a que os garranos da Groba sexan só da Groba, sen mestura de sangue doutras serras aínda que sexan fenotípicamente correctos.



Da Serra da Groba foron os exemplares que se colleron para crear a raza Pura Raza Galega, que nun primeiro intre se chamou Cabalo Galego do Monte, cando se creou polo Real Decreto 1682/1997 a raza equina en perigo de extinción, única raza de cabalo autóctona, e que levou a crear unhas características raciais que hoxe se utilizan no Rexistro do Pura Raza Galega. Este rexistro basicamente acolle os animais que cumpren ese patrón escollido e deixa fóra os animais que se crían nos montes e se afastan do normativo, aínda que paradoxalmente teñan características máis rústicas e xenuínas. Enténdese pola necesidade de criar un patrón e afastarse da mestizaxe, tan común en todos os cabalos, pero que non solucionou o problema dos milleiros de exemplares que viven ceibos nos nosos montes e que son a orixe máis recuada da verdadeira raza autóctona de cabalos do monte galegos.

Coñecida a evolución dos últimos anos dos garranos na Serra da Groba, e dado o pouco interese que as administracións veñen manifestando pola poboación máis grande de garranos que hai en liberdade na península ibérica, é polo que estamos tentando analizar este gran tesouro biolóxico e cultural para que se coñezan algunhas características particulares e entre todos buscar que non se perdan nin os animais nin as tradicións ligadas a eles, e pór en valor as burras da Groba, garranos milenarios que aínda subsisten a pesar de todo.



Foto 2. Garañón castaño.





Foto 3. Garañón con estrela e cordón



Foto 4. Garañón castaño escuro no curro de Torroña.



Foto 5. Garañón alazán.





Foto 6. Garañón baio do Alto da Groba.




Foto 7. Os garañóns do Curro de Mougás

## A EVOLUCIÓN DA COR DA CAPA

Tradicionalmente os garranos da Groba foron castaños ou negros, con luceiros ou estrelas e algunha mancha branca nas patas. Algúns exemplares de capa alazana, pero maioritariamente a capa castaña era a que se vía nos montes e nas feiras cando estes animais eran utilizados nos labores de transporte e tiro, despois de seren capturados e domeados.

A introdución de exemplares doutras zonas e doutro porte tivo as consecuencias xa analizadas e tamén a variación de capas nos animais que hoxe podemos ver no monte. Grazas ó estudo de Pedro Iglesia que na súa tese de doutoramento fixo unha pormenorizada análise das burras da Groba e de todo o país, temos datos para comparar cos actuais.



Tendo presente todas as variables que nos últimos anos veñen influíndo na vida dos garranos da Groba, e vistos algúns detalles máis polo miúdo é cando podemos entender mellor o cadro da evolución da cor da capa dos garranos da Groba. Hai que subliñar que os datos son tomados do mencionado estudo da tese de doutoramento de Pedro Iglesia do ano 1973 e de datos propios, e os fornecidos polas Asociacións de Curros da Groba e da Valga, así como por Eva Cobián, veterinaria da asociación dos Curros da Groba, que non inclúe o da Valga que é unha asociación independente da da Groba.

Os datos da afluencia de garranos aos curros non se corresponden co número real de garranos que hai na serra por dous motivos:

1. Nos curros entran os garranos que se dan xuntado ese día e que non escapan do cordón. Por motivos diversos, ás veces escapan do cordón animais que logo non entran no curro pero que si forman parte da área correspondente. A néboa, a chuvia, a escaseza de xente nun punto concreto ou a habilidade para escapar dalgúns animais, fai que poidan quedar sen entrar no curro e polo tanto sen contabilizar ese día.

2. Cada curro ten unha área espacial concreta<sup>8</sup>. O día do curro faise o cordón abrangendo ese perímetro sinalado tradicionalmente e todas as bestas que se atopan

dentro son cercadas e conducidas ata o recinto, tendo en conta as premisas anteriores. Algunhas áreas estremeiras entre curros son visitadas por distintas greas que entran no cordón dos dous curros e son conducidas ós dous curros, co cal se contamos os exemplares que por exemplo entran en Torroña, (o curro que máis garranos acolle) o domingo seguinte en Mougás entran normalmente as greas do Alto que xa entraron en Torroña, e que suman exemplares no curro que se contabilizan individualmente estaríamos sumando exemplares xa contabilizados.

Temos que diferenciar número de garranos na Groba e número de garranos que entran en cada curro. Agora coas estatísticas dos datos oficiais que os veterinarios fan cando microchipan en cada curro, e asignan cada animal a ese curro, xunto cos datos que cada asociación ten, nas que consta o marco, o dono do marco e o número de exemplares, podemos aproximarnos bastante ó número real de exemplares existentes. Hai que ter en conta que estamos a falar de animais salvaxes, aínda que estean marcados, e que por diversas causas ó longo do ano poden morrer ou desaparecer.

A capa castaña sempre foi a máis numerosa e polo que podemos ver nas porcentaxes de 1971 acadaba o 91% sobre o número total de exemplares, sendo a capa alazana a segunda cun 4,1% e a capa negra a terceira cun 4%, e outras un 0,4 %. O patrón clásico do garrano da Groba estaba na capa castaña e os outros non tiñan un número significativo de exemplares, a pesar da existencia dalgúns con outras capas. Se tivéssemos que pintar a cores os petróglifos nos que aparecen équidos na Serra da Groba, ou se atopásemos pinturas rupestres nalgunha cova, recorrer á capa castaña sería o máis acaído e, seguindo a análise máis autorizada de Pedro Iglesia coas súas propias verbas “os garranos da Groba son etnicamente os máis interesantes de todos, por seren os que menos influencia de sangue estraño teñen recibido. Por outra parte, os curros desta zona desenvólvense como en tempos pretéritos”.


Seguramente foron estas verbas e o propio estudo de Iglesia os que inspiraron os formuladores do patrón do Cabalo de Pura Raza Galega, como temos indicado, e de aí que buscasen nas burras da Groba ese fenotipo predominante para crear as bases da raza que hoxe se chama Pura Raza Galega. Mais, como temos visto, a natureza é máis teimuda que os homes e ás veces xoga o seu rol e reparte cos xenes eses caracteres que non se permiten no libro xenealóxico, das estrelas e as manchas brancas na cabeza e nas patas, desbotando fermosos exemplares nados de pais e nais rexistrados, como impuros.

Eses exemplares de capa negra e alazana igual estaban aí hai milleiros de anos e son un reduto dalgúns xenes que de cando en vez aparecen. Non somos especialistas en xenética para poder falar con autoridade, mais os números e a tradición oral dinnos que sempre houbo algúns exemplares alazáns e negros na Groba. Ata onde chega o “sempre” é de difícil medida. Son os datos os que achegan luz e coñecemento, e para a ciencia empírica a confirmación ou o refugamento das hipóteses. Nós con este traballo queremos amosar datos para que se poida entender con máis facilidade a realidade dos garranos da Groba e a súa historia entre nós.


Chegados ó presente podemos observar como todo o manexo que se fai dos garranos na Groba ten consecuencias, nun período de tempo de 48 anos, o que vai dende a recollida dos datos en 1971 de Iglesia ata a nosa do verán de 2019, hai variacións substanciais que o poden ser máis se non se teñen en conta as premisas que indicaremos como coda deste artigo.

No verán de 2019 a capa castaña segue a ser a predominante nos garranos da Groba cun 75,5 % dos exemplares, cunha diferenza respecto a 1971 dun 15,9 % menos; a negra pasa a ser a segunda cun 14,9% cun incremento dun 10,9 % máis que en 1971, a capa alazana aumenta con respecto a 1971 un 2,2 % e sitúase cun 6,3 % do total; e outras capas aumentan un 3% e pasan dun 0,4 % a un 3,4 %, na que se inclúen as capas de cores torda, baio, pía e palomino.

**PORCENTAXE DA COR DAS CAPAS NOS CURROS DA GROBA DE 1971**



**PORCENTAXE DA COR DAS CAPAS NOS CURROS DA GROBA DE 2019**





## CODA

Estamos, ó noso entender, nun momento crítico na perda de valor xenético e das características morfolóxicas e senlleiras dos garranos da Groba. As nosa burras que aguantaron milleiros de anos as durezas da serra, que se adaptaron a un medio difícil e foron quen de subsistir e prestar grandes beneficios ecolóxicos e económicos para os nosos antepasados, están nunha etapa na que as grandes mudanzas tecnolóxicas, ambientais e sociais, pódenas levar á desaparición. Os homes e mulleres da contorna, que sempre tiveron nas súas casas os marcos herdados da familia, foron quen de manter viva a tradición e o animal. Hoxe xa ninguén sobe a un curro para tirar beneficio das burras, nin pola venda das crinas nin pola venda das propias burras ou os poldros. Hoxe os que manteñen as burras na Groba mantéñenas con custos nas súas economías por manter a tradición, e a cadea de transmisión cultural estase a romper por falla de interese e mudanzas na serra, e polas complicacións normativas que non axudan neste fenómeno cultural e natural, ás veces mal entendido e descoñecido.

- A necesaria adaptación ós tempos leva consigo unha axuda administrativa e regulamentaria que non se dá. É necesario un esforzo colectivo por parte das administracións e dos protagonistas que posúen os marcos que levan as burras gravados a ferro no coiro. Non é cuestión de microchip si ou non; nin de seguros nin calquera outro papel ou rexistro oficial, é cuestión de entendemento e valorización dun patrimonio que é de todos e que se perde. A xenética é unha parte dese patrimonio, e hai que preservala cos valores que hai 48 anos gababa Pedro Iglesia. Hoxe sabemos máis e temos a memoria destes últimos anos para valorar de onde vimos e cara a onde debemos ir.

- Regular cun regulamento específico que contemple as singularidades etnográficas, etolóxicas e xenéticas dos garranos ou burras da Groba, é unha necesidade imperiosa.

- Tentar manter a tradición e adaptala ás necesidades e condicións do monte do século XXI, sen que se perda o valor xenuíno das nosas burras.

- Coidar que non se metan exemplares alleos ós patróns tradicionais da Groba no monte para evitar as mestizaxes e a perda da xenética das nosas burras.

- Preservar os dereitos dos animais sobre un territorio no que levan milleiros de anos, adaptándose ás mudanzas impostas, sen que estes sexan sempre os perdedores.

- Entender que os cambios na natureza e nos procesos culturais deben ser sempre de adaptación para sobrevivir, e nunca forzados ou impostos, pois córrese o perigo de que as ás da bolboreta ao axitarse provoquen unha gran treboada que acabe con todo.

Xilberte Manso de la Torre  
Gondomar, novembro de 2019

## GARRANOS DO NORTE DA PENÍNSULA IBÉRICA



Foto 8. Garrano do norte de Portugal.



Foto 9. Asturcón de Asturias.



Foto 10. Cabalo monchino de Cantabria.



Foto 11. Cabalo losino de Burgos.





Foto 12. Cabalo pottoka do País Vasco.



Foto 13. Jaca navarra.



Foto 14. Cabalo de Merens dos Pirineos franceses.



Foto 15. O Pura Raza Galega.





Foto 16. Garranos, ou burras do monte, da Serra da Groba.

#### CITAS

- 1 NORES QUESADA, C. La zoología histórica como complemento de la arqueozoología. El caso de zebro. Revista de la Asociación Española de Arqueozoología Archaeofauna 1, págs 61 a 71. U.A.M. Madrid, 1992.
- 2 ALTUNA ETXABE, J. Ekaín y Altxerri. Dos santuarios paleolíticos en el País Vasco. Haramburu y Debegesa editores. Gipuzkoa, 1997.
- 3 Melanie Pruvosta, Rebecca Bellone, Norbert Benecke, Edson Sandoval-Castellanos, Michael Cieslak, Tatyana Kuznetsova, Arturo Morales-Muñiz, Terry O'Connor, Monika Reissmann, Michael Hofreiter and Arne Ludwig. Genotypes of predomestic horses match phenotypes painted in Paleolithic works of cave art. Published online before print November 7, 2011, doi: 10.1073/pnas.1108982108. PNAS November 7, 2011 Caballos moteados en el paleolítico europeo. ¿ Reales o imaginarios? [http://www.uam.es/ss/Satellite/es/1234886344485/1242660222580/notcientifica/notCientific/Caballos\\_moteados\\_en\\_el\\_paleolitico\\_europeo.\\_%3FReales\\_o\\_imaginaris%3F.htm](http://www.uam.es/ss/Satellite/es/1234886344485/1242660222580/notcientifica/notCientific/Caballos_moteados_en_el_paleolitico_europeo._%3FReales_o_imaginaris%3F.htm)
- 4 MANSO, X. Equus ferus Atlanticus. As burras do monte da serra da Groba. REM nº 14/15, Santiago de Compostela, 2016
- 5 SAA BRAVO, H. El Monacato en Galicia, páx 313, 314 e 325. Ed Librigal. La Coruña 1972
- 6 CAMESELLE BASTOS, D. Historia de la parroquia de Baredo. Imprenta Belesar S.L. Baiona 1997.
- 7 MANSO, X. Dous foxos de lobo na Serra da Groba. Apuntamentos para un inventario do patrimonio. REM nº 7/8/9. Edita IEM, Vigo 2010.
- 8 LAGOS ABARZUZA, L. O sistema tradicional de aproveitamento dos ponis atlánticos salvaxes nos montes da Groba, Morgadáns e Galiñeiro. Retos no século XXI. REM nº 12/13. Edita IEM. Vigo 2014.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALTUNA ETXABE, J. (1997): *Ekain y Altxerri. Dos santuarios paleolíticos en el País Vasco*. Haramburu y Debegesa editores. Gipuzkoa.
- BÁRCENA VARELA DE LIMA, F. (2013): *Los garranos de los montes gallegos*. Conferencia, Club Faro de Vigo 14 de outubro. Vigo.
- BÁRCENA VARELA DE LIMA, F. (2013): *Que son os cabalos salvaxes de Galicia?*. Xornadas O cabalo salvaxe en Galicia, Rábade, Lugo.
- BÁRCENA VARELA DE LIMA, F. (2012): Garranos: *Os poneis selvagens (Equus ferus sp.) do norte da Península Ibérica*. Páx. 75-96 en N. Vieira de Brito y G. Candeiras (coord.), Libro de Atas do I Congreso Internacional do Garrano. Arcos de Valdevez. Portugal.
- CAAMAÑO FERNÁNDEZ, R.E. (2013): *Los caballos en el arte y en la historia. Desde sus orígenes hasta la Edad del Hierro*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. Vigo.
- CAMESELLE BASTOS, D. (1997): *Historia de la parroquia de Baredo*. Imprenta Belsar S.L. Baiona.
- CASTRO PÉREZ, L, ESTÉVEZ CRUZ, N. (2003): El relieve castreño de Formigueiros. Revista Minius nº XI, páx 51-64. U. Vigo.
- DE ANDRADE, Rui (1938): *Garranos*. Ministério da Agricultura. Direcção Geral dos Serviços Pecuários. Boletim Pecuário nº 2, ANO VI. Lisboa.
- IGLESIA HERNÁNDEZ, P. (1973): *Los caballos gallegos explotados en régimen de libertad o caballos salvajes en Galicia*. U.C. de Madrid Facultad de Veterinaria. Tese de doutoramento inédita. Madrid.
- INGOLD, T. (1980): *Cazadores, pastores y granjeros: economía del reno y sus transformaciones*. Cambridge. U.P.
- INGOLD, T. (1976): *The Skolt Lapps Today*. Cambridge U.P.
- ABERLE K. e DISTL O. (2004): *Domestication of the horse: results based on microsatellite and mitochondrial DNA markers*. Institute for Animal Breeding and Genetics, University of Veterinary Medicine Hannover. Arch. Tierz., Dummerstorf 47. Páx. 517-535.
- LAGOS ABARZUZA, L. (2013): *Ecología del lobo (Canis lupus), del poni salvaje (Equus ferus atlanticus) y del ganado vacuno semiextensivo (Bou taurus) en Galicia: interacciones depredador-presa*. Tese, Universidad de Santiago de Compostela. Santiago.
- LAGOS ABARZUZA, L. (2014): *O sistema tradicional de aproveitamento dos ponis atlánticos salvaxes nos montes da Groba, Morgadães e Galíñeiro. Retos no século XXI*. REM nº 12/13. Edita IEM. Vigo.
- MANSO, X. (2016): *Equus ferus Atlanticus. As burras do monte da serra da Groba*. REM nº 14/15, Santiago de Compostela.
- MARTINEZ, VILAR, VERDE, ÁLVAREZ, LEDO, CENTELLES, e MANSO (2018): *O proxecto equus: un novo paradigma nas escenas de caza de arte rupestre galega e do norte de Portugal*. REM nº 16/17. Vigo.
- MEIJIDE CAMESELLE, G; VILASECO VÁZQUEZ, X.I. BLAZCZYK, J. (2009): *Lousas decoradas con círculos, cabalos e peixes do castro de Formigueiros (Samos, Lugo)*. Revista Gallaecia nº 28. páx. 113-130. Universidade de Santiago de Compostela.

- NORES C., MORALES MUÑIZ, A., LLORENTE RODRIGUEZ L., BENNETT, E. A. & Geigl E.-M. 2015. — The Iberian zebro: what kind of a beast was it? *Anthropozoologica* 50 (1): 21-32. <http://dx.doi.org/10.5252/az2015n1a2>
- PÉREZ PINTOS, X. BOUZÓ FERNÁNDEZ, X. *Serra da Groba. A formación da paisaxe*. A.E.Vigo 2017
- PORTAS, M.C..P., VIEIRA e BRITO. N., SILVA CARVALHO, VIEIRA LEITE, J.M. *La conservación de la raza equina garrana*. Archivos de zootecnia, vol. 50, núm 189-190. 2001.
- ROYO GUILLÉN, J.I. 2006. *Chevaux et scènes équestres dans l'art rupestre de l'âge du Fer de la Péninsule ibérique*. *Anthropozoologica* 41 (2): 125-139
- SAA BRAVO, H. *El Monacato en Galicia*. Ed Librigal. A Coruña 1972
- WILLIAMS, WENDY. *The Horse. The epic history of our noble companion*. Scientific American / Farrar, Straus and Girou. 2016

## BIBLIOGRAFÍA DIXITAL

- Museo Arqueolóxico de Ourense. <http://www.musarqueoloxico.xunta.es/xacementos/santome/santome-galeria/>
- BARANDIARÁN Y ALTUNA. La cueva de Ekaín y sus figuras rupestres. <http://www.aranzadi.eus/fileadmin/docs/Munibe/1969331386.pdf>
- GAUNITZ C., FAGES A., HANGHØJ K., ALBRECHTSEN A., KHAN N. e SCHUBERT M. Los genomas antiguos revisitan la ascendencia de los caballos domésticos y de Przewalski. <https://science.sciencemag.org/content/360/6384/111>
- LUESO, María Josefa (2018): Retos del sector equino en España. Subdirección general de productos ganaderos. MAPAMA. [https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/zootecnia/1cifrasectorfinal\\_tcm30-448030.pdf](https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/zootecnia/1cifrasectorfinal_tcm30-448030.pdf)
- JORDANA VIDAL, J. (2005): Los équidos en España. Información y Ciencia. [http://pottoka.info/files/documentos/1225195780\\_1.pdf](http://pottoka.info/files/documentos/1225195780_1.pdf)
- ROYO L. J., ÁLVAREZ I., BEJA-PEREIRA A., MOLINA A., FERNÁNDEZ I., JORDANA J., GÓMEZ E., GUTIÉRREZ J. P. e GOYACHE F. (2005): The Origins of Iberian Horses Assessed via Mitochondrial DNA. *Journal of Heredity*. [http://pottoka.info/files/documentos/1225197439\\_1.pdf](http://pottoka.info/files/documentos/1225197439_1.pdf)
- Universidad de Santiago de Compostela (Lugo). Aliado de la naturaleza. El caballo y su ayuda en la prevención de incendios. ECUESTRE (La revista del Mundo del Caballo) Nº 323. [http://pottoka.info/files/documentos/1265111103\\_1.pdf](http://pottoka.info/files/documentos/1265111103_1.pdf)
- POSE, H., G. RIVERO, A. FERNÁNDEZ, J.L. VIANA, G. SANTAMARINA e M. FERNÁNDEZ (2001): Actuaciones para la conservación del caballo galego de monte. <http://www.uco.es/organiza/servicios/publica/az/articulos/2001/18990/pdf/POSE.pdf>
- AZÉMA, Marc. Representation of movement in the Upper Palaeolithic: An ethological approach to the interpretation of parietal art, 2020. [https://www.researchgate.net/publication/266135154\\_Representation\\_of\\_movement\\_in\\_the\\_Upper\\_Palaeolithic\\_An\\_ethological\\_approach\\_to\\_the\\_interpretation\\_of\\_parietal\\_art](https://www.researchgate.net/publication/266135154_Representation_of_movement_in_the_Upper_Palaeolithic_An_ethological_approach_to_the_interpretation_of_parietal_art)
- LINNARTZ, Leo e MEISSNER, Renée (2014): Rewilding horses in Europe. Background and guidelines - a living document. <https://www.rewildingeurope.com/wp-content/uploads/2014/09/Rewilding-horses-in-Europe-2014.pdf>

- BERNÁLDEZ SÁNCHEZ, Eloísa e GARCÍA-VIÑAS, Esteban (2019): The equids represented in cave art and current horses: A proposal to determine morphological differences and similarities. *Anthropozoologica*. *Anthropozoologica*, nº 54. <https://doi.org/10.5252/anthropozoologica2019v54a1>
- Cuevas Prehistóricas de Cantabria. <https://cuevas.culturadecantabria.com/>
- Museo Nacional y Centro de Investigación de Altamira. <http://www.culturaydeporte.gob.es/mnaltamira/home.html>
- Sociedad Pública de Gestión y Promoción Turística y Cultural del Principado de Asturias S.A.U. <https://www.turismoasturias.es/cultura/arte-rupestre>
- Turinea. <https://www.turinea.com/es/cu/10-1405/2-ruta-de-las-cuevas-y-arte-rupestre-de-euskal-herria.html>
- Cueva de Santimamiñe. <http://www.xn--santimamie-19a.com/>
- Office de Tourisme Lascaux-Dordogne. <http://www.lascaux-dordogne.com/es/la-cueva-de-lascaux>
- Cueva Chauvet-Pont d'Arc. <http://archeologie.culture.fr/chauvet/es>
- Le Service d'Exploitation des Sites Touristiques de l'Ariège et l'Agence de Développement Touristique d'Ariège Pyrénées. <http://www.sites-touristiques-ariège.fr/sites-touristiques-ariège/grotte-de-niaux>
- CAMPMAJO, Pierre (2006):. Les représentations animales dans l'art rupestre linéaire à l'est des Pyrénées : du 2e âge du Fer. *Anthropozoologica* nº 41, Pages 141-169. Instituto Politécnico de Viana do Castelo. <http://garrano.ipvc.pt/index.php?section=1>

## ÍNDICE DE FOTOS:

- Foto 1 ata 7: Xilberte Manso
- Foto 8: <http://garrano.ipvc.pt/index.php?section=1>
- Foto 9: [https://www.asturcones.com/ficha\\_semental.php?idSemental=54](https://www.asturcones.com/ficha_semental.php?idSemental=54)
- Foto 10: <https://blog.terranea.es/caballo-monchino/>
- Foto 11: [https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/3/32/Losino\\_zaldia1.JPG](https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/3/32/Losino_zaldia1.JPG)
- Foto 12: <http://pottoka.info/lapottoka/>
- Foto 13: <https://www.intiasa.es/es/explotaciones-ganaderas/areas-de-interes/ganaderia-navarra/razas-autoctonas/40-explotaciones-ganaderas/457-jaca-navarra.html>
- Foto 14: <https://www.alegriacomplicite.com/wp-content/uploads/2019/01/magnifique-merens-alegria.jpg>
- Foto 15: [https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/zootecnia/Caballo%20Pura%20Raza%20Gallego01\\_tcm30-117134.JPG](https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/zootecnia/Caballo%20Pura%20Raza%20Gallego01_tcm30-117134.JPG)
- Foto 16: Xilberte Manso





## *Os gafos de Baiona entre sufraxios e iluminación (1389)*

---

**XULIÁN MAURE RIVAS**

### RESUMO

*A copia dunha manda testamentaria do século XIV permítenos descubrir unha xerarquía de valores dun clérigo razoeiro de Baiona e a estrutura eclesiástica desta vila, onde queda manifesta a condición de monumento dun simple documento notarial redactado en lingua galega.*

### ABSTRACT

*copy of a will from the 14th century shows a certain structure of ecclesiastic values in the village of Baiona. This document also contains a sample of an official document written in the Galician language.*

## INTRODUCCIÓN

Esta *Revista de Estudos Miñorans* vén editando unha serie de documentos medievais da igrexa de Santa María de Baiona. Cando xa van publicados oito documentos, o primeiro do ano 1274 e o último de 1561, cómpre reflexionar sobre o valor social deste traballo divulgador. Estes documentos, tamén chamados instrumentos, son parte dos materiais da nosa memoria colectiva e da nosa historia, que é a mesma memoria trata-da con métodos científicos. Non teríamos esta riqueza patrimonial se os documentos non estivesen arquivados nas institucións eclesiásticas, primeiro durante séculos na colexiata de Baiona e finalmente no Arquivo Diocesano de Tui.

O documento que hoxe editamos apareceu xa en 1997 nunha publicación de M<sup>a</sup> Carmen Sánchez Carrera. No apéndice documental de *El Bajo Miño en el siglo XV-El espacio y los hombres* (Sánchez, 369) recóllense corenta e cinco documentos desta colexiata de Baiona, entre os que aparecen estas catro liñas de referencia ao traslado dunha cláusula da manda e testamento de Pero Vidal, que fora clérigo razoeiro na dita igrexa.

*Año de 1389....*

*Original en muy mal estado de lectura. Tiene 210 x 145 mm.*

Era de mill e quatrocentos e vinte e sete annos (...) <sup>(4)</sup>Gomes Martines notario iurado por el rey em Bayona de Minnor (...) <sup>(5)</sup>presente Iohan (...) <sup>(6)</sup>des e Ruy Gomes pescador desta dita villa (...) <sup>(7)</sup>e Pero Vidal clergo rasoeiro que foy da iglleia de Santa Maria de Bayona (...)

- 4.- faltan unas veinte y tantas letras que están ilegibles. En general lo está todo el documento.
- 5.- no se leen unas treinta letras
- 6.- no se leen cuatro letras
- 7.- como en la primera línea.

Hoxe, grazas ás novas tecnoloxías, pódense mellorar as posibilidades de lectura do noso patrimonio documental, sempre que nos arquivos faciliten o tratamento informático dos seus fondos, que independentemente de quen sexan os seus propietarios, teñen protexido por lei o seu carácter público<sup>1</sup>. Por sorte, grazas a unha fotocopia facilitada no século pasado polo actual cronista oficial de Tui, Ernesto Iglesias, e o tratamento informático dun programa de gráficos, hoxe podemos ter e ler o documento íntegro.

## NORMAS DE TRANSCRIPCIÓN E LECTURA

Para unha cómoda lectura do texto é conveniente ter presente os seguintes criterios de transcripción.

- As maiúsculas e minúsculas obedecen ós criterios da normativa actual. O mesmo vale para o sistema de acentuación.
- Hai palabras que levan supraescrito un <sup>t</sup> como en «mill<sup>t</sup>» ou en «anos<sup>t</sup>». É para indicar que no orixinal manuscrito levan un til de abreviación que non ten correspondencia fonética.

- O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ó fonema palatal lateral /ʎ/, que aparece na palabra «lle» como ó fonema alveolar lateral /l/, presente nas palabras «mill» «villa» ou «clausulla» que deben pronunciarse [mil], [bila] ou [klausula].
- As palabras abreviadas transcribíense na súa forma plena, indicando en cursiva as letras abreviadas. Así a palabra «not<sup>o</sup>» transcribíese como «notario».
- Cando o til de nasalidade <~> vai sobre unha vogal con valor de nasal implorativa, transcribíese cun n en letra cursiva; por exemplo, «façã, fiserẽ, çõ» transcribíense por *façan, fiseren e con*.
- Respéctanse os dobres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vogais e de consoantes. Así encontramos «ualese, uiren» que hoxe escribiríamos con <v> «valesse, viren», e tamén «igleia ou aia» que na ortografía actual levan o grafema <x> «igrexia ou haxa».
- En xeral seguimos as normas de transcripción de uso máis frecuente nos documentos galegos, publicadas polo profesor Ramón Lorenzo (1988).

## TRANSCRICIÓN DO DOCUMENTO


Baiona, 1389, 10 de novembro

*Traslado dunha cláusula da manda e testamento de Pero Vidal, reitor da igrexa de San Pedro de Burgueira en que ordena sufraxios por seis maravedís.*

Era de mill<sup>1</sup> et quatro çentos et viinte et sete anos<sup>2</sup>, día quarta feira, dez días do mes de nouembre, em presenza de mī<sup>[01]</sup> Gonçaluo Eanes, notario público jurado por el rey em Bayona<sup>3</sup> de Miñor et en seu alfoz, et con as *testemuñas* que adeante son *escriptas*,<sup>[02]</sup> perante Johán Giraldes et Ruy Gonçalues, justiças desta dita villa, foy liuda et publicada hũa manda et testamento<sup>[03]</sup> de Pero Vidal, clérigo rraçoero que foy da igreia de santa María de Bayona<sup>4</sup> desta dita villa, rreytor da igreia de san<sup>[04]</sup> Pedro de Burgeira; a qual manda et testamento era *scripto* em pergamiño de coiro et feito et signado por mī, dito notario, na <sup>[05]</sup> qual manda et testamento ontre aas outras cousas jasía *scripta* hũa clausulla que disía así: *Item mando que me façan*<sup>[06]</sup> os clérigos rraçoeros da igreia de santa María de Bayona<sup>5</sup> cada ano<sup>6</sup> hũa nouersaria por la alma de mī et de Martín Sal<sup>[07]</sup>uadores et que ma façan por día de san Pedro apostollo do mes de juyo, et que aian por la dita nouersaria seys marauedís de<sup>[08]</sup> brancos en moeda que os ualla. Et se os ditos clérigos rraçoeros cada ano<sup>7</sup> non fiseren a dita nouersaria<sup>[09]</sup> den seis marauedís os gafos de sante Esteuão de par da villa de Bayona<sup>8</sup>. Et, se y non se uiren, mando que os aia o lume<sup>[10]</sup> das lánpadas de santa María de Bayona<sup>9</sup>. Et estes seys marauedís que os aian perla meatade desa miña casa em que ora moro,<sup>[11]</sup> que me leixou o dito Martín Saluadores. Et mostrada et liuda et pobricada a dita manda et testamento do dito Pero Vidal, os ditos Johán Giral<sup>[12]</sup>des et Ruy Gonçalues, justiças, mandaron a mī, dito notario, que sacase da dita manda et testamento a dita clausulla et a desse en<sup>[13]</sup> publica forma con meu nome et signada aos clérigos rraçoeros da igreia de santa María de Bayona<sup>10</sup> desta dita villa, por quanto<sup>[14]</sup> lle pertencía de dereito, a a qual clausulla deron súa outoridade ordinaria<sup>11</sup> et poder et mandaron que ualese et fisesse fe en<sup>[15]</sup> juiso et fora del, et hu quer que paresçese<sup>12</sup>, así como<sup>13</sup> o verdadeiro

original<sup>1</sup>. Testemuñas que foron presentes et viron o verdadeiro orrighi<sup>[16]</sup>nal onde este traslado desta cláusulla foi sacado: Martín Triigo, Alfonso Esteues, Gonçaluo Eanes Çenteo, Gonçaluo Lourenço, clérigos rraçoeiros da<sup>[17]</sup> dita igreia, que o pediron por nome de si et da dita igreia, Ruy Eanes et outros.

Et eu, Gonçaluo Eanes,<sup>[18]</sup> notario sobre dito, a esto presente foy et escripui et aqui meu nome et signal pugi que tal he.<sup>[19]</sup>



ACT: Doc. Baiona 43

## DOCUMENTO/MONUMENTO

Desde que Jacques Le Goff reflexionase sobre os termos “documento/monumento” (1984: 95-106) para designar os materiais da memoria colectiva, podemos valorar mellor a función social do estudo do noso patrimonio documental.

Un documento, por ser unha proba dun feito histórico, pode ser falsificado e manipulado. Desde que en 1440 o humanista florentino Lorenzo Valla demostrara con argumentos filolóxicos a falsidade da *Donatio Constantini*, base dos históricos estados vaticanos, as distintas ciencias relacionadas coa natureza e evolución da comunicación escrita son obxecto de continuado estudo e facilitan un coñecemento multidisciplinar dos documentos e das súas funcións sociais. Este documento falsificado é un auténtico monumento, obra dos poderes do século VIII, baixo o papa Esteban II e o rei dos francos Pepino o Breve.

Hoxe, ademais de ser o documento unha proba dun acto máis ou menos válido que garante unha propiedade ou un compromiso, o documento é testemuña dunha sociedade e dunha serie de xeracións que tiveron interese en conservalo. Pódese estudar criticamente a súa trazabilidade desde a súa orixe ao seu estado actual, máis ou menos ben conservado, en arquivos públicos ou privados, como se se tratase dun

alimento imprescindible para a construción dunha sociedade con memoria propia, con conciencia de seu.

En 1960 Paul Zumthor establece unha distinción entre os monumentos lingüísticos e os simples documentos; os primeiros son como pezas construtivas e os segundos limitáanse ás necesidades normais de comunicación. Para Zumthor o que transforma un documento en monumento é a súa utilización polo poder. Pero para Le Goff todo documento pode ser analizado ou criticado como monumento. Esta palabra está relacionada co verbo latino «monere» que significa «facer pensar», «facer recordar», «advertir», «chamar a atención». Un documento é un produto dunha sociedade concreta “que o fabricou segundo as relacións de forza dos que tiñan o poder”.

Un paso máis, unha colección de documentos, como estes da igrexa de Santa María de Baiona que se conservan no Arquivo Diocesano de Tui, ten un valor colectivo que nos descubren as novas ciencias sociais. “Produto de um centro de poder, de uma senhoria quase sempre eclesiástica, um cartulário deve ser estudado numa perspectiva económica, social, jurídica, política, cultural, espiritual, mas sobretudo enquanto instrumento de poder” (Le Goff, 1984: 104).

## TESTAMENTO DE PERO VIDAL

No ano 1388 da era cristiá había na igrexa de Santa María de Baiona dous abades e dezaseis cregos razoeiros, cregos que tiñan dereito a unha ración ou parte dos ingresos que tiña a igrexa. Nun documento desta igrexa e desta data aparecen os seus nomes:

Pero Vidal et  
 Gonçaluo Eanes Çenteo et  
 Afonso Esteues et  
 Johán de sam Domingo et  
 Johán Martís Rrodoam, et  
 Gomes Eanes et  
 Rui Martís, o uello et  
 Gonçaluo Lourenço et  
 Rrui Martís Çiclai et  
 Johán Migelles et  
 Diego Peres et  
 Gomes Lourenço et  
 Rrui Martís et  
 Johán Migelles et  
 Johán Lucas et  
 Johán Martís, o moço,

O primeiro da lista, Pero Vidal, que xa en 1350 actuara como procurador dos abades e dos razoeiros, en 1389 xa deixara der ser razoeiro da igrexa de Baiona e pasara a ser reitor da igrexa de S. Pedro de Burgueira. A pesar deste novo destino, distante a máis de cinco horas de camiño, Pero Vidal seguía vivindo en Baiona nunha casa que lle deixara Martín Salvadores.



No documento que agora presentamos recóllese unha manda do testamento deste crego, onde deixa seis marabedís “Et estes seys *marauedís* que os aian perla meatade desa miña casa em que ora moro, que me leixou o dito Martín Salvadores”. Os seis marabedís están destinados a que os seus compañeiros de toda a súa vida profesional, os clérigos razoeiros de Santa María de Baiona, lle fagan unha “noversaria” (misa de aniversario) cada ano no día de S. Pedro apóstolo do mes de xuño, pola alma del e pola alma de quen lle regalara a casa, Martín Salvadores. Establécese no documento que se os razoeiros non fixeren algún ano a noversaria, entón que lles dean os seis marabedís aos leprosos de S. Estevo; e se por alí non se viren leprosos, que os seis marabedís vaian para o lume das lámpadas de Santa María de Baiona.

Este é o contido simple deste documento; cómpre agora descubrir a súa condición de monumento analizando dous instrumentos do poder eclesiástico que seguen presentes na actualidade.

## OS RAZOEIROS. CREGOS EN FUNCIÓN DA INSTITUCIÓN

Como queda xa indicado, os cregos razoeiros eran complementos dos dous abades da igrexa de Santa María de Baiona. Así o explica o Sínodo de Diego de Muros (1482) onde se regula esta especie de funcionarios eclesiásticos.

“La iglesia de Santa María de la villa de Bayona de Miñor se solia regir y gobernar por dos clerigos beneficiados de la dicha iglesia... los quales vulgarmente se llamavan abades, e aquestos ponian e nonbravan raçoneros que sirviesen la dicha iglesia, cada unno por su parte e por su choro, en manera que cada unno nonbrava los que queria e non avia numero çierto en la dicha iglesia de los dichos raçoneros... a los quales... los dichos abades dieron en algund tiempo de comer en mesa commun e levavan las rentas de la dicha iglesia e las partian entre sy ygualmente anbos a dos cada unno la meytad” (García y García, 353).

A mesa en común dos abades cos seus respectivos razoeiros foi substituída por dar “çierta raçon en pan e vyno e dinero a los dichos raçoneros, cada unno a los de su coro”. Parece que a situación deste colectivo pasou por distintas etapas, ás veces conflitivas xa que o mesmo Sínodo de 1482 no apartado 7 dá normas para dirimir as contendas do clero e remata con estas palabras “E esta misma constituyçion mandamos que guarden entre sy los raçoneros de la iglesia de Bayona”

Cando se convoca este Sínodo o reparto de rendas da igrexa de Santa María de Baiona daba a metade para os dous abades a partes iguais e a outra metade para o conxunto de razoeiros. En tempos pasados este reparto podía ser suficiente, pero as queixas dos razoeiros ante o bispo Diego de Muros moveron a este a organizar a distribución dos ingresos desta igrexa.

“Plugonos de numerar e numeramos la dicha iglesia e beneficios della para que de aqui adelante para siempre jamas aya en ella dos abades e

quatorze raçoneros, siete de cada choro, e unn sancristan. E los abbades unno sea abbad de Bayona e otro abbad de Monte de Boy. E estos tengan cargo e cura de las animas... e administren los sacramentos. E cada unno dellos aya dos raçiones e lleve tanto como dos raçoneros... Queremos e mandamos que el dicho numero non pueda seer diminuido nin acreçentado en la dicha iglesia... e mandamos que agora e de aqui adelante para sienpre jamas, los fructos e rentas, asy de diezmos de mar commo de tierra, commo oferendas, commo de otras qualesquiera cosas a la dicha iglesia pertenesçientes, exçepto los aniversarios que las buenas gentes mandaron o mandaren al cabildo de los dichos abbades y raçoneros de la dicha iglesia... todas las otras cosas se partan por medeo, la una meytad sea para nos e para la nuestra mesa obispal e de nuestros subcesores exentamente e sinn cargo alguno, e la otra meytad sea de los abbades e raçoneros e sancristan... e se parta e divida en diez e nueve raçiones yguales, las quatro ayan los dichos abbades cada uno dos... e las quatorze raçiones ayan los dichos quatorze raçoneros, cada unno la suya... e la otra raçon, que son asy dies e nueve, ayala el dicho sancristan e tenga cargo de proveer de cera e de hostias...” (García y García, 355-356).

A cura de almas era cargo dos abades. Os razoeiros estaban en función sobre todo do coro e da xestión das distintas ovenzas ou oficinas necesarias para o funcionamento de igrexa; nesta colección de documentos aparecen razoeiros actuando como procuradores, notarios e escribáns. Na documentación medieval recollida en TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega) nos distintos centros eclesiásticos, como mosteiros ou catedrais, rexístranse as varias oficinas ou ovenzas onde cregos, monxes e frades son ovenzais de hospitais, enfermarias, vestiarios... e aniversarias ou noversarias. Todo este persoal estaba en función non da cura de almas senón máis ben das necesidades e posibilidades da xestión económica, asistencial e litúrxica dos distintos centros eclesiásticos,

## AS ANIVERSARIAS

O segundo instrumento de poder presente neste documento de 1389 da igrexa de Baiona son as “noversarias” ou misas aniversarias, que aparecen nestes documentos coas variacións fonéticas propias da lingua oral e dos procesos de aférese e disimilación: noversaria, universaria, anoversaria ou aniversario.

Cando o bispo Diego de Muros fai o reparto dos ingresos da igrexa de Baiona, reserva para el e a mesa episcopal a metade de todo menos “los aniversarios que las buenas gentes mandaron o mandaren al cabildo de los dichos abbades e raçoneros de la dicha iglesia, de las quales los abbades que solian ser nunca levaron ni ovieron parte, ni nos la avemos de aver ni nuestros subcesores, mas antes los ayan e lieven los dichos abbades e raçoneros... e subsuban por ello los cargos de la dicha iglesia” (García: 355).

Parece ser que os abades antes deste Sínodo de 1482 deixaban todos os ingresos das aniversarias para repartir entre os razoeiros e que, unha vez establecida a nova distribución de ingresos onde o bispo e a súa mesa se beneficiaban co cincuenta por cento

do resto das entradas da igrexa de Baiona, os abades, que saían prexudicados, podían entrar con razoeiros no reparto das aniversarias.

En menos dun século, desde que o xubileo declarado polo papa Bonifacio VIII promoveuse os sufraxios polos defuntos, a igrexa de Baiona tiña organizada a institución das aniversarias ou noversarias con propiedades acumuladas polas doazóns das “boas xentes” e polas adquisicións cos excedentes das rendas recibidas. Os textos que seguen coinciden na súa condición de monumentos do mundo medieval do poder eclesiástico.

Et dedes ende em cada hũu ano<sup>s</sup>, por día de sam Migell de setenbro por foro aos clérigos rraçoeiros da dita igleia de Bayona ou a seus procuradores das nouersarias em seu nome, quinse marauedís de brancas de des dineiros o marauedí. Et por foros em cada hũu ano<sup>s</sup>, por lo dito día, hũu capón et hũu açunbre de viño tolledao Et a seymento de uós, dito Esteuo Anes, et pesoas depós uós, que a dita cassa con toda súa bemfeitoría fique liure et desenbargada aas anouersarias da dita igleia de santa María de Bayona. (Doc. 15 Baiona 1379)

Tamén noutros centros eclesiásticos as institucións das noversarias son organizacións distintas da mesa do mosteiro ou do bispo, como se pode ver nos documentos de Santo Estevo de Rivas de Sil ou nos recollidos por Portela Silva no bispado de Tui e Lucas Álvarez no mosteiro de San Clodio.

et salvo ende huun leyro de herdade segundo está feita a que disen Carril de Cortes que dou aa oueença das Novesarias do dito mosteiro de Santo Estevo para que nos façan cada ano eno dito mosteiro de Santo Estevo hun novesario em outro dia de santa María de março ho abbade e convento que ý ouver pelo tempo, et as outras herdades e cousas sobreditas que sejam da mesa da abadía do dito mosteiro. (Duro Peña, 330)

a quinta parte do que a dita casa rendese devera seer para as aniversarias, mandaron que das ditas çinquo libras pagasen huna ao ouvençal das aniversarias e as quatro libras aa mesa do Cabidoo (Portela, 433)

Et logo os ditos dayan e cabidoo por nome da sua mesa e das aniversarias deron e outorgaron a fforo... (Portela, 432)

et tragerdes o noso quinon per vossa custa ao dito moesteiro, a a adega dos nouersarios, a oueença da enfermaria por dia de san Martino... (Lucas 478)

Et que uos anparemos con a dita casa et ixido et foro ssobredito de quen quer que uos la embargar per losbêes da dita igleia que son das aniuersarias. (Doc. Baiona 16 abril 1350)

Cando Pero Vidal fai o seu testamento, o corpo de razoeiros da igrexa de Santa María de Baiona contaba con dezaseis membros presididos por dous abades e a poboación da vila non chegaba a 700 habitantes. Esta proporción entre os oficiais eclesiásticos e os fregueses puido ser a máis alta na historia da igrexa do Val de Miñor. O coidado

das almas estaba ben atendido por dous abades; foi a abundancia de patrimonio, en parte debido ás fundacións de sufraxios anuais, o que permitía e requiría tal número de razoeiros. Como en tantas institucións, hai maiores esixencias no mantemento das estruturas que na consecución dos obxectivos.

Este documento/monumento de 1389 tamén nos transmite un exemplo da xerarquía de valores medievais: mestura do medo de ultratumba, a caridade cristiá e as necesidades litúrxicas. Pero Vidal destina seis marabedís da renda da metade dunha casa que recibira dun posible familiar ou amigo, Martín Salvadores, para que cada ano os cregos razoeiros de igrexa de Santa María de Baiona celebraren una “noversaría” pola súa alma e pola do seu benfeitor. Tiña que ser o día de San Pedro do mes de xuño e se algún ano os razoeiros non puideren facelo, manda o testamento que pasen os seis marabedís para os “gafos de Sante Esteuño”. Como tamén cabería a posibilidade de que ese ano non se viren leprosos pola contorna da citada ermida, os seis marabedís estarán destinados a iluminar o templo de Santa María, destino que sempre se podería cumprir. A salvación da alma propia e a de a quen lle estaba agradecido, a axuda aos enfermos marxinaados e finalmente a colaboración cos ritos da comunidade de fe son as tres preferencias presentes no testamento do crego miñorán do século XIV. Monumento mesmo hoxe recoñecible na sociedade do Val de Miñor, aínda que a lepra teñamos que cambiala por outros tipos de marxinação do século XXI.

Pola contra non durou tanto a ermida que en 1592 aparece no libro de actas do Concello de Baiona co nome de Santystevan e que por estar derribada lle conceden catrocentos réas para “adrezarla... por ser de San Lázaro donde se remediavan los pobres heridos del dicho mal” (García Oro, 355). A pequena ermida de San Esteban, que os veciños do Burgo de Baiona aínda recordan como carpintería e que daba nome a praia de Santa Marta, foi fagocitada polo recente crecemento urbanístico desta histórica vila. Os monumentos que nos queda son o pequeno pergameo que hoxe presentamos e a Fonte dos Gafos a pouca distancia de onde perdemos a ermida.



Ermida de San Estevo, derruída en 1999 (?) (Martínez Tamuxe, 67)



Fonte dos gafos. (Baiona, rúa do Burgo)

#### NOTAS

1 Forman parte do Patrimonio documental de Galicia “Os documentos anteriores a 1901, xerados, conservados ou reunidos por outras entidades particulares ou persoas físicas, que teñan interese para a historia de Galicia” (art. 109). [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.html)

## BIBLIOGRAFÍA

- ACT: Abreviatura de Arquivo da Catedral de Tui.
- DURO PEÑA, Emilio (ed.) (1977): *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijóo”.
- GARCÍA ORO, José e PORTELA SILVA, M<sup>a</sup> José (2003) *Baiona de Miñor en sus documentos. Actas municipales correspondientes al siglo XVI*. Pontevedra: Servicio de Publicaciones, Diputación Provincial de Pontevedra.
- GARCÍA Y GARCÍA, Antonio (1981) *Synodicon Hispanum. I Galicia*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- LE GOFF, Jacques (1984) “Documento/monumento” in *Enciclopèdia Einaudi. Vol 1. Memória-História*. Lisboa: Imprensa Nacional- Casa da Moeda.
- LORENZO, Ramón: (1988) “Normas para a edición de textos medievais galegos” en DIETER KREMER (ed.) *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et Philologie ramanes*. T.VI, Tubingen: Max Niemeyer Verlag, 76-85.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel / Lucas Domínguez, Pedro (eds. ) (1996): *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos).
- MARTÍNEZ TAMUXE, Xoán e MARTÍNEZ BARBOSA, Juan Ramón (2008) *Santa Mariña de Baña e o eremitorio de San Cosme. Aproximación histórica*. O Rosal: Gráficas Lomba.
- PORTELA SILVA, Ermelindo (ed. ) (1976): *La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV. Una sociedad en expansión y en la crisis*. Santiago: Tip. El Eco Franciscano. Separata de Compostellanum (20).
- SÁNCHEZ CARRERA, M<sup>a</sup> del Carmen (1997) *El Bajo Miño en el siglo XV. El espacio y los hombres*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ZUMTHOR, Paul. (1960). “Document et monument. A propos des plus anciens textes de langue française” in *Revue des sciences humaines*. Fac. 97, pp.5-19. Faculté des lettres de l’Université de Lille.



***Protestantes en Morgadães***  
***(Inspirado nunha breve biografía escrita por James Wigston)***

---

**MIQUEL ANXO MOURIÑO**

**RESUMO**

*O artigo trata da intervención, a finais do século XIX, do apóstolo dos evanxelistas, Thomas Blamire, na pequena aldea de Morgadães, en Gondomar, e dos atrancos que tivo que superar para levar a cabo o seu labor evanxelizador.*

**PALABRAS CLAVE:** *Blamire, Wigston, protestantes, Vigo, Morgadães, Biblia, evanxélicos.*

**ABSTRACT**

*The paper is about the intervention, at the end of XIX century, of Thomas Blamire, the great Evangelists apostle, in the small village of Morgadães, in Gondomar, and the obstacles he had to surpass to carry out his evangelizing work.*

**KEY WORDS:** *Blamire, Wigston, Protestants, Vigo, Morgadães, Bible, Evangelicals.*

*Para José Luís Alonso, que me proporcionou a información necesaria*

O derradeiro terzo do século XIX foi pródigo en acontecementos con repercusións importantes e, en certa medida, duradeiras: a Gloriosa, exilio de Isabel II, sexenio democrático, Constitución de 1869, goberno provisional, monarquía parlamentaria de Amadeo I, 1ª República, restauración borbónica con Afonso XII. Esta época turbulenta deixou un pouso de liberdade que influíu na mentalidade popular, sobre todo nas grandes urbes, e, xa que logo, na dos políticos. Déronse entón unha serie de cambios importantes, un dos cales, o que nos interesa hoxe, foi a liberdade de culto, que, a pesar da furibunda oposición do estamento eclesiástico, foise consolidando, non sen certos altibaxos.

Neste ambiente chegaron á península misioneiros de diversas relixións protestantes que, xeralmente, superpuñan as actividades de predicadores e colportores, como lles chamaban aos vendedores ambulantes de biblias. Un deles era Thomas Blamire, apóstolo da Igrexa Evanxélica entregado ferventemente á predicación, que levou a cabo, case sempre con éxito, entre 1873 e 1894, en diferentes lugares da península: Barcelona, Madrid, A Coruña, Arteixo, Vigo, Morgadáns, Pontevedra, Vilagarcía, Marín, San Tomé de Piñeiro e Porto.

Morgadáns era, daquela, unha aldea non pequena cuxos habitantes, basicamente labregos, tiñan toda caste de cultivos e animais para seren autosuficientes e, conseguintemente, con poucas relacións externas e dominados nos seus costumes e ideas polos cregos propagadores dun catolicismo recalcitrante e excluínste. Emporiso, Domingos Alonso, aldeán acomodado, tiña máis mundo, pois viaxaba con frecuencia a Vigo. Alí coñeceu sucesos que estaban na boca de todos. Chegaran dous ingleses que vendían biblias e predicaban unha relixión próxima á súa pero, secasí, ben distinta, a vulgar polo éxito que estaban a acadar. As autoridades viguesas, a instancias do clero, detiveran o xefe, un tal Blamire, e levárano ante o gobernador civil de Pontevedra, quen ameazou o predicador con 14 anos de cárcere, a non ser que marchase da provincia.

- Se a súa Excelencia -díxolle Blamire- pode forzarnos a marchar da provincia, fágao; pero nós nunca nos moveremos unha polgada voluntariamente.

O asunto chegara a Madrid e o ministro do ramo telegrafou dicindo que deixasen inmediatamente en liberdade o predicador e non o molestasen máis por motivos desta índole. Deste xeito, os pastores abriran un local para as súas prédicas, tamén utilizado para a ensinanza elemental e gratuíta dos que quixesen acudir, sen preguntarlles se eran católicos ou protestantes. Ademais, ofrecían o seu saber e as súas relacións para resolverlles xestións coa administración, escribir cartas, contestar consultas de xente que só quería algún consello ou guía e, en xeral, calquera asunto no que tivesen coñecemento e solvencia. A confianza dos veciños medraba día a día e eles vían crecer tamén o número de iniciados que se mergullaban nas augas do mar para seren bautizados.

Home curioso e de mente aberta, Domingos quixo escoitar o que tiñan que dicir aqueles valentes misioneiros. E ficou convencido. Foi falando, con amigos e veciños, da súa experiencia e creando un ambiente de curiosidade; pouco despois reuniu os máis interesados na casa para contarlles polo miúdo as súas experiencias.

- Os evanxélicos -explicou- non practican unha relixión allea a nós pois as súas crenzas son basicamente as mesmas cás nosas. Teñen o mesmo Deus, a mesma santísima Trindade, o mesmo Xesús redentor e o mesmo ceo.

- Daquela, non sei por que queres cambiar -interpelouno alguén.

- Porque é moito máis doado alcanzar a salvación -respondeu Domingos-. Só hai que ter fe, con ela acadas o perdón de todos os pecados, pois precisamente para iso morreu Cristo. Xa que logo, non hai que confesar, que é o que queren os cregos para enteirarse de todo. E non hai que facer penitencia ningunha. Ademais, eles aseguran que non hai Purgatorio; vas directamente ao ceo ou ao inferno, pero só son condenados os que non teñen fe.

Domingos non lles falou doutra importante diferenza porque afectaba sobre todo os mariñeiros, e alí non había; segundo lle contara Wigstone, colega de Blamire, os pescadores tiñan frecuentes discrepancias cos seus cregos porque se un deles morría no mar o cura amosábase reticente á hora de enterrar o corpo en sagrado xa que non lle puiden administrar os últimos sacramentos. Os misioneiros ofrecíanse a facelo sen ningún inconveniente e así conseguían aumentar considerablemente o número de convertidos.

Un asistente retrucou as palabras do anfitrión:

- Xa, pero iso é o que din eles; póneno moi bonito para convencer a xente, pero quen nos garante que é verdade?

- O mesmo Deus. Está na Biblia, e está todo moi clariño. A min explicáronma e non me quedou ningunha dúbida.

- Non dis que teñen as mesmas cousas ca nós? Nós tamén temos Biblia e, segundo os cregos, todo o que nos mandan e ensinan está alí.

Domingos viña preparado e colleu dunha mesa próxima a biblia que lle mercara a Blamire; tiña varias páxinas marcadas e dispúxose a ler algúns parágrafos.

- Os seus cregos, que se chaman pastores, recomendan que cada fiel teña a súa biblia como guía de vida, e alí está todo o que vos digo. O que pasa é que os nosos sacerdotes interpretana de xeito interesado; crean un ambiente de medo colectivo para así poderen mandar en nós. Eles non nos dan facilidades para que poidamos lela directamente, senón que, pola contra, dinnos que esa interpretación lles corresponde aos doutores da Igrexa pois o libro contén moitas claves que a mentalidade popular non é quen de descifrar. Os protestantes fan xusto o contrario, o lóxico. escoitade.

Domingos foi lendo algunhas liñas das páxinas marcadas e, de cando en vez, un murmuro denotativo de certo abraio estendíase entre os asistentes. Rematada a xuntanza, acordaron que o anfitrión invitase a Blamire a que compartise con eles as súas ensinanzas, e el ofreceu a súa casa para tal fin. Ao saíren decatáronse de que a reunión non pasara desapercibida para o cura xa que un grupo de paisanos, por el capitaneados, estaban á espreita para acantazalos, e tiveron que fuxir a toda velocidade.

Uns días despois Blamire e o seu colega Wigstone chegaron á aldea transportados por Domingos na súa tartana; a certa altura da estrada xeral, este atou o cabalo a unha árbore próxima e conduciu os invitados a través do monte por carreiros que baixaban ata preto da súa casa, non sen antes exhortalos a fixérense ben para que lembrasen o camiño; no local anexo que posuía agardaba un número non pequeno de oíntes con dezo de escoitaren as marabillas que lles adiantara o seu paisano, quen, despois das presentacións, dirixiuse ao pastor antes de marchar.

- Eu xa tiven o pracer de escoitalos varias veces, así que irei onda a tartana e agardarei alí ata a súa volta; se o crego nos atacou a nós, veciños, teño medo do que poida facer cando saiba, se é que non o sabe xa, quen son os nosos invitados. Así pois, estarei na carruaxe agardando por vostedes.

- Moitas grazas -dixo Blamire-. E non se preocupe, estamos afeitos a superar todo tipo de atrancos con tal de salvar almas para Deus. Ademais, xa informamos o maxistrado da nosa reunión, porque nos ampara a lei.

Ben seguro que os misioneiros recordarían toda a vida aquel movido día do inverno de 1878.

A xuntanza espertou un grande interese entre os asistentes, interese que se consolidou pouco despois en forma de conversións á nova relixión. Aquela primeira prédica transcorreu con toda normalidade, pero cando saíron, xa de noite pecha, descubriron abraiaados unha nutrida masa de sombras que comezaron a apellar creando un gran rebumbio e sensación de inseguridade que enseguida virou en medo. Podíanse escoitar berros como:

- Fóra os herexes!
- Hai que escarmentalos para que non volvan!
- Ímoslles arrincar o pelo a eses ingleses!

Ameazas potenciadas por un disparo que atronou o lugar e puxo en fuga todos os integrantes daquela reunión, os paisanos para as súas casas e os misioneiros a tomar ás carreiras o camiño que os conduciría á estrada e á salvación. Cando os seus ollos se afixeron á escuridade comprobaron cun arrepío de pánico que aquela turba ameazante levaba pedras nas mans, nos brazos e nos petos e que estaban dirixidos por tres cregos, un deles enarborando unha pistola; botaron a correr mentres os atacantes os perseguían de preto berrando ameazas e arrebolando croios contra eles, que tiveron que abrir os paraugas e interpoñelos na traxectoria dos proxectís a xeito de escudo. O medo deulles azos para forzar a carreira e alcanzar a estrada na que agardaba a salvadora tartana, que se puxo en marcha apresuradamente unha vez recollidos os viaxeiros.

- Grazas, Deus -exclamou Blamire unha vez recuperados os folgos-; pensei que non volvería ver este amigo e a súa tartana.

A cousa non quedou así. Blamire denunciou os feitos no consulado inglés que trasladou a información ao goberno de Madrid. A noticia transcendeu de contado e os xornais da capital fixéronse eco de tales acontecementos, iso si, con distintas perspectivas; uns, os máis achegados ao estamento eclesiástico, defendían os curas e aplaudían a súa actuación; pero a maioría cualificaban os feitos de vergonza nacional e apremaban o goberno para que rexeitase tal comportamento e puxese os medios para recompor a paz social en Morgadães e en calquera outro lugar, se se chegasen a repetir. E os medios chegaron. O goberno enviou a Garda Civil á aldea, requisoulle a pistola ao crego e ordenoulle ao alcalde e mais ao xuíz que se asegurasen persoalmente de que os misioneiros terían protección; e que puxesen garda na porta do local. Blamire e Wigstone puideron entón levar a bo termo o seu labor de predicación e proselitismo coa satisfacción de ver os froitos con bastantes conversións e a esperanza de que aquela igrexa evanxélica continuaría medrando cando eles se ausentasen.

O crego de Morgadães non perdeu a ocasión de acadar unha pequena vinganza; en certa ocasión, Domingos Alonso estaba visitando un seu amigo gravemente enfermo; durante a súa visita chegou o viático e o noso personaxe permaneceu cuberto e non se axeonllou. O párroco denunciou esta falta no xulgado de Gondomar que decidiu castigalo con vinte días de cárcere e multa de 100 pesetas.

A inercia dunha mentalidade colectiva adoutrinada na intolerancia durante centos de anos non se deixaba deter facilmente.

## O salto do Pego Negro e a chegada da electricidade ao Val de Miñor

---

UXÍO REINOSO MASET

### RESUMO

*A historia da electrificación de Galicia é quizais un dos capítulos máis vertixinosos e singulares da historia da nosa industrialización. Nunha poucas décadas, en Galicia pasouse de ensaiar modestas iniciativas locais, a realizar (baixo a dirección de grandes empresas e o estado) colosais proxectos de enxeñería para aproveitar a riqueza hidráulica do país. As consecuencias económicas, sociais e medioambientais desta “empresa”, están aínda presentes na nosa sociedade, xerando polémicas e problemáticas que son obxecto de habitual e fondo estudo académico e debate político.*

*A turbulenta vida do Salto do Pego Negro en Gondomar, é un pequeno episodio (un tanto esquecido pola historiografía especializada) na conformación do sector eléctrico galego; pero que ten o valor, de que nela atopamos caracterizadas moitas das circunstancias, polémicas e protagonistas da electrificación de Galicia. Amais, evidentemente, a chegada da “luz” mediante esta pequena central é tamén un episodio notable da historia do Val de Miñor, así como un capítulo máis da milenaria historia do aproveitamento do río Vilaza.*

### ABSTRACT

*The history of electricity in Galicia is probably one of the most exciting chapters in our process of industrialization. In a few decades, it grew from small initiatives to great engineering projects aimed at taking advantage of the hydraulic force of the country. The economic, social and environmental consequences of this enterprise are still present in our society, arising problems greatly studied by expert and discussed by politicians. The troubled life of “Salto do Pego” in Gondomar is a forgotten chapter of our historiography that had great relevance in the formation of the Galician electric system, but that possesses the value of containing most of the circumstances and problems of the arrival of electricity to Galicia. The arrival of light thanks to this small source is also a notable episode of the history of Val de Miñor, the same as a chapter in the old history of the Rio Vilaza.*




## PREÁMBULO

A historia da electrificación de Galicia é quizais un dos capítulos máis vertixinosos e singulares da historia da nosa industrialización.

Como noutros eidos do desenvolvemento industrial a chegada e difusión da electricidade en Galicia foi menos vigorosa que noutras rexións ibéricas e europeas máis urbanizadas e industrializadas. Pero a diferenza do que aconteceu noutros sectores e avances técnicos da era industrial, que neste país tiveron unha evolución episódica e irregular, a electricidade galega tivo un éxito que aínda pervive.

Ao longo dos últimos dous séculos, algunhas das primeiras industrias galegas sucumbiron para sempre polos novos avances tecnolóxicos e produtos industriais (a curtume, a salga, a fabricación de maquinaria de vapor,...); outras (como o téxtil, a siderurxia, a cerámica, o papel, diversas minerías,...) tiveron en Galicia notables experiencias pioneiras, episodios febrís ou incluso éxitos rotundos máis ou menos duradeiros que despois esmoreceron ou desapareceron repentinamente; incluso o complexo industrial marítimo pesqueiro (as conservas, a construción naval, a fabricación de redes,...) tiveron altos e baixos dependendo dos vaivéns da materia prima local, o mercado global ou o dirección política. Pero a electricidade galega, baseada na riqueza hídrica do país e o mercado rexional e estatal, foi un proceso de continuo crecemento e integración empresarial, baseado na acumulación dos incrementos de potencia das novas centrais, ata acadar na 2ª metade do século XX, a posición preeminente na produción eléctrica do estado español que aínda hoxe se mantén. De feito, algunhas das



Plano de proxecto de serradoiro mecánico no río Vilaza, para Manuel Moreira Correa, asinado polo ilustre enxeñeiro Ramiro Pascual no ano 1907.<sup>1</sup>

centrais hidroeléctricas das que aquí falaremos, aínda continúan en funcionamento hoxe en día (coma a da Ponte do Inferno, Soutomaior, fundada no 1906).

Non é este espazo para analizar e disertar sobre o proveito e custos socioeconómicos da produción, consumo local e exportación da electricidade en Galicia. Tan só sinalar, como aperitivo deste artigo, que na breve e turbulenta historia da central hidroeléctrica do Pego Negro no río Zamáns-Vilaza, atopamos caracterizadas moitas das circunstancias, polémicas e protagonistas da electrificación de Galicia.

Amais, evidentemente, a chegada da “luz” mediante esta pequena central é tamén un episodio notable da historia do Val de Miñor, así como un capítulo máis da milenaria historia do aproveitamento do río Vilaza, que en orixe só acadaba a veciñanza das Parroquias de Zamáns, Chaín, Vilaza, Mañufe e Gondomar (muíños, serradoiros e regos), pero que coa apertura da central abarcou boa parte das parroquias do Val de Miñor, para que finalmente, sobre ambos aproveitamentos (o tradicional e o industrial) se superpuxese e primase o abastecemento de auga potable á cidade de Vigo.

## A ORIXE DA “LUZ” ELÉCTRICA<sup>2</sup>

Pero antes de entrar no asunto local imos facer unha breve introdución á historia da electrificación a nivel global e rexional.

Na primeira metade do século XIX, a electricidade, coñecida como curiosidade dende a antigüidade, pasou a ser obxecto de fondo estudo científico. Axiña, mentres aínda se estaban a descubrir nos laboratorios de universidades e inventores as propiedades da electricidade, comezou a haber aplicacións técnicas da mesma, que se acabgaron unhas nas outras, ata acadar instalacións comerciais a escalas considerables. Trala invención fundamental da pila voltaica (1800), a primeira aplicación importante foi o telégrafo, que tras diversos experimentos nas décadas de 1820 e 1830, triunfou nas décadas 1840 e 1850 mediante a “sinxela” solución desenvolvida por Morse (1ª liña interurbana, Baltimore-Whashington, 1845; liña Madrid-Irún, 1854).

Paralelamente, desenvolvéronse os principios científico-técnicos das tres principais aplicacións da electricidade aínda hoxe en día: a luz (lámpada de arco, Davy, 1815), a forza (motor homopolar, Faraday; 1821; motor de corrente continua, Jedlik, 1828) e a calor (Joule, 1841). Pero estas tres aplicacións de laboratorio non tiveron desenvolvementos comerciais, xa que naquela xeira, a xeración da electricidade era por medios químicos. E que aquelas mesmas producións de forza, calor e luz, eran xa daquela obtidas doadamente do carbón, o gas e os aceites orgánicos e minerais. Ademais, no caso da iluminación, a luz por arco voltaico resultaba de peor calidade (irregular e deslumbrante) que a da lámpada de gas (xa perfeccionada a finais do S XVIII). Así, xa dende comezos do s XIX, apareceron os primeiros sistemas de iluminación mediante o gas de carbón para iluminar edificios e rúas (Londres, 1802), que axiña puideron ser aplicadas a escala urbana (París, 1820; Madrid, 1832; Barcelona, 1842), incluso en localidades menores como as cidades galegas (A Coruña, 1854; Santiago, 1871).

Houbo que agardar que avanzasen as década do 1860 e 1870 (cando Gramme, Siemens e outros perfeccionaron a dínamo -ideada por Woolrich no 1844-, e Kelvin e outros o alternador), para que, coa combinación coas xa coñecidas máquina de vapor, turbina de vapor e turbina hidráulica, se abrise a posibilidade de abaratar a xeración

eléctrica mediante estes enxeños mecánicos. Por último, nos primeiros anos da década 1880, Edison conseguiu por fin, mediante o fio de carbono incandescente, unha lámpada eléctrica barata e cunha luz de calidade semellante á da lámpada de gas.

Así, en pouco máis dunha década, e coa iluminación pública como principal cometido, pasouse das primeiras centrais pioneiras (1ª hidroléctrica comercial: Niagara, 1874; 1ª térmica comercial: Ettal, Baviera, 1879) a reproducirse por centos e milleiros por todas as cidades europeas (1ª central térmica comercial española: Barcelona, 1881; 1ª central hidroeléctrica comercial española: Xerona, 1883)<sup>3</sup>.

## OS INICIOS DA ELECTRIFICACIÓN DE GALICIA

Todos estes descubrimentos, avances técnicos e equipamentos urbanos acontecidos nos epicentros da industrialización tiveron, mediante a prensa, os estudos en universitarias estranxeiras e as participacións nas “Feiras Internacionais”, ampla e case inmediata difusión entre a elite cultural e económica española e galega, Precisamente, foi un profesor galego, o sr. Antonio Casares da Universidade de Santiago, o pioneiro da iluminación eléctrica en España: o 2 de abril de 1851, valéndose de 50 pilas Bunsen, iluminou o claustro da universidade compostelá cun gran arco voltaico; demostración que repetiu varias veces, a escalas incluso maiores, como cando o 24 de xullo de 1852, na festa do Apóstolo, iluminou a praza do Obradoiro para asombro do pobo compostelán. Tamén en Galicia foi un dos primeiros sitios de España onde se fixo unha instalación de iluminación eléctrica permanente: no 1883 a “Sociedade Anglo-Española de electricidade” era contratada polo Ministerio de Mariña para instalar luz eléctrica nos arsenais españois; en xuño do 1884 o Arsenal de Ferrol inaugura “36 luces de arco”<sup>4</sup>.

O auténtico inicio da electrificación de Galicia acontece no ano 1888 en Pontevedra, cando mediante a concesión municipal da iluminación pública, a empresa “Aquilino Prieto e Cía.” instalou na



Retrato do profesor Antonio Casares, pioneiro da iluminación eléctrica en Galicia e España.<sup>5</sup>

Praza da Verdura unha central térmica, con 3 motores de vapor de 25 CV, que xeraba corrente continua que se empregou na iluminación de varias rúas da vila con lámpadas de arco voltaico que a mesma empresa instalou. Esta empresa (formada polo cacique local, o Marques de Riestra<sup>6</sup>, en asociación co enxeñeiro asturiano Victoriano Alvar González) creou así a 1ª rede galega de electricidade pública, á que se podían “enganchar” particulares. Deste xeito, Pontevedra, que non tiña daquela sistema de iluminación pública ningunha, adiantouse a outras cidades galegas máis grandes ou importantes, nas que as concesións, empresas e instalacións de gas actuaron de freo para a implantación da iluminación eléctrica (e polo tanto tamén do subministro a particulares). Non obstante, antes de rematar o século a electrificación chegara ás outras 6 cidades galegas (Coruña 1890; Lugo e Ferrol 1894; Santiago e Ourense 1895; e Vigo 1896); así como algunhas vilas medianas, “afortunadas” con algunha iniciativa pioneira (Pontearas 1895; Betanzos, Tui, Viveiro, Carballiño, Monforte, 1896; Vilagarcía 1899)<sup>7</sup>.

Esta primeira fase, que chega ata o cambio de século, está protagonizada pola total fragmentación das empresas e o mercado (cada localidade tiña a súa empresa, e xeralmente unha única central cunha rede local) e pola xeración térmica (especialmente nas grandes cidades, excepto Lugo) mentres que a xeración hidroeléctrica quedou restrinxida a pequenas localidades (e Lugo)<sup>8</sup>. E que aínda non se difundira o alternador de Tesla (1888) e o tipo de electricidade xerada era continua, e isto supoñía un límite no radio da rede de distribución en relación á potencia instalada, ou sexa a central non podía estar moi lonxe da área de consumo, cousa moi limitante no caso dos aproveitamentos hidroeléctricos. Amais, os custos e prazos de posta en funcionamento dunha central hidroeléctrica (pola necesidade de grandes obras de enxeñería: presa, canle, tubaxe,...) eran moito maiores ca os da centrais térmicas.

A primeira central hidroléctrica comercial de Galicia foi o “salto” que inaugurou no 1893 a “Electricista Mindoniense” no río Tronceda (a 2 km da vila), e que subministrou corrente continua á vila de Mondoñedo mediante unha turbina hidráulica e unha modesta dínamo de 32 kv<sup>9</sup>.

Nesta 1ª fase, tamén foron aproveitamentos hidráulicos os que levaron a “luz” a Lugo, Pontearas, Monforte, Viveiro e Tui.

## A DIFUSIÓN DA ELECTRICIDADE EN GALICIA; O CASO DA RÍA DE VIGO

A segunda fase da electrificación galega comeza co século XX, e a que pertence á nosa Central doPego Negro. Esta fase caracterízase polo protagonismo das centrais hidroeléctricas (máis rendibles a medio prazo) e pola aparición das primeiras empresas eléctricas con redes supralocais, que estenderon a electrificación a amplas bisbarras.

No 1900, fúndase a “Sociedad General Gallega de Electricidad”, que incorporará “grandes” redes comarcais de corrente alterna, a de Caldas-Arousa en base ao salto de Segade (fundado en 1899, a 2 km de Caldas e 12 km de Vilagarcía), e da ría de Ferrol, co salto de Bellelle (fundada no 1901, a 13 km de Ferrol, onde xa servía con termoeléctrica a “Electra Popular Ferrolana”); e axiña comezan os proxectos para expandir e unificar ambas redes<sup>10</sup>. Paralelamente, outras empresas das grandes cidades galegas instalan centrais de corrente alterna mediante saltos de auga. Así, por exemplo, no 1899

a pontevedresa “Aquilino Prieto” pon en funcionamento o salto de San Xurxo de Sacos no río Lérez (a 15 km da cidade); e no 1901, a “Eléctrica de Ourense” o de Castadón (a 4 km); quedando en ambos casos a primixenia central térmica como reserva.

Como se pode compoñer do ata aquí dito, a Ría de Vigo foi unha bisbarra un tanto retardataria no marco da electrificación galega. A cidade de Vigo, a pesar de ser a máis puxante económica e industrialmente das 7 cidades galegas (e a 3ª-4ª máis poboada neste intre), foi a derradeira en ter iluminación, e rede comercial de electricidade. Como apuntamos antes, isto debeuse en gran medida á preexistencia dunha compañía de gas dende o ano 1884 (a “Société Anonyme d’Eclairage, de Chauffage et de Force Motrice des Villes de La Corogne et Vigo”, coñecida coma *A Lionesa*), e tamén á pequena poboación do núcleo de Vigo (apenas 10.600 hab. nese ano)<sup>11</sup>. Non obstante, no contrato de concesión asinado no 1883 entre *A Lionesa* e o Concello de Vigo, había unha “cláusula de progreso”, segundo a cal, no caso de que aparecese un sistema mellor que o gas, e este xa fose aplicado a poboación menores de 30.000, a empresa debía adoptar o sistema ou pola contra o Concello podía romper o contrato indemnizándoa<sup>12</sup>. E deste xeito, no 1896 (non sen moitas tensión anteriores) *A Lionesa* instala unha central térmica na súa “fábrica de gas” do Picacho. Era esta unha central pequena (2 motores de vapor de 30 CV, co gas de combustible)<sup>13</sup>, que apenas subministraba ao núcleo urbán de Vigo deixando fóra as parroquias así como os concellos de Lavadores e Bouzas; e dende logo non cabía a posibilidade de estendela ao resto de localidades da bisbarra.

Os seguintes pasos na electrificación da Ría de Vigo son complexos de explicar, pero cabe sinalar o papel protagonista da xeración hidroeléctrica, que acadou diversas formas, entre as cales a máis modesta foi a do Pego Negro no 1907.

No 1898 o enxeñeiro Ramón Laforet Cividanes obtivo o aproveitamento de 3.000 l/s do río Verdugo no salto da “Freixa da Roca” en Pontecaldelas, e no ano seguinte fun-



Central do Salto de Aranza (Ponte Caldelas), a 1ª central hidroeléctrica da bisbarra da Ría de Vigo, cara o ano 1922.<sup>18</sup>




da a “Cía. Eléctrica Laforet”, pero esta empresa terá fins industriais (a súa fábrica de carburo de calcio, da cal aínda se conserva parte do edificio en Arcade). A central da Freixa (duns 1.000 kw) entrou en funcionamento ata 1902, e semella que non significou o establecemento dunha rede comercial sequera en Arcade<sup>14</sup>. Pola súa banda, no 1899, A Lionesa, cunha concesión doutros 3.000 l/s do río Lérez no salto da Dorna (a 48 km de Vigo), ambicionou aumentar o seu subministro ao puxante núcleo olívico: pero non foi quen de poñela en marcha ata 1905<sup>15</sup>.

No entretanto, no ano 1901, varios empresarios arousáns, agrupados baixo o caldense Laureano Salgado<sup>16</sup>, obteñen a concesión para aproveitar 3.500 l/s do río Oitavén ao seu paso por Moledo (en Pontecaldelas; aínda que levará o nome da aldea veciña de Soutomaior) e a concesión da iluminación pública da vila de Redondela, que é inaugurada ese mesmo ano: así nace a “Eléctrica Popular de Redondela SA”<sup>17</sup>.

Ante a incapacidade de A Lionesa para dar resposta á puxante demanda de Vigo e a expectativa da implantación do tranvía eléctrico; no ano 1902, empresarios galegos da electricidade (L. Salgado, R. Laforet, o Marqués de Riestra, Olimpio Pérez<sup>19</sup>...) únense á compañía de Salgado e refundan a empresa como “Eléc. Pop. de Redondela e Vigo SA”(EPRV)<sup>20</sup>. No mesmo ano comeza a instalación dunha central térmica na rúa García Barbón<sup>21</sup>, e estenden a rede redondelá ata Guixar (Lavadores) e Vigo (1903). No 1906 A Lionesa estende a súa rede ata Bouzas<sup>22</sup>, mentres que a EPRV incorpora unha nova e potente central no río Verdugo (duns 1100 kw), no lugar da Ponte do Inferno (Soutomaior), onde Laureano Salgado obtivera no ano 1900 a concesión de 3.000 l/s. No 1908, a rede da EPRV chega ata O Porriño. No 1913 A Lionesa anova a súa central do Picacho cun moderno motor diesel; e no 1917 a EPRV absorbe a Lionesa e as súas centrais do Picacho e Dorna.

No Morrazo a “luz” chegou no 1904 dende o Salto de Almofrey (Cotobade), vía Pontevedra, da man da compañía “La Hulla Blanca”<sup>23</sup>, que posteriormente instalaría unha pequena central térmica en Cangas (cara a 1911).

Así pois, aínda que a electrificación da Ría de Vigo comezou tarde (1896) cara a 1904 as principais localidades estaban conectadas a algunhas das tres redes sinaladas (as da Lionesa, a EPRV e a Hulla Blanca), e polo tanto contaban coa súa iluminación



Interior da central do Picacho cara ao ano 1922. No centro, o motor diesel instalado no 1913.<sup>24</sup>

pública por electricidade. Tan só faltaban as localidades do Val de Miñor (Gondomar, Baiona e Nigrán) e Ponte Caldelas (que paradoxalmente contaba con dous saltos no seu termo municipal, o da Freixa e o de Aranza): tratábase dunha rede centrada en Vigo, e a localización periférica e escasa dimensión dos núcleos do Val de Miñor e Ponte Caldelas non atraía a aquelas grandes empresas.

No caso de Ponte Caldelas, a solución viu da man dunha pequena empresaria local. Clotilde Fernández Orge, que xa no 1890 comezara a transformación con este propósito dos seus muiños no río Verdugo ao paso pola vila, e por fin, no 1907 iniciou o suministro eléctrico ás rúas e veciños da pequena vila<sup>25</sup>.

No caso de Baiona e Gondomar a electrificación chegou no 1908 da man do cacique e magnate Laureano Salgado, “o rei dos saltos de auga”<sup>26</sup>.

## LAUREANO SALGADO: O REI DOS SALTOS DE AUGA

Laureano Salgado Rodríguez foi un pequeno comerciante de Caldas de Reis, que gracias a súa influencia política medrou en diversas actividades empresariais que precisaban de autorización ou concesión pública: construción de peiraos, canteiras, e sobre todo, os saltos de auga.... Dende a restauración borbónica (1874) a extensa familia de Salgado contaba cunha ampla rede comercial e de clientelismo político (do partido liberal) na bisbarra de Caldas. Axiña se estenderon cara á veciña Arousa; no 1886, asociándose con empresarios e políticos vigueses (Manuel Bárcena,...) os Salgado fundan a casa de baños “La Iniciadora” de Vilagarcía, e obtén a concesión das de San Francisco e Coia en Vigo; e axiña se converten no delegado de M. Bárcena da consignataria “Pacific Steam Navigation Company”.

No eido eléctrico, a partir de 1888 La Iniciadora de Vilagarcía contará con instalación eléctrica propia (non se sabe de que tipo), e posible que o Laureano Salgado xa tivese que ver na chegada a Caldas dos enxeñeiros Presser e Palacios que fixeron a instalación da hidroeléctrica de Segade (1899), que tiña como principal cliente potencial a proxectada azucreira de Portas (promovida polo propio Laureano Salgado)<sup>27</sup>. Como vimos, o salto de Segade foi unha das bases nas que se fundou a “Sociedad General Gallega de Electricidad” no 1900, participada como socio maioritario polo propio Salgado. Laureano tamén promoveu a fundación da “Eléctra Popular de Redondela” no 1901, e entra (aportando como como capital a súa concesión na “Ponte do Inferno”) na súa refundación viguesa do ano seguinte. Precisamente, esta participación na EPRV é a que vende no 1903 para asociarse co Marqués de Riestra e outros para formar a SA que levase adiante o proxecto do complexo balneario da Toxa. Semellante



Banquete no Pego Negro en homenaxe a Bernardo Sagasta no 1909. O terceiro pola dereita no banco de enfronte é Laureano Salgado.<sup>28</sup>

modus operandi (asociarse con banqueiro e outros empresarios para converter os seus dereitos públicos en capital, para despois vender axiña as accións), seguiu o cacique caldense no caso do salto de Almofrei (Cotobade, 1904) e a “Hulla Blanca”, e do río Patela coa “Eléctrica Cuntiense”.

## A FUNDACIÓN DO SALTO DO PEGO NEGRO

En todo este complexo panorama das orixes do sector eléctrico galego, aínda non se ten estudado a fondo o caso do Salto do Pego Negro e a chegada da “luz” ao Val de Miñor. Está clara a data da fundacional, o 1908, e que foi unha promoción directa do magnate caldense; mais para os primeiros anos, non está clara a razón social empregada por Laureano Salgado para construír e explotar o salto e o subministro eléctrico no Val de Miñor.

Tampouco temos a certeza de cales eran a potencia e as características técnicas da instalación orixinal do Salto do Pego Negro. Nun cálculo teórico xeneroso (cun caudal de 1.500 l/s e unha caída de 60 metros)<sup>29</sup>, resulta un arco de entre 560 e 780 kw. Nunha noticia do 1917, fálase de que o Pego Negro proporcionaría 1300 CV (970 kw)<sup>30</sup>. Non obstante, estas cifras semellan moi afastadas da realidade cotiá dun río cunha gran variabilidade estacional e dun servizo que sufría continuas interrupcións. En xeral, tanto na documentación que se conserva no Arquivo Municipal de Gondomar, como nalgunhas das noticias da prensa da época aparece o nome de Laureano Salgado como propietario nominal do encoro e central; pero noutras noticias antigas aparece como explotadora a Hulla Blanca<sup>31</sup> e noutras o é o polémico “Sindicato Español”<sup>32</sup> (que en orixe tiña como obxectivo a urbanización e recheo da costa de Vilagarcía de Arousa, pero tamén “denunciou” aproveitamentos hidroeléctricos). É probable que Laureano Salgado, nalgunha xestión de “enxeñería” do seu complexo empresarial, movese a concesión e central do Salto do Pego Negro como capital social entre estas e outras empresas. Nun anuncio do *Faro de Vigo* de xaneiro do 1926, José Ruibal de Pontevedra, di que compra “*Obrigas La Hulla Blanca a cargo do Salto do Pego Negro con cupón de 30 pesetas pero que o encargado de Caldas non paga nin 30 nin 25,...*”. Pouco despois, en outono do 1926, a *Hulla Blanca* e o Salto do Pego Negro son adquiridos pola refundada “Sociedad General Gallega de Electricidad” (que no 1923 fusionarase coa “Eléctra Popular de Vigo y Redondela”)<sup>33</sup>.

Na hemeroteca atopamos varias noticias de como foi o proceso da electrificación do Val de Miñor:

- En setembro do 1906 atopamos a Laureano Salgado en Gondomar “*con obxecto de estudar un salto de auga que hai no río Vilaza*”<sup>34</sup>.

- En marzo do 1907 xa tiña escollido o lugar onde facer unha “*presa de cachotería con mistura hidráulica... no sitio denominado do Coutado, na parroquia de Chaín*”<sup>35</sup>, e solicita o permiso “*para aproveitar 1.500 litros de auga por segundo do río Vilaza*”. E en xullo dese mesmo ano, solicitude e proxecto de enxeñería do “aproveitamento de auga” son aprobados pola Comisión Provincial do Estado<sup>36</sup>.

- En agosto do 1907 o que presentou o Salgado foi a solicitude de autorización e proxecto de “*liña eléctrica de alta tensión dende a fábrica situada no Pego Negro... as vilas de Gondomar, Ramallosa, Sabarís, O Burgo e Baiona que será investida en iluminación pública e particular, e en forza motriz para industrias*”<sup>37</sup>; este proxecto de liña eléctrica seralle autorizado xustamente un ano máis tarde, en agosto do 1908<sup>38</sup>.

- A finais de outubro do 1908 faise a proba de funcionamento da central<sup>39</sup>, e ás 7 da tarde do 31 de outubro inaugúrase o servizo de iluminación pública (incluída a Casa do Concello) na vila de Gondomar<sup>40</sup>. Paradoxalmente, ese serán, a celebración popular


nas rúas da vila e o banquete das autoridades na Casa do Concello foron deslucidas pola interrupción do servizo por mor dunha treboada.

## A PROBLEMÁTICA VIDA DA CENTRAL DO PEGO NEGRO

Foi este o primeiro dunha longa serie de incidentes que nos fai pensar que o Salto do Pego Negro foi mal deseñado ou dimensionado dende o inicio. Na prensa da época son frecuentes os artigos queixándose da deficiencia do servizo, sendo habituais os apagóns<sup>42</sup> e avarías<sup>43</sup>. E incluso semella que as dúas turbinas da central funcionaba de xeito descontinuo, encorando a auga de madrugada para despois empregala forza nas horas precisas, habendo incluso horas sen servizo ningún, e a posibilidade de reserva potencia para eventos determinados<sup>44</sup>.

Temos noticia que entre o 1916 e o 1922 o Salgado pretendeu ampliar o encoro (non temos certeza de se conseguiu). Atopou nisto a firme oposición dos “terratenentes, regadores e muiñeiros” de río abaixo. Xa no 1916 foran “denunciadas as obras executadas por Laureano Salgado, no punto do Pego Negro no río Vilaza”<sup>45</sup>. En outubro do 1918, un total de 68 veciños das parroquias de Vilaza, Chaín, Gondomar e Mañufe presentan instancia no Concello de Gondomar contra a “solicitud de autorización presentada por D. Laureano Salgado para elevar a presa de Pego Negro”. Debía pretender Salgado co peralte da presa, aumentalo volume do encoro para practicar aquelas soltas que permitían aumentala potencia do subministro eléctrico puntualmente<sup>46</sup>.

Para completar esta escena de desencontro entre muiñeiros e Laureano Salgado, hai que ter en conta, que precisamente nesa xeira o magnate caldense estaba propagan-



Praza da Vila de Gondomar nun festexo escolar no ano 1909. Non se aprecian luminarias na praza, pero si un tendido de arame procedente da estrada de Vincios cara a Casa do Concello.<sup>41</sup>


do polos seus medios (A revista “Fray Prudencio”) e outros afíns (“Vida Gallega”,...) a introdución de novos enxeños eléctricos como cociñas<sup>47</sup> e muíños eléctricos<sup>48</sup> que el mesmo comercializaba.

Cara a 1924 o Salgado tentou unha segunda vía para aumentar a potencia do salto do Pego Negro. O “plausible proxecto de intensificar a explotación” consistiu na construción dunha nova canle de derivación totalmente subterránea<sup>49</sup>. Esta custosísima obra que nunca foi rematada quizais procuraría aumentar o caudal derivado á central, ou quizais manter mellor a cota e mellorar o sistema da cámara de carga e da tubaxe de caída<sup>50</sup>.

No momento fundacional do Pego Negro a súa rede de distribución era moi reducida. O tendido do 1907, que seguía as estradas principais, apenas abranguía unicamente os núcleos de “...Gondomar, Ramallosa, Sabarís, O Burgo e Baiona”<sup>52</sup>, deixando fóra a maioría da poboación dun Val escasamente industrializado e cun hábitat agrícola e disperso.

Semella evidente que a lóxica desta rede estaba subordinada á iluminación pública e que subsidiaria e paseniñamente chegaría a certos particulares privilexiados económica e xeograficamente; pequenos comerciantes, profesionais e industriais como os “D. Manuel Núñez Méndez, D. Benito Amoedo Estévez, casados, comerciantes, e propietarios; D. Luis Peralba Fontanes, solteiro, delineante, veciños da vila de Gondomar, e D. José María da Silva Costas, casado carpinteiro e muíneiro, veciño de Vilaza”, que atopamos no 1921 queixándose e reclamando indemnizacións polas interrupcións do servizo durante o conflito pola ampliación do encoro<sup>53</sup>.

Aínda así, nunha data tan tardía coma o ano 1925, na prensa local iniciábase unha campaña para facer presión a “Don Manuel Toubes, administrador da central Eléctrica



A presa do Pego Negro no 1924. Semella que as dúas últimas fiadas son novas; nótese a discontinuidade da derradeira fiada e os dous perpiaños ciscados: como se o proxecto de obras se interrompese abruptamente.<sup>51</sup>




de Pego Negro...” para que notase “...o necesario que se lle fai o ter iluminada a parte que corresponde á metade das Avenidas de Julian Valverde, cara á ponte da Ramallosa”<sup>54</sup>; isto é, nin sequera daquela, a arteria principal do puxante núcleo de Sabarís estaba correctamente electrificada.

Tres anos mais tarde, no 1928, varios xornais (nomeadamente El Pueblo Gallego) inician outra campaña<sup>55</sup> queixándose dunha anómala e cara tarifa: “Gondomar, Ramallosa, Sabarís e Baiona, é dicir, todas as vilas que recibían o fluído da central do Pego Negro “gozan” dun raro privilexio...o kilowatio a oitenta e sete céntimos e un consumo mínimo de 6 kilowatios por contador e mes...En Vigo, Redondela e O Porriño a luz é a setenta e cinco céntimos”<sup>56</sup>. Por esta campaña xornalística tamén sabemos que “O señor Salgado mantivo o prezo de 75 céntimos (kw) dende o establecemento da liña durante dezasete anos,... e só obrigado polas circunstancias elevou o prezo da corrente nos últimos da súa posesión”, e que, para maior agravio daquelas localidades, na “zona norte do Val” a distribuidora era “a casa Valverde, de Vigo”, que lle mercaba a potencia a SGGE e a revendía a 80 céntimos o Kw a particulares<sup>57</sup>.

## A OUTRA VIDA DO PEGO NEGRO

A pesar destas deficiencias e conflitos, a pequena hidroeléctrica de Gondomar tivo unha gran sona no seu tempo por motivos alleos ao netamente industrial.

Laureano Salgado fixo dela un uso propagandístico para fortalecer a súa influencia no Val de Miñor, celebrando nela excursións<sup>58</sup>, mariscadas<sup>59</sup> e banquetes<sup>60</sup> nas



Grupo de “prebostes” enriba da presa do Pego Negro en 1924. Á esquerda, sentado co neno, Laureano Salgado; amais atopamos a Gil de Arévalo (delegado do goberno) e Martín Echegaray (Cía. de Tranvías).

que participaban os prebostes da súa rede caciquil como Bernardo Sagasta (diputado), Ángel Urzáiz (diputado e senador), Ramiro Pascual (enxeñeiro), Leopoldo Eijo Garay (futuro bispo de Madrid), Antonio Palacios (arquitecto), Manuel Losada (da Cía. de Tranvías)... Moitos destes (comezando polo arquitecto e o propio Salgado) estiveron tamén involucrados na realización do monumento da Virxe da Rocha (ou tamén “Virxe da Luz”) en Baiona, que incorporaría como atributo unha luz eléctrica alimentada polo Pego Negro<sup>61</sup>.

Amais, fose por efecto mediático destas reunións do círculo político de Salgado, ou polas vontades do “poético” lugar, o encoro do Pego Negro converteuse nun pequeno reclamo turístico do Val de Miñor que foi visitado dende os anos da Belle Époque ata ben avanzado o franquismo tanto por universitarios<sup>62</sup>, como por grupos de turistas espontáneos<sup>63</sup> ou organizados<sup>64</sup>, ou incluso as primeiras asociacións do montañismo galego, como “Centro de Excursionistas de Galicia”<sup>65</sup> entre elas “Montañeiros Celtas”<sup>66</sup>.

Nos seus últimos anos de vida, Laureano Salgado, que tiña residencia en Baiona, adicouse a promocionar o Val de Miñor como destino turístico de diverso xeito. Cara ao ano 1924, anunciaba polos seus medios habituais o descubrimento ao pé da presa dunha fonte de “*augas bicarbonatadas ferrosas arsenicais*”, que o Salgado e o indiano Manuel Losada barallaron explotar<sup>67</sup>.

## O FIN DA VIDA INDUSTRIAL NO PEGO NEGRO, O SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A VIGO.

A historia da central hidroeléctrica do Pego Negro mudou drasticamente cara a 1927. En xaneiro do 1927 unha comisión do Concello de Vigo (que acababa de municipalizar a “S.A. para el Abastecimiento de Aguas a Vigo”) visitou o Pego Negro interesada en estudar o aproveitamento da concesión de Laureano Salgado, non para electricidade, senón para abastecemento dunha cidade que medraba apresuradamente e padecía cíclicas secas estivais<sup>68</sup>.

En xuño do 1927 o pleno do Concello de Vigo decide “*adquirir por 500.000 pesetas o salto do Pego Negro*”<sup>69</sup>, mediante o pago a L. Salgado de “*obligacións do empréstito municipal*”<sup>70</sup>. Esta decisión volveu atopar a resistencia dos labregos que aproveitaban as augas do río para os seus cultivos. Primeiramente os veciños da parroquia de Zamáns<sup>71</sup> percorreron as redaccións dos xornais de Vigo coa súa protesta. Seguidamente, veciños do mesmo Zamáns xunto cos de Vilaza, Mañufe, Gondomar e da Ramallosa, constituíuse nunha comisión permanente para que “*O Val non se quedase sen augas...(e) defender o noso dereito á vida...*”, e evitar “*o amargo pan da emigración*”, xa que “*dentro de pouco o que hoxe é fértil val, devirá en deserto*”<sup>72</sup>. Esta comisión veciñal conseguiu o apoio do Concello de Gondomar nun pleno extraordinario, no que tamén se decidiu interpelar os concellos de Nigrán e Lavadores. Semella que finalmente o Concello de Vigo, ante a presión popular, decidiu “*indemnizar os agricultores que resulten prexudicados por pasar os seus terreos de rego a sequeiro..., aínda que sexa por humanidade*”<sup>73</sup>.

Este aproveitamento non se fixo directamente da presa do Pego Negro, senón que estudos iniciais proxectaban a captación dos 60 l/s precisos de diversos “*mananciais*”



#### El salto de Pego Negro.

*Es el último que domó el génio industrial de D. Laureano Salgado. Nadie creía en él. Las aguas parecían tener casi el mismo nivel donde el famoso creador de centrales eléctricas vió la posibilidad de precipitarlas sobre las turbinas.*

*—Al lado de la gran presa de PEGO NEGRO —remanso adorable, lleno de sombra y de paz; el sueño de redención de un día ardiente de verano—están las aguas medicinales que D. Laureano creía la mejor panacea.*

*Ellas o su fé le devolvían la salud en los casos*

*más apurados. Pero que no se lo cuenten a los portugueses, que no pódían beberlas. ¡porque les abrían demasiado el apetito!*

*Muchos políticos parecen haber pasado por el milagroso manantial de D. Laureano!*

Laudo funerario aparecido trala morte de Laureano Salgado no *Vida Gallega* do 30-05-1930. O poeta da redacción, entre todas as obras de Salgado, escolleu o encoro do Pego Negro como referencia bucólica.

non estaría en funcionamento ou cando menos era intrascendente para o subministro eléctrico do Val de Miñor. Efectivamente, semella que cara a 1917, a rede local do Val de Miñor foi conectada á guesa. E definitivamente, no 1931

*“Por non terse construído as obras correspondentes, instrúese expediente de caducidade da concesión outorgada á Laureano Salgado para o aproveitamento de 1.500 litros por segundo do río Vilaza, no sitio do Pego Negro...”<sup>78</sup>.*

da conca de Vilaza”<sup>74</sup> (noutra noticia fálase de 110 l/s<sup>75</sup>). Non temos certeza de cando e como se acometeron estas captacións: en 1927 prevíase telas en funcionamento no 1929; e no 1929 adiábase a entrada en funcionamento para o 1931, xa no 1935 atopamos a noticia da adxudicación do “aumento de caudal da Traída polas obras do Pego Negro”. O que si atopamos aínda hoxe en día 4 kilómetros río arriba do Pego Negro é unha presa e levada do río Zamáns no lugar da Pasaxe, feito na inmediata posguerra e que serviu á traída de Vigo ata que no 1960 se construíu o encoro de Zamáns<sup>76</sup>.

Máis tarde, no ano 1949, durante outro episodio da “*pertinaz sequía*”, o Concello de Gondomar “*dado o problema de rego das propiedades dos levadores das augas do Pego Negro dende que o Concello de Vigo as expropiou*”, solicita ao de Vigo a “*cesión en venta do encoro do Pego Negro...por termo de vinte anos prorrogables*”, cousa que consegue no 1950 mediante o pago dun canon anual de mil pesetas. Así pois, todo parece indicar que a presa, caseta e levada que se atopan actualmente (e funcionan) no lugar de Barreiro, foron construídas nesa xeira sobre a ruína do antigo edificio da central<sup>77</sup>.

Por outra banda, no referente ao subministro eléctrico do Val de Miñor, dada a celeridade con que o Salgado se desfixo da central no 1927, cabe pensar que xa daquela

## OS RESTOS MATERIAIS

As instalacións do Salto do Pego Negro atópanse no treito medio do río Vilaza (tamén chamado de Zamáns ou Amial), xustamente no lugar en que o curso descende dende a conca alta que conforma ao norte da Serra do Galiñeiro coas ladeiras sur da serra que hai entre os montes Cepudo, Calvo e Castelo, ata as agras e veigas da parroquia de Vilaza, antes de confluír co Miñor na vila de Gondomar.

Precisamente “pego” é un topónimo fluvial (R.A.G.: *Pozo ou lugar profundo nun río*), que sinala a forza que toma o río neste treito, no que en apenas uns 700-800 m de lonxitude, descende abruptamente uns 60 m de desnivel entre rápidos e pequenas fervezas.

A represa de captación atópase no lugar propiamente dito de Pego Negro, no límite mesmo da parroquia de Vincios, nunha cota de entre 120 e 130 metros sobre o nivel do mar, e doadamente accesible dende un antigo ramal entre as estradas PO-331 e PO-332.

- A represa é de tipo arco-gravidade, isto é: un muro de planta de arco e sección trapezoidal (sensiblemente máis ancho na base que na coroa), no que a cara maior (ou extradorso) é vertical, e o menor (ou intradorso) é un talude duns 60° de inclinación. A lonxitude do arco na coroa é de 24 metros, e a altura máxima é duns 5,5-6 metros. A orientación do muro é practicamente a do eixo N- S. A fábrica da represa aparece denominada na época como de “*cachotería con mistura hidráulica*”; máis exactamente, o muro está composto de dúas paredes de grandes cachotes granito con tres caras traballadas, e un núcleo de formigón con grandes áridos que efectivamente semella argamasada con cemento hidráulico. A altura das fiadas é de 50 cm, mentres a lonxitude dos cachotes é variable. Faría falla somerxerse no río Vilaza para comprobar a feitura e profundidade da base da presa.



Estado actual da presa do Pego Negro.



A coroa da presa ten en realidade dous niveis, xa que a 11ª fiada ten dúas discontinuidades: así no terzo occidental falta por completo a fiada, mentres que no terzo oriental hai un aliviadoiro dun metro de amplitude. A ausencia da 11ª fiada no sector occidental é enigmática, xa que habilita un amplísimo aliviadoiro de 9 m que fai inútil o outro aliviadoiro de 1 m; nas fotos do ano 1924 xa aparece esta composición; quizais sexa este o resto material do conflito vivido poucos anos antes pola “*elevación da presa de Pego Negro*”. A represa ten na coroa 1,1 m de fondo, e na 10ª fiada 1,2 m; o que, aproximadamente nos daría na súa base un fondo de 2 metros.

- A toma da auga ao estribo esquerdo (ou meridional) da represa está moi alterado polo depósito continuado de lixos e entullos verquidos ilegalmente dende a antiga estrada de Camos-Vincios; pero o lóxico é pensar que a toma da auga atopábase dese lado (e probablemente siga alí, soterrada).



Arriba imaxe aérea, abaixo hipsometría. Cunha “)” marcamos o lugar da presa; en trazo de liñas e puntos, o posible primeiro treito da canle xa desaparecida baixo a estrada; en liña de puntos un probable treito final da canle e da tubaxe de caída; cun “C” a ubicación da central; e con liña azul a presa do rego moderno.



- Dun xeito semellante, tamén nos foi imposible recoñecer a primixenia canle de derivación que foi alterada e/ou soterrada en varios puntos polo ensanche da estrada Gondomar- Porriño que fai o mesmo percorrido a unha cota inmediatamente superior. Á vista das imaxes hipsométricas, no treito final parece intuírse unha gabia que diverxe do percorrido da estrada cara ao edificio da central. Dado o desnivel do terreo e a frondosa vexetación deste lugar, a nós foinos imposible recoñecer esta gabia e atopar a canle e os restos da cámara de carga da que falan os veciños máis maiores do lugar<sup>79</sup>. As expresións destes anciáns sobre a feitura da cámara de carga (falan en plural, “*posos de pedra...que tiña así por fóra un bordillo de pedra*”), concordan coa hipótese dunha tubaxe dobre en correspondencia coas dúas turbinas que tiña a central.

- Á parte, do “*plausible proxecto de instesificala explotación*»<sup>80</sup> acometido cara ao ano 1924 por Salgado, persisten os restos dunha segunda canle de derivación soterrada inconclusa: un impresionante túnel feito na rocha a pico e barreno de 0,75-1,25 m de ancho e 2-3 m de alto, do que aínda se conserva un treito de 147 metros (nunca se rematou, e a parte final del foi destruído polo recente ensanche da estrada PO-331).


- Do edificio da central apenas se conservan os restos dalgúns elementos, altamente erosionados e cubertos pola vexetación. A ausencia de grandes pezas de entullo no contorno fan pensar que a ruína do edificio non foi por efectos naturais, senón dunha demolición programada. Non obstante, os restos permítennos aventurar unha hipótese das dimensións e características da central.

Os principais restos son un gran aterramento duns 18 x 9 metros sobre a beira do río (ao norte), e un potente desmonte duns 8x2,5 m na ladeira (ao sur) que compoñen unha parcela en forma de “L” duns 180 m dividida en dous niveis.

O edificio (ou cando menos o seu volume principal) ocuparía o sector leste da parcela cunha dimensións máximas de 11,5 x 11 m, mentres que no extremo oeste habería



Vista dende o extremo norte de presa. Apréciase a composición da cantería.



Túnel da canle de derivación inconclusa.<sup>81</sup>

un gran eirado aberto ao camiño de acceso. Do volume principal consérvanse partes do muro oeste e sur (feitos de cachotería irregular formigonada); o gran muro sur, de 5 metros de ancho, remata nun pinche, do cal se intúe unha nave principal a dúas augas perpendicular ao río. A 6,6 metros baixo o pinche, entre os restos de dous machóns, atopamos un primeiro nivel, que conforma un cuarto de 5 x 2,5 m, elevado uns 1,4 m sobre o nivel principal (quizais a “oficina”). Neste nivel principal, ao leste desta hipotética nave, é onde atopamos unha peza de cantería con pernos sobre o que estaría unha das turbinas, e uns 2 m ao norte, sobre a placa de formigón da canle de descarga, os restos moi deteriorados dunha boca de tubaxe férrica sobre a que estaría



Vista do impresionante muro de contención da central. En 1º termo, a caseta da captación de rego moderna.



Vista do zócolo da central, á esquerda a saída da canle de descarga.



Interior da canle de descarga. En 1º termo a tubaxe metálica de descarga dunha das turbinas.



Peza de cantería, co seu oco de descarga, sobre a que se asentaba unha das turbinas da central.





Á esquerda, o antigo piso da central e as pezas de cantería das turbinas; polo medio unha gabia aberta posteriormente; atrás a caseta do rego moderno (co piso máis baixo que a central); á dereita o nivel superior da antiga central e o muro de contención; ao fondo o curso do río Vilaza.

a segunda turbina; imaxinamos pois unha segunda nave (a “sala de máquinas”) duns 3,2 m de ancho. Os restos do pavimento de lousa hidráulica decorada que se atopan no nivel principal da hipotética nave principal, continúa cara ao oeste, máis aló do machón occidental, cabendo a posibilidade de que deste lado occidental houbera outra nave de lonxitude menor (ou quizais un atrio, cuberto ou simple terraza) e duns 2 ou 3 metros de ancho. No extremo norte non se conservan ningún machón, piar ou muro de carga, co cal é imposible aventurar as lonxitudes destas supostas naves.

O outro grande elemento conservado é o muro de contención do zócolo. Feito en cantería diversa (máis regular no sector leste que no oeste), ten unha altura duns 3 metros sobre a beira/leito do río, e ten 18 metros de longo no lado norte.

- A canle de descarga. Dentro do zócolo, entre muros de cantería regular, ábrese unha canle de 1,75 metros de ancho e 6,5 metros de fondo; sobre a que nos 2-3 primeiros metros quedan os restos dunha placa de formigón con vigas de aceiro.

#### NOTAS

- 1 Manuel Moreira posuía xa dous muíños fariñeiros no lugar (hoxe coñecido como “O Guadarrama”), e nos anos 1920-21 presentou proxecto de ampliación do serradoiro. Expte. “Aproveitamento de augas do río Vilaza, ao seu paso por Santa María de Vilaza, para uso de serradoiro”, no fondo “Augas de Galicia” no Arquivo de Galicia.

- 2 Este punto foi redactado con informacións de múltiples fontes. Dada a complexidade da materia, onde inventos e iniciativas acalábanse unhas nas outras ao longo do mundo, non é posible unha delimitación precisa das fitos (datos, protagonistas, lugares, categorías...); así por exemplo, a categoría “comercial” entendémola como “distribución a múltiples clientes domésticos”
- 3 En realidade en Barcelona houbo unha experiencia previa, no 1875 Tomás Dalmau e Narcís Xifra instalaron unha pequena central térmica na Rambla de Canaletas. NÚÑEZ ROMERO BÁLMAS, GREGORIO. “Empresas de produción y distribución de electricidade en España (1878-1953)”, en Revista de historia industrial, nº 7, 1995.
- 4 CARMONA BADIA, XOÁN. La Sociedad General Gallega de Electricidad y la formación del sistema eléctrico gallego (1900-1955). Sabadell: Fundación Gas Natural Fenosa. 2016.
- 5 Pinacoteca de la Real Sociedad Económica de Amigos del Pais de la Ciudad de Santiago.
- 6 FACAL RODRÍGUEZ, Mª JESÚS e CARMONA BADIA, XOÁN. “José Riestra López, marqués de Riestra”, en Empresarios de Galicia, volume II (coord. Carmona Badía, Xoán). A Coruña: CIEF. 2009.
- 7 MARTÍNEZ LÓPEZ, ALBERTE. “La electrificación de la periferia: Galicia, 1883-1935”, en La electricidad y el territorio. Historia y futuro. Barcelona: ed.Universidad de Barcelona. 2017.
- 8 MIRÁS ARAUJO, JESÚS E MARTÍNEZ LÓPEZ, ALBERTE. “La transición energética en las ciudades de Galicia. Del gas a la electricidad, 1850-1936”. Conferencia en Simposio Internacional: Globalización, innovación y construcción de redes técnicas urbanas en América y Europa, 1890-1930. Universidade de Barcelona. 2012.
- 9 Ficha 486 “Salto de Vilolle” do Inventario da “Asociación Galega do Patrimonio Industrial Buxa”, [www.asociacionbuxa.com](http://www.asociacionbuxa.com). Consultado o 27-XI-2019.
- 10 CARMONA BADIA, XOÁN. “Una pequeña empresa se hace grande, la Sociedad General Gallega de Electricidad y los orígenes de FENOSA”, en Revista de Historia Industrial, nº 58. 2015.
- 11 MARTÍNEZ LÓPEZ, ALBERTE. 2017.
- 12 MARTÍNEZ LÓPEZ, ALBERTE (dir); MIRÁS ARAUJO, JESÚS e LINDOSO TATO, ELVIRA. La industria del Gas en Galicia: del alumbrado por gas al siglo XXI (1850-2005). Barcelona: ed. Fundación Gas Natural. 2009.
- 13 ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, XOSÉ Mª. “Vigo no século XIX”, en Vigo en su historia. (Álvarez Blázquez, Xosé Mª e Cunqueiro, Álvaro; coord). Vigo: de. Caja de Ahorros Municipal de Vigo. 1979.
- 14 Ficha 270 “Carburos Laforet” do Inventario da “Asociación Galega do Patrimonio Industrial Buxa”, [www.asociacionbuxa.com](http://www.asociacionbuxa.com). Consultado o 27-XI-2019.
- 15 CARMONA BADIA, XOÁN. 2016.
- 16 SOTELO, RAÚL. “Laureano Salgado”, en Empresarios de Galicia, volume II (coord. Carmona Badía, Xoán). A Coruña: CIEF. 2009.
- 17 Ficha 006, “Salto de Aranza” do “Catálogo do Patrimonio Industrial da Ría de Vigo”, [www.vigoindustrial.com](http://www.vigoindustrial.com). Consultado o 28-XI-2019.
- 18 Recorte do anuncio do construtor (“Granja, Lago & Cía”), no Catálogo de Vigo editado por PPKO no 1923.
- 19 FACAL RODRÍGUEZ, Mª JESÚS. “Olimpio Pérez Rodríguez”, en Empresarios de Galicia, (coord. Carmona Badía, Xoán). A Coruña: CIEF. 2006.



- 20 ABREU SERNÁNDEZ, L. FERNANDA. Iniciativas Empresariales en Vigo entre 1866 y 1940. Vigo: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo. 2002
- 21 REDACCIÓN. “La electra popular”, no Faro de Vigo do 1-11-1902.
- 22 MARTÍNEZ LÓPEZ, ALBERTE (dir); MIRÁS ARAUJO, JESÚS e LINDOSO TATO, ELVIRA. 2009.
- 23 ABREU SERNÁNDEZ, L. FERNANDA. 2002
- 24 Recorte do anuncio da EPRV, no Catálogo de Vigo editado por PPKO no 1923.
- 25 Ficha 531 “Eléctrica Los Molinos” do Inventario da “Asociación Galega do Patrimonio Industrial Buxa”, [www.asociacionbuxa.com](http://www.asociacionbuxa.com). Consultado o 27-XI-2019
- 26 SOTELO, RAÚL. 2009.
- 27 CARMONA BADIA, XOÁN. 2016.
- 28 Foto Gil, aparecida no Vida Gallega nº 11, de novembro do 1909.
- 29 Cálculo de elaboración propia en base a un desnivel de 60 metros e os valores extremos de perdas.  $Kw = \text{densidade (1 kg/m}^3) \times 9,81 \times \text{rendemento turbina (entre 0,75 e 0,94)} \times \text{rendemento xerador (0,92/0,97)} \times \text{rendemento acoplamento turbina-alternador (0,92/0,99)} \times \text{caudal (1,5 m}^3/\text{s)} \times \text{desnivel (60 m)}$
- 30 REDACCIÓN. “Los planes del Padre Prior”, no Vida Gallega do 15-10-1917.
- 31 REDACCIÓN. “Ampliación de una central eléctrica”, na revista Electrón do 10-05-1910.
- 32 SALGADO, LAUREANO. “La opinión en Villagarcía y el Sindicato Español” na Gaceta de Galicia do 02-09-1907.
- 33 CARMONA BADIA, XOÁN. 2015.
- 34 REDACCIÓN. “Industria Gallega” no Noticiero de Vigo do 15-09-1906.
- 35 REDACCIÓN. “Vigo y la provincia”, no Faro de Vigo do 15-03-1907.
- 36 REDACCIÓN. “Comisión provincial”, no Diario de Pontevedra do 24-07-1907.
- 37 REDACCIÓN. “Miscelánea provincial”, na Correspondencia Gallega do 24-08-1907.
- 38 REDACCIÓN. “Comisión provincial”, no Diario de Pontevedra do 22-08-1908.
- 39 REDACCIÓN. “Vigo y la provincia”, no Faro de Vigo do 29-10-1908.
- 40 REDACCIÓN. “Gondomar”, no Faro de Vigo do 01-11-1908.
- 41 Foto Gil, aparecida no Vida Gallega nº 11, de novembro do 1909.
- 42 REDACCIÓN. “Baiyona”, en El Pueblo Gallego do 08-08-1922.
- 43 REDACCIÓN. “Bayona”, no Faro de Vigo do 01-02-1924.
- 44 REDACCIÓN. “Santa Cristina de Ramallosa”, no Noticiero de Vigo do 02-09-1911.
- 45 REDACCIÓN. “Obras públicas”, no Faro de Vigo do 06-10-1916.
- 46 Expediente 206/18 “Sobre el peralte de la presa de Pegonegro y embalse de sus aguas”, no Arquivo Municipal de Gondomar.
- 47 REDACCIÓN. “La Hulla Blanca por Galicia”, no Vida Gallega nº 46 do 20-10-1913.
- 48 REDACCIÓN. “Una visita al Padre Prior”, no Vida Gallega nº 94 do 15-10-1917.
- 49 ARTEMIO. “En el convento de San Patrick”, en El Pueblo Gallego do 04-04-1924
- 50 GARCÍA GARCÍA, MIGUEL e COSTAS GOBERNA, JOSÉ BERNARDINO. “Cavidades artificiais”, en As Covas de Vincios (VV. AA.). Vigo: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vincios. 2005
- 51 Foto Solá, aparecida no Vida Gallega nº 244, do 20-02-1924. As persoas sinalan o punto do manancial medicinal do que falaremos máis adiante.
- 52 REDACCIÓN. “Miscelánea provincial”, na Correspondencia Gallega do 24-08-1907.
- 53 Expediente 206/18 “Sobre el peralte de la presa de Pegonegro y embalse de sus aguas”, no Arquivo Municipal de Gondomar.

- 54 REDACCIÓN. “Santa Cristina da Ramallosa”, en El Pueblo Gallego do 23-06-1925.
- 55 REDACCIÓN. “Del Valle Miñor”, en El Pueblo Gallego do 16-12-1928.
- 56 REDACCIÓN. “Del Valle Miñor”, en El Pueblo Gallego do 25-11-1928.
- 57 REDACCIÓN. “Valle Miñor”, en El Heraldo Gallego do 18-11-1928.
- 58 REDACCIÓN. “Excursión a Pego Negro”, no Faro de Vigo do 08-09-1909.
- 59 EL DUENDE DE LOS VIAJES. “Una comida marisqueira”, no Vida Gallega do 15-10-1917.
- 60 REDACCIÓN, “Banquete a D. Bernardo Sagasta” no Vida Gallega nº 11, de novembro do 1909.
- 61 IGLESIAS VEIGA, XOSÉ RAMON. “A Virxe da Rocha: un singular proxecto de Antonio Palacios” na Revista de Estudos Miñoráns nº 2. Gondomar: Ed. IEM. 2002.
- 62 REDACCIÓN. “La Escuela Industrial”, en El Pueblo Gallego do 05-03-1926.
- 63 REDACCIÓN. “Ramallosa”, en El Pueblo Gallego do 09-03-1926.
- 64 ANUNCIO. “Viajes Marsáns”, en El Pueblo Gallego do 19-02-1927.
- 65 REDACCIÓN. “Excursiones”, en El Pueblo Gallego do 27-03-1936.
- 66 REDACCIÓN. “Club Montañeros Celtas”, en El Pueblo Gallego do 18-02-1953.
- 67 REDACCIÓN. “Apuntes noticieros”, en Diario de Pontevedra do 09-05-1928.
- 68 REDACCIÓN. “Vigo”, en El Correo de Galicia do 07-01-1927.
- 69 REDACCIÓN. “Galicia”, en El Eco de Santiago do 14-06-1927.
- 70 REDACCIÓN. “Apuntes noticieros”, en Diario de Pontevedra do 25-07-1927.
- 71 REDACCIÓN. “De Vigo”, en La Voz de Galicia do 29-06-1927.
- 72 REDACCIÓN. “Gondomar”, en El Pueblo Gallego do 03-07-1927.
- 73 REDACCIÓN. “Vigo”, en El Correo de Galicia do 31-07-1927.
- 74 REDACCIÓN. “Actualidades viguesas”, en El Pueblo Gallego do 08-06-1929.
- 75 REDACCIÓN. “Ayer en el Ayuntamiento”, en El Pueblo Gallego do 28-08-1929.
- 76 No Arquivo de Galicia atópanse 8 expedientes de entre 1927 e 1949 (á parte do de 1960 de construción do encoro de Zamáns) con diferentes proxectos de captación de augas dos regatos de cabeceira, así como do propio río Vilaza/Zamáns. Non foi posible por agora adicarnos a discernir como, cando e cales destes proxectos foron executados.
- 77 Expediente 206/20 “Utilización de la presa de Pegonegro para embalse de aguas y su destino a fertilizar tierras”, no Arquivo Municipal de Gondomar.
- 78 REDACCIÓN. “Pontevedra al día”, en El Pueblo Gallego do 16-12-1931.
- 79 GARCÍA GARCÍA, MIGUEL e COSTAS GOBERNA, JOSÉ BERNARDINO. 2005
- 80 ARTEMIO. “En el convento de San Patrick”, en El Pueblo Gallego do 04-04-1924
- 81 Foto do Clube Espeleolóxico Maúxo. Do libro GARCÍA GARCÍA, MIGUEL e COSTAS GOBERNA, JOSÉ BERNARDINO. “Cavidades artificiais”, en As Covas de Vincios (VV. AA.). Vigo: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vincios. 2005



## ***Baiona vs. Sabarís. Centralismo ou autonomía durante o Directorio de Primo de Rivera***

---

**JOSÉ LUÍS MOSQUERA VELEIRO**

### **RESUMO**

*As aspiracións de autogoberno de Sabarís chocaron coas posicións centralistas defendidas pola maioría de concelleiros do goberno local de Baiona. O respaldo dos veciños, o apoio do clero, das elites parroquiais e do Estatuto Municipal fixo posible a constitución efémera dunha Entidade Local. O fin da Ditadura de Primo de Rivera significou, tamén, a desaparición desa institución.*

### **ABSTRACT**

*Sabarís' hopes of self-government were frontally confronted with centralist positions defended by most town councillors in Baiona. Nevertheless, the support shown by neighbours, the clergy and mandates of the town gave way to the constitution of a Local Entity whose life-span was quite short. The institution disappeared at the same time that Primo de Rivera's dictatorship ended.*

O Estatuto Municipal de 1924 ía proclamar o carácter comunitario non só do concello senón das “entidades menores o fracciones de municipio”<sup>1</sup> en coherencia coa súa declaración do máximo respecto e acercamento á realidade social do país. Ao amparo, polo tanto, da mencionada normativa e, pese á desconfianza que esa proposta suscitaba en Baiona, unha comisión de veciños da parroquia de Santa Cristina de Sabarís percorreu a localidade recollendo sinaturas para a constitución dunha Entidade Local.

Os desexos de autonomía deste lugar viñan de antigo. A comezos do século, veciños de Sabarís sopesaron iniciar os trámites para a súa anexión ao concello de Nigrán debido ás inxustizas que se levaban a cabo coa parroquia a conta do reparto do imposto de consumos. O motivo concreto das súas queixas tiña que ver co trato recibido por Baiona á hora de compartir as cargas impositivas, a cal era cualificada como:

*“...especie de ínsula donde cuenta (el alcalde), y con razón, sus más fervientes partidarios, en perjuicio de las demás, sobre todo de la de Santa Cristina (Sabarís) que es la que carga con el peso del gravamen aliviando a aquella”.*<sup>2</sup>

Algúns observadores xa percibían antagonismos e rivalidades entre Sabarís e Baiona cando facían referencia á existencia de certos resentimentos, entre os habitantes de ámbalas dúas localidades. Nese sentido, Ulpiano Nogueira, avogado e ilustre veciño de Sabarís, responsabiliza a capital do concello de pretender asfixiar a súa parroquia pois:

*“...no concibe Bayona, el que Sabarís pueda disfrutar libremente de una vida más activa, menos reconcentrada y más en relación con los progresos de la moderna civilización. Bayona quisiera absorberlo todo, acapararlo, si posible fuera, a costa de su hermana Sabarís”.*<sup>3</sup>

Pasados os anos, a situación continuaba igual: os impostos recadados por parte do Concello non eran proporcionais aos investimentos públicos realizados en Sabarís, ao que se unía o feito de que moitos veciños non necesitaban de Baiona para afrontar a súa vida cotiá. A única razón para desprazarse a ela era acudir á oficina recadadora para pagar os impostos ou comparecer ante os Xulgados cando eran requiridos.

Coa chegada do Directorio, as autoridades militares constataron as rivalidades existentes entre as dúas localidades. Así, na toma de pose-



José del Río. El Tea, 4 de abril de 1925.



sión do alcalde, Manuel Barreiro Álvarez (febreiro de 1924), o delegado governativo do P. Xudicial de Vigo, Tte. Coronel Gil de Arévalo pediu o abandono das paixóns locais e que “no haya de ahora en adelante ni Sabarís ni Baiona, sino el concertado esfuerzo de los unos y los otros”.<sup>4</sup>

A proposta de creación dunha Entidade Local por parte das elites parroquiais de Santa Cristina-Sabarís chegaba no momento oportuno, xa que se ían dar tres circunstancias que van posibilitar o éxito da súa reivindicación. Por un lado, a escusa legal que lle ofrecía o propio Estatuto Municipal; por outro, a uniformidade de criterios entre os notables da parroquia en favor da emancipación e o importante apoio do clero, que vai utilizar o púlpito para mobilizar os fieis en favor da proposta; e por último, pero non por iso menos importante, o apoio da autoridade militar debido á defensa do proxecto que vai levar a cabo diante do Goberno Civil o comandante e veciño desa parroquia José del Río, o cal ocupaba neses momentos postos de responsabilidade dentro do Directorio.

A solicitude dunha Entidade Local avalada por maioría veciñal foi presentada ao delegado governativo e ao Concello. O 7 de xaneiro do novo ano, a Corporación baionesa analizou o escrito presentado e acordou expoñelo ao público na Casa Consistorial, no Xulgado, na igrexa de Santa Cristina de Sabarís e lugares concorrentes.

Non existindo reclamacións, a Baiona non lle quedou máis remedio que dar o visto bo á solicitude coa contrariedade do alcalde e dalgúns concelleiros, entre eles Ignacio Cordero que se ausentou antes de recoñecer a Santa Cristina de Sabarís como Entidade Local: “veo con desagrado el acto realizado por los vecinos de Sabarís por entender que ello quebranta la armonía que debe existir entre todas las parroquias”.<sup>5</sup>

A decisión de Sabarís non lle sentou nada ben ás elites da vila, que polemizaron a través da prensa cos segregacionistas. Así, o *Faro de Vigo* mostrouse comprensivo coa petición, xa que, se por un lado lamentaba a escisión parroquial, por outro comprendía os beneficios que Sabarís aspiraba a conseguir coa súa autonomía<sup>6</sup>. Pola súa parte *La Voz del Miñor*, propiedade do Bispado de Tui, presentábase como o voceiro e defensor dos partidarios da Entidade Local. Non en van, o seu director José Gómez Alonso, párroco de Santa Cristina, era un dos abandeirados da emancipación. Por iso, nos seus artigos destacaba as bondades da nova administración parroquial e ridiculizaba a posición obstrucionista de Baiona:

*“Pobre Baiona, que sola te vas a quedar, abandonada por todos. Muerto El-duayen se acabó tu poderío y los pueblos, al igual que las personas, aspiran a su progreso, a sacudir yugos opresores, y declarase autónomos (...). Gracias al Directorio Militar (...) no será por más tiempo esclava del poblado capital del Ayuntamiento”.*<sup>7</sup>

Na quenda de réplica os *unionistas* argumentaban que a Entidade non contaba coa unanimidade dos veciños de Sabarís, que corrían o risco de cometer un desatino por “ser impetuosos e irreflexivos y que, llenos de cólera, quieren llevar a la parroquia a la ruina” e, en cambio, facían un eloxio dos ilustres veciños desa localidade, os cales, ao contrario que os *exaltados* de agora, deran un exemplo como integradores e defensores da unidade territorial<sup>8</sup>. A réplica dos autonomistas reprochaba a Baiona que fose o concello de España que máis trabas puña á formación da Entidade Local. “Deseamos vivamente épocas



José Ante. Vida Gallega, 12 de decembro de 1909.

de progreso al cabeza de distrito (Baiona), pero sin olvidar que con estatuto (municipal) o sin él, nosotros somos nosotros”<sup>9</sup>.

*La Voz del Miñor* aínda insistía, a comezos do ano novo, nas excelencias que suporían a constitución da Entidade Local con mensaxes de marcado matiz populista, tales como: co goberno parroquial, os veciños de Sabarís ían administrar os seus bens públicos con independencia de Baiona, polo que, coa autonomía, a distribución das cargas que supuñan as contribucións e repartimentos serían máis xustas e equitativas. Pero sobre todo, a mensaxe máis sensacional que recollía ese semanario era: “La Entidad Menor parroquial es la muerte irremediable del caciquismo”<sup>10</sup>.

Sabarís, de maneira indirecta, recibiu o apoio do delegado gubernativo de Pontearreas, partidario da creación de entidades locais nas parroquias para administrar os seus bens independentemente do Concello. Para esa autoridade comarcal, a Entidade só ofrecía vantaxes, xa que garantía o reparto equitativo dos impostos e a realización de obras sen as trabas das corporacións e os caciques. O delegado non atopaba problemas na constitución deste ente parroquial, nin político nin administrativo porque “el Ayuntamiento no puede impedirlo ni estorbarlo sin cometer delito”<sup>11</sup>.

O proceso seguiu o seu curso legal co nomeamento das autoridades dese organismo administrativo. O Estatuto Municipal ordenaba que se elixisen a través duns comicios, pero a ausencia de censo electoral propiciou a elección directa por parte do gobernador civil, despois de solicitarlle ao alcalde unha relación daqueles veciños “*honorables y de prestigio*” que puidesen ser dignos de desempeñar ditos cargos<sup>12</sup>. A corporación delegou nos concelleiros de Sabarís a confección dese listado, polo que o veterano edil José Ante presentoulle ao alcalde unha relación de oito nomes que cumprían, ao seu entender, cos requisitos planeados: Domingo Cameselle Trigo, Vicente Mosquera Vidal, Francisco Pereira Jorge, Belarmino Misa González (concelleiro), José Ante Rodríguez (concelleiro), Eugenio Núñez Novoa, Juan Pinzás Bermúdez, José G. Pedreira.

A autoridade provincial excluíu dos postos directivos aqueles veciños que, estando na lista enviada, xa ocuparan o cargo de concelleiro, quedando constituída, polo tanto, a Xunta parroquial de Santa Cristina da Ramallosa-Sabarís da seguinte maneira<sup>13</sup>:

Vocais propietarios: Vicente Mosquera Vidal, Domingo Cameselle Trigo e Francisco Pereira Jorge. Vocais suplentes: Juan Pinzás Bermúdez, Eugenio Núñez Novoa e José García Pedreira

Todos eles eran importantes propietarios da parroquia con intereses no sector pesqueiro, Mosquera, Pereira Jorge e García Pedreira, e tamén na agricultura. A maioría tamén eran *americanos*, Mosquera en Matanzas (Cuba), Cameselle, Pinzás e Pereira Jorge (Arxentina). Os mesmos Mosquera e Cameselle figuraban entre os maiores contribuíntes e, por último, Núñez Novoa era xastre. Ningún tivera cargos políticos durante a Monarquía, aínda que Pereira, Cameselle, Núñez e Pinzás colaboraran cos conservadores-mauristas. Todos eles eran militantes do Somatén. *La Voz del Miñor* vailles pedir tento e prudencia nas súas xestións, xa que consideraba que, como Sabarís ía ser a primeira experiencia de autogoberno da bisbarra, acabaría converténdose nun espello onde se mirarían as demais parroquias<sup>14</sup>. Ese mesmo día, a Xunta Veciñal reunida en Sabarís, elixiu por unanimidade a Francisco Pereira Jorge como presidente e como secretario a Ramón López Luís, da familia de *los Ineses*.



Rodríguez de Vicente. Faro de Vigo, 7 de febreiro de 1924.

O debate sobre a oportunidade ou non da segregación desprázase, agora, ao plano económico e, nun intento de desestabilizar as relacións da vila coas demais parroquias, os secesionistas filtran á prensa informacións relativas a que a parroquia de Baiona era unha carga no presuposto municipal e, en consecuencia, supuña un retraso no desenvolvemento e crecemento das demais localidades, o que daría pé a xustificar as máis que posibles vantaxes da autonomía, non só de Sabarís senón tamén as das demais parroquias. O concelleiro Rodríguez de Vicente (Joselín) negou a maior: a capital contribuía ás cargas das contas públicas do municipio cunha cantidade maior á que lle incumbiría pola súa poboación e pola súa riqueza<sup>15</sup>. E puxo como exemplo a contabilidade do exercicio 1924/1925, no que a Baiona lle correspondía:

Alumeado	3.000
Cantor organista	345,45
Limpeza pública	1.080
Apertura rúa Quintanar	450
Sumidoiros	500
Rotulación rúas	100
Beirarrúas e empedrados	1.200
Festexos	400

O que facía unha suma de 7.403,45 ptas.

En cambio, a parroquia de Baiona contribuía directamente ao presuposto de ingresos co seguinte, á parte do que repartía de forma proporcional ás demais parroquias.

Bens Obra Pía	3.868
Postos Festas San Cosme	415
Arbitrios consumo de carnes	2.000
Arbitrios consumo de viños	4.500
Aluguer casas escolas	1.000
O que facía un total de 11. 783 ptas.	

A conclusión á que chegaba Rodríguez de Vicente era que o publicado tiña que ver cunha campaña de propaganda tendenciosa que prexudicaba a harmonía da vila coas parroquias, xa que estas se vían favorecidas nos presupostos municipais cunhas inversións de 4.379,55 pesetas ao seu favor.

Fóra desas polémicas, a Entidade Local empezou a exercer as súas primeiras responsabilidades de goberno. Así, o seu presidente emitiu un bando sobre a obriga dos nenos/as maiores de seis anos de ir á escola e sobre o respecto e cariño a árbores, plantas e paxaros e, posteriormente, viuse obrigado a contratar un garda rural para frear o malestar veciñal ante a onda de atracos que se producían nas fincas desa parroquia. A súa insuficiencia orzamentaria faría que a nómina de dito empregado correse a cargo dos veciños beneficiados dese servizo de vixilancia.

É por iso que a capacidade financeira para o mantemento de certos servizos era a razón de ser da nova organización territorial. Nese sentido, o que a parroquia pretendía era obter os recursos necesarios para poder exercer o labor de goberno xa que, sen presuposto, a Entidade Local non tiña sentido. Todas as presións que metía Sabarís para institucionalizar a súa autonomía e os obstáculos que lle puña Baiona á mesma, tiñan que ver coa cuestión económica.



Calvo Sotelo. Faro de Vigo, 15 de maio de 1929.

Coa fin de acadar as súas plenas competencias, Sabarís, solicitoulle ao Concello que fixase os límites xeográficos da parroquia; a saber, o deslinde físico e tamén unha exposición detallada dos bens e dereitos que lle correspondían, é dicir, coñecer o patrimonio co que contaba a Entidade Local Menor para empezar a recadar, conseguir liquidez e tomar decisións de goberno<sup>16</sup>. Polo tanto, o principal obxectivo de Sabarís era acadar un concerto económico coa corporación de Baiona, o que lle permitiría á Entidade facerse cargo do cobro dos impostos correspondentes á localidade, en detrimento do propio Concello e, en contrapartida, Sabarís estaría obrigada a ingresar na facenda municipal un *cupó*, é dicir, o pago dunha contribución para os gastos obrigatorios que soportaba o propio Concello.

A tal fin, solicitan do director xeral da Administración Local, Calvo Sotelo, que permitise a Sabarís acadar o concerto económico. Pediron tamén que o mencionado concerto entrase en vigor a partir do seguinte ano orzamentario de 1925-1926, o que lle esixiría ao Concello de Baiona a mobilización da súa burocracia para facilitar a posta en marcha do goberno parroquial. En xuño, a Dirección Xeral da Administración resolve que Sabarís podería acollerse ao concerto. Xa non tería ningunha traba legal que lle impedise negociar un pacto económico con Baiona.

En canto ao deslinde territorial, manexábanse os datos subministrados polo padrón parroquial de Santa Cristina-Sabarís, pois foran inútiles as pescudas levadas a cabo polo párroco Gómez Alonso no Arquivo Diocesano de Tui. Así, o executivo parroquial defendía un perímetro territorial sobre o que debería asentarse a Entidade Local e que estaría composto polos barrios seguintes: Ramallosa, Viso de Calvos, Ponte de Sabarís, Ponte Area, Ponte Nova, Cruceiro Novo, Ladeira, Vista Alegre, Outeiro, Morade, Bouzós, Ribeira, Dehesa, Sarralleira, Caeiro, Sopegal e Xuncal.<sup>17</sup>


Con esta documentación e o traballo de campo, elaborouse un mapa que se enviou ao Concello de Baiona acompañado da correspondente documentación, a cal contiña unha proposta de deslinde que consistía en:

*“A partir del crucero del puente viejo de Ramallosa, sigue una línea recta que pasando por el palomar de Cadaval, alcanza el camino que de Ramallosa va a Monteiro, por su mitad hasta el camino llamado Marroco sigue por este camino hasta el río de Sabarís y desde este punto una línea recta hasta un mojón que existe en el pinar llamado del Rey en la Insua, desde este punto otra recta hasta la casa de Pedra, desde este punto otra recta hasta la cima del Monte Mexonas, desde este punto una recta hasta la cima del Monte Redondo, desde este punto otra recta hasta la cima del Monte Outeiro, desde este punto otra recta hasta la cima del Monte del Castro, desde este punto otra recta hasta el mar, cruzando esta recta la carretera de Vigo a Bayona en el kilómetro 53,960, desde el punto que esta recta llega al mar hasta la desembocadura del Río Miñor en el lugar llamado La Foz, desde este punto sigue otra línea por mitad del Río Miñor hasta enlazar con el punto que nos ha servido de partida, o sea el crucero del puente viejo de Ramallosa.”<sup>18</sup>*

O patrimonio da parroquia de Sabarís tamén comprendía os montes comunais denominados Mexona, Redondo, Outeiro do Home Bizco de Corbeán, Presa do Lagarto, Lamairos, Castro e terreo de Ladeira a partir do límite do kilómetro 53,960 da estrada de Vigo a Baiona, ata o río Miñor.

Baiona fora en todo este proceso a remolque das iniciativas de Sabarís, pasando da etapa de incredulidade á de indignación, tendo que asumir por disciplina legal e patriótica a asunción do proxecto, xa que ademais a alcaldía ocupábaa, en principio, un militar, Manuel Barreiro. Para recuperar o pulso político, convocouse unha sesión plenaria a principios de xuño onde se deu coñecemento aos concelleiros do acordo tomado pola Dirección Xeral da Administración Local respecto ao concerto. En consecuencia, acordouse nomear unha comisión composta polo alcalde actual Ignacio Cordero e polos concelleiros José María Fernández, Crisanto Freiría e José Otero<sup>19</sup> para que en unión da Xunta parroquial de Sabarís procedesen a executar os traballos





preliminares necesarios para establecer as bases que habían de servir para concertar o pago dunha contribución especial; é dicir, a tan repetida cota sobre os gastos obrigatorios ao Concello. Ademais, esa comisión encargaríase de determinar os límites do territorio que corresponderían á xurisdición de Sabarís.<sup>20</sup>

A Entidade Local, pola súa parte, apremou o Concello a fixar unha reunión para acordar o montante da *cota* contributiva. Pero na Entidade non se fiaban de Baiona á hora de facilitar os trámites necesarios para garantir o seu funcionamento. Ao seu presidente, Pereira Jorge, chegábanlle por vía extra oficial opinións dos concelleiros tales como:

*“Que el concierto no podría celebrarse, por estar ya el presupuesto confeccionado (...). Que la disposición dictada a este respecto por la Dirección General de Administración, no tiene validez alguna, únicamente que fuese por Real Orden (...). Que con que iba a responder la Entidad al pago del cupo que le corresponda a la parroquia (...). Que aun cuando dice la Dirección General de Administración, que la Entidad podrá celebrar el concierto con el Ayuntamiento, esto no quiere decir que deba hacerse”.*<sup>21</sup>

Todo isto vai xerar unha desconfianza de Sabarís cara a Baiona, polo que lle remitiron ao delegado provincial de Facenda unha lista de agravios e sospeitas sobre unha posible obstrución da corporación á sinatura do concerto. Tiñan claro que non debía ser obstáculo para a sinatura que o presuposto municipal estivese xa confeccionado.

Outra das denuncias que Pereira Jorge lle expuxo ao delegado de Facenda foi o feito de que os concelleiros que así se manifestaran, aínda que non o fixeran de forma oficial, formaban parte da comisión que había de intervir na negociación do concerto, polo que a Entidade Local consideraba unha ofensa as súas declaracións, queixándose,

ao mesmo tempo, dos continuos inconvenientes que se presentaban por parte do Concello, co fin de retrasar a sinatura do mencionado concerto.

A corporación, con excepción dos concelleiros de Sabarís, viu con desagrado algúns dos termos empregados na carta enviada por Pereira Jorge aos responsables da Facenda provincial, pero aínda así, remitiulle á Entidade Local a relación de cantidades con que contribuía todo o Concello por un lado e a parroquia de Santa Cristina de Sabarís por outro, polos conceptos de Rústica, Urbana e Industrial tendo en conta o que resultaba dos repartimentos do exercicio económico de 1924 a 1925 (en ptas.).<sup>22</sup>

Municipio de Baiona	
Rústica	34.153,63
Urbana	9.965,03
Industrial	22.174,16
Parroquia de Sabarís	
Rústica	7.401,21
Urbana	1.972,02
Industrial	12.087,43

Non se podía dicir que o goberno local puxese o empeño necesario para acelerar o proceso de ceder as competencias necesarias para poñer en marcha a Entidade. A comisión encargada de axilizar os trámites preliminares tardaba en reunirse e, cando o facía, era para decidir, nunha clara manobra dilatoria, que:

*“No procede verificar los trabajos de fijación de gastos obligatorios y voluntarios en relación con la parroquia de Santa Cristina ya que dicha Entidad hasta el presente no ha solicitado del Ayuntamiento el concierto (.....) y que este asunto debe tramitarse a instancias de la parte interesada”.*<sup>23</sup>

Con esta declaración de intencións, Baiona marcará as novas regras do xogo. A folla de ruta cara á emancipación, pretendida con prontitude por Sabarís, quedaría vinculada, non a unha leal colaboración como era de esperar entre dúas poboacións irmás, senón á estrita redacción do articulado do Estatuto Municipal. É dicir, a Entidade Local presentaría un proxecto sobre os límites do territorio que abarcaría a súa xurisdición coa súa separación patrimonial correspondente, pero sería, en última instancia, o Concello quen ratificase ese plan parroquial. Polo tanto, entendía a comisión de edís que os representantes da Entidade deberían absterse de intervir na confección da mencionada proposta, xa que a súa inxerencia nos traballos podería interpretarse como unha abusiva intromisión.

Sabarís viuse sorprendida *“en su buena fe”*, xa que as súas intencións eran pactar as bases do concerto dende a negociación *“en armonía y perfecto acuerdo”*, pero pronto se decataron de que o éxito da súa planificación pasaba polo cumprimento da lexislación vixente. Con este obxectivo, o 28 de xuño o presidente Pereira Jorge ofíciase ao alcalde solicitándolle a tramitación do concerto económico rogándolle, ademais, que con urxencia, o pleno o resolvase, xa que ao non poder contar con él mesmo *“impide a esta Junta parroquial el poder confeccionar su presupuesto, entorpeciendo por lo tanto su vida administrativa”*.<sup>24</sup>

En xuño, Baiona certificou a ruptura do modelo pactado do traspaso de poderes xa que a corporación subscribiu na súa totalidade o relatorio da comisión, é dicir, que non se ía actuar ata que a Entidade non solicitase o concerto e demais procedementos sobre os límites do territorio e, para reafirmarse na que será a súa postura oficial, lembraba a falta de contestación por parte de Sabarís, ante a invitación do goberno local, o 4 de maio, para que oficializase a súa petición.<sup>25</sup>

Tamén saíron a relucir as diferentes sensibilidades que convivían dentro do equipo de goberno. Por un lado, os concelleiros de Sabarís, Belarmino Misa, José Ante e Gerardo Miniño e, por outro lado, o resto de corporativos. Aqueles defendían que a Corporación xa tiña coñecemento oficial da solicitude do concerto e os outros, por medio do ex alcalde Barreiro, só admitían, co beneplácito do secretario, a petición rexistrada o día anterior. Os concelleiros centralistas no só critican a forma incorrecta e cominatoria en que viña redactada a petición de Sabarís, senón que, negan as acusacións recibidas: o goberno local no poñía trabas nin dilacións na resolución deste asunto, e rematan a súa alegación acusando de ineptitude e falta de dilixencia á Entidade por pretender acadar un concerto sen antes solicitalo.

Pero Sabarís tamén xoga as súas bazas. Á parte de ter a lexislación ó seu favor, conta con bos contactos na Administración. O máis importante, sen dúbida, é o militar José del Río Jorge, natural desa parroquia e gobernador civil de León, que é ademais familiar de Pereira Jorge, e ambos eran á súa vez sobriños políticos do que fora xefe do partido conservador de Vigo e home de confianza de Elduayen, Manuel Rodríguez Cadaval. Xa fose polas súas influencias ou non, o delegado de Facenda acosaba o Concello e ameazaba con non aprobarlle o presuposto ordinario 1925-1926, atendendo as queixas da Entidade por non contemplar o concerto nese documento económico. Baiona ten que dar todo tipo de explicacións e enviar certificacións nun intento de convencer a Facenda provincial, negando unha vez máis as acusacións de obstrución ó concerto, demostrando a propia asistencia de Pereira Jorge ós plenos do debate orzamentario con voz e voto, sen ningunha interpelación nese sentido, á ausencia de alegacións por parte deste, da Entidade ou dos veciños de Sabarís, no período de reclamacións á aprobación definitiva das contas públicas. E, por último, a coñecida interpretación de Baiona sobre o Estatuto Municipal: sen que se establezan os límites do territorio parroquial e a separación patrimonial da mesma non se poderán calcular os medios económicos con que conta a Entidade ni ata onde alcanza a súa xurisdición para o establecemento dos correspondentes impostos.<sup>26</sup>



Manuel Barreiro Álvarez. Arquivo de Amparo Barreiro.

Todo este proceso tiña que ser aceptado polo Concello a proposta da Entidade Local, é dicir, Sabarís tiña que levar o peso dos traballos preliminares e, segundo Baiona, non o fixera. Despois de rematado todo este procedemento, viría a aprobación do concerto. Todas estas aclaracións tiñan como fin convencer o delegado de Facenda para que dese o visto e prace ós presupostos xa que do contrario corriase o perigo de quedar *paralizada* a vida municipal.

Ás presións levadas a cabo contra Baiona sumouse o novo delegado governativo Enrique Tajuelo, enviado pola autoridade provincial a comezos de xullo, para restablecer o diálogo e reconducir as tensións que o proceso rupturista estaba producindo entre as dúas institucións. Ante tantas presións, o goberno local cedeu e considerou a proposta da Entidade, que fixaba os límites e a separación patrimonial da parroquia, para a continuación proceder a verificar ditos límites materializados nun mapa e que sería comprobado por unha comisión oficial nomeada ó efecto e que, para optimizar o seu traballo, contará coa axuda dos veciños máis anciáns das parroquias limítrofes.<sup>27</sup>

Pero a pesar deste importante paso que desbloqueaba o proceso, o sector máis centralista do equipo de goberno, representado polo ex alcalde M. Barreiro e Rodríguez de Vicente, acusaron o presidente da Entidade de mentir e difundir falsos testemuños na súa declaración á Facenda e, despois, van denunciar a actuación de Pereira Jorge, primeiro diante da mesma Facenda e despois ó delegado governativo. Todo iso estaría axudando a formar un ambiente de enfrontamento e crispación, prexudicial para os intereses da corporación.<sup>28</sup>

Os tempos de boa veciñanza van ser efémeros, xa que as predicións que expuxeron M. Barreiro e Rodríguez de Vicente acabaron por cumprirse. Catro días despois o delegado de Facenda resolveu a reclamación interposta pola Entidade no sentido de devolver o orzamento municipal para 1925-1926 a Baiona para que cumprisen a obriga que tiñan de adxudicar á parroquia de Sabarís a correspondente *cota*, “solicitada en tiempo e forma” pola mencionada parroquia.<sup>29</sup>

O veredicto de Facenda supoñía un duro inconveniente para un correcto funcionamento do aparato administrativo do Concello, polo que indignou á meirande parte do goberno local, que non acertaba a comprender a decisión do delegado de obrigalo a incluír o *cupo* nas contas públicas, xa que para iso se necesitaba a anterior delimitación da xurisdicción territorial e a aprobación do concerto. Foi por iso polo que o concelleiro M. Barreiro pediu o amparo da corporación para abrir recurso contencioso administrativo. Ante esta decisión vólvense escenificar as distintas correntes que cohabitaban no goberno local. Por un lado os concelleiros de Sabarís, José Ante, Belarmino Misa, Veremundo Viéitez, Juan Carrevedo e Juan Manuel Martínez, que van apoiar o informe de Facenda, e por outro lado o resto que, sendo maioría e contrarios á Entidade, optan pola presentación do recurso.<sup>30</sup>

Tras intercambiar varios comunicados cheos de reproches, o alcalde Ignacio Cordeiro resolve poñer fin a este período de discrepancias e envía un escrito ao presidente da Entidade Local de Sabarís co obxectivo de acabar coas hostilidades:

*“Estoy dispuesto a poner en juego todos los recursos a mi alcance, para que no sufra quebranto la buena armonía que debe reinar entre la entidad que Vd. dignamente dirige y la Corporación que me cabe la honra de presidir”.*<sup>31</sup>

Todo parecía volver á normalidade institucional; a crispación parecía deixar paso ao entendemento. Así, mentres no B.O.P. se expoñían as primeiras decisións do goberno parroquial fixando impostos sobre postos públicos, carne, bebidas espirituosas e alcohois, a comisión encargada de fixar os límites da parroquia de Sabarís remataba os seus traballos concluíndo que o esbozo presentado pola Entidade Local coincidía, en realidade, cos límites que separaban a dita localidade coas outras parroquias veciñas, polo que recomendaba á corporación ter en conta ese mapa á hora de fixar a súa postura sobre este asunto. A comisión facía constar no seu informe que os montes comunais que se incluían dentro dos límites desta parroquia constituían o único patrimonio territorial da Entidade e que, polo demais, eran montes improdutivos, onde non existía masa arbórea algunha, nada rendibles para o sector primario xa que non eran aptos para a agricultura nin para o pastoreo, dado o seu perfil escarpado.

A principios de agosto reuniuse o Concello para aprobar na súa totalidade o informe que facía referencia aos deslindes parroquiais. Agora xa se podía proceder a negociar o pagamento dunha contribución, para o mantemento dos servizos comúns, a chamada *cota*, polo que decidiron delegar nunha nova comisión formada por catro concelleiros baixo a presidencia do alcalde Ignacio Cordero. Para que esa comisión puidese desenvolver o seu traballo de maneira máis eficaz, o pleno municipal vailles impoñer un modelo de actuación, a modo de guión, ao que deberían suxeitarse todos e cada un dos membros da mencionada comisión. Estes principios van ser:

1. O criterio de proporción que se tomará en conta, e sobre a cal ha de contribuír a Entidade Local Menor de Santa Cristina de Sabarís aos gastos obrigatorios do presuposto municipal, será a riqueza total dos habitantes da localidade.

2. Que se considerarán como gastos obrigatorios para a parroquia aqueles que consten no orzamento e que o goberno local sexa susceptible de investir, en todo ou en parte, en favor do territorio de Sabarís.

A corporación entendía que estes criterios serán os que se apliquen ante calquera posible reivindicación territorial por parte das outras parroquias do municipio. En canto á composición da comisión óptase por aqueles concelleiros que xa formaron parte das comisións anteriores e que emitiron informes sobre cuestións referentes a este proceso emancipador, é dicir: Manuel Barreiro, José M<sup>a</sup> Fernández, Crisanto Freiría, José Otero, sen que formase parte dela ningún concelleiro de Sabarís.<sup>32</sup>

A mediados de setembro, a comisión presentou ao alcalde as conclusións do traballo realizado, nas que se informaba do montante total da *cota*, coa que Sabarís habería de cooperar aos gastos comúns do municipio e a relación de partidas orzamentarias que se verían afectadas por esa contribución.

O documento, máis que sinalar os capítulos nos que Sabarís debía facer aportacións de fondos para o sostemento do presuposto, o que fixo foi aplicar a metodoloxía inversa, é dicir, especificar aquelas partidas nas que vai estar exenta de colaborar: a Entidade Local tería que axudar a financiar todos os gastos que figurasen no presuposto excepto os seguintes:<sup>33</sup>

- A consignación para o cantor organista, xa que facía o seu cometido, exclusivamente, na igrexa da vila.
- A rotulación de rúas.



- Os servizos de limpeza das rúas, pois este servizo e os empregados públicos que o levaban a cabo soamente atendían as vías da zona urbana da vila.
- O empregado público do cemiterio municipal de Baiona, xa que soamente se ocupaba da necrópole da vila.
- O consignado no orzamento municipal na partida de empedrados.
- O consignado no orzamento municipal para a prolongación da rúa Marqués de Quintanar sita na vila.
- O consignado no orzamento local no concepto de festas populares da vila.

En canto a fixar a porcentaxe con que debía contribuír a parroquia de Sabarís ao resto das partidas orzamentarias, as cales se consideraban gastos obrigatorios, a comisión declarouse incompetente para establecelo, xa que esa porcentaxe viña determinada pola relación entre a riqueza total dos habitantes da parroquia e a riqueza total dos habitantes do término, e o único medio para poder coñecer estes datos sería comprobar as cifras que estaban reflectidas nas follas do repartimento veciñal. Unha vez que foi examinada pola comisión dita documentación, observouse que existían moitas deficiencias por incorreccións na aplicación dos procedementos legais.

Ante a imposibilidade de fixar unha porcentaxe de contribución para as partidas comúns, a comisión propoñía esperar á confección do repartimento veciñal para o exercicio 1925-1926 para coñecer con exactitude a riqueza total de cada parroquia. Esa recomendación supoñía, de feito, un retraso na firma da *cota* e polo tanto do concerto, o que impediría o seu encaixe no orzamento de 1925-1926, cos conseguíntes prexuízos económicos para a Entidade.

Ao mesmo tempo a corporación tratou de suavizar a relación que tiña coa delegación de Facenda, firme valedor das teses da Entidade Local en canto á urxencia na consumación do concerto. Para iso envioulle un informe onde se describían, con detalle, todos os pasos dados polo goberno local para axilizar o proceso emancipador. Ante as acusacións que se facían ao Concello de xestión lenta e obstrucionista, argumentaron, por un lado, a ausencia de fixación de prazo por parte do lexislador á hora de firmar o concerto coa Administración parroquial sen que, polo tanto, se xustificase a urxencia debido á falta de disposicións imperativas para que se encaixase dito concerto nas contas públicas do exercicio 1925-1926. Por outro lado, o presidente da Entidade non aportaba ningunha proba que sostivese que a ausencia de concerto impedía a correcta xestión económica-administrativa da parroquia.

Pero esta iniciativa de Baiona non convenceu o responsable provincial do Tesouro Público que, a principios de outubro, chegou a ameazar a corporación a que lle remítise con urxencia á dita Entidade Local as bases do concerto e a *cota* de dita parroquia para o exercicio de 1925-1926 “...pues de no hacerlo así me vería obligado a exigir las responsabilidades a que hubiere lugar por falta de cumplimiento de las órdenes de esta superioridad”<sup>34</sup>

As tensións entre os concelleiros centralistas e os representantes da parroquia de Sabarís pola *cota* e entre os primeiros e o delegado de Facenda polo ton provocador do seu último comunicado, estarán presentes na sesión plenaria do día 19 de outubro. Así, a comisión nomeada pola corporación que estudou a aplicación da *cota* viu como os concelleiros segregacionistas non daban o visto e prace ao seu ditame imposibilitando o acordo. Por outro lado, a misiva de Facenda provocou o rexeitamento dunha parte do goberno local “*por incorrecta e improcedente*” e a condescendencia dos edís de

Sabarís que responsabilizaban a comisión, das advertencias do delegado. Soamente a noticia do falecemento deste vai provocar unha moratoria nas tensións entre o goberno local e o ente recadador provincial.<sup>35</sup>

Á hora da verdade sobre que volume de diñeiro tiña que deixar de ingresar a parroquia de Sabarís para poder financiar os servizos comúns a todas as parroquias do municipio, trasladouse ao pleno do 29 de outubro. No debate, máis que a cuestión de fondo, o que se propoñía inicialmente era una cuestión de forma pero con profunda carga simbólica. Tratábase, por parte dos concelleiros de Sabarís, de dar protagonismo á Entidade, polo que propoñían que a negociación da *cota* fose entre a comisión de concelleiros e a directiva de Sabarís, isto é, un debate en pé de igualdade entre ambas institucións. Era a última esperanza dos edís emancipadores, que se encontraban en minoría na corporación, de lograr modificacións no ditame.

Pero esa estratexia fracasou e, unha vez que prevaleceu o formato de establecer o pleno como protagonista do debate aprobouse por maioría o proxecto da *cota* cos votos en contra dos cinco concelleiros residentes en Sabarís (Ante, Misa, Miniño, Carrevedo e Martínez) e oito a favor dos demais membros da corporación.<sup>36</sup>

O que se aprobara era un paso adiante na autonomía financeira da Entidade Local, pero a todas luces insuficiente, pois soamente consistía nunha relación de partidas afectadas por unha rebaixa por servizos compartidos, pero non se calculara o máis importante, que era a canto ascendía o montante que Sabarís tiña que aportar a eses gastos comúns; é dicir, canto era o líquido dispoñible que dispoñía esa parroquia para xestionar o seu programa de goberno autónomo. O avance, aínda sendo notable, era insignificante para as aspiracións do goberno parroquial, cuxos directivos seguían vendo nunha parte maioritaria da corporación, unha deliberada táctica obstrucionista, co fin de boicotear a segregación.

O proceso final que rematou co conflito entre Sabarís e Baiona e cuxa consecuencia final foi a creación da Entidade Local, foi unha incógnita. Un tempo escuro apodouse da documentación sobre este período nos arquivos oficiais, así como na prensa local e comarcal. Noticias soltas si existen e teñen que ver con algunha xestión ou algún trámite levado a cabo de maneira directa ou indirecta polo seu presidente Pereira Jorge. O fin da Dictadura e a chegada da República supuxo a derogación do Estatuto Municipal e o modelo de entidades locais contempladas no mesmo, centrando o protagonismo político noutras institucións.

## NOTAS

- 1 Exposición de motivos do Estatuto Municipal de 8 de marzo de 1924.
- 2 El Miñor, 4 de febreiro de 1905.
- 3 Nogueira, Ulpiano (1902): Bayona antigua y moderna, Imprenta del Asilo de Huérfanos del Sagrado Corazón de Jesús. Madrid, px. 268.
- 4 Faro de Vigo, 7 de febreiro de 1924.
- 5 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 53, libro de actas 53/3. Sesión plenaria do 23 de xaneiro de 1925.
- 6 Faro de Vigo, 20 de decembro de 1924.
- 7 La Voz del Miñor, 20 de decembro de 1924.
- 8 *Ibid.*, 27 de decembro de 1924.

- 9 El Pueblo Gallego, 30 de decembro de 1924.
- 10 La Voz del Miñor, 4 de enero de 1925.
- 11 *Ibíd.*
- 12 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 1, carpeta 1/33. Documento do 20 de febreiro de 1925.
- 13 *Ibíd.*, caixa 53, carpeta 53/ 3. Sesión plenaria do 14 de abril de 1925.
- 14 La Voz del Miñor, 2 de maio de 1925.
- 15 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 53, carpeta 53/3. Sesión plenaria do 6 de maio de 1925.
- 16 *Ibíd.*, caixa1 carpeta 1/34. Documento do 16 de abril de 1925.
- 17 *Ibíd.*, documento do 19 de maio de 1925.
- 18 *Ibíd.*, documento do 6 de xuño de 1925.
- 19 Jose M<sup>a</sup> Fernández (Baiona) era propietario agrícola e rendeiro. Crisanto Freiría (Belesar) era comerciante. Os dous coincidiran na emigración en Matanzas (Cuba). Por último José Otero (Bahía) era propietario agrícola. Os tres pertencían ó sector contrario á escisión de Sabaris
- 20 *Ibíd.* caixa 53 libro de actas municipais 53/3. Sesión plenaria do 9 de xuño de 1925.
- 21 *Ibíd.*, caixa 1 carpeta 1/34. Documento do 13 de xuño de 1925.
- 22 *Ibíd.*, documento do 15 de xuño de 1925.
- 23 *Ibíd.*, caixa 1 carpeta 1/34. Documento do 26 de xuño de 1925.
- 24 *Ibíd.*, documento do 28 de xuño de 1925.
- 25 *Ibíd.*, caixa 53, libro de actas municipais 53/4. Sesión plenaria do 30 de xuño de 1925.
- 26 *Ibíd.*, Sesión plenaria do 21 de xullo de 1925.
- 27 *Ibíd.*, Sesión plenaria do 10 de xullo de 1925.
- 28 *Ibíd.*, caixa 53 libro de actas municipais 53/4. Sesión plenaria do 10 de xullo de 1925.
- 29 *Ibíd.*, caixa1 carpeta 1/35. Documento do 14 de xullo de 1925.
- 30 *Ibíd.*, caixa 53 libro de actas 53/4. Sesión plenaria do 21 de xullo de 1925.
- 31 *Ibíd.*, caixa 1 carpeta 1/34. Documento do 23 de xullo de 1925.
- 32 *Ibíd.* Sesión plenaria de 4 de agosto de 1925.
- 33 *Ibíd.* Sesión plenaria de 29 de outubro de 1925.
- 34 *Ibíd.*, documento de 7 de outubro de 1925.
- 35 *Ibíd.*, caixa 53 libro de actas 53/4. Sesión municipal do 19 de outubro de 1925.
- 36 *Ibíd.*, sesión municipal de 29 de outubro de 1925.



## *Aturuxo: un clamor cultural no Gondomar dos oitenta*

---

**Xulio Ríos**

### RESUMO

*Reivíndicase a importancia da asociación cultural Aturuxo como pioneira en Gondomar do Val de Miñor de actividades culturais conducentes a formar unha masa crítica comprometida coa cultura galega en todas as súas variables, desde a lingua á defensa do patrimonio, promovendo así a autoestima colectiva. Salienta entre as actividades a celebración do Día das Letras Galegas, o Antroido, a romaría do Galiñeiro, exposición e sesión de cine.*

### ABSTRACT

*The relevance of the cultural association Aturuxo is claimed as pioneer in Gondomar and Val Miñor. It functions as a promoter of cultural activities aimed at creating a critical thought regarding Galician culture -language, heritage, collective consciousness-. Of special relevance is the celebration of the Día das Letras Galegas -day of celebration of Galician literature- carnival, fair day in Galiñeiro, expositions and cinema sessions.*



No comezo dos anos oitenta, o municipio de Gondomar, na periferia de Vigo, cunha poboación superior aos dez mil habitantes, semellaba vivir nunha especie de tempo interior, quedándose atrás con respecto a outros territorios do Val Miñor onde o turismo asomaba como renovado dinamizador do desenvolvemento, especialmente a través do auxe do urbanismo. Naquel Gondomar de restos de mámoas en Prado e de cultura castrexa en Donas, Chaín ou Vincios; de vías romanas e alto progreso na Baixa Idade Media; e dun lento posterior ir e vir, mesmo con retrocesos, que despois da guerra civil acusou as necesidades de emigrar buscando as Américas, todo semellaba varado no tempo.

Aínda formando parte da contorna do Vigo industrial, a súa base predominantemente agraria e a condición periférica connotaban un escenario de depresión reflectida na súa estrutura produtiva ou no calamitoso estado das súas comunicacións. Nada a ver coa excelencia que podería deducirse da vinculación da vila co Conde de Gondomar, o famoso diplomático don Diego Sarmiento de Acuña, nacido xustamente na parroquia de San Bieito en 1567, obxecto de primoroso estudo por parte de Lois Tobío, entre moitos outros. O seu pazo, de aspecto severo e castrense, conservaba entón aínda boa parte dos seus muros e garitas, ao longo de varios quilómetros, pero carecía da debida dignificación e recoñecemento ante os propios e estraños.

A vida cultural deste Gondomar, nese momento máis próximo ao pos-franquismo de Arias Navarro que á proto-democracia de Adolfo Suárez, era practicamente inexistente. O día a día transcorría ao ditado dos omnipresentes poderes fácticos (naturalmente encarnados nos mais selectos representantes do poder civil, represivo, relixioso e profesional), no mellor dos estilos novelescos do século XIX, nun contexto onde aínda había alguén que agardaba a que o seu “amo” lle dixese o que podía ou non facer. O subdesenvolvemento crónico, pese a unha inserción crecente no mundo laboral dos municipios próximos, era unha lousa abafante que expulsaba a todo aquel que ansiaba unha mellor expectativa.

A subversión de tal estado de cousas comezaba polo espertar das consciencias. E foi así que un pequeno grupo de persoas, todos eles entón con menos de trinta anos, atrevéronse a poñer en marcha unha iniciativa cultural que aspiraba a actuar de revulsivo fronte á parsimonia dunha vila desenganchada do impulso que parecía despuntar noutras partes máis dinámicas de Galicia.

## XESTACIÓN

A asociación “Aturuxo” naceu formalmente en Gondomar o 17 de xaneiro de 1983. A xuntanza previa de constitución levouse a cabo o 9 de xaneiro de 1983, coa asistencia de Lina Carrillo Santiago, María del Carmen Otero Castuera, Mari Cruz Crespo Besada, Antonio Caeiro Rodríguez, Xosé González e Antonio Alonso Valverde. Quen isto escribe foi elixido presidente da xestora pasando a exercer o cargo de modo efectivo ata o 25 de decembro de 1983, cando foi relevado por María del Carmen Otero Castuera, asumindo entón como Vicepresidente. Quedou inscrita no rexistro provincial de asociacións co número 1091 da sección 1ª. Ademais de Xosé González Álvaro (Secretario) e Lina Carrillo Santiago (Tesoureira), entre os vogais cabe citar a Francisco X. Peña Villar, Mari Cruz Crespo Besada, Esperanza Arauxo Quintas e Manolo Casas Pajariño. O domicilio social situouse en Elduayen 15-2ºB, unha residencia particular, o que explica que unha das preocupacións primeiras fose atopar un local axeitado para celebrar reunións e outras actividades.

Primeiro foi solicitado sen éxito ao propio Concello e, despois, ao claustro de profesores do colexio público de Gondomar, que nunca chegou a se pronunciar.

O proceso constituínte arranca o seu debate nas semanas previas do Nadal de 1982 e mesmo con anterioridade, cando aínda se exploraba a posibilidade de crear un Cineclub (setembro de 1982), proceso no que participaban Manolo Casas Pajariño -administrador do cine de Gondomar-, Antonio Arauxo, Antonio Alonso, Mari Carmen Otero Castuera, Antonio Caeiro, Lina Carrillo Santiago e Xulio Ríos. Finalmente, optouse con acerto en crear unha entidade que prestase atención ao cinema, mais tamén a outros ámbitos da actividade cultural.

Entre os nomes que se barallaron para a entidade cabe citar: A Nosa, Enredos, Arrouhallo, O Río, Alborada, Galiñeiro, Vencellos, Xestas... Optouse por "Aturuxo" porque dalgunha maneira viña a sintetizar con natural expresividade a vocación dos seus integrantes de se comportar como un axente perturbador daquela monotonía e adormecemento que invadían a vida da vila.

Nunha especie de carta fundacional datada en abril de 1983, Aturuxo preséntase publicamente como unha Sociedade Deportiva e Cultural orientada a cubrir un amplo espazo, como unha entidade de vocación "aberta, pluralista, democrática e galega".

Entre as dimensións constitutivas da entidade cabe citar, en primeiro lugar, a preocupación por fuxir do elitismo. Do que se trataba é de instar un conxunto de actividades dirixidas ao gran público, de signo diverso, co propósito de configurar paso a paso unha masa crítica capaz de agrandar o pequeno núcleo iniciador. Isto non significaba renunciar a outros formatos mais selectivos pero o acento poñíase en lograr o máximo de participación, de impacto, para se consolidar como un referente pero, sobre todo, para axitar e instrumentar unha alternativa que puidese ter máis adiante expresión noutros campos. Iso explica que non descartase a organización de actividades deportivas, se ben nunca chegou a facerse.

En segundo lugar, o compromiso coa cultura galega en todas as súas variables, desde a lingua á defensa do patrimonio, instando a posta en valor do propio a fin de mellorar a autoestima colectiva. Gondomar ofrecía nese sentido grandes recursos de todo tipo que estaban sendo ignorados, desprezados, e que cumpría recoñecer e exaltar adecuadamente para gañar en autoestima colectiva e para establecer novas perspectivas para o desenvolvemento da vila.

En terceiro lugar, unha orientación aberta a outros campos que a fin de contas singularizaron a Aturuxo no movemento de asociacións culturais galegas de corte nacionalista. En especial, cabe citar a vinculación da defensa da identidade galega co compromiso a prol doutras culturas do mundo, alentando a curiosidade, o coñecemento e a cooperación internacional. Dende a reivindicación dun irmandamento co Gondomar de Portugal aos contactos desenvolvidos con actores doutros países, moi especialmente do leste europeo, foi esta unha dimensión diferencial naquel entón favorecida pola viraxe democrática que seguiu ao fin da ditadura franquista.

## INTERVENCIÓNS SOCIOCULTURAIAS

Desde o primeiro momento, Aturuxo tivo clara a importancia de intervir no eido da cultura procurando unha maior sensibilidade das institucións, comezando polo

Concello. Naquel ano 1983 (8 de Maio) celebrábanse as segundas eleccións locais da incipiente democracia e Aturuxo, sen entrar a oito nas pugnas políticas, compareceu elaborando un inventario de necesidades culturais e recreativas do Municipio para superar o estado de “abandono total” existente na altura nese eido. Aturuxo parte na súa diagnose de que as posibilidades de aproveitamento cultural no municipio eran “inmensas” como consecuencia simplemente “do pouco que se ten feito”.

O programa incluía aspectos como a creación dunha Casa da Cultura ou a habilitación de centros culturais nas parroquias; facer o inventario do patrimonio monumental, etnográfico e arqueolóxico municipal; creación dunha Biblioteca Pública; galeguización da toponimia local; unha radio comarcal mancomunada; a recuperación do Pazo do Conde de Gondomar; o irmandamento co municipio portugués de Gondomar xa citado, etc.

A reacción dos poderes instituídos foi sempre de inhibición e desentendemento, cando non de belixerancia. O caciquismo máis rancio instalado na Corporación Municipal actuaba ao seu antollo e viuse sorprendido polo xurdimento de mobilizacións cívicas (contra a instalación dunha formigoneira, por exemplo) que naquel momento representaron un punto de inflexión. Ata a prensa británica chegou a facerse eco do caso dun alcalde, o da vila (Lis), que pasaba á intervención municipal as facturas do seu dentista. O franquismo, que prolongaba a súa agonía nas filas da Unión de Centro Democrático, estaba desconcertado.

A ese desconcerto tamén contribuíu Aturuxo como evidencia dunha sociedade civil que quería mudar as cousas. Naquel Gondomar de vida calma, os indicios de desestabilización íanse sumando.

En xuño de 1985 publicábase unha declaración institucional situando a Aturuxo no contexto da rede de entidades galegas comprometidas coa revitalización da cultura popular, “diferenciada da servida en pratos oficiais”, partindo da idea de que “a cultura é a peza definidora do noso carácter nacional, da nosa condición de galegos”. Reafirmábase así esa vontade cooperativa e o compromiso co país, sen mingua dunha autonomía funcional que sempre exerceu sen interferencias de ninguén.

A modo de balance sinala: “O pouco que se fixo non foi para non seguir. Para continuar sobra que facer. Cómpre, iso si, unha maior sensibilidade por parte de todos: os menos, coa súa invariable reprobación inquisitorial; os máis, co seu apoio e aplauso atronador. Niso confiamos”. Intuíase xa entón unha despedida.

## ACTIVIDADES

Entre as actividades desenvolvidas por Aturuxo na súa curta existencia, cómpre destacar as seguintes:

### **Celebracións do 17 de Maio, Día das Letras Galegas**

No primeiro ano de vida, en 1983, elaborouse un boletín e levouse a cabo unha exposición e venda de libros en colaboración con diversas editoriais galegas. Ao ano seguinte, en 1984, o programa incluía a realización pública dun mural, unha exposición sobre a vida, obra e pensamento de Castelao, unha conferencia sobre Castelao por conta de Francisco Carballo e a presentación do libro colectivo “Castelao contra a



manipulación”. Mantíñose a exposición e venda de libros galegos. O folleto distribuído na ocasión contiña as referencias que Castelao facía ao Conde de Gondomar no Sempre en Galiza, gabando as súas calidades e significando a relevancia do personaxe para Galicia, onde entón era un gran descoñecido.

Cómpre sinalar que naquel ano, o regreso dos restos de Castelao a Galicia desde Bos Aires, Arxentina, provocaban certo conflito político e social que tivo a súa proxección no eido cultural con propostas varias. Aturuxo sumábase así á condena do intento de apropiación da figura por parte dos herdeiros e continuadores dos que fixeran imposible a súa permanencia na propia Terra. O que para algúns representaba a normalidade democrática, para outros supoñía unha rotunda expresión de indecencia política.

### Entroido

Hoxe en día, Gondomar destaca na celebración do Entroido cun nivel de participación popular e recoñecemento social destacado. As orixes desa feliz realidade hai que referencialas ao impulso daquel Aturuxo.

No ano 1983 organizouse un desfile de disfraces cunha proxección de cine e a colaboración do humorista “O Xestal”, ademais da actuación do grupo de baile e gaitas de Donas, do propio municipio de Gondomar. Ademais, o “dragón” de Aturuxo fixo as delicias como reclamo para xentes de todas as idades.

Nese primeiro ano xa se contou con coplas que axudaron moito a que a iniciativa se consolidase: “que xa basta de caciques/e de tanto caciquear/o que queira que se pique/nós seguimos a cantar”. Naquel febreiro de 1983, o alcalde Lis era obxecto da retranca: “¡Ai que home, ai que home!/ ¡ai que listo, ai que listo!/ El di que fai o que pode/ e nós ¡que carallo é isto!”. Tamén os “favores” que “empeñaban a conciencia por calquera migalleira”: “Un favor non é unha débeda, unha débeda

ESTAMOS EN TEMPO DE "ANTROIDO". ESTAMOS EN TEMPO DE POÑER  
MUSICA A VERDADES QUE NON SEMPRE SE DIN. ESTAS COPLAS PO-  
DENNOS AXUDAR. CUNHA PINGUÑA DE RITMO POPULAR DO MILLOR  
PODE SOAR. ¡ PROBA E VERAS ! ....

=====

ISTE NOSO GONDOMAR

Nós somos de Gondomar  
Nós somos do Val Miñor  
Aquí temos sí señor,  
de cada casa o millor.

Temos viño, temos carne,  
e boas noces a montóns,  
e tamén moitos problemas  
que agardan solucións.

Reclamamos con razón  
o arranxo das carreteiras  
non de calquera maneira  
sí en boas condicións.

A de Vilas, a de Prado,  
as dos adoquíns tamén,  
pra naide pedimos mal  
pra todos queremos ben.

Que xa basta de caciques  
e de tanto caciquear  
O que queira que se pique  
nós seguimos a cantar.

Conto bó o da carteleira  
a dos Cines Miramar;  
colocada en plena aceira  
¡é imposible non mirar!

E si non hai teléfono  
como te vou a chamar;  
Vou mercar un megafóno  
¡xa estou farto de berrar!

Paraíso de infraccións  
calles desaparecidas  
¡Ai que lio, Ai que lio,  
qué trancada mercadas!

O Lito di que non pode  
que non pode facer mais  
o servicio é de pena,  
O Correo así vai.

E señores non me falen  
de poñer un telegrama  
é mellor quedar na cama  
que o que sea xa sabrán.

En fin moito abandono,  
en fin algo por demais,  
cal si non tivera dono,  
cal si foramos animais.

Xentiñas de Gondomar  
oide ben este cantar  
oide ben este cantar  
é hora de despertar.

Que xa basta de caciques  
e de tanto caciquear  
O que queira que se pique  
nós seguimos a cantar.

ANIMATE

PONLLE MUSICA

E A CANTAR :

ESTAMOS EN

TEMPO DE

ANTROIDO.



non é un favor, non fagas caso, paisano, vota, amigo, sen temor”. Ou vinculado a un urbanismo clientelar, tan común na época: “que se non te preocupes/que se non falta planos”...

As coplas, non obstante, eran anónimas, non ían asinadas por Aturuxo. Tamén se descoñecía a identidade do autor e do “notario” que as lía ante o público congregado. A expectación congregada arredor da súa lectura -mantíñanse en segredo ata o mércores de cinza- íría subindo de ano en ano.

En 1984 xa se aspiraba á creación dunha comparsa (de nome, Os Peliqueiros) e a elaboración e divulgación de coplas cunha carga crítica crecente calou de cheo na sociedade gondomareña. O Entroido prendeu socialmente, reforzado coa suma de grupos de baile e rondallas, alentando a cooperación coas asociacións de pais de alumnos e outros colectivos. Algúns deles chegaron a ser obxecto de presións polo poder local para se desmarcar da presunta “politización” destas iniciativas, intentando desactivar e domesticar o ton inconformista da celebración.

A partir do ano 1987 xa non era Aturuxo quen organizaba o Entroido. Toma o relevo unha comisión xestora que preside Antonio Arauxo Quintas e vincúlase case en exclusiva co Enterro da Sardiña.

### Romaría do Galiñeiro

Esta foi unha das grandes iniciativas levadas a cabo, nomeadamente en colaboración cun grupo de veciños de Prado e Vilas, dúas pequenas comunidades sitas no cumio da parroquia de Morgadans, ao pé do monte Galiñeiro, e co impulso de Xico de

Cariño, entón mestre na modesta escola de Vilas.

A primeira romaría tivo lugar o 26 de xuño de 1983 no Campo Grande de Vilas. Con tou con numerosas exposicións permanentes: de libro galego, de fotografía (Sendón ou Vicente, entre outros), obradoiros de artesanía, desfile de xigantes e cabezudos, monicreques, poesía... Tamén un programa de música e baile coa participación de grupos folclóricos de Galicia e Portugal, ademais de rock (Averno) ou o cantautor Xosé do Pacio ou o colectivo Paseniño. Houbo tamén concurso de fotografía, que se mantería na seguinte edición.

Aturuxo promoveu unha comisión organizadora específica na que participaban Roberto, Xico, Xulio e Francisco X. Peña Villar. Coa vocación de mostrar



outra maneira de facer as cousas e facendo gala da máxima transparencia publicouse o balance económico, cuns gastos de 181.240 pesetas e un déficit de 12.762 pts, divulgándose entre os veciños de Vilas para coñecemento xeral. Houbo unha grande implicación das xentes das dúas comunidades, ata entón moi illadas pola súa posición xeográfica, entusiasmandose cunha actividade que lles procuraba un protagonismo e audiencia que antes nunca tiveran.

A IIª Romaría do Galiñeiro tivo lugar en Vilas o 23 de setembro de 1984 e contou coa participación do grupo de gaitas e colectivo Paseniño, o poeta Bernardino Graña, o grupo de baile do colexio O Sello (Cabral, Vigo), o grupo folclórico de Chafé-Portugal, Jei Noguerol, Pau de Arar, Atrc. Luso-Brasileiro, a canción portuguesa de Fernando de Braga, Xangar e o humor cáustico de Carlos O Xestal. Nesta edición houbo un sorteo dun completo xogo de cerámica de Buño, que estivo exposto nas semanas previas no comercio de Juan Domínguez en Gondomar.

As inclemencias do tempo afectaron ás previsións de asistencia e obrigaron a suspender parte das actividades previstas. O contratempo supuxo non só decepcións senón tamén perdas económicas significativas, o cal influíu no feito de non se celebrar ao ano seguinte.

Pero volveuse á carga. A IIIª Romaría do Galiñeiro levouse a cabo en 1986, o 20 de xullo. No programa incluíase, entre outros, a Fernando de Braga ou un recital de poesía con Viale Moutinho, Margarita Ledo ou Ánxeles Penas. Mantivéronse os grupos folclóricos, os monicreques, xogos, exposicións, nun exercicio de xenerosidade que contou co apoio altruísta de numerosas persoas e entidades. A festa foi un éxito especialmente tendo en conta que se trataba dunha actividade que entón se levaba a cabo sen axudas de ningún tipo, contando cos propios medios a non ser con pequenas colaboracións publicitarias.

### **Patrimonio**

O Pazo do Conde de Gondomar foi sempre motivo de singular atención para Aturuxo, que impulsou a elaboración de documentos básicos sobre a súa historia. Dende o primeiro momento tentou formar unha comisión específica que en 1984 deu os seus primeiros pasos coa integración nela de Ramón Sestelo (quen logo sería alcalde da vila), José Luis Mosquera (concelleiro), Yemina López Ozores ou Antonio Caeiro. Esa comisión chegou a elaborar algúns informes sobre as características e o estado do pazo, suxerindo ideas con propósito divulgativo para un mellor aproveitamento deste espazo tan desaproveitado, nunha estratexia de optimización das posibilidades de Gondomar con base nos propios recursos.

### **Exposicións e cine**

As exposicións foron un instrumento importante na axenda de Aturuxo para estimular o interese pola nosa cultura ou simplemente pola actualidade. Neste sentido, cabe destacar dúas especialmente. Unha primeira, levada a cabo do 15 ao 29 de xaneiro de 1984 centrada na figura de Castelao, contando cunha mostra de libros (a súa obra completa), de debuxos e fotografías de Castelao, “para coñecer a vida e a obra dun home consagrado a Galicia”.

A segunda a destacar versou sobre o Humor Galego, do 18 de marzo ao 1 de abril de 1984, reproducindo viñetas de Castelao, Xosé Lois O Carrabouxo, Quesada, Siro e

Xaquín Marín. Unha mostra que entusiasinou o público.

As exposicións levábanse a cabo no cine Gondomar, onde Manolo Casas Pajariño se desvivía por defender o negocio nun momento en que xa as salas se resentían. Para Aturuxo, esta alianza de intereses permitía dispoñer dun espazo digno e frecuentado por todo tipo de públicos. Manolo Casas suplía coa súa sensibilidade e empatía o desleixo das autoridades.

Este entendemento derivou tamén na elaboración de varios programas dirixidos especialmente ao público infantil. O domingo 12 de febreiro de 1984, por exemplo, proxeccións en horas de mañá as películas “Manoeliño” de Tonio Caeiro e “Livia”, de Doro Piñeiro, con exteriores rodados en diversos lugares de Gondomar (Vilaza, Mañufe, Vincios ou Pego Negro). Mais tamén se abría a contidos de marcado carácter comercial co propósito de espertar o interese, habituar e crear un público leal que puidésemos compartir.



### Cultura da paz

A sensibilidade internacional estivo presente en Aturuxo desde o primeiro momento e isto facíaa diferente doutras asociacións do mesmo estilo existentes en Galicia.

No Día Mundial da Paz de 1983, o 23 de Outubro, inaugurouse unha exposición con artigos e recortes de prensa de varios países sobre o tema, acompañado de carteis realizados por artistas de diferentes países. Na realización desta exposición colaboraran as embaixadas de Polonia ou da URSS, así como a axencia de prensa Novosti, entre outros.


Baixo a denominación “Galicia pola Paz” abordábanse cuestións como o desarme, especialmente o nuclear, conflitos locais, a derruba dun avión surcoreano polas forzas soviéticas, ou tomábase claramente partido contra o ingreso de España na OTAN. A exposición tiña como base principal recortes de prensa diaria de varios países. Isto en tempos en que aínda non chegara a perestroika de Gorbachov e cando Ronald Reagan e Margaret Thatcher impulsaban a súa revolución conservadora cunha política exterior que minaba as posibilidades de supervivencia do que chamaban “imperio do mal”. Aturuxo inclinábase aquí a tomar partido polos “malos”.

Nunha carta dirixida a Aturuxo e datada o 8 de novembro de 1983, a Agrupación Cultural Sementeira de O Barco de Valdeorras interesábase por esta exposición, da que souberon a través do semanario A Nosa terra, mostrando a súa disposición para exhibila no seu municipio.

## Boletín

Por último, Aturuxo tamén publicou un boletín informativo no segundo trimestre de 1983, asinado pola comisión xestora. Incluía artigos sobre o 17 de Maio, unha banda deseñada elaborada por Antonio Caeiro (considerado, entre outros, o gran ilustrador do equipo), e comentarios sobre o Pazo do Conde así como cavilacións sobre as expectativas ante unha nova corporación local, demandando, entre outros, participación con dereito a voz nas reunións da comisión municipal de cultura.

A actividade de Aturuxo naqueles breves pero intensos tres anos, ata 1986, cando variaron as circunstancias persoais dalgúns membros da súa directiva, contou co



---

inestimable apoio de entidades como a Caixa de Aforros Municipal de Vigo (dirixida entón por José Villar, quen sería anos andados alcalde do veciño Nigrán), Foto Iris, Rotulacións Estévez ou Decoracións Ramallosa así como outras entidades que prestaron axuda.

## CONCLUSIÓN

Nos oitenta, Aturuxo foi quen de aglutinar un grupo de xente nova, todos eles con menos de trinta anos e a maioría sen compromiso partidario algún, catalizando as expectativas e ambicións dun cambio de rumbo nun municipio que se resistía a espreguizarse. Con procedencias ideolóxicas diversas confluíron para rivalizar dende a cultura cun poder local asentado nas prácticas caciquís de sempre.

Foi expresión dunha cultura de base na que milleiros de persoas militaron naqueles anos por Galicia adiante, con ilusión por transformar un estado de cousas que arpepiaba, facéndoo con vimbios modestos pero na confiada crenza de achegar autoestima ao país.

Foron pioneiros en moitos aspectos, con capacidade para combinar trazos culturais de diverso signo, permitindo a confluencia do contorno inmediato, o nacional e o internacional. A mestura da inquedanza polo destino cultural de Gondomar e de Galicia coa preocupación polo futuro da humanidade enxergaban o ton da entidade na raíz universalista do galeguismo máis aberto e poñía de manifesto un compromiso infrecuente na época.

O eco e éxito das súas iniciativas permitiron xerar un incipiente movemento que logrou establecer complicidades con outros actores locais -e comarcais- con clara vocación de non perder o tren do cambio que xa se intuía naqueles anos. Con maior ou menor fortuna, as súas actividades permitiron que pasase algo onde nunca pasaba nada... E non era doado naquel contexto onde non existían políticas culturais públicas recoñecidas como tales, a non ser a domesticación (ou no seu caso a liquidación) das iniciativas “incontroladas”.

Aturuxo deixou un pouso en Gondomar que anos andados sitúano como unha referencia obrigada que non debe caer no esquecemento. Hoxe practicamente ninguén sabe o que foi, por iso paga a pena reivindicar o seu berro. É parte desa nosa memoria que a miúdo nós mesmos somos incapaces de celebrar e poñer en valor. En todo temos referentes que procurar.

29 de Maio de 2019





## ***A mobilidade no Val de Miñor medio século despois do suborno co que rematou o cambio de tranvías por buses***

---

**DAVID REINERO**

### **RESUMO**

*En pleno proceso de reestruturación global por parte da Xunta, obrigada polo Tribunal Supremo, das concesións de transporte público interurbano por estrada, o artigo analiza como se produciu en 1968 en Vigo e o Val de Miñor a substitución dos tranvías por autobuses e como se está a xestionar o novo cambio de modelo. Tamén se analiza a relación dos modos de transporte coas infraestruturas físicas que estes empregan e como as decisións políticas que se poidan tomar nun eido repercuten no outro.*

### **ABSTRACT**

*The process of global reorganization implemented by the Xunta in the system of public transport, following directions from the Supreme Court, is studied in the essay, that analyses the substitution of trams with buses between Vigo and Val Miñor in 1968 and gives a view on how the issue is being dealt with now. The article offers an analysis of the means of transport and the infrastructures, as well as of the political decisions that may affect them.*

*En que momento se fodeu a mobilidade no Val de Miñor?*

Si, este é outro artigo máis no que se lembra que o Val de Miñor tivo tranvías que comunicaron os tres concellos entre si e con Vigo. Pero non, este non é o típico artigo que se limite, ao xeito das *Memorias de África* de Karen Blixen e o seu “Eu tiña unha granxa en África”, a lembrar nun estilo morriñento que o Val de Miñor tiña tranvías. Máis ben é un artigo que, ao xeito do Vargas Llosa de *Conversación en la Catedral* e a súa pregunta “¿en que momento se había jodido el Perú?”, intenta pescudar cando se fodeu a mobilidade no Val de Miñor. Non vaia ser que no futuro pensen que ese momento foi 2019.

Posiblemente hai varios momentos clave, pero un deles é sen dúbida a desaparición dos tranvías hai medio século, en 1968, ao tempo en que Vargas Llosa se facía a súa pregunta, nunhas circunstancias de reformulación xeral do sistema de transporte público similares ás que se están a vivir na actualidade, co longo proceso de reestruturación das liñas de autobús e as súas concesións que está a desenvolver a Xunta en toda Galicia. Unha posta a cero do transporte público interurbano que no Val de Miñor pode ser unha oportunidade ou converterse noutro 68 que dentro duns anos nos faga arrepentir de, como nas revoltas do maio francés, non levantar as lastras da rúa para ver se debaixo delas había ou non area de praia. Lembremos na primeira parte deste artigo o que pasou en 1968 antes meternos na segunda parte coa actual situación da mobilidade no Val de Miñor.

## O CAMBIO DE TRANVÍAS POR BUSES E A CONDENA POR SUBORNO

O que pasou en 1968 foi que o Concello de Vigo decidiu que o transporte público urbano debía deixar de ser o “anacrónico” tranvía que durante o anterior medio século viñera prestando servizo tanto na cidade como cara ao Val de Miñor e que o “moderno” era o autobús, en palabras do daquela alcalde Rafael Portanet, no cargo por designación do réxime entre 1964 e 1970. A supresión da rede viguesa de tranvías levou con ela a do Val de Miñor nunha substitución do tren eléctrico polos motores diésel que vista con ollos da humanidade do século XXI que está a sufrir xa o cambio climático aseméllase máis a un tiro nun pé que a un paso adiante dese pé cara á “modernidade” que gababa Portanet.

A ollos da xustiza de hai medio século o que houbo foi outra cousa: un proceso no que a “integridade” de parte dos concelleiros vigueses que o impulsaron quedou cuestionada por un suborno final por parte de Vitrasa, a empresa que se fixera coa nova concesión en substitución dos tranvías.

Segundo o relato que fixo o Tribunal Supremo na súa sentenza condenatoria do 5 de maio de 1972, recuperada do arquivo xudicial por Praza.gal<sup>1</sup> no 50 aniversario da desaparición dos tranvías, os feitos remontanse ao 22 de novembro de 1967, cando o Pleno do Concello de Vigo aprobou as bases do concurso para adxudicar “o servizo de transporte urbano colectivo mediante autobuses e microbuses dentro do casco urbano da cidade; presentándose en tempo hábil oito proposicións”. Nese concurso, a propia Corporación municipal viguesa reservábase a capacidade de adxudicar

puntos que se sumasen á valoración técnica das ofertas, para o que se celebrou un Pleno o 16 de maio de 1968 que acordou adxudicar o servizo a Vitrasa. A estrea dos autobuses pensouse para o outono, “pero o señor Alcalde de Vigo urxiu o acto de inauguración do servizo, polo que houbo de ser anticipado ao 28 de agosto, celebrándose, entre outros actos, un banquete ao que concorreron máis de 300 comensais”, relata a sentenza do Supremo.

Para esas celebracións, di o alto tribunal, o conselleiro delegado de Vitrasa, Juan Gonzalo Álvarez Arrojo, que seguiría a medrar no sector do transporte por estrada nos anos posteriores, tiña previsto “regalar uns obxectos conmemorativos de tal efeméride, a cuxo fin se puxo en contacto cos xoieiros Hernández Hermanos, cos que tratou da confección dunhas placas, bandexas ou cousas similares, con elementos figurativos alusivos ao acto”. Pero ante o adiamento da estrea do servizo decidido por Portanet o responsable de Vitrasa “decidiu transformar os obxectos alusivos en pequenos obsequios ás señoras das personalidades participantes no acto inaugural, a cuxo fin adquiriu na xoiería Hernández Hermanos nos días 23 e 26 de agosto diversas xoias por valor de 169.700 pesetas, que en parte foron repartidas entre os concelleiros procesados nos días inmediatos á inauguración e xunto coa invitación á súa asistencia”. Segundo continúa o relato dos feitos da sentenza do Supremo, varios concelleiros “chegaron a consultar co señor Alcalde” a procedencia de aceptar os regalos, “quen sen tomar decisión algunha manifestoulles que na súa opinión o asunto carecía de importancia”. Os regalos, segundo a sentenza, oscilaron entre un colar de perlas cultivadas de 17.500 pesetas ata unha pulseira de ouro de 5.750 pesetas.

A Audiencia Provincial de Pontevedra xulgou o caso nunha vista oral celebrada o 30 de outubro de 1970 co seu daquela presidente, Mariano Rajoy Sobredo, pai do despois presidente Mariano Rajoy Brey, á fronte do tribunal e actuando como fiscal Cándido Conde-Pumpido Ferreiro, pai de quen logo sería fiscal xeral do Estado entre 2004 e 2012. A Audiencia de Pontevedra deu por probados os anteriores feitos, pero na sentenza que pronunciou catro días despois, o 3 de novembro, considerou que non eran constitutivos de delito. Entre outras cousas, os acusados argumentaran que recibiran os regalos despois da adxudicación, que máis tarde votaran en contra de pretensións da empresa ou que o importe das xoias non era tan alto en comparación cos ingresos que xa tiñan. A Fiscalía recorreu a súa absolución e dous anos máis tarde, en sentenza do 5 de maio de 1972, o Tribunal Supremo si considerou que se producira un delito de suborno.

Para revogar a sentenza previa, o Supremo tivo en conta o tipo de regalos recibidos e que estes se fixeran por seren os agasallados cargos públicos, “pois evidentemente de non ser os procesados concelleiros naquela ocasión do Concello de Vigo nada percibirían”. O Supremo tamén lembraba que non constaba que “persoas distintas dos procesados” percibisen tamén regalos no marco da inauguración do servizo de buses e salientaba “o propio monto dos respectivos regalos, que lonxe de ser iguais, como adoita ser norma cando se trata de puros recordos conmemorativos, están coidadosamente seleccionados cualitativa e cuantitativamente segundo o receptor, o que xa acredita a intención que guiaba ao facelo”. Os dez condenados polo Supremo, entre os que non estivo o alcalde Portanet, foron suspendidos para ostentar cargo público durante dous anos, multados con cinco mil pesetas cada un e tiveron que entregar as xoias para que fosen poxadas por Facenda.

O Supremo non di na súa sentenza que os tranvías desaparecesen porque Vitrasa subornase os concelleiros vigueses, o que podería poñer en cuestión a continuidade da nova concesión dos autobuses (outras firmas intentaron sen éxito que a xustiza tamén revogase a adxudicación e ningún responsable da empresa foi condenado). O que di o alto tribunal é que o feito de que posteriormente os concelleiros aceptasen os regalos da empresa constitúe un suborno pasivo que ataca contra o “halo de integridade e respecto necesarios para non despertar receos e suspicacias” na actuación dos administradores públicos que viñan de impulsar todo aquel proceso de substitución de tranvías por buses.

Haberá quen se pregunte que ten que ver o que pasou cos tranvías hai 50 anos coa mobilidade actual do Val de Miñor. Por unha banda, nunca está de máis lembrar circunstancias que rodearon o gran cambio na mobilidade no Val de Miñor do último século que non adoitan aparecer nos habituais artigos de lembranza morriñenta dos tranvías, que en ocasións parece que marcharan por gusto propio, porque xa lles tocaba morrer, e non froito de decisións políticas. E non, os tranvías marcharon porque responsables políticos decidiron *revolucionar* o sistema de transporte. Salvando as distancias coa diferenza do modo de transporte, as mudanzas no sistema de liñas e paradas que se está a xestar na actualidade podería derivar nunha revolución similar (ou así o queren vender igualmente algúns responsables políticos) ao cambio que supuxo a desaparición daquelas liñas de tranvía.

## AS CONCESIÓNS DOS BUSES

Tras a desaparición da rede de tranvías viguesa e con ela a do Val de Miñor, comezou un progresivo aumento dos servizos de transporte por estrada que anteriormente eran prestados en boa parte de xeito informal, case á demanda. Así como Vitrasa quedou coa concesión do transporte urbano vigués, as liñas interurbanas acabarían sendo xestionadas fundamentalmente polas empresas ATSA e Melytour, a primeira no eixo de comunicación máis costeiro entre Vigo e Baiona e a segunda polo eixo máis interior entre Vigo e Gondomar.

As liñas e paradas de bus foron crescendo ou desaparecendo nas últimas décadas, no Val de Miñor como no resto de Galicia, en función de cambios puntuais de oferta ou demanda pero sen unha planificación xeral que é a que agora quere facer a Xunta no marco da reestruturación global do sistema galego de transporte público interurbano por estrada que se propón ter rematada ao longo de 2020. Unha reformulación que á súa vez vén obrigada por outra sentenza do Tribunal Supremo que en 2016 anulou a decisión do Goberno galego de prorrogar a finais de 2009 as daquela xa obsoletas concesións para evitar a gran reformulación do sistema á que rematou véndose abocada pola xustiza. Isto é, a Xunta está a facer agora obrigada o que non quixo facer en 2009.

Ao remate deste artigo o Goberno galego aínda non tiña pechado o mapa definitivo do novo sistema de transporte no Val de Miñor e en xeral ao sur da cidade de Vigo, polo que os números e datos que se ofrecen a continuación, tirados da exposición pública realizada no verán de 2019<sup>2</sup> dos anteproxectos de transporte, deben ser vistos non como un feito definitivo para un caso concreto senón máis como una visión global



de por onde virán os grandes cambios do novo sistema de buses para reflexionar sobre a mobilidade no Val de Miñor.

De entrada, a Xunta propón para as novas concesións unha duración de 10 anos prorrogables. Unha das principais novidades do novo modelo, en menor medida no Val de Miñor que noutras zonas de Galicia con menos rapazada, e polo tanto con máis prazas dispoñibles nese tipo de buses, será a integración de liñas de transporte escolar co transporte aberto ao público en xeral, reservando para o alumnado unhas 1.800 prazas, concentradas especialmente en Baiona e Gondomar. Ese transporte escolar compartido mellorará en xeral a conexión das parroquias interiores, pero iso si, só en horarios e días lectivos.

No borrador do novo proxecto de transporte exposto ao público no verán de 2019 a Xunta tamén fixou os prezos do billete sinxelo (cun novo sistema de cobro por zonas entre as que se viaxe e non por paradas concretas percorridas como anteriormente) duns 2 euros para as viaxes de Baiona e Gondomar a Vigo, e de 1,50 euros de Nigrán á cidade. Tamén 1,50 euros custarán as viaxes entre os tres concellos da comarca. Eses prezos veríanse reducidos a 1,80 e 1,35 euros respectivamente pagando os billetes coa tarxeta do transporte metropolitano de Galicia, a través da que se aplican outros descontos para determinados colectivos.

Pero a principal preocupación dos usuarios son as paradas, as rutas e os horarios concretos que dean servizo ou non ás necesidades de cadaquén. Sobre a mesa a Xunta tiña desde hai anos diversas reclamacións, probablemente a máis antiga a dos veciños de Gondomar, atrapados entre as dúas concesións existentes de ATSA e Melytour que imposibilitaban viaxar do centro da vila ao centro da cidade. Era un dos mellores exemplos de toda Galicia da evolución irracional das concesións de transporte: a empresa que pode chegar ao centro de Vigo non pode facelo ao centro de Gondomar, e á inversa. Xunto con esa histórica eiva, nos últimos anos foron xurdindo novas necesidades, como a de poder acceder ao novo hospital Álvaro Cunqueiro ou facilitar as conexións directas dos tres concellos co campus universitario das Lagoas-Marcosende.

O novo sistema atende en maior ou menor medida esas e outras reclamacións. Haberá liñas ao campus e o Álvaro Cunqueiro que, saíndo da Guarda, pasen polos centros de Baiona e Nigrán, igual que outra o fará por Gondomar. A parada actual na metade da Gran Vía de Vigo, empregada pola poboación da comarca cuxo hospital de referencia é Povisa, achegárase, segundo os mapas expostos ao público, uns 500 metros cara a ese centro sanitario, reducindo así os desprazamentos a pé. Tamén haberá novos percorridos polo interior do Val de Miñor. Pero o número de servizos e horarios xa foron considerados insuficientes por usuarios e concellos.

As protestas veciñais, a presión política ou mesmo os intereses das empresas aspirantes aos novos servizos (e os seus recursos xudiciais) poderían variar o esquema. Pero de entrada a Xunta xa obviou no seu borrador o polígono de Porto do Molle, para o que, malia o seu progresivo, constante e futuro aumento de actividade tanto industrial como comercial e de servizos, non preveu ningunha parada, remitíndose ás previamente existentes no seu perímetro como a de Ureca na PO-552 ou outras en Camos. Para ese espazo empresarios do Val de Miñor lanzaron unha proposta de concentrar nel as liñas de autobús da comarca e desde alí empregar lanzadeiras aos destinos alleos aos tres concellos. A idea, grazas á acumulación de pasaxeiros, podería facilitar

que se aumentase o número de servizos a determinados lugares aos que a Xunta prevé menos buses, pero a cambio de que os usuarios tivesen que realizar máis transbordos, o que podería acabar repercutindo nos tempos e prezos das viaxes.

Outra das novidades da reorganización do transporte público por estrada que impulsa o Goberno galego é a posibilidade de que os concellos poidan propoñer as súas propias liñas de transporte intramunicipal. Pero o temor ao custo para as arcas locais duns servizos que se temen deficitarios (como todo servizo público, por outra banda) fai que os responsables políticos municipais de todas as cores, como na maior parte de Galicia, opten por centrar a súa iniciativa en reclamar melloras nas liñas da Xunta afastándose eles mesmos do debate sobre a mobilidade nos seus concellos.

En xeral, e á espera da súa concreción final, o novo sistema de autobuses non semella que vaia dar lugar a unha revolución no transporte público do Val de Miñor tan grande, nin para o bo nin para o malo, como supuxo a desaparición dos tranvías hai medio século. Ademais, por moi ben que resulte a reestruturación das liñas de transporte interurbano, o novo sistema quedará coxo mentes o Concello de Vigo siga a obstaculizar a integración desas liñas co transporte urbano a través dun mesmo sistema de pago, coordinación de horarios e paradas.

## AS ESTRADAS QUE HAI E AS QUE VIRÁN

Sen coordinación co transporte urbano vigués, sen ter en conta o novo foco de atracción que xa é Porto do Molle e sen grandes cambios na concepción xeral das liñas preexistentes, o novo plan de transporte da Xunta tampouco ten en conta a interacción das liñas de bus coas infraestruturas que estas empregan.

En ocasións esquecemos, ao apelar á sostibilidade do ferrocarril eléctrico (ou daquel tranvía de hai medio século) fronte ao *contaminante* autobús, que os trens ou tranvías empregan a súa propia plataforma exclusiva, as vías, que non pode empregar ningún outro medio de transporte, o que tamén consume recursos, territorio nese caso. Dito doutro xeito: cabería hoxe novamente un tranvía no Val de Miñor?

Pola contra, os autobuses, ou minibuses, que tamén poden ser eléctricos, e que en todo caso contaminan menos por usuario que un vehículo particular, comparten co resto de automóviles unha mesma plataforma, as estradas, das que temos xa unha ampla rede cuxa sostibilidade ambiental mellorará a medida que avance a electrificación de todo tipo de vehículos.

Pero o novo plan de buses non contempla de xeito expreso a posibilidade de que se constrúan novas infraestruturas polas que se poderían trazar novas liñas de transporte público. Nin que infraestruturas xa existentes poidan ver modificada a súa funcionalidade para ampliar ou restrinxir o tipo de vehículos que as empregan, ou os seus accesos e conexións. A cuestión é relevante no caso do Val de Miñor porque, máis alá de que un ou outro concello decida peonalizar unha rúa ou camiño pola que antes pasaba un bus, ou reducir carrís para facilitar sendas peonís ou de bicicletas, sobre a mesa está desde hai anos a posibilidade de mudar a empregabilidade da Autoestrada do Val de Miñor (AG-57) ou de articular mellor os tres concellos da comarca cunha nova vía de comunicación, a denominada Rolda interior continuidade da planificada

para Vigo. Iso sen entrar en que o crecemento urbanístico dos tres concellos podería provocar a apertura doutras novas rúas, estradas ou espazos urbanizados que poderían verse beneficiados do transporte público.

## A INFRAUTILIZADA AG-57

Comezando pola infrautilizada AG-57, nada prevé o novo plan de transporte sobre posibles novos accesos á autoestrada. Máis alá da case utópica petición de gratuidade dunha infraestrutura cuxa concesión remata en 2045, a administración si ten nas súas mans acordar coa concesionaria a creación de novos enlaces ou bonificacións para mellorar a utilidade para o Val de Miñor dunha vía moi pouco empregada. O novo sistema de autobuses non pasa de propoñer que, fronte ás liñas que viñan operando ata agora que só utilizaban as estradas convencionais, algún dos novos servizos de bus de Baiona e Nigrán ao campus universitario ou o Álvaro Cunqueiro empreguen en parte a autoestrada. Se no futuro esta ten novas conexións que poidan ser empregadas para novos desprazamentos, nada se prevé ao respecto.

A realidade é que actualmente as estradas convencionais do Val de Miñor están ao borde do colapso en verán mentres que a AG-57 está infrautilizada. Así o reflicten as cifras oficiais da Xunta<sup>3</sup>, que ano tras ano veñen ofrecendo crecementos de tráfico nas principais estradas convencionais da comarca moi superiores aos da autoestrada.

Uns datos para comparar: En toda Galicia hai apenas unha ducia de estradas autonómicas convencionais que presenten intensidades medias diarias (IMD) de tráfico superiores aos 15.000 vehículos. Delas, dúas son as dúas principais vías de articulación do Val de Miñor, a PO-552 coñecida como estrada vella Vigo-Baiona e a PO-340 que conecta A Ramallosa con Gondomar. E en verán a ese listado súmase a PO-325 ou estrada pola vía.

A situación na autoestrada é a inversa. A súa intensidade de tráfico en 2018, último dato feito público pola Xunta, no seu punto con máis tráfico, no treito máis próximo a Vigo, entre Vincios e a circunvalación da cidade, era de 11.592 vehículos diarios, cifra por baixo dos 11.615 vehículos rexistrados hai unha década, en 2009, o que reflicte que aínda agora se están a recuperar os niveis previos á crise económica. Como comparación, a AP-9 presenta unhas cifras medias de tráfico de 25.000 vehículos ao día, que se disparan a máis de 50.000 na ponte de Rande. E a outra autovía de titularidade autonómica da área metropolitana, a do Morrazo, ten unha IMD de 16.000 vehículos. Analizando polo miúdo as cifras do tráfico da AG-57, en agosto o tráfico acada un pico de 17.000 vehículos ao día, pero en inverno non pasa de 9.000. Isto é, en verán a autoestrada presenta un tráfico inferior ao que teñen en inverno as principais estradas convencionais da comarca.

Pero eses son os datos da AG-57 en Vincios. No outro punto no que a Xunta mide periodicamente o tráfico, no ramal de saída a Sabarís, a autoestrada foi usada en 2018 por unha media de apenas 2.793 vehículos diarios, cun pico de 5.300 usuarios en agosto e menos de 2.000 en inverno, e cunha lixeira baixada nas cifras totais a respecto de 2017 tras anos previos de modestos incrementos.

Nos últimos anos a Xunta vén implantando diversas medidas para intentar incentivar un maior uso da AG-57, pero sen que ningunha delas tivese ata agora un resultado

tal que se evidenciase nunha mellora palpable da situación de colapso das estradas convencionais. Hai máis dunha década o bipartito de PSdeG e BNG decidiu habilitar a posibilidade de que os enlaces do Val de Miñor inicialmente pensados só para a comunicación da comarca con Vigo servisen tamén para desprazamentos entre os tres concellos. A medida que permite especialmente evitar os atascos que se producen en verán na rotonda da Ramallosa non se reflectiu nun incremento substancial do tráfico.

Tampouco se notou un aumento do tráfico pola seguinte decisión da Xunta, xa co PP, de rebaixar a peaxe un 25%<sup>4</sup> á viaxe de retorno dos vehículos que realicen un itinerario de ida e volta en xornadas laborables pagando con telepeaxe. O desconto chega ao 50% na mesma viaxe de retorno a partir do segundo itinerario de ida e volta no mesmo día laborable.

A terceira decisión, na mesma liña que a anterior, comezou a aplicarse o 1 de outubro de 2019. A Xunta decidiu rebaixar tamén a peaxe un 50% aos usuarios que empreguen a AG-57 entre as 12 da noite e as 6 da madrugada, medida pensada orixinalmente noutras autoestradas para desviar ás horas nocturnas parte do tráfico de mercadorías que habitualmente colapsa esas vías durante o día. A súa aplicación á AG-57 non semella que vaia ter un grande impacto<sup>5</sup> á vista de que segundo as propias cifras oficiais da Xunta nesas seis horas en 2018 empregaron a autoestrada unha media de apenas 296 vehículos ao día. Isto é, ese tipo de redución da peaxe beneficiaría apenas o 2,5% dos usuarios totais da AG-57 en calquera momento. Pero para poder acceder a ese desconto hai que contar ademais con telepeaxe, cuxa implantación en Galicia se calcula na metade dos usuarios das autoestradas, polo que a rebaixa pode que non chegue nin a 150 usuarios ao día, pouco máis do 1% do tráfico total. A medida tampouco suporá un grande alivio para un tráfico pesado que na AG-57 non pasa do 4,5% do total, fronte ao 6,8% de media das estradas galegas.

Ante esta situación, unha das opcións que se podería estudar é a de construír novos enlaces na AG-57 que axuden a retirar vehículos das conxestionadas estradas convencionais e dar máis utilidade á autoestrada. Os accesos e saídas nas vías de altas prestacións teñen condicionada a distancia entre eles tanto por cuestións de seguridade como de operatividade da vía. As aceleracións e deceleracións que requiren as saídas ou entradas supoñen un problema para o resto de vehículos que circulan polas autoestradas a máis velocidade, pero é un problema que se reduce notablemente en vías con tan pouco tráfico como a AG-57. De momento o plan de urbanismo de Baiona, o único concello que conta con ese documento actualizado, xa prevé un novo enlace á altura da Percebelleira, intermedio entre a saída de Sabarís e o remate final da autoestrada en Baredo que podería contribuír a axilizar o tráfico no núcleo urbano. Pero non hai prazo para a súa execución. Tamén existe outro enlace xa construído pero pechado sen uso nin conexión coas estradas da contorna entre Camos e Chandebrito.

## A ROLDA PERIURBANA E O IMPARABLE CRECEMENTO URBANÍSTICO

Sobre a cuestión da Rolda periurbana xa se afondou nesta mesma Revista de Estudos Miñoráns en 2013<sup>6</sup> co gallo da inminencia da construción do polígono de Porto do Molle. Pero non está de máis lembrar aquí algunha daquelas ideas. A vía, de alta

capacidade (que non de altas prestacións, para iso xa está a autovía), foi pensada como unha avenida urbana que articule os camiños e construcións abertos e levantados nas últimas décadas sen ningún tipo de planificación no interior do Val de Miñor e que van seguir proliferando haxa ou non infraestruturas adecuadas para darlles servizo. Contemplada nos plans da propia Xunta, non acaba de concretarse no planeamento urbanístico dos concellos miñoráns, con sucesivos gobernos locais temerosos da protesta social que xeran as expropiacións.

A súa concreción material aínda está lonxe de ser unha realidade. Tampouco é unha necesidade inmediata. Pero a responsabilidade cara ao futuro obriga a comezar a estudar o seu trazado e integralo nos plans de urbanismo municipais para que, cando sexa que se constrúa, resulte o mellor posible ambiental e socialmente. Porque o crecemento urbanístico no interior do Val de Miñor vai seguir producíndose, haxa ou non infraestruturas axeitadas. Canto mellor será que unha gran avenida urbana ordene, a un e outro lado dela, as novas construcións a que estas se espallen de xeito desordenado e consumindo solo por todo o termo municipal.

Iso debiera ser a Rolda, unha nova estrada que ao tempo se integre o mellor posible no territorio e contribúa a ordenar, co reparto de cargas e aproveitamentos, os crecementos urbanísticos espontáneos que hai anos se están a producir no interior dos concellos miñoráns sen poder ser cualificados en ningún momento como asentamentos tradicionais. Unha vía que contribúa a ordenar o urbanismo caótico do que xa non é rural e tampouco consegue ser urbano. Máis tarde ou máis cedo un ou varios dos concellos do Val de Miñor terá unha nova estrada con esas características. Pero o novo plan de buses da Xunta non contempla que poida ser empregada polas novas concesións de transporte público.

## A MOBILIDADE PEONIL E CICLISTA

Malia que a orixe deste artigo é a reformulación das liñas de transporte público lanzada pola Xunta, o seu efecto no Val de Miñor e a súa interacción coas vías para automóviles polas que circulan eses vehículos colectivos, non está de máis dedicar tamén un último apartado para a mobilidade peonil e ciclista. O plan de transporte da Xunta non contempla nin analiza ningunha interacción entre ela e o transporte público, o que non debiera estrañar á vista de que a Xunta carece dunha planificación global da mobilidade peonil nas súas propias estradas, como tampouco a teñen os concellos. Si, cada certo tempo se executa unha senda peonil, ciclista ou compartida ao longo dunha estrada autonómica, e o Goberno galego preséntaa como parte do seu *plan* de sendas peonís para toda Galicia. Pero as características dispares de cada caso, a falta de conexión co resto da rede e a ausencia dunha previsión de futuro que permita a concellos, particulares e mesmo empresas afectadas ou prexudicadas prever que configuración pode chegar a ter unha estrada ou senda nuns anos evidencia a falta de planificación a nivel autonómico.

A recentemente construída senda ao longo da PO-340 entre a Ramallosa e Gondomar, na que non se tivo en conta o traslado dos servizos afectados e cunhas características distintas e difícil conexión tanto coa mobilidade peonil e ciclista entre A Ramallosa e Baiona como entre A Ramallosa e Nigrán, é un dos mellores exemplos



de falta de planificación. Vendo o deseño dese tipo de vías nos últimos anos no Val de Miñor, calquera podería pensar que as súas sinuosas delimitacións, con anchos en función do espazo xa dispoñible, obedecen ao medo das administracións a expropiar terreos privados.

Mentres, os concellos insisten en pensar as infraestruturas peonís con pavimentos de lousas de maior ou menor tamaño. As de pedra, material señorial, caro, semellan adecuadas sen dúbida para os cascos históricos das nosa vilas. Pero as lousas levantan, móvense, rómpense, saen caras. Evidencian a súa ineficiencia a medida que se abandona a contorna urbana e se adentran na interurbana.

Se no 1968 no que comezabamos este artigo se apelaba nas revoltas de París a levantar as lousas para sacar á luz a suposta area de praia que habería baixo delas, hoxe a frase non ten tanto sentido naquela cidade. Boa parte das beirarrúas da capital francesa son de asfalto, pavimento máis barato, uniforme, accesible e sinxelo de reparar. Estaríamos dispostos a unha revolución mental que podería ser máis grande que a do 68 como para non considerar “cutre” o primeiro político local que propoña beirarrúas de asfalto en vez de lousas? En cantas cousas poderíamos gastar o aforrado?

O repaso feito neste artigo a algunhas das principais decisións desde aquel afastado 1968 en materia de mobilidade no Val de Miñor, sen ánimo de ser exhaustivo, pretende ofrecer uns cantos datos e cifras para reflexionar sobre a falta de planificación no tempo por parte das sucesivas autoridades con competencias na materia. Unha situación que podería levar a que dentro duns anos haxa aínda máis dúbidas sobre a resposta á pregunta coa que se iniciaba este texto. En que momento se fodeu a mobilidade no Val de Miñor?

#### NOTAS

- 1 <https://praza.gal/politica/50-anos-do-cambio-de-tranvias-por-buses-en-vigo-cun-suborno-e-con-rajoy-e-conde-pumpido-como-xuiz-e-fiscal>
- 2 [https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/seccion-tema/c/CIV\\_Transporte\\_de\\_viaxeiros?content=Direccion\\_Xeral\\_Mobilidade/Transporte\\_publico\\_Galicia/seccion.html&std=Anteprojectos\\_explotacion\\_Xullo\\_2019.html](https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/seccion-tema/c/CIV_Transporte_de_viaxeiros?content=Direccion_Xeral_Mobilidade/Transporte_publico_Galicia/seccion.html&std=Anteprojectos_explotacion_Xullo_2019.html)
- 3 [https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas?content=Direccion\\_Xeral\\_Infraestruturas/Plan\\_aforos/seccion.html&std=plan-aforos.html](https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas?content=Direccion_Xeral_Infraestruturas/Plan_aforos/seccion.html&std=plan-aforos.html)
- 4 <https://www.autoestradas.com/la-autopista/tarifas-y-descuentos/>
- 5 <https://praza.gal/politica/a-rebaixa-de-peaxes-nas-duas-autoestradas-autonomicas-beneficia-a-menos-do-2-dos-usuarios>
- 6 Reinero, D. *Porto do Molle como Imán: das corredoiras á mobilidade sostible*, Revista de Estudos Miñoráns, número 10/11, 2013.

## *Quenllas na costa, una nova serpe de verán*

---


**Alfredo López**

### RESUMO

*O incremento nestes últimos veráns de avistamentos de quenllas nas costas de Galiza dá pé a facilitar información sobre as especies de seláceos rexistradas na nosa beiramar, posibles explicacións do fenómeno, e consellos sobre actuacións en caso de encontros con animais vivos ou varados.*

### ABSTRACT

*The growth of the number of blue sharks in the Galician coasts offers information about the different species that are seen and registered in our area, possible explanations for this phenomenon and useful advice on how to act in the case of finding one of these animals.*



Nos últimos veráns están acontecendo varios fenómenos costeiros que non eran coñecidos en anos anteriores, como: un aumento do turismo, maior número de vehículos asolagados pola marea, unha maior temperatura das augas, mais entre todos eles destaca o aumento dos avistamentos de quenllas nos areais, concretamente a especie *Prionace glauca*, sendo rexistradas por toda a costa galega occidental. Hai que apuntar que a palabra **quenlla**, na Galiza, ten dúas acepcións: a primeira (s.f.) peixe condrictio selácio, como xenérico para todas as especies, e a segunda (s.f.) como referido a unha especie concreta (*Prionace glauca*) (DACOSTA & LÓPEZ, 2018).

Trátase de exemplares xuvenís de 50-70 cm de lonxitude que se achegan a augas pouco profundas a alimentarse. Este fenómeno relativamente recente, xa vén acontecendo dun xeito extensivo dende hai 5 ou 6 anos, é novedoso e semella en aumento.

Nas costas de Galiza hai rexistradas case corenta especies de seláceos (SOLÓRZANO, 1988; BAÑÓN & AL., 2010), quenllas en xenérico. A maioría viven nas augas abertas oceánicas, dende a pequena **Gata común** (*Etmopterus spinax*), que vive a grandes profundidades, ao xigante **Momo** (*Cetorhinus maximus*), que cos seus máis de oito metros é filtrador. Nas Rías poden atoparse: o **Cazón** (*Galeorhinus galeus*), o **Melgacho** (*Scylliorhinus canicula*) e a **Patarroxa** (*Scylliorhinus stellaris*). Agora tamén a **Quenlla**, *Prionace glauca*, estacionalmente, na época de verán-outono.

Non foron identificadas outras quenllas vivas preto da costa, nin de especies diferentes, nin de tamaños maiores. Foron rexistrados, iso si, algúns outros exemplares varados mortos, posiblemente resultado de descartes, pois eran quenllas de profundidade.

### Cal sería a explicación?

As posibles causas da presenza masiva de exemplares xuvenís de quenllas (*P. glauca*) nas augas costeiras poden ser:

- A procura de alimentación nestas augas, aínda que a presenza de presas habituais para esta idade é pouco frecuente durante a maioría dos veráns, o que parece contradicir esta hipótese.

- As anomalías oceanográficas, o aumento da temperatura da auga preséntase como a principal causa da presenza, na costa de Galiza, de peixes infrecuentes e raros de diverso tipo. A temperatura do mar sufriu un aumento obxectivo nas últimas décadas acompañado dunha diminución na extensión e intensidade do afloramento, responsable da presenza de augas superficiais costeiras máis frías no verán. Esta conxunción, que aumenta aínda máis a temperatura superficial mariña, pode estar relacionada co incremento de exemplares xuvenís de quenllas na costa (BAÑÓN & AL., 2016).

Non se coñecía un fenómeno semellante noutra parte do mundo, ao menos dun xeito tan intenso, con excepción da costa canadiana. En Halifax (CTV News Atlantic) os científicos están desconcertados cun suceso semellante que leva acontecendo dende hai uns anos. Non lle atopan outra explicación que a reordenación oceánica a causa do incremento de temperatura das augas. A investigación está en proceso, igual que aquí.

### **Onde viven as quenllas?**

Viven en todos os océanos, no Océano Atlántico oeste, dende Noruega a Sudáfrica. Os machos e as femias adultos atópanse ao redor de 32°-35° N na primavera e verán, onde se aparean, cunha ampla tolerancia térmica, entre 8 e 27 ° C. Mais, os xuvenís prefiren un rango de temperatura moito máis estreito, de 13-18 ° C (COELHO & AL. 2017; MEJUTO & AL., 2014; NAKANO & STEVENS. 2008; VALEIRAS & ABAD, 2009). Un desprazamento cara ao norte da área de cría ou da área de recrutamento, zona onde se xuntan os xuvenís, podería explicar este suceso. En comparación con outras especies de escualos, a quenlla é moi produtiva e pode acadar niveis moi altos de abundancia local. Os eventos de alta concentración de xuvenís poderían ampliar a área habitual de recrutamento, desprazándoa a zonas máis preto da costa.

### **Vulnerabilidade dos xuvenís**

A proximidade de xuvenís á costa fai que sexan altamente vulnerables. A presenza de agregacións xuvenís localmente supón un perigo para a especie a causa de: varamento de exemplares coa baixamar, capturas accidentais secundarias en aparellos de pesca artesanal, capturas en pesca deportiva, entrada en portos e augas de baixa calidade, manipulación por parte de bañistas.

Foron observados mortos, tan só no mes de agosto, o 50 % dos rexistros de exemplares rexistrados nas praias, un total de 50, mais seguramente é unha pequena proporción dos exemplares vivos e presentes ao longo da costa (CETBASE da Rede de varamentos de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Natural-CMA-Xunta de Galicia-CEMMA).

### **Manexo**

Os xuvenís de quenlla son inofensivos e non van achegarse a nada vivo que sexa máis grande ca eles, mais hai que manter sempre precaución, deixalos tranquilos se se achegan á beira do mar, devolvelos ao mar, se varan vivos, colléndoo cunha toalla e non pola aleta caudal para evitar que se revolvan e causen lesións.

Caso de achegarse moitas quenllas a un areal, alertade sempre os socorristas e permanecede atentos ás súas indicacións, se o consideran, evacuarán a beira do mar como prevención. Sabemos que non hai perigo, mais tampouco se poden arriscar a que haxa

calquera problema imprevisto. Eles son os profesionais xestores da seguridade no areal e a nosa obriga é atender ás súas indicacións.

### Protocolo de actuación

Alertar sempre do que se observa: 112 (chamada gratuita) ou ao teléfono da Rede de Varamentos de Galiza, xestionada pola CEMMA, mediante chamada ou whatsapp con foto (686989008), ambos activos 24 h. É importante facer seguimento de onde se atopan para avaliar ou prever situacións de risco e alertar simultaneamente os socorristas se están na praia.

Se o exemplar está varado morto, facer foto xeral e foto ventral, medilo a pés (un tras outro) e trasladar número de pés e número de calzado. Nas praias moi concorridas, se é posible, retíralo a un contedor de lixo, caso de que se indique que non pode ser recollido polo equipo científico, sobre todo para evitar duplicidade de rexistros.


Se está varado vivo collelo cunha toalla e devólvelo ao mar.

Se entra nunha liña, libéralo vivo, con coidado.

### Sensacións

Cabe a posibilidade de que a variación dun grao (1°C) na temperatura ambiental, máis ou menos, non supoña cambio ningún para as persoas humanas, nin nos preocupe nin moito nin pouco, mesmo a pesar da alegría de quen diga que así, non sei que vantaxes temos a efectos do baño, turismo, etc. Mais se esta situación introduce na nosa vida unha palabra como **escualo** (seláceo, quenlla) a mente da xente trastorna, pois o que vén ao seu imaxinario é terrible, horroroso, incerto, insoportable.

Aínda é cedo para saber se a costa de Galiza pode ser considerada como unha área de cría para a quenlla, fai falla recompilar máis información científica durante





tempo, mais todo apunta a que o fenómeno se vai repetir nos anos vindeiros. Cómpre informar e divulgar, tranquilizar os usuarios e aprender a conviver, unha vez máis, coas consecuencias do cambio climático planetario.

Se cadra, cando a humanidade desapareza por mor da mala xestión do planeta, as quenllas seguirán, quizais unha delas coa súa memoria de peixe lembre como de pequena unha man amiga a apañou no areal e a devolveu ao océano. Será a última lembranza dunha especie que un día invadiu a Terra toda.

## BIBLIOGRAFIA

- BAÑÓN, R., VILLEGAS-RÍOS, D., SERRANO, A., MUCIENTES, G., e ARRONTE, J.C. (2010): Marine fishes from Galicia (NW Spain): an updated checklist. *Zootaxa* 35(3): 262-264 Disponible en Internet [Consultada 12/11/2019]: [https://www.researchgate.net/publication/222743310\\_Marine\\_fishes\\_from\\_Galicia\\_NW\\_Spain\\_An\\_updated\\_checklist](https://www.researchgate.net/publication/222743310_Marine_fishes_from_Galicia_NW_Spain_An_updated_checklist)
- BAÑÓN, R., MAÑO, T. e MUCIENTES, G. (2016). Observations of newborn blue sharks *Prionace glauca* in shallow inshore waters of the north-east Atlantic Ocean. *Journal of Fish Biology* 89(6) Disponible en Internet [Consultada 12/11/2019]: [https://www.researchgate.net/publication/305689998\\_Observations\\_of\\_newborn\\_blue\\_sharks\\_Prionace\\_glauca\\_in\\_shallow\\_inshore\\_waters\\_of\\_the\\_north-east\\_Atlantic\\_Ocean](https://www.researchgate.net/publication/305689998_Observations_of_newborn_blue_sharks_Prionace_glauca_in_shallow_inshore_waters_of_the_north-east_Atlantic_Ocean)
- COELHO, R., J. MEJUTO, A. DOMINGO, K. YOKAWA, K. LIU, E. CORTÉS, E.V. ROMANOV, CH. DA SILVA, F. HAZIN, F. AROCHA, A. MASAWBI MWILIMA, P. BACH, V. ORTIZ DE ZÁRATE, W. ROCHE, P.G. LINO, B. GARCÍA-CORTÉS, A.M. RAMOS-CARTELLE, R. FORSELLEDO, F. MAS, S. OHSHIMO, D. COURTNEY, P. S. SABARROS, B. PEREZ, C. WOGERBAUER, W. TSAI, F. CARVALHO e M.N. SANTOS (2017): Distribution patterns and population structure of the blue shark (*Prionace glauca*) in the Atlantic and Indian Oceans. *Fish and Fisheries* 2017: 1-17. Disponible en Internet [Consultada 12/11/2019]: [https://www.researchgate.net/publication/318706971\\_Distribution\\_patterns\\_and\\_population\\_structure\\_of\\_the\\_blue\\_shark\\_Prionace\\_glauca\\_in\\_the\\_Atlantic\\_and\\_Indian\\_Oceans](https://www.researchgate.net/publication/318706971_Distribution_patterns_and_population_structure_of_the_blue_shark_Prionace_glauca_in_the_Atlantic_and_Indian_Oceans). CTV News Atlantic.: <https://atlantic.ctvnews.ca/researchers-get-youth-involved-as-they-tag-blue-sharks-off-halifax-1.4566303> [Consultada 12/11/2019].
- DACOSTA, M e LÓPEZ A. (2018): *Léxico mariño*. CEMMA, 83 páx. Disponible en Internet: <https://www.dropbox.com/s/l1arac0789mdd8q/LEXICO-CEMMA-2018.pdf?dl=0>
- NAKANO, H. e J. D. STEVENS (2008): The biology and ecology of the Blue Shark, *Prionace glauca*. pp in CAMHI, M. D., E. K. PIKITCH AND E. A. BABCOCK, eds., *Sharks of the Open Ocean: Biology, Fisheries and Conservation*: 140-151, Blackwell Science, Oxford. Disponible en internet [Consultada 12/11/2019]: [https://www.researchgate.net/publication/230318937\\_The\\_Biology\\_and\\_Ecology\\_of\\_the\\_Blue\\_Shark\\_Prionace\\_Glauca](https://www.researchgate.net/publication/230318937_The_Biology_and_Ecology_of_the_Blue_Shark_Prionace_Glauca)
- MEJUTO, J., GARCÍA-CORTÉS, B., RAMOS-CARTELLE, A. & ABUIN, E. (2014). Note on the observation of recruits of blue shark, *Prionace glauca*, in near coastal ar-

- eas of Galicia (NW Spain) during the summer of 2013. SCRS/2013/170 *Collect. Vol. Sci. Pap. ICCAT*, 70(5): 2452-2461. Disponible en Internet [Consultada 12/11/2019]: [https://mafiadoc.com/scrs-archimer\\_5a3738941723dd497c3696da.html](https://mafiadoc.com/scrs-archimer_5a3738941723dd497c3696da.html)
- SOLÓRZANO, M.R.; RODRÍGUEZ, J.L.; IGLESIAS, J.; PEREIRA F.X.; ÁLVAREZ, F. 1988. *Inventario dos peixes do litoral galego*. Seminario de Estudos Galego. Ed. Do Castro. 69 páx.
- VALEIRAS J & E ABAD. 2009. *Manual de ICCAT*. International Commission for the Conservation of Atlantic Tuna. In: ICCAT. [Consultada 12/11/2019]: [https://www.iccat.int/Documents/SCRS/Manual/CH2/2\\_2\\_1\\_1\\_BSH\\_SPA.pdf](https://www.iccat.int/Documents/SCRS/Manual/CH2/2_2_1_1_BSH_SPA.pdf)

## O cambio climático, o mar e o Val de Miñor

---

ELENA OJEA

*Agradezo a tódolos membros do grupo Future Oceans Lab da Universidade de Vigo pola investigación e traballo que deu lugar ao coñecemento que sintetizo no artigo. Tamén agradezo ao proxecto do ERC CLOCK (GA-679812), e ao GaiN-Xunta de Galicia e Consellería de Educación (2016-00129) polo soporte económico da investigación do grupo.*

### RESUMO

O cambio climático é un fenómeno global con importantes impactos nos océanos. Neste artigo reviso a evidencia científica internacional para amosar de que xeito os recursos mariños do Val de Miñor poden verse afectados polo mesmo. A través de exemplos e ilustracións amoso a estreita relación do mar coas persoas, que resulta necesaria para poder entender e afrontar os impactos do cambio climático e desenvolver medidas de adaptación a nivel local.

### ABSTRACT

Climate change is a global phenomenon with major impacts on the oceans. In this article I review international scientific evidence on climate change impacts to illustrate how marine resources in Val de Miñor can also be affected. With different examples, I show the close relationship of the sea with coastal livelihoods, which is necessary to understand in dealing with the impacts of climate change and in order to develop adaptation measures at the local level.

Esta calor non é normal, nunca choveu tanto en agosto, vén outra cicloxénese explosiva. A diario facemos e escoitamos comentarios sobre o tempo, cada vez cunha preocupación máis forte, quizais con certa incredulidade, e cunha sensación de deriva cara á calamidade. Que cada onda de calor, cada descarga de auga torrencial, ou que cada marusía sexa un presente recordo do noso impacto ambiental non é doado de asimilar. Non obstante a ciencia ten avanzado tanto nas últimas dúas décadas, que no presente é capaz de atribuír moitos fenómenos e cambios no clima ao efecto invernadoiro de orixe humana. Isto é, dende hai décadas, a actividade humana como o transporte, a industria, a produción de enerxía ou a agricultura está a producir un aumento exponencial de certos gases na atmosfera. Estes gases alteran o equilibrio químico e o balance de enerxía, de forma que a atmosfera non pode reflectir tanta calor de volta e prodúcese o chamado efecto invernadoiro. Estes gases son ben coñecidos, o CO<sub>2</sub> ou o metano, por exemplo; sobre eles cae o peso dos impactos do cambio climático. Sabemos tanto da causa humana do cambio climático, que ata podemos escoller un número, digamos 2 graos, e acordar un nivel de emisión de gases de efecto invernadoiro que nos leve a un aumento medio da temperatura a fin do século con ese valor. Disto tratan as negociacións internacionais do clima, e por este acordo tácito de achegarse a un límite de aumento de temperatura, moitos (aínda que non todos) países comprométese a reducir as súas emisións. Mentres que o Acordo de París busca manter a subida media da temperatura do planeta cara ao final deste século en 2 graos, recentemente un informe especial do IPCC (Panel inter-gobernamental da ONU sobre Cambio Climático) amosou os beneficios de reducir as emisións para acadar un obxectivo máis ambicioso, chegar a 1,5 graos de aumento, demostrando o custo de pospoñer as decisións políticas e de non ser suficientemente ambiciosos.

Isto pasa no mundo, pero que pasa no Val de Miñor? Se ben non somos coñecidos por ningunha catástrofe ambiental ou por cambios drásticos xa atribuídos ao cambio climático, podemos esperar certas tendencias que van acontecer na nosa rexión. Men-



**Figura 1. Ciencia, acordos e iniciativas na loita contra o cambio climático.** De arriba abaixo e esquerda dereita; foto da primeira reunión de autores do sexto informe do IPCC no que participei; informe dos impactos e adaptación nun aumento de 1.5 graos; Acordo de París de 2 graos de aumento; Pacto dos alcaldes polo clima.

tres que a nivel global o efecto do cambio climático de orixe antrópica é inequívoco, cando baixamos a unha escala local como a nosa comarca tanto a atribución como a predición dos impactos do cambio climático tórnase máis complicadas. Por exemplo, mentres que globalmente a temperatura media da auga superficial no mar aumenta, hai rexións onde o efecto pode ser o contrario de forma local, e observarse unha diminución. Do mesmo xeito, mentres que a nivel global ou rexional sabemos que a intensidade e frecuencia de tormentas no mar vai en aumento, predicir onde e cando terán lugar eses episodios extremos ten asociado un grado de incerteza tal que non nos permite facer predicións a nivel local. Polo tanto, no que segue de texto falaremos das tendencias rexionais do cambio climático, e de como estas tendencias observadas poden afectar ao futuro do medio mariño e os seus beneficiarios no Val de Miñor. Centrémonos no mar por varios motivos. Por unha banda, os océanos teñen moita importancia na regulación do clima do planeta, absorbendo carbono da atmosfera e regulando a temperatura. Por outra banda, os océanos e sobre todo as augas costeiras dan soporte a multitude de actividades e formas de vida en todo o mundo. Sen ir tan lonxe, o mar dá xeito á nosa terra, e dá vida á nosa comarca.

## 1. O CAMBIO CLIMÁTICO E NÓS

Coñecendo o estreito vínculo entre as nosas accións, as metas políticas e o cambio climático, cómpre afondar no estado da cuestión para situarnos. Agora que os efectos do cambio climático son visibles e contemporáneos, e dado o letargo político internacional na resposta ás primeiras evidencias e predicións, Europa mira con urxencia ao 2030 e propón cambios moi substanciais. Para o fin da década que proximamente comeza, quérese acadar alomenos un 40 % de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro na Unión Europea (respecto ao nivel de 1990), con polo menos 27% de enerxías renovables. Galiza presenta este outono a súa estratexia de cambio climático cun obxectivo algo diferente: a neutralidade climática. Noutras palabras, emitir tantos gases de efecto invernadoiro como os que a nosa rexión sexa capaz de absorber. De xeito paralelo, concellos galegos téñense sumado ao pacto polos alcaldes do clima, unha iniciativa europea promovida pola Xunta para acadar compromisos de redución de 40 % nas emisións locais para o 2030. Neste pacto non están os concellos do Val de Miñor, pero si está por exemplo A Guarda e outros 150 concellos galegos. Todo isto acontece no marco global onde dende a firma do acordo de París no 2016 os países asinantes teñen como límite un aumento da temperatura media do planeta por debaixo dos 2 graos, nun proceso de revisión de emisións que terá lugar cada 5 anos dende o 2021, e no que se levará unha comprobación do progreso nas reducións dos países (proceso coñecido como global stockage).


Este esforzo colectivo non tería acontecido sen os avances científicos en materia de cambio climático. A comunidade internacional de científicas e científicos catalizados pola ONU presentou de forma sintética e precisa o grao de coñecemento sobre o fenómeno do cambio climático. Dende a creación do grupo de expertos do IPCC véñense publicando periodicamente informes sobre a ciencia do cambio climático, que están tendo un impacto relevante na evolución dos acordos internacionais de clima, coas súas repercusións nacionais e locais. Os informes do IPCC deben ser neutrais con res-



pecto á toma de decisións, aportando datos e avaliacións, considerando os feitos científicos, datos técnicos e socioeconómicos que obxectivamente sexan relevantes para a aplicación de políticas. Como exemplo da repercusión destes documentos, recordar que o cuarto informe do 2007, gañador no Nobel, foi o catalizador do protocolo de Kioto. O quinto informe, de 2014, xerou o acordo de París xa comentado. Eu agora teño o privilexio de formar parte do novo equipo de científicos que elaboran o sexto informe, que será publicado no ano 2022, e que se espera teña un impacto importante a nivel internacional con novos compromisos de redución e resultados na loita contra o cambio climático (Figura 1).

Xa presentada a relación causa efecto da nosa actividade e o cambio climático, imos revisar as consecuencias que este cambio está a ter en Galiza nas últimas décadas. A nosa rexión, o mesmo que o resto do mundo, viu cambios nas temperaturas medias e frecuencia e intensidade de eventos extremos como temporais e ondas de calor. A temperatura media anual en Galiza aumentou de xeito paralelo ao resto da península, uns 0,20 graos por década (EGCCE, 2019). Observouse tamén un aumento das temperaturas máximas, con máis episodios de extremos cálidos pero menos de extremos fríos, acompañado de menos xeadas (CLIGAL, 2005). No eido das precipitacións, non está clara a tendencia pero si se demostra un aumento dos episodios de choiva intensa en Galiza (EGCCE, 2019).

Para falar do futuro impacto do cambio climático falamos de escenarios de emisións, que dependen das metas de redución acadadas a nivel global. Para Galiza, un escenario no que se cumpra o acordo de París suporá un aumento da temperatura media na nosa rexión para fins de século de 2 graos, pero este aumento pode chegar aos 4º nun escenario onde continúe a tendencia actual de emisións (Xunta de Galicia, 2016). As ondas de calor tamén aumentarán, especialmente no escenario máis forte de emisións, onde para o sur de Galiza se espera que estes episodios aumenten na súa



**Figura 2. Contribución dos sectores económicos á emisión de gases de efecto invernadoiro en Galiza.** O tamaño do recadro representa a contribución do sector en termos de % das emisións totais en Galiza. A categoría Outros (13 % das emisións) inclúe maquinaria agrícola, residuos de todo tipo e vertedoiros, maquinaria móbil industrial, tráfico aéreo nacional (0,4 %), disolventes e fertilizantes, tráfico marítimo, motos e ciclomotores (0,3 %), ferrocarrís, e outros. Figura elaborada a partir de datos da EGCCE (2019).

duración arredor de dous días máis que agora por evento, e no escenario de maiores emisións espérase un aumento de días cálidos ao longo do ano do 45% respecto á frecuencia actual (Xunta de Galicia, 2016). Na precipitación en Galiza está proxectado un descenso anual na costa entre o 5-10 % chegando ata 35 % de descenso nas precipitacións no verán (Xunta de Galicia, 2016; EGCCE, 2019). Nos eventos extremos, o último informe do IPCC sobre océanos proxecta nas nosas costas un cambio na frecuencia de eventos extremos alarmante, onde os episodios extremos que agora acontecen unha vez cada 100 anos, poderán pasar a ter unha frecuencia anual a partir do 2050.

Como evolucionen estas tendencias depende do acordo de redución de emisións que se acade a nivel internacional, así como das iniciativas locais e rexionais de redución de emisións. Galiza aporta o 8,6 % das emisións en España, sendo a cuarta comunidade autónoma en nivel de emisións. Esta aportación supón o 0,6 % das emisións en Europa, dentro dunha contribución española en Europa do 7,5 % (EGCCE, 2019). Galiza é das poucas comunidades que ten baixado as emisións dende o ano 1990 que se emprega como referencia para os obxectivos de redución, se ben esta diminución tan só é do 4,7 % e está ben lonxe da media de 40 % de descenso requirido para o total da UE que comentabamos ao inicio do artigo. Se collemos o ano 2005 como referencia, Galiza diminuíu as emisións nun 23%, o que ilustra un maior esforzo na última década que ten que seguir se queremos acadar as metas internacionais. Cómpre resaltar que o cambio climático é un problema ambiental coa complexidade da independencia espacial da causa e o efecto, é dicir, que Galiza diminúa as súas emisións non quere dicir que non sufra os peores impactos, ao mesmo tempo que pode que Galiza non se comprometa e sufra impactos máis leves que noutras localidades que non contaminan. Esta desigualdade fai ao cambio climático culpable dunha crise na equidade e xustiza entre países e os seus compromisos. En xeral, acontece que as emisións concéntranse nos países máis desenvolvidos e en crecemento económico, incluíndo Norte América, Europa e China, mentres que o nivel de impacto e a vulnerabilidade é moito máis grande en países en desenvolvemento, sobre todo nos trópicos, en todo África e nos pequenos illas-estado. Este feito coñécese como a xustiza climática, na que se apela á responsabilidade histórica dos países ricos para que adquiren un compromiso máis grande que outros países con déficit de desenvolvemento para reducir as emisións a nivel global. A exposición aos impactos e a vulnerabilidade varían no tempo e no espazo segundo os factores sociais, económicos, culturais e de goberno asociados ás distintas comunidades e territorios.

A contribución galega ás emisións procede de diferentes fontes, sendo a produción de enerxía con termoeléctrica de uso público a fonte principal, co 34 % da emisión de gases de efecto invernadoiro na nosa comunidade (EGCCE, 2019). Non obstante, o peche da central térmica das Pontes vai reducir substancialmente esta contribución, xa que contribúe a esta alta porcentaxe xunto ás centrais de Sabón e Meirama (EGCCE, 2019). A esta actividade económica séguelle o transporte de turismo (12 %) e a actividade industrial (9 %) (EGCCE, 2019). A través das actividades emisoras de gases de efecto invernadoiro vemos clara a contribución directa a través da nosa mobilidade e consumo de enerxía (Figura 2). Así pois, a nivel local e para reducir a nosa pegada ao cambio climático cómpre un compromiso político, individual e colectivo cos obxectivos e iniciativas de redución de emisións fixados por Europa. Por exemplo demandando e consumindo enerxías producidas de xeito limpo e renovables, así como

o compromiso cun transporte sostible de turismos, facilitado por unha oferta pública competitiva para a mobilidade no Val de Miñor.

## 2. O CAMBIO CLIMÁTICO E O MAR

O medio mariño ten especial relevancia no cambio climático pois os océanos regulan o clima do planeta e ademais absorben a meirande parte dos gases de efecto invernadoiro que enviamos a atmosfera, como o CO<sub>2</sub>. A pesar desta capacidade, xa podemos observar numerosos impactos no mar, e moitos deles afectan á pesca, aos medios de vida da xente que depende do mar, e como consecuencia á nosa cultura e identidade. Esta sección describe sinteticamente os mecanismos polos cales o medio mariño se ve afectado polo cambio climático.

O cambio climático está repercutindo directamente na química e nos procesos biofísicos dos océanos. Os cambios máis importantes acontecen no aumento da temperatura da auga, o proceso de acidificación do océano, o aumento de eventos extremos no mar, e o paulatino aumento do nivel do mar. Estes cambios están a ter consecuencias a nivel biolóxico, afectando as comunidades de especies mariñas e os ecosistemas (Figura 3). Por exemplo, estase observando un cambio na distribución de especies mariñas cara aos polos, coas consecuentes invasións e perda de hábitats como arrecifes de corais temperados, un aumento da mortalidade nalgúns especies (e aumento doutras) e cambios temporais na bioloxía das especies (Figura 3). Estes cambios afectan as actividades mariñas como a pesca, na que a flota ten que desprazarse máis lonxe ou cambiar as especies obxectivo, afrontar un maior risco no mar vencellado aos eventos extremos, e afrontar un cambio na composición das capturas. É importante recoñecer esta cadea de impactos dende o nivel físico e químico ata o biolóxico, o socioeconómico e o cultural. Acontece que esta relación non é lineal e moitas veces os efectos son sinérxicos ou se contrarrestan, e moitas outras veces vense afectados por outros impactos como a contaminación ou a sobre pesca. O grao de incerteza que ten a ciencia para atribuír estes impactos ao cambio climático diminúe conforme nos achegamos aos impactos nas persoas, se ben isto non ten por que ser un freo á resposta institucional, e temos exemplos dabondo que demostran a causa inequívoca do cambio climático de orixe humana nos impactos comentados aquí. Un enfoque preventivo require que os gobernos aborden os impactos socioeconómicos do cambio climático a pesar do grao de incerteza asociado a eles. A continuación describo estes impactos a nivel xeral.


### **Aumento da temperatura da auga do mar**

O cambio climático está a producir un incremento medio da temperatura superficial do mar de 0,7 °C, con referencia aos niveis pre-industriais (Barange et al., 2018). Esta cifra pode semellar pequena pero é máis que a variabilidade estacional de temperaturas da auga en rexións como os polos ou os trópicos. Espérase que este aumento sexa continuado no futuro e siga afectando a augas superficiais e profundas (SROCC, 2019). En Galiza obsérvase un incremento da temperatura da auga de 0,2°C por década, e os modelos de predición cara ó fin de século apuntan un incremento entre 1 e 3°C, dependendo do escenario de emisións (CLIGAL, 2005). A medida que o quentamento continúa, as especies mariñas adáptanse desprazándose cara a latitudes e

profundidades que manteñan os seus rangos vitais de temperatura do mar (Poloczanska et al., 2016). Exemplos destes desprazamentos en Europa son o bacallau, a sardiña ou a pescada (Figura 3). Outras especies non obstante non son quen de desprazarse e se non adaptan os seus procesos vitais ás novas condicións, poden chegar a extinguirse localmente. Cando as especies que desaparecen son formadoras de hábitat, como as pradarias mariñas ou determinadas algas de rocha, entón o hábitat pode tamén desaparecer e causar importantes repercusións ecolóxicas e socioeconómicas. Un exemplo ben coñecido deste fenómeno é o embranquecemento do coral que ten lugar de xeito cada vez máis frecuente nos arrecifes do Caribe ou de Australia. En Galiza os corais son temperados e aínda que sofren impactos menos drásticos, tamén se ven afectados polos cambios de temperatura do mar. Nas nosas augas, hai tempo que se veñen observando especies novas, que proveñen de augas máis quentes e tropicais (Bañón et al. 2019), tanto zooplanko como peixes. Ao mesmo tempo, a flota pesqueira industrial percibe estes cambios de distribución nas súas especies obxectivo, sendo afectada polas barreiras institucionais e reguladoras existentes, non chegando en ocasións a alcanzar os límites europeos de pesca.

### Ondas de calor

No presente estase demostrando a atribución de episodios de ondas de calor ao fenómeno do cambio climático antropoxénico, e a ciencia ten avanzado enormemente



**Figura 3. Impactos do cambio climático no ecosistema mariño.** Amósanse impactos na distribución, fenoloxía, abundancia e acidificación nas especies mariñas. Distribución de macroalgas (1) e de sardiñas e outros peixes cara a augas máis frías (2). Cambio nos ciclos temporais das especies ou fenoloxía, por exemplo a migración dos atúns (3), a floración de fanerógamas mariñas (4), ou o ciclo reprodutor de bivalvos como a ostra (5). Cambios en abundancia como o aumento de abundancia en especies coma o ourizo (6); ou os cambios de especies de augas cálidas aumentando a poboación nas nosas augas, mentres especies de auga fría tómanse menos abundantes (7). Acidificación que afecta a como medran os mexillóns (8).

nos últimos anos neste eido. A intensidade e frecuencia das ondas de calor está aumentando en todo o mundo, con implicacións na mortalidade biolóxica pero tamén con efectos directos sobre a saúde das persoas. En Galiza, esta tendencia estase a observar e a comunidade científica tamén está estudando o impacto da calor continuada nas especies de importancia para o marisco (MARISCO, 2018). Especies de ameixas locais como a fina e a babosa son moi sensibles ás ondas de calor e episodios severos poden causar a morte nestas especies tan importantes a nivel de ría. O informe do CLIGAL concluía hai uns anos que o aumento da temperatura está a ter efectos sobre especies como os mexillóns a través do incremento de algas nocivas, na diminución das capturas de polbo, ou na flutuación da sardiña (CLIGAL, 2005).

### **Eventos extremos**

Outro impacto importante do cambio climático no mar é o aumento de temporais e de episodios de intrusión do mar na costa. Estes fenómenos acontecen polo efecto sinérxico do aumento paulatino do nivel do mar, pola fusión dos casquetes polares e a expansión térmica dos océanos, coa maior frecuencia e intensidade de tormentas. Estes eventos teñen impactos directos na infraestrutura costeira e na seguridade no mar, tanto para a pesca como para o transporte marítimo e o turismo. A meirande parte dos impactos na costa prodúcese no amarre da flota, nos paseos e estradas costeiros, mentres que, como consecuencia de inundacións, os impactos poden afectar río arriba e inundar terreos urbanos (EGCCE, 2019).

### **Acidificación do mar**

O aumento na absorción de CO<sub>2</sub> en augas mariñas está causando un desequilibrio químico que provoca unha baixada de pH na auga, o que se coñece como acidificación. Sábese que os océanos capturaron entre o 20 e o 30 % do CO<sub>2</sub> que temos emitido a atmosfera dende os anos 80 (SROCC, 2019). Trátase dun fenómeno global que afecta principalmente as especies calcáreas como moluscos, algas calcáreas e corais. Espérase que os impactos da acidificación sexan maiores en zonas temperadas e de surxencia de auga (upwelling), como Galiza. De feito, en Galiza obsérvase un descenso do pH de 0,35 unidades, con impactos como o desenvolvemento larvario, a fecundación ou a calcificación ou creación de cunchas nos bivalvos incluíndo os comerciais como o mexillón (Figura 3) (CLIGAL, 2005).

### **Aumento do nivel do mar**

Os refuxios máis fríos do planeta son as rexións que teñen cambios máis drásticos no mar debido ao desxeo, incluíndo cambios na capa de xeo no ártico e a diminución da masa dos glaciares. Como consecuencia deste desxeo, e unido á expansión térmica no océano, o nivel do mar ten aumentado 0,16 metros dende niveis pre-industriais (1902-2015) (SROCC, 2019). O desxeo é un claro exemplo dun impacto non lineal e espérase atopar un punto de non retorno nun futuro próximo, con predicións de aumento do nivel do mar de entre 0,4-0,9 metros no escenario de menores emisións, e de 0,5 e 1,2 metros no de máximas emisións (Barange et al., 2018). As principais repercusións deste aumento nas zonas costeiras son a salinización dos terreos costeiros e a liña de costa dos eventos extremos, que avanza terra a dentro afectando os ecosistemas e as infraestruturas.

### 3. O MARE NÓS

Para estudar de que forma os impactos do cambio climático nos océanos poden chegar a afectar a nosa actividade e dependencia do mar, cómpre ter un marco de referencia que nos amose os beneficios que ten o medio mariño para as persoas e sociedade. O marco dos servizos ecosistémicos sérvenos para este propósito, xa que presenta a contribución que a biodiversidade e o funcionamento dos ecosistemas ten na calidade de vida das persoas. Por exemplo, un humidal ben conservado pode frear unha inundación, unhas dunas ben conservadas poden reducir os efectos de temporais na costa, e unha pradeira mariña en bo funcionamento pode cumprir a función de área de posta de ovos para peixes que sustentan a actividade de pesca artesanal. Estes servizos co-



**Figura 4. Servizos do ecosistema mariño no Val de Miñor.** Os servizos de aprovisionamento están representados en círculos azuis claros, os de regulación con círculos brancos e os servizos culturais con círculos de cor azul. Dispersión de larvas(1), Regulación da calidade do aire (2), Regulación do clima (captura CO<sub>2</sub>) (3), Regulación da auga pola vexetación (4), Regulación de danos (inundacións, ondas) (5); Regulación de pragas (marea vermella) (6), Pesca (7), Marisqueo (8), Acuicultura (bateas) (9), Algas e recursos xenéticos (10), Aprendizaxe e inspiración (11), Recreo e paisaxe (12), Soporte de identidades(saber tradicional) (13).



ñécense como servizos de aprovisionamento (produtos que consumimos como peixe, marisco ou algas), e servizos de regulación (protección e defensa costeira) (Figura 4). Ademais, temos outra categoría para recoller aquelas contribucións non materiais da natureza, aos que chamamos servizos culturais. Estes recollen tanto o desfrute da natureza a través das actividades recreativas e de contemplación do mar e costa, como o valor cultural e de identidade rexional que ten asociado o medio mariño. Na Figura 4, amoso exemplos destes servizos do medio mariño no Val de Miñor para entender as relacións entre nós e o medio e máis adiante poder discutir o futuro destes servizos.

Para entender as implicacións do cambio climático na nosa bisbarra, vou repasar os distintos grupos de servizos para os que temos mellor información e discutirei os impactos observados. Cómpre recordar que á medida que nos desprazamos dende o físico-químico ao social, o grao de certeza diminúe dada a complexidade de mecanismos e procesos que afectan os servizos, incluíndo as nosas normas culturais e sociais. Sobre os servizos de provisión, falaremos da pesca e o marisqueo, que teñen moita importancia no Val de Miñor, mantendo a forma de vida de moitas traballadoras e mantendo unha herdanza cultural e un coñecemento local da natureza insubstituíble. Tamén falaremos nos impactos nunha das actividades económicas máis importantes no Val de Miñor, o turismo e o lecer, que sempre está vencellado ao mar. Por último, falaremos da función de regulación e protección que tén a nosa costa.

### **Pesca, algas e marisqueo**

A pesca centra a meirande parte da atención sobre os impactos do cambio climático no mar. Isto débese á importancia desta actividade pesqueira, tanto para a industria como para a seguridade alimentaria e o modelo de vida de multitude de persoas en todo o mundo. A nivel global, tense observado un desprazamento na distribución de especies obxectivo da pesca, onde os peixes e invertebrados mariños buscan manter as súas condicións de temperatura da auga e fóronse movendo cara a augas máis frías, normalmente cara ó norte ou cara a maior profundidade. Os modelos xerais de produtividade potencial de pesca non proxectan cambios moi substanciais, en termos xerais, para escenarios futuros. O rango que agora coñecemos está entre un aumento do 1% e unha diminución do 5% nas capturas potenciais globais (Cheung et al., 2010). Non obstante, se afondamos nos cambios esperados para algunhas especies importantes para a pesca, ou en concreto nalgunhas localizacións xeográficas coma nos trópicos, os impactos poden acadar cifras moi altas superando o 50% de perdas en numerosas ocasións (SROCC, 2019). Estes impactos teñen importantes repercusións para a actividade pesqueira. Por exemplo, o desprazamento de especies obxectivo ten asociado un aumento de custos de pesca, por terse que desprazar a flota pesqueira a outras augas. Ao mesmo tempo, nun sistema de cotas fixo como temos na Unión Europea cómpre flexibilizar os acordos internacionais e a asignación de cotas para non perder importantes recursos pesqueiros asociadas a valores sociais, culturais e económicos.

En Galiza a pesca ten unha relevancia especial, con máis de 4.400 barcos de flota artesanal (o 54 % da flota artesanal en España), e co 49 % de pescadores e 79 % de mariscadoras (IIH, 2019). Estas cifras quédanse pequenas cando incluímos toda a xente que vive e se relaciona coa actividade pesqueira: operarios en terra, construción de aparellos, redeiras, turismo mariñeiro, investigación, ou coñecemento local tradicional. Todos estes son exemplos da importancia da actividade pesqueira. No Val de

Miñor a actividade pesqueira é artesanal e céntrase en Baiona e Panxón. Baiona é o principal porto pesqueiro e conta cunha confraría con 135 traballadores e 72 empresarios afiliados, dedicada a capturar ourizo, polbo, percebe, maragota e robaliza (Pesca de Galicia, 2019). Estes recursos pescanse a pé, con mergullo, e con nasas e redes, principalmente. Asemade, no Val de Miñor hai empregos que dan soporte a actividade pesqueira de forma tradicional (redeiras, confección de nasas), así como empregando as máis novas e avanzadas tecnoloxías (sistemas de localización por satélite). Toda a flota do Val opera en caladoiro nacional e augas costeiras, reguladas pola Xunta de Galicia, e afectada polos impactos do cambio climático que acontezan nas nosas augas. Entre as tendencias observadas está a aparición de especies tropicais, a case desaparición de recursos como a cadelucha, a diminución do berberecho, ou a variabilidade en recursos que antes eran estables. Estes impactos poderían ser consecuencia do cambio climático, pero carecemos de estudos concretos.

O número de mariscadoras no Val de Miñor vén diminuindo moi bruscamente nos últimos anos, e agora non chega a unha decena de mariscadoras. Se ben non sabemos a importancia do cambio climático no descenso desta actividade, proxectos da universidade de Vigo teñen estudado a mortalidade asociada a altas temperaturas e aumentos de augas doces para especies autóctonas como a ameixa fina e a babosa (MARISCO, 2018). Ademais, a recolleita de berberecho está en declive en Galiza por mor dunha toxina que se pensa pode estar asociada ao aumento de temperatura. Para o percebe, o CLIGAL mencionaba cambios na forma do percebe onde o tipo “alongado” era cada vez máis abundante, e aínda que esta tendencia segue a ser percibida polas percebeiras, non podemos atribuíla con certeza ao cambio climático. Cada vez hai máis interese na colleita e consumo de algas a nivel internacional e en Galiza recóllense moitos tipos de algas mariñas para o consumo e a comercialización, principalmente dende as confrarías ou por concesións a empresas. O CLIGAL apuntaba que temos certeza dunha diminución global na área ocupada por algas laminarias na costa galega (CLIGAL, 2005). As algas son un recurso cada vez máis explotado e consumido en Galiza, se ben as cifras nas confrarías do Val de Miñor son pequenas polo de agora, con entre 1.500-2.700 quilos por ano, poucas comparadas cos ourizos que superaron os 100.000 quilos no 2017 (Pesca de Galicia, 2019).

### **Maricultura**

A forma de obter alimento do mar está a cambiar drasticamente no mundo. Hoxe en día, a acuicultura a nivel mundial xa supón tanto volume de capturas como a pesca, principalmente por mor do crecemento da acuicultura en Asia e en concreto en China. Cada vez máis estudos propoñen o desenvolvemento da acuicultura como solución á crise nutricional que se espera co crecemento da poboación mundial e os impactos do cambio climático. Esta solución, non obstante, non é unha panacea xa que a acuicultura depende na súa meirande parte de alimento mariño (fariñas de peixes por exemplo), e ademais a súa expansión leva importantes impactos asociados que hai que prever e valorar. Estudos a nivel global predín unha diminución na produción acuícola por mor do cambio climático (Froehlich et al, 2018). Entre os principais impactos do cambio climático na acuicultura está a relación da temperatura coas mareas vermellas, a acidificación oceánica e as implicacións para a calcificación e crecemento en bivalvos como o mexillón, e mais o risco de eventos extremos nas instalacións mariñas e costeiras como as bateas.

Ao igual que Galiza lidera o sector de pesca artesanal, tamén na acuicultura a nosa comunidade supón a nivel nacional o 98 % do mexillón e rodaballo (EGCCE, 2019). O principal cultivo mariño que temos na comarca é o do mexillón, cunha morea de bateas pegadas a Monteferro e cunha actividade de recollida de semente (mexilla) na confraría de Baiona. A extracción da semente baixou considerablemente dende o ano 2008 e a confraría non reportou recollida de mexilla nos últimos anos. Estes cultivos mariños que penduran no medio das rías están máis expostos aos impactos do cambio climático que outros tipos de acuicultura. Por exemplo, a presenza de parasitos e fitoplancto tóxico podería aumentar co cambio climático. Estudos galegos atoparon un decrecemento do 20 % no mexillón da ría de Arousa dende 1965 ata o 2005, e predín un decrecemento do tamaño do mexillón por mor da maior temperatura e acidificación da auga do 50 % para finais de século (Figura 3) (CLIGAL, 2005). Ademais, o número de días que hai que cerrar os polígonos por mor das biotoxinas duplicouse nese mesmo período (CLIGAL, 2005).

### **Protección costeira**

O aumento do nivel do mar tense observado a nivel global e ameaza con anegar cidades enteras como Venecia ou Alexandria cara a finais de século, se non se toman medidas de protección. Nos océanos, as illas son especialmente vulnerables ao aumento do nivel do mar. Ademais do efecto evidente da intrusión do mar en terra, o aumento do nivel do mar leva asociados unha salinización da franxa costeira, con efectos na agricultura e biodiversidade, un aumento da erosión costeira e unha liña de intrusión de eventos extremos en costa e inundacións moito máis avanzada que a actual. En Galiza, o nivel do mar subiu unha media de entre 2 e 2,5 cm por década dende 1940 (CLIGAL, 2005). Sabemos con certeza que este proceso causa erosión dos areais costeiros (praias). Os eventos extremos no mar asociados a temporais causarán cada vez máis danos na costa, afectando directamente as infraestruturas e modificando os sistemas de dunas e erosionando os cantís e as praias. Debido ao aumento esperado na frecuencia de eventos extremos centenarios mencionada anteriormente (SROCC, 2019), podemos esperar custos e impactos en infraestruturas e na poboación cunha frecuencia anual nunhas poucas décadas. Sistemas naturais como humidais ou dunas son máis resistentes ao avance do mar e aos eventos extremos e poden funcionar como amortecemento costeiro. Por iso cómpre mellorar a conservación e restauración destes ecosistemas costeiros onde sexa posible. Nese senso, as dunas de Panxón e Praia América, a barra costeira de Ladeira e o humidal do río Muíños e da Foz do Miñor son especialmente importantes á hora de regular a intrusión do mar e manter non só o turismo de praia senón tamén amortecer os posibles danos en infraestruturas e persoas no futuro. Cómpre ter en conta que naqueles lugares onde as dunas non teñan espazo para avanzar, por mor dos espazos xa construídos, o aumento do nivel do mar terminará por erosionalas e perderase a súa función de protección (CLIGAL, 2005).

### **Lecer e cultura**

O cambio climático pode afectar directamente o turismo a través dos impactos do aumento de temperatura e eventos extremos nos visitantes, como indirectamente a través dos impactos en praias, biodiversidade mariña e calidade dos recursos pesqueiros e marisqueiros. En Galiza, o noso turismo costeiro é moi dependente da praia, da

costa e dos recursos mariños que temos. Pero a nivel xeral o turismo tamén é dependente do clima e mentres que rexeita os riscos dos eventos extremos, é afín ás temperaturas medio-altas. É por isto que para a nosa comunidade non está claro o impacto a medio e longo prazo que o cambio climático teña no turismo. Investigadores predín un aumento na demanda de turismo de mar en Galiza baixo o cambio climático a medio prazo (CLIGAL, 2005), polo aumento en temperaturas e concentración de días de precipitación, pero este efecto podería revertirse cara a finais de século. Ademais este efecto non ten en conta os eventos extremos. De forma máis directa impactos en hábitats mariños que leven asociados un empeoramento da comunidade mariña, perda de biodiversidade e perda de hábitat, poden afectar a actividades de contacto co mar como a pesca submarina e o mergullo de lecer. Así mesmo, os cambios tamén poden afectar nun futuro o potencial científico das augas do Val de Miñor como lugar de aprendizaxe, observación e investigación. A nivel doutros beneficios culturais que obtemos do mar, cómpre resaltar o posible impacto do cambio climático na dispoñibilidade de recursos mariños para a cultura gastronómica, así como para o sentimento e identidade rexional. Se por mor dos cambios esperados especies moi representativas da cultura mariñeira galega desaparecen ou se reducen, como pode pasar co polbo ou especies autóctonas de marisqueo, perderase tamén coñecemento local sobre estas especies e a vinculación cultural co recurso para as novas xeracións.

#### 4. AS NOSAS RESPOSTAS

A lectora terá chegado neste punto a unha sensación importante de desacougo pola esmagadora marea do cambio climático e as súas implicacións no medio ambiente e nas persoas. Estas consecuencias varían duns lugares a outros e como dicía ao principio, ter información necesaria a nivel local para afrontar os impactos concretos non é doado, pero non por iso temos que quedarnos no inmovilismo. A mellor forma de proceder é, por un lado, tendo un control, seguimento e planificación na redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, e por outro lado, desenvolvendo medidas e cambios que nos axuden na adaptación aos impactos. Neste apartado vemos estas respostas necesarias.

A adaptación ao cambio climático pode entenderse como o conxunto de estratexias que se poden levar a cabo para reducir os impactos esperados do cambio climático. Neste senso, queremos adaptar a sociedade ao cambio climático, mantendo o seu benestar. Para estudar que factores axudan a adaptarse ao cambio climático, empregamos ferramentas interdisciplinarias que nos axudan a ter en conta os cambios necesarios a nivel individual, na sociedade e nas institucións. De forma xeral, as medidas de adaptación son de tres tipos diferentes: baseadas nos ecosistemas, medidas socio-institucionais e medidas técnicas (Táboa 1). As medidas baseadas nos ecosistemas consisten en protexer, recuperar e conservar os hábitats naturais para que nos axuden a reducir os impactos do cambio climático. Exemplos que xa comentamos son a protección de espazos naturais, a restauración de humidais, a conservación e recuperación de dunas ou a conservación de pradeiras mariñas importantes para a reprodución doutras especies. Tamén se considera adaptación baseada nos ecosistemas a xestión adaptativa dos recursos mariños, tendo en conta o seu estado a través de monitoreo, e cunha xestión sostible, evitando sempre a sobre-pesca dos recursos mariños. As medidas socio-

Tipo de Adaptación	Medida	Exemplos	Por que
Baseadas nos ecosistemas	Áreas mariñas protexidas efectivas	Desenvolver plans de xestión e uso nas áreas natura 2000.	As áreas mariñas protexidas funcionan como un “seguro” ante o cambio climático, mantendo a diversidade biolóxica.
	Restauración de dunas, praias e humidais	Protexer con plans e regulamentos, restauración activa con especies autóctonas, recuperación de áreas ocupadas por outros usos.	Estes sistemas son efectivos ante os eventos extremos e inundacións, ademais aportan outros beneficios á comunidade (recreo, paisaxe, carbono azul).
	Restauración e protección de pradeiras mariñas	Seguimento do impacto nos fondos mariños e protección destes ecosistemas.	As pradeiras mariñas son sumidoiro de carbono e ademais son lugares de posta e cría de especies mariñas comerciais.
	Poboacións sostibles dos recursos mariños	Sistemas de cotas e dereitos de uso que manteñan as poboacións comerciais sen sobre-explotar.	Os recursos non sobre-explotados vense menos impactados polo cambio climático.
	Xestión adaptativa dos recursos	Plans anuais de xestión dos recursos baseados no estado dos stocks e nos impactos observados e proxectados.	A xestión adaptativa detecta e adaptación aos cambios á medida que acontecen, evitando grandes perdas dunha xestión ineficiente.
Socio-institucionais	Favorecer a participación nos procesos de toma de decisión	Participación de mariscadoras e pescadores na toma de decisións sobre os recursos cara á co-xestión.	A experiencia e coñecemento ecolóxico local axuda á xestión adaptativa, e á identificación de normas sociais e culturais que poidan ser barreira para a adaptación.
	Plans de Adaptación	A planificación local das medidas de adaptación e o seu seguimento.	Unha planificación integrada e centrada na adaptación favorece a resposta aos impactos.
	Fomento do capital social e a aprendizaxe	Fomento da representación e agrupación de colectivos, o intercambio de ideas e estratexias e a aprendizaxe.	Sectores mellor conectados, ben liderados e organizados fan fronte aos impactos mellor.
Tecnolóxicas	Proxección de impactos	Mapas de vulnerabilidade climática.	Identificar os grupos sociais máis vulnerables para evitar a marxinalización e pobreza.
	Sistemas de alerta	Sistemas de alerta temperá de eventos extremos e protocolos de actuación.	Estes procesos minimizan os impactos dos eventos extremos na poboación, especialmente os máis graves.

Táboa 1. Exemplos de medidas de adaptación mariña que poden ser impulsadas no Val de Miñor.

institucionais son das máis estudadas a nivel internacional e van dende fomentar a participación dos axentes na toma de decisión (participación cidadán, participación do sector nas políticas e medidas de xestión, incluíndo o coñecemento ecolóxico tradicional e local), ata favorecer o capital social e a organización dos individuos e colectivos, mellorar a comunicación entre axentes e persoas, ou fortalecer a educación. Por último, tamén son necesarias medidas técnicas como sistemas tecnolóxicos de alertas e avisos, infraestruturas costeiras de protección, ou sistemas de predición de eventos extremos e cambios no medio mariño para a pesca e o marisqueo. O consenso internacional é que a mellor forma de facer fronte ao cambio climático é cunha combinación dos tres tipos de medidas de adaptación, e así será necesario tamén no Val de Miñor. Na Táboa 1 amosamos este conxunto de medidas con exemplos concretos.

## 5. O CAMIÑO DIANTE

Moito tén cambiado o entendemento do cambio climático na sociedade. Pasaron anos dende o primeiro panel do IPCC, e tamén pasou tempo dende o 2007 cando Al Gore gañou xunto co IPCC o Nobel da paz. Hoxe en día ninguén que atenda ao rigor científico é quen de contradicir o fenómeno do cambio climático e a súa orixe humana, pero poucos anos antes desta conciencia xeral, tanto nas aulas das facultades coma nos corredores do parlamento había xente co irresponsable atrevemento de negar a evidencia. Non foi un abrir e pechar de ollos, senón que o cambio de conciencia na política e na sociedade tén moito que percorrer. Non obstante, resulta moi motivador e acougante que os máis novos teñan espertado en toda Europa coas folgas do clima, e como estes movementos están a ter representación tamén na nosa terra. Cando estes rapaces naceron, nas universidades aínda se dubidaba do cambio climático. Dezasete anos despois, coñecen de primeira man os impactos e son quen de romper coa inmovilidade xeneralizada das anteriores xeracións. Tiñamos que salvar o planeta para as próximas xeracións, pero esas xeracións xa están aquí e non van seguir esperando.

Neste artigo vimos como os cambios físicos e químicos nos océanos están producindo cambios no equilibrio ecolóxico do ecosistema mariño e na sociedade. A investigación sobre os impactos económicos, sociais e culturais do cambio climático están evolucionando, e a evidencia de respostas axeitadas é suficiente para darlles resposta. Poñerse en marcha é máis que necesario e pode ter moitos beneficios a nivel local, reducindo os impactos esperados e facendo a nosa comunidade máis forte. Cómpre sumarse ás iniciativas internacionais e ter en mente os obxectivos a hora de desenvolver as políticas locais. As experiencias doutros lugares e os resultados da investigación levada a cabo na nosa comunidade e no resto do mundo poden proporcionarnos os coñecementos necesarios para actuar. O camiño pasa por dar voz aos máis novos, estudar e deseñar as posibles medidas locais de adaptación tendo en conta as necesidades dos sectores e da poboación, motivar a acción política e non esquecerse de cara a que nivel de aumento de emisións queremos ir.

Xaneiro, 2019



## BIBLIOGRAFÍA

- BAÑÓN, R., TEJERINA, R., MORALES, X., ALONSO-FERNANDEZ, A., BARROS-GARCIA, D., e DE CARLOS, A. (2019): "Unusual occurrences of fishes along the Northeast Atlantic: new biological and distributional data". *Mediterranean Marine Science*, 20(1), 189-196.
- BARANGE, M., BAHRI, T., BEVERIDGE, M. C., COCHRANE, K. L., FUNGE-SMITH, S., e POULAIN, F. (2018): *Impacts of climate change on fisheries and aquaculture. Synthesis of current knowledge, adaptation and mitigation options*. Rome: Food and Agriculture Organization of the United Nations.
- CHEUNG, W. W., LAM, V. W., SARMIENTO, J. L., KEARNEY, K., WATSON, R. E. G., ZELLER, D., e PAULY, D. (2010): "Large-scale redistribution of maximum fisheries catch potential in the global ocean under climate change". *Global Change Biology*, 16(1), 24-35.
- CLIGAL, Evidencias e impactos do cambio climático en Galicia. (2005). Resumo para xestores públicos. <https://siam.xunta.gal/resultados-do-proxecto>
- DÍAZ, S., DEMISSEW, S., CARABIAS, J., JOLY, C., LONSDALE, M., ASH, N.,... e BARTUSKA, A. (2015): "The IPBES Conceptual Framework-connecting nature and people". *Current Opinion in Environmental Sustainability*, 14, 1-16.
- EGCCE, Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050. 2019. Xunta de Galicia.
- FROELICH, H. E., GENTRY, R. R., e HALPERN, B. S. (2018): "Global change in marine aquaculture production potential under climate change". *Nature ecology & evolution*, 2(11), 1745.
- IHH, *Illuminating Hidden Harvest*. (2019): Organización Mundial para la Alimentación (FAO). Caso de estudio en España para o proxecto FAO-IHH. *Future Oceans Lab*, Informe final.
- MARISCO (2018): Bancos de marisqueo en Galicia: prevención de riesgos producidos por eventos externos sobre especies comercialmente importantes (marisco). Vázquez Otero, Elsa- EcoCost, Universidade de Vigo.
- Pesca de Galicia, Plataforma tecnolóxica da pesca. Acceso en Agosto 2019. <https://www.pescadegalicia.gal/>
- POLOCZANSKA, E. S., BROWN, C. J., SYDEMAN, W. J., KIESSLING, W., SCHOE-MAN, D. S., MOORE, P. J.,... e DUARTE, C. M. (2013): "Global imprint of climate change on marine life". *Nature Climate Change*, 3(10), 919.
- Xunta de Galicia, 2016. Informe de cambio climático de Galicia 2012-2015. Disponible en: <https://cambioclimatico.xunta.gal/emisions-dos-gases-de-efecto-invernadero-en-galicia>

*Unha historia de fotografías*

---

**ENRIQUE TOURIÑO**

Hai números que me asustan. Souben dunha cifra que me fai insignificante como fotógrafo. Neste último ano fixéronse 1,5 billóns de fotos. Falo de billóns europeos, non dos anglosaxóns. Unha cifra con moitos ceros, escribo: 1.500.000.000.000, cifra que está aumentando cada ano en cen mil millóns: 100.000.000.000; asusta e de que maneira, e fainos aos fotógrafos invisibles. O mundo cambiou vertixinosamente. En poucos anos a fotografía analóxica, a de toda a vida, hoxe en día case inexistente, deu paso á fotografía dixital.

Ante tal montaña de píxeles, separar o gran da palla resulta moi difícil, xa que logo, a Intelixencia Artificial (IA en diante) está a conseguir que esas fotos, na súa maioría procedentes dos teléfonos móbiles, teñan moi boa visibilidade e tamén boa calidade técnica básica. Sóbense á rede case instantaneamente, a millóns por minuto, e ademais vémolas tecnicamente aceptables, equilibradas en brillo e contraste, con cores naturais, aínda que habitualmente “renxen”.

O Grande Irmán asócialle metadatos para lembrarnos onde está feita, por quen, cando, ... rapidamente os buscadores dan conta dela e permítennos a súa fácil procura, e moitas cousas máis que non sabemos e tampouco nos contan, nin temos por que saber, iso nos din.

En gran medida os teléfonos móbiles son os responsables. En breve terán, e en moitos casos xa teñen, máis calidade que calquera dispositivo tradicional. Os teléfonos asocian unha chea de datos a esa foto que subimos, e, por ser imposible o manexo de tantísima información (Big Data) dunha maneira adecuada e intelixente, xorde a IA. De momento esta IA<sup>1</sup> é moi nova, coma un neno de tres anos, segundo di Fei-fei Li<sup>2</sup>, unha das nais da criatura. A que velocidade vai medrar e aprender? Seguirá a lei



*Punto de vista dende a xanela de Gras, realizada por Nicéphore Niepce no ano 1826 e considerada como a primeira fotografía da historia.*

de Moore de duplicarse cada dous anos? E agora que entra en xogo a computación cuántica, que sucederá?

A IA xa trata de adiviñar o contido, conseguíndoo con bastante precisión en determinadas ocasións. Pode saber que hai un ceo porque o contido da parte superior da foto é azul e coincide o cromatismo. Poderá notificarlle ao servizo meteorolóxico que, nese momento e nese punto, está despexado, fai sol. Se son caras, recoñéceas con moita rapidez, e mesmo, de igual xeito ca unha impresión dixital, pode recoñecer quen é. Tamén distinguen un can dun gato. Máis complicado será que nos diga se o contido é dramático, elegante, cálido ou fermoso. A emoción é unha das materias máis complicadas de resolver.

Pero vendo o lado bo, pensade que ferramenta vantaxosa para un médico sería a IA nun diagnóstico dunha placa de tórax, ou dunha mamografía, cun 95% de acerto. A peaxe a pagar por todo este progreso é a falta de intimidade, e, consecuentemente, de liberdade. Entramos na época do Grande Irmán que predixo George Orwell no seu libro *1984*.

En canto á parte subxectiva, será necesario que a IA avance tanto que sexa capaz de percibir as nosas emocións e sentimentos variables. Emporiso, de múltiples maneiras, faise ao contrario, preparante artificialmente para que te emociones. É o que fixeron dende sempre a moda e maila publicidade. Como todos xa sabemos, ao visitar páxinas web ou comprar en tendas online damos paso a que nos configuren un perfil de gustos, cores e sabores para sacarche os cartos. Todo baixo o deus da moda. O consolo é que, como todas as modas, é cambiante e efémera. O exceso de información pasou a ser un grave problema. Descartar é importante.

Pasamos por riba destes avances para ter a oportunidade de visitar virtualmente a Capela Sixtina ou o Museo Thyssen. Unhas xoias da humanidade. Mais, cantos se deteñen a recrearse con esa visita? Cantos “likes” ten? Que rexistro ou grao de pracer queda na memoria? Cantos minutos estamos dispostos a ceder? A tecnoloxía vai moi rápida, pero a nosa mente necesita cristalizar o recolleito polos nosos sentidos e iso leva máis tempo.



Lúa chea: non é exactamente chea pois xa está empezando a decrecer, como se observa no relevo dos cráteres ao lado dereito.



Lúa vermella: eclipse total de Lúa estando esta en plenilunio (lúa chea). A Terra, iluminada polo Sol, crea unha sombra longa en forma de cono que tapa a Lúa. A cor vermella débese á menor desviación desta cor dentro do espectro.



Plantas acuáticas nun pequeno regato próximo á Portavedra (Gondomar).



Atardecer dende a Fortaleza de Gormaz (Soria). A brétema baixa estaba producida polo fume dunha fogueira feita por un agricultor queimando restrollo. O sol xa baixo fixo o resto.

Onde chegamos coa fotografía? Faltan tan só sete anos para cumprir o bicentenario da primeira foto, de Nicéphore Niepce, *Punto de vista dende a ventá de Gras*. Durante bastante máis dun século ese proceso fotográfico serviu para lembrar, decorar, documentar a nosa vida e para pouco máis. Logo viñeron outras necesidades científicas, como as radiografías, a astronomía, a publicidade para a venda, o control das persoas e, con iso, o recoñecemento facial obrigatorio para os documentos e pasaportes, que aínda seguimos usando. As cámaras biométricas na China<sup>3</sup> xorden para o control e vixilancia humana por parte do goberno e suman máis de 200 millóns, todas elas en funcionamento constante<sup>4</sup>. En San Francisco, porén, están prohibidas nos lugares públicos, quedando restrinxidas a zonas privadas. China demostrou o seu sofisticado sistema Skynet facendo o rastrexo dun xornalista da BBC e localizándoo en tan só 7 minutos<sup>5</sup>, non é alucinante?

En todo isto derivou aquela primeira imaxe de Joseph Nicéphore Niépce, do que se di que a buscou e conseguiu por ser un mal debuxante. Ata aquí chegamos nos case 200 anos de percorrido fotográfico, con moitos descubrimentos e patentes, mesmo con tecnoloxías paralelas, pero realmente o salto máis revolucionario, tecnoloxicamente falando, sucedeu a finais do século XX, e vímolos e vivímolos case todos nós. A fin da película analóxica para dar paso ao mundo dixital non tivo marcha atrás, e conseguiu que a sofisticada, custosa e tradicional cámara pasase a ser substituída por un pequeno accesorio, incluído ata nos nosos teléfonos; de feito non coñezo ningún actual que non leve unha cámara integrada que permita facer fotografía e vídeo. Esta proliferación de cámaras trae como danos colaterais, dende o meu punto de vista, algo que enumero en tres etapas:

- 1.- A obsesión por rexistrar absolutamente todo.
- 2.- A necesidade de publicalo nas redes sociais rapidamente.
- 3.- O ego, case enfermizo, polos “likes”



A pinga de leite. Para a máxima nitidez faise necesario conxelar o movemento cun escintileo de flash de curtísima duración; neste caso arredor de 1/20.000 de segundo. Realizado en estudio.



A consecuencia é que a fotografía, agás traballos moi esixentes ou especializados, deixou de ser unha saída profesional coa que poder gañar a vida.

Moito cambiaron as nosas vidas co teléfono móbil. A inmediatez da comunicación, tamén con imaxes. A ferramenta é marabillosa, está aí, pero, fainos máis felices?.

E se tentamos buscar o lado bo? Aínda que os avances tecnolóxicos vaian demasiado rápido, considero que hai tres principios nos que a arte se consolida no noso saber: espazo, tempo e repouso, os mesmos requirimentos necesarios para a cristalización mineral, e gústame pensar que sucede o mesmo coa fotografía. Por iso, prefiro dedicar o meu esforzo e os meus sentidos á recreación fotográfica. Douscentos anos despois, a luz que fixo posible a primeira fotografía segue aquí. A luz; sen ela non hai foto.

Unha cousa é alumar e outra iluminar<sup>6</sup>. A iluminación sempre me fascinou, sexa natural ou artificial, e aínda que, como bo galego<sup>7</sup>, manteña a miña predilección polos atardeceres, houbo tamén mediodías que quedan na miña memoria. A atmosfera que crea a luz coas súas sombras é un dos máis entrañables recordos que teño da miña infancia. Evócame lugares, sensacións, mesmo cheiros. A aldea dos meus avós, a cor das árbores e o mar. O noso océano... Teño recordos de infancia moi precisos nos que aquela atmosfera, naquel lugar, aquel día, provocaron un gozo particular. Luces douradas directas do sol, case horizontais, e sombras azuladas, difusas, débiles. A forma e maneira da luz foron e son un elemento clave na miña vida.

A nivel profesional a luz segue sendo un elemento vital no meu traballo, para a composición, narración, comprensión, emoción, atmosfera ou clima. A miña inclinación pola fotografía profesional foi, principalmente, a luz. Tamén a rendibilización do observador, que é o fotógrafo.



Fotografía aérea das Illas Cíes. Ao fondo, Baiona. O contraluz e o sol entre nubes reflectido no mar dálle esa tinguadura dramática. Tamén se pode ver que non están tan aliñadas como nos parecía.



Pezas dunha fábrica auxiliar de automoción fotografadas con iluminación de estudio.

Empecei dende abaixo, revelando para tendas, facendo reportaxes para prensa, enciclopedias, reportaxe social e non sei cantas cousas máis. Aos poucos funme decantando polo menos aburrido, o máis variado, e tamén o máis esixente, tanto en equipos como en formación, que era a fotografía publicitaria. Continuei coa imaxe industrial e o patrimonio, e algunhas outras disciplinas que me gustaban moito, como a foto aérea. Aínda que a paisaxe é a miña verdadeira paixón de afeccionado.

Tamen fixen algunha incursión illada no cinema publicitario, e sen ser o campo que máis me agrada, gustaríame facerlles honra aos compañeiros que seguiron traballando neste complicado universo. Debo apuntar que a dirección de fotografía é esencial, creo que hoxe día xa case todos o sabemos. Nos últimos anos chegou a uns niveis de calidade impensables. Moitas veces confundimos o que é unha boa localización en exteriores cunha boa fotografía. O labor das localizacións, aínda que poida estar supervisada polo director de fotografía, é responsabilidade directa do equipo de produción. A iluminación en exteriores case sempre se limita á espera da hora correcta, con sorte meteorolóxica, e ocasionais apoios de recheo ou efectos con luz artificial. A dirección de fotografía ten o seu verdadeiro oficio nos interiores, iluminando e creando a atmosfera adecuada. É unha complexa profesión que require unha grande experiencia técnica e sensorial. Non é habitual atopar un bo director de fotografía por debaixo dos 50 anos.

Moitas veces me pregunto como ven os animais, ou as plantas. As plantas tamén ven...<sup>8</sup>. Din que moitos animais ven en branco e negro, pero tamén as aves perciben o ultravioleta, invisible para nós. O branco e negro ten identidade propia. Ao desaparecer a cor, a luz adquire máis protagonismo. É certo que o branco e negro nos pecha e limita o espazo cromático, pero ábrenos outra porta á imaxinación. A fotografía infravermella é unha técnica que lle dá unha beleza moi especial á paisaxe. Emula o estilo de Ansel Adams, que traballaba con filtros laranxas e vermellos



Posta de sol dende o monte Aloia, (Baixo Miño-Tui) Na parte superior destaca claramente o famoso "raio verde", fenómeno físico que se presenta en escasas ocasións.



Monocromo tomado con cámara infravermella no Monument Valley (USA).



Monocromo tomado con cámara infravermella no Gran Cañón do Colorado (USA).



Monocromo tomado con cámara infravermella da parede do Capitán (Yosemite, USA).

para conseguir esas nubes destacadas sobre uns ceos case negros. Un positivado en papel moi elaborado, a base de expoñer unhas zonas máis ca outras, conferíalle ás súas imaxes unha forza dramática extraordinaria. Tentando modestamente obter algo parecido a Adams, manipulei a cámara para ter unha captura na zona do límite do vermello e poder obter un resultado similar. Iso abriume unha xanela ao mundo da paisaxe en branco e negro.

A reflexión ultravioleta, a luz polarizada, a estroboscópica, etc., son tamén técnicas que utilizo habitualmente no mundo profesional pero non lles dei atopado un resultado emocionalmente suxestivo. Si, por contra, penetrarmos no mundo pequeno ou no afastado ábrenos os ollos a algo que está aí e ao que non lle prestamos atención.

Empecei disparando cunha vella Contaflex do meu pai, un dispositivo preciso pero limitado, que aínda conservo. Unha Pentax traída de Andorra, agasallo dos meus pais, abriu máis a miña xanela. As cámaras réflex con certa calidade eran moi custosas, traían un obxectivo de 50 mm, de luminosidade 1,8, que raras veces tiña recambio, pois o acceso ao custo das ópticas suplementarias, como angulares e teleobxectivos, quedaba reservado case exclusivamente a profesionais.

Disparaba diapositivas cor ou negativo branco e negro co seu positivado en papel en formato 9x13 cm. Os resultados eran moi variables. Para os meus 13 ou 14 anos, o custo dos revelados era moi alto, a diapositiva era o máis alcanzable, cada disparo deses Kodachrome supuña unha cantidade próxima a un euro e medio, traído ao cambio de hoxe. A variabilidade das consecucións, moitas veces debida ao revelado defectuoso, falta de técnica e, como non, falta de estética, producía uns resultados moi pouco previsibles.

Pero as cousas ían cambiar. Encargueille a un amigo que viaxaba a Estados Unidos uns rolos de Kodachrome, por seren moito máis económicos. O primeiro rolo dispa-



Monocromo tomado con cámara infravermella. Retrato en paisaxe, Somiedo (Asturias).



Monocromo tomado con cámara infravermella do grande eucalipto da Portavedra (Gondomar).





Monocromo tomado con cámara infravermella en Vilachán do Monte (Touriño).



Retrato de Antonio Soliño traballando no seu estudio.

rado desa serie vinda de USA foi nos Picos de Europa, concretamente no de Peña Santa de Castilla. As travesías e escaladas eran a miña maior afección.

Coidei que se extraviara o rolo de diapositivas na ida e vinda ao revelado, pero finalmente apareceu tras dous meses de espera, e, “sorpresa”, con cargo polo revelado, realizado en USA<sup>9</sup>. Sorprendéronme as cores das diapositivas ao recibilas reveladas. Nunca vira algo así nun material fotográfico. E así seguiu sucedendo mentres me quedaban aqueles Kodachrome americanos. A película comprada e revelada en España tiña unha calidade claramente inferior. Como era posible tanta diferenza? Basicamente eran dous os factores decisivos nisto: a calidade da emulsión e o revelado que se realizaba exclusivamente cos químicos de Kodak, xa que tiñan a súa patente. En Europa os revelados non estaban á altura dos de USA. Esas razóns, ademais das miñas grandes





Frescos en Santo Estevo de Chouzán iluminados con luz neutra (arriba) e fluorescencia ultravioleta (abaixo) para a análise dos compoñentes utilizados hai 60 anos no seu traslado e restitución. Créditos: Tomos Arqueoloxía e Restauración. Enrique Touriño.

carencias técnicas, facían que os resultados non fosen o esperado en moitas ocasións. Se a isto lle engadimos o tempo que tardaba en ter nas mans o material revelado, abrir o paquete era abrir o caixón das sorpresas. Ás veces só merecían a pena 6 ou 7 fotografías, que apenas lembrabas como as fixeras, entre o refugallo das que estaban pasadas de luz, movidas ou desenfocadas. Era o proceso da aprendizaxe.

Á parte do idealismo e forza xuvenil, requiríase certa constancia para manter a afección. Recoñezo que por tempadas aparcaba a cámara e os conseguíntes gastos se non obtiña bos resultados. Cando te inicias en calquera disciplina, decátaste de que, por moi autodidacta que sexas, sempre necesitas fontes, apoios, tempo e diñeiro. E nos anos 70 non era doado atopar información. Os libros eran moi escasos e custosos. A editorial Omega dispuña dalgúns deses valiosos volumes que eran os “oficiais” da escola de Birmingham, co célebre Michael J. Langford como autor dalgúns deles. Pero eran libros de teoría, só ilustrados con esquemas e algunha que outra fotografía explicativa en branco e negro ocupando un ou dous pregos na parte central da publicación. Non eran libros con imaxes belas coas que poderes recrearte. Técnica pura e dura.

Tampouco as revistas dispoñibles en quioscos, *Arte Fotográfica* e, posteriormente, *Nova Lente*, eran boas mestras. Persoalmente opino que foron nefastas xa que pretendían vender como *Arte* algo casposo e rancio. Aquilo non me gustaba nada. Mesmo pensei en abandonar a fotografía se había que tomar ese camiño. Hai que pórse no contexto da época.

En provincias apenas dispuñas de prensa estranxeira. O pouco que podías atopar en fotografía tiñano no “Perrete”, na rúa Velázquez Moreno de Vigo, e era o *Amateur Photography* inglés, unha publicación case exclusivamente de listas de prezos que se ofrecían nas distintas tendas de Inglaterra. É dicir, nada. As escasas viaxes a Madrid ou Barcelona servíanche para facerte con produtos que non atopabas en provincia, tanto en material de montañismo como en material fotográfico, as miñas dúas pai-



Retrato pousado de familia.



Imaxe nocturna das casetas de pesca en Royan (Francia).



Imaxe aérea dunha construción naval nun estaleiro de Vigo.

xóns. Deixabas as pagas de todo o ano, pero había que aproveitar esas viaxes. Un día de tolemia fixenme con varias revistas fotográficas estranxeiras de golpe, toda unha fortuna para o meu peto. Recordo unha francesa de formato grande, case A3, *Zoom*, cunha calidade impresionante, e tamén *Photo*, francesa. O mellor eran os fotógrafos, descoñecidos totalmente para min: Sam Haskins, Helmut Newton, Guy Bourdin, John Thorton, Pete Turner, Cartier Bresson, Jean Loup Sieff, por nomear uns poucos. Iso xa me gustaba máis, moito máis. Vía que moitos deles publicaban en revistas de moda: *Vogue*, *Harper's Bazaar*, *Elle*, *Mari Claire*, polo que empecei a comprar revistas de rapazas, e aí estaban os máis grandes: Avedon, Newton, Hamilton, Sieff, Moon, Knaup, Larivière ... Ben! Aí había folla de ruta. Aínda non sabía facer fotos pero xa sabía o que me gustaba e cara a onde ir.

E chegou un día de maxia. Miguel Vispo, amigo e compañeiro de COU no instituto de Coia, convidoume un sábado á súa pequena catedral. Un alpendre detrás da súa casa do barrio do Calvario, no que instalara un "laboratorio". Dentro do pequeno habitáculo conseguira facer escuridade total tapando canto raíño de luz tentaba entrar. Perfectamente ordenado, así era el. Pechou a porta tras de nós e ... escuridade total, uns cantos segundos sen ver nada e, pouco e pouco, unha tenue lámpada vermella comezou a iluminar tres cubetas planas de tons claros cos líquidos necesarios. Máis á dereita empezábase a albiscar un caldeiro con auga, e, ao fondo, coma se do santo graal se tratase, A Ampliadora. O que vira nalgunhas películas co misterioso ton avermellado, agora tiña diante de min.

Saquei un valioso negativo que levara da primeira noiva e Miguel colocouno coidadosamente no porta negativos da ampliadora. Luz, e a imaxe proxectouse no taboleiro. Axustou a altura do cabezal e enfocou, volveu subir e enfocar, ata que a imaxe negativa proxectada encaixaba nun marxinador. Eu miraba. Apagou a ampliadora, puxo un



Gardenia iluminada con luz natural e un folio como reflector.







Imaxes aéreas en Andalucía.





Fentos na primavera.

papel fotosensible marca Negra de 18x24 centímetros de tamaño, clic ao interruptor e novamente a imaxe negativa se volveu proxectar, esta vez sobre o papel colocado sobre o marxinador. Un cento un, dous cento dous, tres cento tres, ... trinta cento trinta, clic de novo para apagar a ampliadora, e ao líquido da primeira cubeta.

Unhas pinzas encargábanse de ir movendo o papel dentro do líquido. A aparición da imaxe aos 30 segundos de mergullar o papel, ... aquilo empezou a cambiar todo. O resultado foi unha copia en papel de tamaño cuartilla moi mal revelada, sen o tempo mínimo de revelado necesario, e sacada do revelador antes de tempo para evitar que se ennegrecese de máis, erro moi frecuente. Alí quedou secando ata o luns en que ma deu Miguel antes de entrar en clase.

Aquela pobre imaxe tiña un valor grandioso, víraa nacer. É difícil expresar aquela sensación. Non lembro hoxe que foi dela, o máis probable é que finalmente lla regalase a aquela noiva. Pasaron máis de 47 anos e teño aínda o recordo daquel pequeno laboratorio, quizais deformado polo paso do tempo, pero moi vívido na miña cabeza.

Poucos anos despois, esa maxia pasou a ser unha profesión e tamén unha rutina, revelaba durante varias horas ao día, negativos en branco e negro que despois positivaba sobre papel 9x13 cm para algúns comercios de Santiago. Iso permitíame sufragar parte da miña elitista afección compaxinada coa pobre vida de estudante.

Aos meus 62 anos e tras 44 de profesión, podo dicir que mereceu a pena. Desfrutei e sigo a desfrutar moito con esta disciplina. Tiven a gran sorte de ser testemuña e vivir ese arranque dixital a finais do XX e tamén do ocaso actual da fotografía profesional. Adaptarse ou desaparecer, sigo en activo e seguirei facendo clic. E sempre me quedará a afección á luz e a esa paisaxe, á que terás que volver unha e outra vez, e esperar o momento ata que a luz a acompañe.

## NOTAS

- 1 A Intelixencia Artificial (IA) entra na industria como a revolución tecnolóxica: Industria 4.0.
- 2 Fei-fei Li é profesora de Ciencias da Computación na Universidade de Stanford. Actualmente é a codirectora do Instituto de Intelixencia Artificial Centrada na Universidade de Stanford e do Laboratorio de Aprendizaxe e Visión de Stanford.
- 3 Biometría. Estudo para o recoñecemento do individuo por un ou máis trazos físicos, ou de comportamento, como impresión dactilar, iris, recoñecemento facial, forma de camiñar, ...
- 4 [https://www.abc.es/sociedad/abci-gran-hermano-chino-todo-camaras-reconocencaras-segundos-201905190159\\_noticia.html](https://www.abc.es/sociedad/abci-gran-hermano-chino-todo-camaras-reconocencaras-segundos-201905190159_noticia.html)
- 5 [https://www.economiadigital.es/tecnologia-y-tendencias/la-mentira-del-gran-hermano-chino\\_569570\\_102.html](https://www.economiadigital.es/tecnologia-y-tendencias/la-mentira-del-gran-hermano-chino_569570_102.html)
- 6 Non é miña a frase. Escoiteilla ao meu amigo e fotógrafo Javier Águeda que tamén lla escoitou a outro.
- 7 Pola súa situación xeográfica, en gran parte da Galicia costeira podemos ver o espectáculo dos atardeceres sobre o mar, non así os amenceres, propios do Mediterráneo.
- 8 *El futuro es vegetal*. Stefano Mancuso. Ed. Galaxia Gutenberg.
- 9 O material fotográfico de importación en España tiña uns fortes aranceis. Ademais, a alta marxe que lle aplicaban os importadores facía que fose unha afección elitista. Kodachrome era unha película que traía incluído o revelado no prezo de compra e non tiña custo ao ir recollela, pero por un problema de lei de competencia, isto non sucedía en Estados Unidos, onde non se podía cobrar o revelado anticipadamente e si ao ir recollela, de aí tamén a diferenza de custo tan alta que había dos rolos aquí e en USA.



## **O MEU VAL MIÑOR**

---

- *Señoras clientas*



*Señoras clientas*

---

**Silvia PENAS**



Con motivo da entrega do Premio Victoriano Taibo de 2018, o grupo PUGA (Promoción do uso de galego) do IEM organizou unha serie de actos tendentes a promover o uso urbano da lingua galega. No mini concerto sorpresa realizado no supermercado Froiz de Gondomar coa colaboración musical de Margarida Mariño e David Arroyos, a poeta Silvia Penas recitou o seu poema “Señoras clientas”, escrito por ela para esta actuación.



Señoras clientas,  
hoxe contamos cunha oferta moi especial,  
expira en aproximadamente 5 minutos,  
por iso é importante que permanezan atentas:

nos produtos que comezan por «a»  
poderán servirse nos andeis ao peso amor a granel  
a 0,25 de amabilidade o quilo.  
Non me digan que non se trata dunha proposta irresistible!

Os produtos catalogados no «h» de honestidade  
poderán adquirirse en envases individuais  
de 33 Cl de humor e risa a cachón con palliña,  
ou en tamaño familiar para que poidan  
traer para sempre nas abas dos labios a primavera.

Señoras clientas, queremos dicirles  
que estamos aquí por vostedes,  
porque é único este momento entre nós,  
que mesmo cando están ollando un prezo  
ou a data de caducidade  
pode acontecer incluso o mar  
ou a liña do horizonte tecida  
desde o seu iris até as tapas dos iogures.

Proben, señoras clientas,  
a sorrir preto das conservas,  
as latas cobrarán a calidez exacta  
para refuxiar calquera fame,  
un río, unhas ás, a aridez da madrugada.

Este xesto cotián, señoras clientas,  
de pronunciar certas palabras,  
nomear a horizontalidade dos paxaros,  
convocarnos aquí, no centro do anonimato  
a preguntarnos se a vida ten algo que ver con isto,  
se dicirles un poema mentres fan a compra  
pode aparecer un día nun recordo,  
ou poñerles na lingua o sabor das cereixas,  
cuarto quilo entre os dentes e o padal.

Un día calquera, señoras clientas,  
pensarán que a súa vida foi pouco máis de 5 minutos  
e, coma o poema, cando chegou,  
non aproveitaron a oferta.

Silvia Penas



## AS NOVAS DO IEM



*As novas do IEM*

---

**IEM**



## DURANTE O ANO 2019 AS ACTIVIDADES MÁIS SALIENTABLES FORON AS SEGUINTE:

### IV MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO DO VAL MIÑOR E OIA



O sábado 12 de xaneiro no Auditorio Municipal Lois Tobío de Gondomar iniciamos a IV Mostra de teatro afeccionado do Val Miñor e Oia. Organizado polo Instituto de Estudos Miñoráns co apoio do Concello de Gondomar, tivo como obxectivo fomentar e coordinar actividades dirixidas a potenciar tanto a creatividade teatral como a representación.

A programación tivo un total de oito pezas teatrais interpretadas por Vichelocrego, Tranghallada teatro, Bertorella, Pritis- Guomins, A Moura, Os cabalos rosas brincan no patín, O mellor de cada casa e Arredemo.

A entrada foi gratuíta e para todos os públicos.

#### Programación

Sábado 12 de xaneiro- 19.30h

*Jansel e Ponsel*, representada por Tranghallada teatro de Nigrán.

Domingo 13 de xaneiro- 18.00h

*Mamasiña que medo!*, representada por Bertorella de Morgadáns.

Sábado 19 de xaneiro- 19.30h

*Cóncavo-convexo*, representada por Vichelocrego de Gondomar.

Domingo 20 de xaneiro- 18.00h

*Rosa rosae*, representada por Pritis- Guomins de Aula teatro Gondomar.

Sábado 26 de xaneiro- 19.30h

*A revirada*, representada por A Moura de Chaín.

Domingo 27 de xaneiro- 18.00h

*Cousas da vida*, representada por O mellor de cada casa de Viladesuso.

### INAUGURACIÓN DE A COUTADA

O sábado, 2 de febreiro, inaugurouse no Centro de Interpretación do Patrimonio Cultural de Taboexa a mellor superficie gravada descuberta en Galicia nas últimas dúas décadas, un conxunto de petróglifos, que polas súas características e o seu tamaño, está entre os máis importantes de Galicia.



### CONFERENCIA: EXISTEN EVIDENCIAS DO CAMBIO CLIMÁTICO?



Dende o mércores 6 e ata o mércores 27 de febreiro.

O IEM desenvolveu un ciclo de conferencias sobre o cambio climático que contou con expertos na materia como Castor Muñoz Sobrino, Ricardo Prego Reboredo, Xosé Antón Álvarez Salgado e José M. Sánchez.

Tiveron lugar na Aula de Cultura Ponte de Rosas (Gondomar).

Mércores 6 febreiro/20,30h

Como podería afectar o cambio climático ós ecosistemas do NW ibérico.

Castor Muñoz Sobrino  
Dpto. Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo  
Facultade de Ciencias. Universidade de Vigo  
Presenta Xosé Ramón García  
Xunta de Goberno do IEM

Mércores 13 febreiro/20,30h  
É o Antropoceno a era do cambio climático?  
Ricardo Prego Reboredo  
Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC)  
Presenta Juan Hermida  
Profesor do IES A Sangriña. A Guarda

Mércores 20 febreiro/20,30h  
Algunhas evidencias do cambio climático no mar de Galicia  
Xosé Antón Álvarez Salgado  
Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC)  
Presenta Olga Mijón  
Profesora do IES Rosais 2. Vigo

Mércores 27 febreiro/20,30h  
As invasións biolóxicas e nós  
José M. Sánchez  
Dpto. Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo  
Facultade de Ciencias. Universidade de Vigo  
Presenta Marcos Lago  
Profesor do IES Primeiro de Marzo. Baiona

## ACTO DE HOMENAXE E DESPEDIDA DE ALFONSO SOLIÑO TRONCOSO

O Instituto de Estudos Miñoráns convocou un acto de homenaxe e despedida do noso compañeiro Alfonso Soliño Troncoso, para reconecer a súa traxectoria artística, profesional e humana, acto que tivo lugar o sábado 9 de febreiro ás 19:30h na Aula de Cultura Ponte de Rosas en Gondomar.



## PRESENTACIÓN DO LIBRO "PERCORRIDOS POLO PATRIMONIO CULTURAL DA VILA E CONCELLO DE GONDOMAR DE MIÑOR"



O sábado, 23 de febreiro, presentouse o libro *Percorridos polo Patrimonio Cultural da Vila e Concello de Gondomar de Miñor*, autoría de Antonio Soliño Troncoso e promovida pola entidade municipal.

## GONDOMAR NOMEA FILLO ADOPTIVO A VICTORIANO TAIBO

O goberno local fixo o recoñecemento a petición do IEM como paso previo á solicitude dun Día das Letras na súa honra.

O escritor e mestre Victoriano Taibo, membro fundador das Irmandades da Fala e integrante da Real Academia Galega, foi nomeado fillo adoptivo de Gondomar a título póstumo a partir do venres 8 de febreiro do 2019 nun acto que tivo lugar no auditorio Lois Tobío de Gondomar.



O goberno municipal nomeouno a petición do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), tras anos de traballo na difusión da súa figura e da súa vinculación co municipio, dado que impartiu clases na parroquia de Morgadáns entre 1930 e 1950, a súa etapa máis prolífica.

O autor que lle dá nome ao prestixioso premio de poesía organizado polo IEM, que cumpriu o ano pasado a súa undécima edición con centos de obras e de poetas participantes ao longo da súa traxectoria, foi recoñecido por parte do Concello cun título que ata o de agora só ostenta Lois Tobío -diplomático, escritor e investigador da figura do conde de Gondomar-, ao que está dedicado tamén o auditorio municipal.

Amenizaron o acto os alumnos e alumnas do Conservatorio Municipal e o cantautor Paco Barreiro.

## LUÍS VILLARES NO 1º FALADOIRO DO CICLO “GALICIA 2017-2020: PRESENTE E FUTUROS. O MUNICIPALISMO”

O venres 22 de febreiro ás 20:30h tivo lugar o primeiro faladoiro do ciclo “Galicia 2017-2020: presente e futuros. Municipalismo” no que interveu o voceiro do grupo parlamentario En Marea, Luís Villares.

O acto foi presentado por Xulián Maure Rivas (Director do IEM) e moderado a xornada Luís Álvarez Pousa (Director da revista *Tempos Novos*).

O contido da xornada tratou sobre a situación de Galicia 2017-2020 respecto do municipalismo: financiamento, participación cidadá, demografía...

A xornada desenvolveuse na Aula de Cultura Ponte de Rosas.



## IVÁN PUENTES NO FALADOIRO DO CICLO “GALICIA 2017-2020: PRESENTE E FUTUROS. MUNICIPALISMO”

O venres 15 de marzo ás 20:30h tivo lugar o faladoiro do ciclo “Galicia 2017-2020: presente e futuros” no que interveu o secretario de política municipal do Partido Socialista de Galicia, Iván Puentes.

Moderou a xornada Luís Álvarez Pousa (director da revista *Tempos Novos*).

O contido da xornada tratou sobre a situación de Galicia 2017-2020 respecto do municipalismo.

A xornada desenvolveuse na Aula de Cultura Ponte de Rosas.



## ANA PONTÓN NO 2º FALADOIRO DO CICLO “GALICIA 2017-2020: PRESENTE E FUTUROS. O MUNICIPALISMO”



Continuamos co ciclo “Galicia 2017-2020 presente e futuros. O municipalismo” co faladoiro no que interveu Ana Pontón, voceira nacional do BNG.

Moderou o acto Xosé Manuel Pereiro (Xornalista).

O contido da xornada tratou sobre a situación de Galicia 2017-2020 respecto do municipalismo.

A xornada desenvolveuse na Aula de Cultura Ponte de Rosas, Avenida da Feira Nº 10 baixo, Gondomar.

## CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL SOCIOS/AS

Convocáronse os socios/as á Asemblea Xeral de Socios/as da asociación Instituto de Estudos Miñoráns con CIF: G-36867471 que se celebrou no lugar, data e hora abaixo indicados, segundo a orde do día que se especifica.



TIPO DE REUNIÓN: ASEMBLEA XERAL

DATA DA REUNIÓN: Luns 25 de marzo de 2019

HORA DA SESIÓN, 1ª convocatoria: 19:30 HORAS

HORA DA SESIÓN, 2ª convocatoria: 20:00 HORAS

LUGAR: Aula de Cultura Ponte de Rosas, sede do IEM, Avda. da Feira, 10 Baixo 36380 Gondomar.

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior, correspondente á Asemblea Xeral do 7 de febreiro de 2018.

2. Informe director.

3. Aprobación se procede das Contas anuais 2018 da asociación.

4. Informe actualizado do número de socios/as e altas no ano 2018.

5. Informe actualizado sobre as diferentes convocatorias de axudas solicitadas aos distintos organismos institucionais.

6. Presentación da Memoria de actividades 2018 da asociación.

7. Proxectos para o ano 2019.

8. Rogos e preguntas.

Informámoslos de que están a súa disposición, no local do IEM, as actas nomeadas na orde do día para a súa aprobación e as contas do IEM.

## ALBERTO PAZOS NO FALADOIRO DO CICLO “GALICIA 2017-2020: PRESENTE E FUTUROS. MUNICIPALISMO”



O venres día 22 de marzo ás 20:30h tivo lugar o faladoiro do ciclo “Galicia 2017-2020: presente e futuros. Municipalismo” no que interveu o deputado e secretario de organización do Partido Popular de Galicia, Alberto Pazos.

Moderou a xornada Laudelino Pellitero (analista internacional)

O contido da xornada tratou sobre o municipalismo.

A xornada desenvolveuse na Aula de Cultura Ponte de Rosas.

## MOCIÓN NO PARLAMENTO DE GALICIA: REGULAMENTO ESPECÍFICO PARA OS GARRANOS. MOCIÓN PRESENTADA POLA DEPUTADA ÁNXELES CUÑA



Moción no Parlamento de Galicia sobre a nosa proposta para a creación dun Regulamento específico para os garranos. Moción presentada pola deputada Ánxeles Cuña.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-26?fbclid=IwAR0f8KuAzvpnAxWJv-I5MovQPdH3aMmGZNUxOW-rlvttoyBo7r-Bdb1RL5E&part=3406cb9d-fa60-4b2a-8a86-0e96b59ab338&start=9778>

## PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL “A LUZ DO NEGRO” DE ENCARNA OTERO SOBRE O TRABALLO NA MINA DAS MULLERES DE FONTAO



O venres 29 de marzo ás 20:30H o IEM proxectou *A luz do negro*, un documental de Encarna Otero sobre o traballo na mina das mulleres de Fontao. Foi presentado por Diego Casal Ramos, enxeñeiro de minas e membro do Comité de Patrimonio da Cámara Oficial Mineira de Galicia. Ao finalizar a proxección houbo un coloquio con Encarna Otero.

O acto tivo lugar na Aula de Cultura Ponte de Rosas, Gondomar.

A luz do negro. O wolframio da Brea e o poboado de Fontao

A LUZ DO NEGRO

(España, 2014)

Dirección e guión: Encarna Otero.

Realización: Beatriz Pérez e Manuel Gago.

Produción: Consello da Cultura Galega.

Fotografía: Teresa Navarro.

Duración: 33 minutos.

No ano 1939, a Brea era unha das grandes minas de volframio activas a nivel mundial. Axentes aliados e alemáns releaban pola compra do “ouro negro”, do mineral estratéxico para o armamento da II Guerra Mundial. Isto xera unha febre mineira que ocupou miles de homes e mulleres na súa procura. A construción do poboado mineiro do Fontao na década dos cincuenta do século XX e o feito de que a actividade mineira da Brea, aínda que se vai reducindo paulatinamente, se prolongue ata a década dos sesenta fan deste territorio da Brea unha fonte rica de testemuñas, de mulleres que coa súa memoria nos achegan á realidade da vida na mina, a amosaren particularidades concretas e ben diferentes do que vivían moitas outras na Galiza dos escuros anos corenta, anos de represión, fame, miseria, anos de tanta dor. Con *A luz do negro*, perséguese que as testemuñas alumeen un mundo, o da minaría, onde as mulleres sempre fican agochadas.

## RESOLUCIÓN DO II CERTAME ESCOLAR DE CREACIÓN DRAMÁTICA

Reunidos os membros do xurado integrado por Miguel Anxo Mouriño Fernández, escritor e membro do IEM, Fátima Granxa Paz, en representación dos grupos da

sección de teatro do Instituto de Estudos Miñoráns e Luís Carballo Moure, membro do IEM, que actuou como secretario, acordaron por unanimidade a concesión do premio do II Certame Escolar de Creación Dramática, que convoca o IEM en colaboración co concello de Gondomar ao CEIP Souto Donas (Gondomar) pola obra *Día de pesadelo*.



A obra foi escrita polas alumnas Carolina Figueroa Granxa, Erea Estévez Vilar e Zayra Costas de 6º curso de E.P.

O xurado, tamén acordou conceder accésit ás seguintes obras:

*Vaia tres na arribada!* CEIP De Mallón

*A casa embruxada.* CEP Sabarís

*Unha historia de piratas.* C.E.I.P. Serra- Vincios

O premio consta de tres partes: un lote de libros, a publicación da obra na web do IEM e a súa representación polo grupo de teatro “A Moura” de Chaín, no colexio de Souto-Donas.

Ademais, o xurado decide entregar a cada participante un diploma acreditativo de participación no certame escolar de creación dramática.

Gondomar a 30 de marzo de 2019.

## HOMENAXE A ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



O xoves 23 de maio o Instituto de Estudos Miñoráns, IEM, en colaboración co concello de Gondomar, celebrou unha homenaxe a Antonio Fraguas Fraguas, a quen se lle dedicou a data das Letras Galegas este ano.

Camiño Noia Campos, catedrática emérita de Filoloxía Galega na Universidade de Vigo, ofreceu unha charla sobre este narrador oral excepcional e intelectual cunha popularidade moi pouco común, que contribuíu ademais a defender o galego como lingua de expresión válida para calquera coñecemento.

O grupo Teatro do Ar, representou a obra *Distintas compañías* inspirada en contos e lendas recollidas por Antonio Fraguas.

Acompañando a palabra e a escena, estivo a actuación de Urbano Cabrera, cantautor galego de ampla traxectoria no mundo da música, comprometido coa potenciación do idioma galego, en toda clase de estilos, dende o folk ata o blue.

O primeiro disco de Urbano Cabrera, *Tarantela*, saíu á luz en 1996, ó que seguirán *Segundo Andar* no 2000 e *Penalba* en 2004. En 2018 edita o recopilatorio Selección, tanto en formato físico coma en streaming. En maio de 2019 saíu publicado o seu último traballo *Soñarás en maio coas chuvias de abril*.

O acto tivo lugar na Aula de Cultura Ponte de Rosas.

## CONVOCATORIA XII PREMIO DE POESÍA VICTORIANO TAIBO

O Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), en colaboración co Concello de Gondomar, convocou o XII Premio de poesía Victoriano Taibo, dotado con 3000 € e unha escultura conmemorativa de Fino Lorenzo. Rexerase polas seguintes

BASES:

1. Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, non poderán ser adaptacións nin ter sido premiados noutro certame no momento da decisión do xurado. Estarán escritos en lingua galega, de acordo coas Normas ortográficas



e morfolóxicas do idioma galego da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (NOMIG, 2003).

2. Cada traballo consistirá nun ou varios textos poéticos, cunha extensión non inferior a 300 versos con unidade temática.

3. Os traballos presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo, con letra Times New Roman e corpo 12 nun sobre pechado identificado co lema, alcume, pseudónimo ou o título elixido polo autor/a.

Así mesmo, dentro deste sobre, xunto cos traballos incluírase outro sobre pechado identificado co devandito lema, título..., que conterá os datos persoais (nome, apelidos, copia de DNI, teléfono de contacto e enderezo electrónico). O xurado só o abrirá no caso de ser premiado

Os traballos enviaranse por correo ao seguinte enderezo:

Apartado 30

36380 Gondomar (Pontevedra)

4. O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e rematará o día 31 de xullo de 2019.

5. Os traballos presentados conservaranse durante un mes a partir da data de publicación da resolución do xurado, período durante o cal poderán recollerse no local do IEM en Gondomar. Transcorrido ese prazo destruíranse os que non fosen solicitados polos seus autores ou autoras.

6. O xurado estará constituído por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario.

7. A obra premiada publicarase polo IEM na Colección Victoriano Taibo e non xerará dereitos de autor durante os primeiros 1500 exemplares editados. A publicación non pode superar o máximo de 250 páxinas.

8. O premio outorgado será único e indivisible. O xurado poderá decláralo deserto se estima que a calidade das obras presentadas así o aconsella.

9. Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.

10. O feito de participar supón a aceptación destas bases.

O Premio de poesía Victoriano Taibo recoñeceu até o de agora a obras das seguintes escritoras e escritores:

2008: Carlos Negro con Cultivos Transxénicos,

2009: M<sup>a</sup> Carmen Caramés con Cuarto Minguante e Elvira Riveiro e Silvia Penas con Biografía da Multitude

2010: M<sup>a</sup> Goretti Fariña con Devastacións dispoñibles

2011: Calros Solla con Holocausto Zaoe

2012: Conchita Álvarez Lebreo con Distancias e Simetrías

2013: Ramón Sandoval con Territorios Estraños

2014: Lara Rozados con O caderno amarelo

2015: Iñaki Varela con Do outro lado das portas

2016: Xosé Iglesias con A relixión do mar

2017: Rafa Vilar con Erosións

2018: Laura R. Cuba con A situación actual.

O IEM e o Concello de Gondomar queren, a través deste premio, enxalzar a figura de Victoriano Taibo, escritor e mestre na parroquia de Morgadáns, e contribuír ao crecemento da literatura na nosa lingua, convertendo Gondomar e este premio nunha cita imprescindible para as Letras galegas.



## PRESENTACIÓN DA REVISTA REM Nº 18 (2019)



O venres, 7 de xuño, ás 20:30h na Biblioteca de Baiona, tivo lugar a presentación da revista *REM* nº 18 (2019) do Instituto de Estudos Miñoráns.

O acto contou con colaboración musical de Claudia García Costas e as intervencións de Xulián Maure Rivas, Natalia Jorge Pereira, Xilberte Manso de la Torre, Soledad García Riveiro e Antonio Soliño Troncoso que fixeron unha breve presentación das súas colaboracións.

Conduciu o evento María Lemos Cerqueira.

## PRESENTACIÓN DAS XEIRAS DO IEM 2019



O luns 8 de xullo ás 18:30h, presentáronse as Xeiras do IEM 2019 en colaboración cos concellos de Baiona, Nigrán, Gondomar e Tomiño nun acto que se celebrou na Capitania Marítima de Baiona.

Foron doce visitas guiadas e dirixidas por especialistas no tema da visita, de interese histórico, artístico, natural e paisaxístico, que realizaron nos meses de xullo e agosto. Sete especialistas conduciron as xeiras e conferencias: Anxo Rodríguez Lemos, Antonio Soliño Troncoso, Xosé Ramón García Martínez, Xilberte Manso de la Torre, Xosé Lois Vilar Pedreira, Carlos Méixome Quinteiro e Eduardo Méndez Quintas.

Foron tres xeiras en **Gondomar**: *Agua da Laxe. Unha nova lectura (conferencia e xeira); Camiño da Nosa Señora do Norte. De Gondomar a Vilaza; e A vila do século XIX.*

Tres en **Nigrán**: *Paseo fluvial e toque de campás en Parada; Panxón, retallos de historia, etnografía e arquitectura; e unha xeira nocturna polo mar de Panxón.*

Tres xeiras en **Baiona**: *Paisaxes imaxinadas dende o Monte Real de Baiona; Polos cumes da Groba. O hábitat do último cabalo salvaxe do mundo; e unha xeira nocturna Polo mar de Baiona. Toponimia, talasonimia e naufraxios e tres conferencias neste concello: Os primeiros tempos da Humanidade; Baiona 1936; e Os tempos na Colexiata de Santa María de Baiona.*

É, por último, tres xeiras en **Tomiño**: *As pegadas na paisaxe. Ouro toponimia, mámoas e garranos; O monte Tetón. Avances na investigación (conferencia e visita); e O Camiño da Nosa Señora do Norte. Ollando cara a Tebra.*

Para as dúas xeiras marítimas foi necesaria inscrición previa e pago.

A duración media das xeiras foi de 3:00 a 3:30 horas. Este ano, ao igual que o anterior, incorporáronse ás xeiras dúas persoas intérpretes en lingua de signos, favorecendo así a inclusión social deste colectivo e o seu achegamento ao patrimonio do Val Miñor e Baixo Miño.

Todas as xeiras están a disposición no facebook do IEM.

## CONFERENCIAS DO IEM EN BAIONA



Conferencia *Baiona 1936* por Carlos Méixome Quinteiro Xoves 18 de xullo.

Carlos Méixome Quinteiro, profesor de Xeografía e Historia no ensino secundario ata a súa prexubilación, é un dos impulsores do Instituto de Estudos Miñoráns do que foi director ata a súa dimisión en 2015, ofreceu a conferencia titulada *Baiona 1936*.

LUGAR: Capitanía Marítima de Baiona (Elduayen,20)

DATA: Xoves,18 de xullo

O 15 de abril de 1931, a Baiona, como no conxunto do estado, no de Galicia e no Val de Miñor chegaba un novo réxime político: A II República. Como era a sociedade baionesa do momento?, cales as súas principais forzas sociais e políticas?, cal a súa base económica?, que pasou naquel breve período?, por que aquel ilusionante novo tempo rematou coa feroz violencia desatada o 18 de xullo de 1936? Que lles pasou ás autoridades municipais, alcaldes e concelleiros, e aos principais dirixentes sindicais obreiros, mariñeiros e labregos? Queremos saber destes pasados incómodos?

*Carlos Méixome Quinteiro (Lalín,1954)*

*Estudou Filosofía e Ciencias da Educación na Universidade de Santiago. Foi profesor de Xeografía e Historia no ensino secundario ata a súa prexubilación. Exerceu durante máis de dúas décadas no IES Escolas Proval de Nigrán.*

*Ten traballado en cuestións internacionais sobre as que ten publicado unha gran cantidade de artigos e, en colaboración co Instituto galego de Documentación Internacional (IGADI): O conflito dos Balcáns. A ex - Iugoslavia (1994), Rusia, das orixes á crise dun modelo (1996) e Cuba, independencia e revolución (1998).*

*Sobre historia contemporánea publicou: Textos e Documentos para a historia contemporánea de Galicia. Século XX (1999) e Castela: Unha historia do nacionalismo galego (2000) e Javier Alonso Salgueiro, unha achega biográfica e documental (2014).*

*En 2014 publicou unha escolma de artigos de prensa baixo o título de Daquí e dacolá. Follas voadeiras 2001-2014.*

*Dende 2014 mantén un blog denominado Pé do Galiñeiro para recoller os seus artigos de prensa. Entre 2017 e 2018 fixo o exercicio de publicar un artigo diarios, 365, que difundiron o blog que supera as 120.000 visitas.*

*Na actualidade colabora habitualmente e dende hai anos en diversos medios como A Peneira, Tempos Novos ou Novas do Eixo Atlántico e na revista Cousas así como en revistas de historia como Murguía ou de historia de educación como Sarmiento.*

*Estudou a represión franquista no sur da provincia de Pontevedra, nomeadamente no Val Miñor e Baixo Miño, sobre o que ten publicado unha gran cantidade de artigos en diversas publicación e libros colectivos. Campo sobre o que segue investigando.*

*En 1999 foi un dos impulsores do Instituto de Estudos Miñoráns do que foi director ata a súa dimisión en 2015.*

*Vinculado dende a súa época de estudante ao nacionalismo galego; participou na fundación do BNG, en 1982, e foi membro do seu primeiro consello nacional así como na fundación de ANOVA e formou parte da súa primeira comisión executiva ata a súa dimisión en 2014.*

Conferencia de Eduardo Méndez Quintas. Xoves 11 de xullo

O xoves 11 de xullo ás 20:00h, Eduardo Méndez Quintas, arqueólogo e doutor en Evolución Humana e membro do IEM ofreceu a conferencia titulada *Os primeiros tempos da humanidade: unha ollada dende o Val de Miñor.*

Esta tivo lugar na Capitanía Marítima de Baiona (Elduayen,20)

*Eduardo Méndez Quintas*

*Investigador postdoutoral Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio GEAAT. Universidade de Vigo.*



Conferencia de Anxo Rodríguez Lemos. *Os tempos na Colexiata de Santa María de Baiona*. Mércores 14 de agosto ás 20:00h



Pleno de asistencia na Capitanía Xeral de Baiona para gozar da conferencia de Anxo Rodríguez Lemos, historiador e doutorandoo na Universidade de Santiago de Compostela, recentemente investigador no Arquivo Secreto Vaticano e membro do IEM. Xeira apoiada coa colaboración do concello de Baiona.

Trala presentación do conferenciante por Xulián Maure Rivas, Anxo Rodríguez Lemos achegounos durante 60 minutos parte da historia de Baiona e a transformación ao longo dos tempo da Colexiata.

Unha conferencia apoiada por gran número de fotos proxectadas que nos permitiu fixar visualmente a evolución de Santa María de Baiona e os protagonistas da mesma, mandatarios, canteiros e cidadanía en xeral.

Tras diversas preguntas dos asistentes deuse por pechada a xornada cunha forte ovación a este investigador de Baíña e amante desta vila de Baiona.

## CHARLA COOPERATIVA GALEGA DE CONSUMO DE ENERXÍA VERDE. ANTE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA CLIMÁTICA HAI ALTERNATIVAS

Organizada por Co-mando Ghichas e colaboración do IEM.  
Xoves 26 de setembro



## CURSO DE LINGUA DE SIGNOS-NIVEL A1 (60 H)



Do 1 de outubro de 2019 ata o 28 de xaneiro do 2020 levouse a cabo un curso de lingua de signos os martes e xoves na Aula Ponte de Rosas (o local do IEM)

## 1ª VISITA AOS PETRÓGLIFOS DE GARGAMALA

<https://iem.gal/destacadas-portada/1a-visita-aos-petroglifos-de-gargamala/>



## PRESENTACIÓN DA CURTAMETRAXE OS URUGUAIOS VIÑERON DESPOIS DE PABLO CASAL



O venres 4 de outubro, ás 20:30 h no auditorio Lois Tobío de Gondomar, presentouse a curtametraxe *Os Uruguaios viñeron despois*. Con guión de Pablo Casal e producida por ÑO! ESPAZO CREATIVO e o propio Pablo Casal.

A presentación correu a cargo da xornalista e guionista de cine e televisión Araceli Gonda, de Morgadáns.

Este traballo foi realizado ao longo de case catro anos por persoas que viven na súa meirande parte en Gondomar. Todas as localizacións e escenas graváronse neste concello.

Esta tolema histórico-medioambiental reflicte as inqedanzas e desacougos como habitantes do Val de Miñor, como cidadáns galegos, en contra da deforestación e do empobrecemento da terra. Temos moitos recursos naturais que non se aproveitan porque vivimos esencialmente de costas á natureza, instaurados en permanente posición de presunta superioridade e depredación.

Antes tiñamos unha paisaxe en mosaico. As estacións coloreaban a vida, primavera e outono eran un espectáculo, ante os nosos ollos despregábase unha vizosa paleta de cores, chea de matices, as forestas prognosticaban a estacionalidade. Todo isto fixábanos máis a terra, ao mundo, fidelizábanos, uníanos... logo chegaron tempos de depredación, de monocromía, dun único RAL, de cultivos aliñados marcialmente dispostos a abrir FOGO. Agora seica tocamos fondo e parece que hai esperanza, en xeral albíscanse cambios e unha volta ás raíces... imos ver...

Unha alternativa ao irracional proceso estragador dos recursos naturais pasa pola correcta xestión da compostaxe da materia orgánica que producimos a diario.

A vida, tal e como a coñecemos, sería inviable sen a sempiterna descomposición da materia orgánica e a súa reintegración nos novos procesos vitais... a retro-alimentación permanente... eterna.

Ao mesmo tempo, queremos amosar o noso respecto e recoñecemento a todos aqueles e aquelas que dende a distancia fixeron país, e afondaron nas raíces e nos valores da cultura galega vencellada cos pobos que os acollían (Uruguai, Arxentina, Venezuela, Cuba, México...).

## MES DA MEMORIA: “A VOLTA DAS 9”



O IEM conmemora o seu vixésimo aniversario coas xornadas “A volta das 9”, centradas na represión franquista contra as mulleres do Val de Miñor

A programación inclúe charlas, exposicións, documentais, encontros con escritoras que abordaron esta temática e unha homenaxe ás familias que sufriron a barbarie franquista

As actividades, que contan co respaldo da Deputación e os Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, iniciáronse o xoves cunha charla de Telmo Comesaña, orfo dos catro de Alcabre

O Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) puxo en marcha a partir deste xoves e durante todo o mes de outubro, un programa de actividades centrado en recuperar a memoria das mulleres que sufriron a represión franquista no Val de Miñor. Faino no ano en que se cumpren vinte desde a súa constitución e coincidindo co mes no que tivo lugar o asasinato de nove veciños da contorna na Volta da Bombardeira, coñecida desde entón como A Volta dos 9.

Nesta ocasión, o IEM quere darlles especial protagonismo ás mulleres. Tanto a aquelas que padeceron de xeito directo, -caso de Dolores Samuelle, asasinada por dar acubillo en Baiona aos irmáns José e Luís López Luís, os Ineses, cuxa redada deu orixe á masacre dos nove no camiño a Baredo- como as que viron a súa vida truncada pola persecución dos homes da familia. As nove viúvas da Bombardeira son un claro exemplo e de aí que o IEM denominase a xornada como A Volta das 9. Mais, explicaron desde o organismo, “non só homenaxearemos a esas nove vítimas e ás súas familias senón que, coa súa volta á nosa memoria,

queremos render tributo a todas as mulleres do Val de Miñor que sufriron a represión”.

Asasinadas, presas, vexadas con castigos como os abusos sexuais ou a rapa, depuradas dos seus empregos, exiliadas, viúvas e orfas, terán protagonismo nos actos e na publicación que, con algunhas das súas historias elaborou o IEM e que foi repartida de balde durante os actos. Mais tamén o tiveron as mulleres solidarias, resistentes e aquelas que, transmitindo a súa memoria, posibilitaron que o verdadeiro relato do acontecido chegase ata nós.

#### INAUGURACIÓN DAS XORNADAS

Para a realización das xornadas, -que se prolongaron durante todo o mes, desde o xoves 3 ata o sábado 26 de outubro-, o IEM contou coa colaboración dos tres concellos nos que se desenvolveu o programa: Baiona, Gondomar e Nigrán.

O primeiro acto tivo lugar o xoves, 3 de outubro, na Aula Ponte de Rosas de Nigrán, a partir das oito da tarde, cunha charla de Telmo Comesaña, orfo de José Comesaña, un dos veciños de Alcabre asasinados en Vincios o 6 de outubro de 1936.

Dous días despois, o sábado 6 ás oito da tarde, tivo lugar no Concello de Baiona a inauguración da exposición Rexas, mulleres baixo o terror franquista, cedida pola Deputación de Pontevedra. E a continuación, na Biblioteca Municipal, a proxección, e posterior debate, do documental *Matriarcas*, que sobre esta mesma temática elaboraron catro alumnas da contorna: Xiana Vilar, Mónica Sousa, Vanesa García e Laura Rial.

Os documentais serán un dos pratos fortes da programación. O martes 8, tamén ás oito da tarde, a directora francesa Odette Martínez estivo no Auditorio de Nigrán para presentar o seu traballo *La isla de Chelo*, protagonizado pola guerrilleira antifranquista Chelo Rodríguez, falecida este mesmo ano. O seu compañeiro de loita, o guerrilleiro Quico Martínez, participará no debate posterior.

A volta das 9 inclúe a proxección dun terceiro documental, o laureado *El silencio de otros*. Foi o venres 18, ás oito da tarde, de novo na biblioteca municipal de Baiona, e contou coa presenza dun dos seus protagonistas, Chato Galante, que se adheriu á querela arxentina para que a xuíza Servini investigue as torturas ás que foi sometido por Billy el niño.

Tamén estiveron en A volta das 9 as escritoras Eva Mejuto, coa súa obra *Memoria do silencio*, -protagonizada polas irmás Touza, que desde Ribadavia crearon unha rede de evasión para afastar os xudeus do holocausto nazi-, e Inma López Silva que, en *Memoria das cidades sen luz*, recrea o exilio de María Miramontes, a viúva do alcalde de Compostela, Anxo Casal, asasinado polos franquistas.

O programa complétase coas charlas das xornalistas Montse Fajardo, -que falou das características da represión feminina e en concreto, da sufrida na contorna-, e Carme Vidal, -que versa sobre as autobiografías realizadas por varias vítimas galegas-, así como de familiares de represaliados: Valentín García Bóveda, neto de Alexandre Bóveda, asasinado en agosto do 36, e Pablo Iglesias Núñez, fillo de Mercedes Núñez, presa nun campo de concentración nazi.

O acto de homenaxe ás familias tivo lugar o sábado 26 de outubro, ás doce da mañá, tras a colocación da placa, obra de Fernando Casás no cemiterio de Baiona en memoria dos 9. A música púxo a Lucía César Veloso e Manolo Dopico.

O programa completo pode consultarse en [www.iem.gal](http://www.iem.gal) e as imaxes das conferencias e eventos en <https://www.facebook.com/institutoestudiosminorans>



## CONFERENCIA DE VALENTÍN GARCÍA BÓVEDA “A CONSTRUCCIÓN CULTURAL DO GALEGUISMO, UNHA OPORTUNIDADE TRUNCADA”

Venres 25 de outubro ás 20:00h.

Aula de Cultura Ponte de Rosas do IEM. Gondomar

Conferencia de Valentín García Bóveda “A construción cultural do galeguismo, unha oportunidade truncada”.



## ACTO DE ENTREGA DO XII PREMIO DE POESÍA VICTORIANO TAIBO



Sábado, 16 de novembro ás 19:30h

Escola de Guillufe, Morgadáns

O concello de Gondomar e o Instituto de Estudos Miñoráns convocaron os interesados a asistiren ao acto de entrega do XII Premio de Poesía Victoriano Taibo, galardón que recaeu no poeta vigués (miñorán de adopción) Francisco Javier Fernández Davila polo poemario titulado *Mover os Marcos*; o xurado salienta deste libro a unidade temática e estética á hora de expresar non só unha perda, tamén un transo vital en continuo ciclo, cunha voz poética forte e propia que mantén o pulso ao longo de toda a obra.

O acto, conducido por Pedro Rodríguez e o seu grupo Teatro do Ar, púxolle un marco adecuado ao momento no que Fran Fernández, despois de ser introducido pola poeta miñorá e membro do IEM Marta Dacosta, recolleu o galardón da man de Francisco Ferreira, alcalde de Gondomar, e recitou algúns poemas do seu libro. O premio está dotado con 3000 € e unha peza escultórica obra do artista miñorán Fino Lorenzo e fabricada desinteresadamente por Carpintería Meixoeiro. Este evento cultural, que tivo lugar na aula da planta primeira da escola de Guillufe, en Morgadáns, o sábado 16 de novembro ás 19:30 horas, estivo amenizado pola banda de gaitas Balcón do Miñor, da mesma parroquia. Despois da clausura do acto por parte do alcalde Francisco Ferreira houbo un albaroque de confraternidade no soto do edificio onde asistentes e participantes puideron intercambiar opinións e o autor asinou libros para quen o desexou.

Victoriano Taibo, poeta das Irmandades da Fala, foi unha figura sobranceira nos dous primeiros terzos do século XX. Mestre de profesión, tivo unha importante actividade cultural. Foi poeta das Irmandades da Fala, en cuxo movemento participou de xeito moi activo. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, da Real Academia Galega e do Instituto de Estudos Históricos do Minho. Á parte dunha abundantísima obra espallada, publicou en vida os poemarios *Abrente*(1922) e *Da vella roseira*(1925) e a obra narrativa *Da agra aberta, contos e lendas*(1956); deixou inéditos dous volumes de poemas, *Abicedoe Cabrinfolas*, publicados en 2008 por Armando Requeixo; neste mesmo ano 2008 recibiu unha homenaxe en Morgadáns, lugar onde exerceu a súa docencia durante 20 anos, organizada polo IEM, que con tal motivo reeditou *Da agra aberta* e publicou unha *Revista monográfica* sobre o personaxe que recolle interesantes aspectos da súa vida e obra, coa participación dun nutrido grupo de persoas do mundo da cultura.

## CHARLA DE DÉBORA IGLESIAS-RODRÍGUEZ, A AMEAZA INVISIBLE NOS OCÉANOS



O venres 8 de novembro, ás 20h, na Aula de Cultura Ponte de Rosas, a oceanógrafa Débora Iglesias-Rodríguez deu unha charla sobre “A AMEAZA INVISIBLE NOS OCÉANOS” nun novo Faladoiro do IEM, nesta ocasión conducido por Xosé Ramón García, biólogo e membro da xunta de goberno do IEM.

Débora Iglesias-Rodríguez é unha oceanógrafa que traballa nos mecanismos que controlan a diversidade e a función nos ecosistemas mariños. Licenciada na USC, doutorouse en Swansea, Reino Unido, en 1996 cunha tese sobre a utilización de carbono no fitoplancto. Foi posteriormente galardoada cunha bolsa NERC para estudar a diversidade xenética en coccolitóforos (Bristol Univ., Reino Unido) e unha bolsa da NASA para modelar a súa distribución mediante datos por satélite (Rutgers Univ., EUA). Ata decembro de 2012, dirixiu un grupo de investigación no National Oceanography Center (Southampton, Reino Unido), centrado na bioluminescencia mariña e o efecto de acidificación dos océanos no plancto mariño.

## FALADOIRO CON XOÁN MARTÍNEZ REBOREDO “LOITA POLA REHABILITACIÓN E SOSTIBILIDADE DO MOSTEIRO DE OIA”



No Instituto de Estudos Miñoráns rematamos o noso calendario anual de actividades cun Faladoiro con Xoán Martínez Reboredo, Director Executivo do Grupo Vasco Gallega de Consignaciones, quen compartiu cos asistentes a súa particular “Loita pola rehabilitación e sostibilidade do Mosteiro de Oia”

Esta charla tivo lugar o venres 20 de decembro ás 20:00 horas na Aula de Cultura Ponte de Rosas (Avenida da Feira Nº 10 baixo, Gondomar).

Ao remate do faladoiro compartimos uns petiscos e uns viños para despedir o ano.

## CERTAME ESCOLAR DE CREACIÓN DRAMÁTICA

[https://iem.gal/destacadas-portada/certame-escolar-de-creacion-damatrica/?fbclid=IwAR0bhfxHF\\_Vg8OvYgQXVVOM-DOKab6ZOXXUQZg8X90I2nlRGBVf2pt4piv60](https://iem.gal/destacadas-portada/certame-escolar-de-creacion-damatrica/?fbclid=IwAR0bhfxHF_Vg8OvYgQXVVOM-DOKab6ZOXXUQZg8X90I2nlRGBVf2pt4piv60)



## XEIRAS ALÉN MIÑOR

### XIX Xeira Alén Miñor. O RIBEIRO. (2 de marzo de 2019)



O RIBEIRO, 1ª PARTE, Ribadavia e bisbarra (2 marzo)

Ribadavia é un claro exemplo de urbe medieval baseada, case en exclusiva, na produción vitícola nos últimos 1000 anos. Foi declarada monumento nacional no 1947, grazas principalmente ao conxunto de rúas e prazas con pórticos de fermosa fisionomía.

Tamén destacan os seus templos e pazos de diferentes estilos dende o sc. IX ao XX. A importancia da pegada dos xudeus na vila é moi notoria, principalmente na arquitectura, nos costumes e na toponimia. O Museo Sefardí é unha

mostra clara da importancia da cultura, das circunstancias e a historia da poboación que viviu neste lugar durante séculos.

Moitos persoeiros faloron e escribiron prosa e poesía motivados polo encanto desta terra e os seus viños. Castelao, Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Alexandre Bóveda, Lope de Vega, Cervantes, Cosme de Médici e moitos outros.

Cunqueiro referíase ao Ribeiro como “More philosophico, axeitado para unha filosofía humana, peripatética e sentimental. Apropiado para a nosa forma de ser, para a nosa lentitude dialogante, porque nos aviva e nos estimula”.

Aínda se conservan viñas tradicionais que parten desde case o río e chegan a coroar moitos outeiros. A partir do sc. VIII modificaron a paisaxe enchendo de miradoiros-socalcos as parroquias que miran ao Avia, O Varón, O Viñao e O Arnoia. Nalgunhas delas, desleixadas co tempo, o carballo e a vexetación asociada forman unha simbiose naturalizada cos muros senlleiros. Esas castes de uva foron catadas no resto da península, Illas Británicas, Francia e Países Baixos, e posteriormente levadas a América (Arxentina, Uruguai e Cuba).

A importancia e dependencia do viño do Ribeiro foi tal que nos séculos X-XII as rendas do viño axudaron a financiar obras de tanta magnitude como as catedrais de Ourense ou Santiago. Xa no sc XII-XV os cobros dos foros do viño subvencionan en gran medida a reconquista e a construción das cidades de Pontevedra, A Coruña, Santiago e Ourense.

O viño segue sendo un dos motores económicos da bisbarra, aínda que decrecese en extensión cultivada: no ano 1917 no Ribeiro había 10.000 hectáreas cultivadas e na actualidade coa denominación de Orixe Ribeiro hai 2.800.

*Lugares (destino/obxecto) da nosa visita*

- Conxunto histórico da Vila de Ribadavia
- Museo Etnolóxico
- Convento de Santo Domingo (Construído entre os séculos XIII e XIV. Posúe unha colección de capiteis historiados, ademais de diferentes expresións de arte sepulcral, retablos e imaxes relixiosas. A súa igrexa é considerada unha valiosa mostra da arquitectura gótica dos mendicantes)
  - Museo Sefardí de Galicia
  - Museo do viño de Galicia
  - Mosteiro de San Clodio do Ribeiro de Avia (De orixe altomedieval, os monxes Bieitos estiveron moi vencellados á produción vitivinícola dende séculos)
  - Igrexa de San Xes de Francelos (Unha das referencias prerrománicas máis importantes de Galicia. Sc IX)
  - Conxunto histórico artístico de Pazos de Arenteiro (Unha das vilas máis fermosas de Galicia pola súa arquitectura e a súa paisaxe)

**XX Xeira Alén Miñor. MONFORTE-QUIROGA. (6-7 de abril 2019)**

Iniciamos esta visita pola zona alta da Vila de Monforte, no conxunto monumental de San Vicente do Pino. Segundo algúns autores, neste lugar estivo emprazado o Castro Dactonium. Descenderemos a pé ata o Campo da Compañía. Polo camiño pasaremos pola Porta Nova, unha das entradas da vella muralla medieval, que nos levará ata o casco antigo de Monforte e o seu barrio de ámbito xudeu. Percorren-



do estas rúas coñeceremos os barrios gremiais e os lugares de tradición xudía. Sairemos do recinto amurallado pola Porta da Alcazaba, a máis antiga que se conserva. Baixaremos ata achegarmos ao cárcere vello. Á beira do cárcere vello atópanse os restos doutra das portas da muralla. Desde aquí seguimos camiñando cara á rúa do Comercio, na que atopamos unha casa con balconada e con moita historia: o antigo hospital da Orde de Santo Antonio. Tamén foi casa consistorial, e na actualidade atópase a oficina municipal de turismo e o Centro do viño da Ribeira Sacra. Moi preto deste lugar atópase unha pequena rúa, na que poderemos ver a casa máis estreita de España, recollida no libro Guinness. A súa fachada ten 1,5m de ancho.

Cruzaremos a Ponte Vella, de orixe romana, e atoparémonos coa fachada do Convento das Nais Clarisas (século XVII) fundado polos VII Condes de Lemos, que alberga o segundo Museo de Arte Sacra máis importante de España. A partir de aquí, cruzaremos o río Cabe e dedicaremos o noso tempo ao Colexio da nosa Señora a Antiga, máis coñecido como Escorial Galego, situado no campo da Compañía. Foi fundado polo cardeal D. Rodrigo de Castro no ano 1593, fillo da III Condessa de Lemos Dona Beatriz de Castro e de Álvaro Osorio.

Este grandioso monumento (110 m de fachada) alberga unha curiosa escaleira monumental, dous claustros renacentistas, a igrexa xesuítica e unha pinacoteca con obras de autores importantes como O Greco.

#### *Pazo de Tor*

O Pazo de Tor está situado nunha elevación que lle serve de miradoiro sobre o Val de Lemos na parroquia de San Xoán de Tor, pertencente ao concello de Monforte de Lemos. As orixes do pazo están ligados á liñaxe dos Garza no século XIV. O edificio foi construído no último terzo do século XVIII, aínda que conserva algún vestixio anterior, e foi tamén afectado por algunha reforma posterior (como as reparacións efectuadas tras o seu incendio polas tropas napoleónicas). É encadrable dentro do estilo barroco, de longa persistencia en Galicia, pero xa matizado por certo sentimento estético neoclásico, visible na súa sobriedade, simetría e emprego das ordes clásicas. Os elementos decorativos concéntranse nas fachadas, e a organización interna do edificio diferencia claramente un baixo de servizo que alberga as dependencias necesarias en toda facenda agropecuaria (cocheiras, adegas, cortes, vivenda dos criados e caseiros...) e un primeiro piso reservado a residencia dos donos do pazo. A Deputación Provincial de Lugo acometeu obras de acondicionamento e mellora do edificio, respectando a súa estrutura e distribución, procedendo, xunto co Museo Provincial, á musealización do pazo. No 2006 abre ao público.

#### *Igrexa Románica de San Pedro de Ribas Altas*

A igrexa románica de Ribas Altas foi construída no último terzo do século XII. Consérvanse pinturas murais con escenas do xuízo final. Ten unha soa nave e ábsida. A fachada reformouse no século XVIII.

#### *Quiroga*

No segundo día teremos unha visita onde a paisaxe, a arqueoloxía e a xeoloxía serán os protagonistas.

En Margaride explicaranos os sistemas de explotación que os romanos empregaban en diferentes épocas para extraer o ouro, denominados “cortas de arrastre” ou

“cunchas de equilibrio”, tamén veremos galerías de explotación e os noiros da mina no monte. Xunto a elas unha ara na metade da parede dunha vivenda.

Outra localización a visitar será Montefurado e outras minas máis que hai pola contorna. Tamén será moi atractiva a visita á vila, de arquitectura tradicional serodia.

Antes do xantar espéranos o museo xeolóxico de Quiroga, un referente da materia no norte peninsular.

Pola tarde, xa no Concello de Folgoso do Caurel, admiraremos desde o miradoiro de Campodoloa o Pregamento deitado de Campodola-Leixazós, declarado monumento nacional en 2012 e punto xeolóxico de interese internacional desde 1983. Despois dirixirémonos ao Castro da Torre de Sobredo, xacemento arqueolóxico onde gozaremos dunha detallada explicación dun arqueólogo que escavou nel.

Para rematar, un lugar máxico nos espera, O Val das Mouras. Paisaxe kárstica esculpida en calcarias cámblicas, das máis antigas do continente. A pedra mestúrase con soutos de castiñeiros e outras frondosas formando unha fermosísima paisaxe.

### XXI Xeira Alén Miñor. ALLARIZ. (11 de maio de 2019)



Na xeira fixemos un percorrido pola Vila de Allariz e bisbarra, onde coñecemos a súa historia, que é parte da nosa; algún gobernante, no pasado, dixo que era a “chave do Reino de Galicia”. Lugares, persoeiros e símbolos tan significativos como o “Castelo invisible” (cos seus treitos amurallados), o Convento das Clarisas, ou a estatua do Boi con todas as súas circunstancias pasadas e presentes que vinculan os seus moradores con este animal. O lobishome, preso e xulgado nesta vila, aínda que as súas malfeitorías e falcatruadas sucedesen tamén noutros lugares, etc.

Na contorna de Santa Mariña de Augas Santas atopamos varios monumentos de grande interese relacionados coa lenda da santa: un castro prerromano e un carreiro cunha paisaxe e natureza espectaculares, unha calzada romana moi transitada na Idade Media, unha importante cidade romana (S. I e II despois de Cristo) onde viviu Mariña, unha sauna prerromana e o forno, cuberto posteriormente por unha basílica templaria, no que segundo esa lenda sobreviviu a todas as torturas sen ceder aos desexos de Olibrio, alto cargo romano, ata que foi decapitada, converténdose nunha fonte santa en cada punto no que botou a cabeza.

A primeira construción data da época Constantiniana. Posteriormente, nos albores da Reconquista, levantouse unha igrexa de maiores dimensións que a anterior. Finalmente, foron os Cóengos de San Agostíño quen comezaron a construción do actual Santuario, aínda que non remataron a súa obra. Considérase que a igrexa foi construída entre finais do S. XII e comezos do S. XIII, con arranxo ao estilo cisterciense, e moi influenciada pola próxima Igrexa de Xunqueira de Ambía.

Ó rematar a visita pasearemos por unha carballeira senlleira ata as escavacións arqueolóxicas da “Cibdá de Armea” e o conxunto rupestre do Monte Señorío, castro prerromano.

*San Salvador de Penedos* (aldea e xacemento arqueolóxico)

San Salvador é un núcleo moi singular situado no corazón da Reserva da Biosfera ourensá, que conta cun gran valor paisaxístico e tamén patrimonial xa que, na súa ermida, se atopa a talla dun Cristo románico crucificado de extraordinario valor.

É, tamén, un elemento arqueolóxico de grande interese. Consérvanse os restos dun castelo medieval practicamente descoñecido. Froito do traballo realizado na contorna, pódense ver dúas zonas diferenciadas: unha plataforma inferior, con dúas tumbas escavadas na roca e unha serie de rebaixes na mesma; e unha plataforma superior onde se localizan os restos do castelo propiamente dito.

En documentos do 1247 aparece referenciado Sacti Salvatoris de Todea nos límites da parroquia de Santiago de Allariz. Este documento non nos fala do castelo pero apúntanos directamente ao nome desa zona como “San Salvador de Tudea”. O Castelo de San Salvador de Todea sería un castelo pequeno, duns 700 ou 800 metros cadrados e cunha estrutura amurallada, nun promontorio bastante abrupto entre dous ríos e de difícil acceso.

Visita ó centro da asociación para a defensa, recuperación e estudo terapéutico da especie asnal. Este centro está situado en plena cerna da Reserva da Biosfera Alaricana.

É un espazo multidisciplinar, que promove o desenvolvemento de actividades económicas como o pastoreo e a gandería ecolóxica, a produción artesanal, así como a posibilidade de crear un espazo de visita con diferentes servizos para colectivos. Este centro está situado no Pobo de San Salvador, cunha arquitectura rural de gran beleza e unha restauración respectuosa co medio e o seu pasado.

## XXII Xeira Alén Miñor. A ULLOA. (8-9 de xuño de 2019)



No mes de xuño, no principio das calores, rematamos o primeiro ciclo do ano da sección Xeiras Alén Miñor. Desta volta recoñecemos as Terras de Ulloa, formadas polos concellos de Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla.

O segundo río máis importante do país, despois da cunca Miño-Sil, dá nome á bisbarra que nos acolle. E segue nomeando, alá por onde pasa, a Ulla no seu curso medio e o Ullán na súa desembocadura na ría de Arousa. Vai marcando o límite xeográfico e fronteira natural entre A Coruña e Pontevedra, logo de deixar as de Lugo onde abrolla (entre o Alto do Corno e os Montes de Vacaloura, na parroquia de Ansar, Taboada).

Durante os dous días de visitas e percorridos acompañounos xunto coas súas infinitas regueiras e tributarios (Pambre, Furelos, Arnego etc.). Angostas carballeiras e bosques de ribeira, ben conservados aínda, perduran polo territorio, que xunto á fondura dos seus canóns e rápidos conseguen unha paisaxe de beleza extraordinaria. Os Torrentes do Mácara son bo exemplo. Un pouco máis abaixo Portodemouros encargárase de acougalo.

No seu discorrer, o río supuxo ó longo da historia unha importante barreira natural, que os homes salvaban usando enxeño e pericia, ou ben con barcas ou con pontes, este paso obrigado de camiñantes, viaxeiros, arrieiros, comerciantes e moitos peregrinos. A pé ou en carruaxes, carros, bestas e cabalaría, facíanse os camiños.

Unha fin de semana apaixonante, con moitas referencias culturais para admirar e reter no maxín. Entre outras:

- Exterior do Pazo de Vilamaior (soar da familia Ulloa, s. XIV)
- Castelo de Pambre (s. XIV e XV)
- Torrentes do Mácara
- Vilar de Donas (Mosteiro s. XII, pinturas góticas, altar románico, baldaquino etc.)



- Igrexa románica de Marzá (s. XII)
- Igrexa románica de San Miguel de Coence (s. XII)
- Complexo de Agroecoturismo de Arqueixal
- Santa Mariña de Castro Amarante, aldea con arquitectura tradicional, igrexa románica, capela dos condes e pazo (s. XVII).
- Visita ás fincas de custodia do territorio de Quercus Sonora
- Torre de San Miguel de Penas
- Paseo por Monterroso

### **XXIII Xeira Alén Miñor. A COSTA DA MORTE (19/20 de outubro de 2019)**

Itinerario sábado:

- Bandomil (ponte sobre o Xallas), pasado romano.
- Baíñas, senlleira feira comarcal, espazo literario.
- Dolmen de Regoelle, Pedra da Arca.
- Pedra do Brazal (panorámica do esteiro do Xallas)/ Petróglifo de Pedra Longa.
- Petróglifo de Pedra Longa.
- Miradoiro do Ézaro (Historia das centrais eléctricas, Monte Pindo e Ferrenza do Xallas).
- Museo da Fundación Fernando Blanco de Lema.
- Visita á Igrexa de San Marcos de Corcubión/ Faro Fisterra.



Itinerario domingo:

- Museo da Pesca de Fisterra.
- Percorrido por Muxía. Paseo desde o Cabo da Grixá até o santuario da Virxe da Barca. Visita a un secadoiro de congro.
- Moraima (Igrexa románica, pinturas, busto de Asorey e restos arqueolóxicos).
- Boallo e Berdoias, aldeas singulares.

**CARACTERÍSTICAS DA XEIRA**

GUÍA: MANOLO VILAR (director do Museo do Pobo Galego)

SAÍDA DO AUTOCAR Sábado: 8:00h de Gondomar, desde a explanada do Pavillón de deportes.

CHEGADA: Domingo, aproximadamente ás 22.00h, ó mesmo lugar de partida.

### **XXIV Xeira Alén Miño. LUGO (9/10 de novembro de 2019)**

Itinerario aproximado sábado:

- Santa Eulalia de Bóveda.
- Mitreo, Paseo polas murallas.
- Catedral (claustro, Museo Diocesano e torre), Casco histórico, Lugo vello.



Itinerario aproximado domingo

- Centro Arqueolóxico de San Roque, Casa dos Mosaicos ou Domus Oceani.
- Museo Provincial, Termas Romanas, Ponte Vella do Miño.

*Características da Xeira*

Guía: Felipe Arias (arqueólogo, historiador, ex-director do Castro de Viladonga)

**CATÁLOGO DE  
COLABORADORES E  
COLABORADORAS**

---



### **LÓPEZ FERNÁNDEZ, ALFREDO (TOKIO)**

(Vigo, 1964)

Doutor en Bioloxía pola USC, cetólogo e debuxante especializado en ilustración científica. Participou en varios volumes da Colección Fauna Ibérica (CSIC) sendo o ilustrador da primeira descrición da especie *Vulcanoptopus hydrothermalis*. Participou no Atlas de vertebrados de Galicia (Consello da Cultura) e no Vocabulario das Ciencias Naturais da Xunta de Galicia. Actualmente participa en proxectos de Educación Ambiental e Divulgación Científica na Universidade de Aveiro.

Colaborador de Sermos Galiza autor das bandas deseñadas Cabana de Balieiros e A causa do crime (Demos Ed.)

### **MANSO DE LA TORRE, XILBERTE**

(Ourense, 1958)

Realizou os primeiros estudos e o bacharelato no Colexio Cardeal Cisneros de Ourense, onde era director Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”, que deixou nel unha fonda influencia. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade de Psicoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor no ensino secundario no IES Escolas Proval de Nigrán noutra das especialidades ás que lle dedicou unha parte importante da súa vida, a Educación Física e o deporte. Adestrador de varias modalida-

des deportivas, dirixiu Escolas deportivas e Clubs de Ourense e Vigo no deporte do Hoquei Herba, nos que ligou, hai xa trinta anos, a Psicoloxía ao deporte, por aqueles tempos algo novo no noso país. Ten participado no asociacionismo veciñal ourensán. Retirado do deporte competitivo, participa no asociacionismo cultural dende a xunta do goberno do IEM e das seccións Arqueoloxía, Etnografía e Ciencias Naturais. Reside en Panxón, Nigrán.

### **MAURE RIVAS, XULIÁN**

(Vigo, 1941)

Doutor en Filosofía e Letras. Foi profesor de Lingua e Literatura castelás no IES “Val Miñor” de Nigrán do que foi director durante varios anos. Presidiu a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixiu a Biblioteca Virtual [www.bivir.com](http://www.bivir.com), promovida por el no ano 2000. Foi fundador de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Publicou diversos estudos, en revistas especializadas, sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre outros *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), e a súa tese doutoral *Para unha escriptoloxía da lingua galega*.

Reside dende hai tres décadas en Nigrán. É membro da Xunta de Goberno do IEM.

**MOSQUERA VELEIRO, JOSÉ LUÍS**

(Ourense, 1954)

Licenciado en Xeografía e Historia pola USC. Doctor en Historia pola Universidade de Vigo coa tese “Elites, partidos políticos y elecciones en El Valle Miñor 1906-1936” calificada con sobresaínte cum laude. Coautor cos irmáns Soliño do libro “Gondomar: historia, arte e territorio” Ir Indo, 1995. Artigo na Nosa Terra e A Peneira.

**MOURIÑO, MIGUEL ANXO**

(Gondomar, 1943)

Gondomarés de adopción e de corazón, naceu en 1943 nunha aldea da ría de Arousa, aínda que se instalou nesta paisaxe miñorá sendo un neno. Foi mestre en Vilaboa, publicou varios libros (poesía, narración xuvenil, conto infantil...) e colaborou co IEM, dende algúns anos despois da súa fundación, como coordinador da sección de Lingua e Literatura, responsabilidade que abandonou hai menos de dous anos, aínda que continúa sendo socio e colaborador.

**OJEA FERNÁNDEZ-COLMEIRO, ELENA**

(Nigrán 1981)

Elena é unha investigadora Oportunius (Gain-Xunta de Galicia) que traballa na Universidade de Vigo, onde lidera un gru-

po de investigación sobre o futuro dos océanos, o Future Oceans Lab. Co proxecto do consello europeo de investigación CLOCK (ERC Starting Grant), Elena traballa na adaptación das comunidades pesqueiras ao cambio climático, con especial énfase en informar na toma de decisións a nivel internacional. Para iso participa como autora no próximo informe do IPCC (AR6). Elena estudou Ciencias Ambientais e ten un doutoramento en Economía. Na súa etapa post-doutoral pasou polo Centro Vasco de Cambio Climático (BC3, Bilbao) e pola universidade de California Santa Bárbara (EEUU).

**REINERO GONZÁLEZ, DAVID**

(Nigrán, 1979)

Xornalista político especializado en infraestruturas e ordenación do territorio. Licenciado en Xornalismo e Máster en Relacións Internacionais, traballa en Praza.gal e eldiario.es tras facelo previamente en El País, Xornal de Galicia, o departamento de comunicación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e Atlántico Diario. Gañou o premio de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo da Deputación de Ourense polo libro Angrois, o AVE en anacos (Praza/Meubook, 2014) e a III edición (2004) do Premio de Xornalismo Nano Cambeiro organizado polo IEM.

**REINOSO MASET, UXÍO**

Vigo (1982)

Licenciado en Historia, especialidades de Hª Contemporánea e Estudos Americanos. A partir do ano 2008-09 introdúzome no estudo do Patrimonio e Arqueoloxía Industrial así como o activismo social, e participo na fundación da asociación “Entremos na Panicadora”, para a cal realizo un fondo traballo de documentación e difusión. A partir do ano 2010, como complemento ás actividade desta asociación creamos o “Inventario Histórico do Patrimonio Industrial da Ría de Vigo”. No ano 2018, concibo o proxecto colaborativo “Vigo Industrial”, co obxecto de afondar o coñecemento e posta en valor do Patrimonio Industrial da nosa bisbarra.

correspondente da Real Academia Galega e da comisión de cultura galega no exterior do Consello da Cultura Galega. Tamén é director do Observatorio de Política China e promotor e coordinador da Rede Iberoamericana de Sinoloxía. Dirixe o Informe anual sobre política chinesa que se publica dende 2007 e desde 2011 o Simposio Internacional de Política Chinesa.

**RIOS PAREDES, XULIO**

(Moaña 1958)

Licenciado en Dereito e Graduado Social foi fundador e director do Instituto Gallego de Análisis y Documentación Internacional (IGADI) desde a súa fundación en 1991 ata 2019. Creou a Fundación Plácido Castro e promoveu o Fondo Galego de Cooperación. Participa en numerosas publicación e revistas, tanto galegas como internacionais. Dirixe Tempo Exterior, unha revista galega de análise e estudos internacionais e é membro dos consellos consultivos de Casa Asia e da Fundación Carlos Casares, membro



